

O CINE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DOS SEUS ARQUIVOS PÚBLICOS



XUNTA DE GALICIA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O CINE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DOS SEUS ARQUIVOS PÚBLICOS

© Universidade de Santiago de Compostela, 2005
© Xunta de Galicia, 2005

Ilustración da cuberta:

Plano da fachada do pavillón
cinematográfico *Pradera* instalado en Vigo no ano 1904

Contacto co proxecto:

Ángel Luis Hueso Montón
hahueso@usc.es

Seminario de Historia do Cine e doutros Medios Audiovisuais
Facultade de Xeografía e Historia
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 1
15704, Santiago de Compostela

O CINE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DOS SEUS ARQUIVOS PÚBLICOS

DIRECTOR

Ángel Luis Hueso Montón

DOCUMENTALISTAS

Xurxo González Rodríguez

Rita Martín Sánchez

Seminario de Historia do Cine

Facultade de Xeografía e Historia

Universidade de Santiago de Compostela

Dirección Xeral de Patrimonio

Consellaría de Cultura

Xunta de Galicia

Dentro dos esforzos que a Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo vén dedicando á recuperación do patrimonio histórico cinematográfico de Galicia, hoxe temos a oportunidade de presentar a outra iniciativa do labor que esta á desenvolver a Universidade de Santiago de Compostela. Con esta colaboración ofrecemos agora a posibilidade de contemplar o desenvolvemento do espectáculo do cine en Galicia, a través do estudio pormenorizado das fontes documentais cinematográficas existentes nos arquivos públicos da provincia de Pontevedra.

O exhaustivo rigor deste estudio levou a fragmentar o que é o obxectivo último deste proxecto; abarcar, en sucesivas etapas, o resto das provincias de Galicia. Por iso, cabe agardar que, nun futuro próximo, se complete esta tetraloxía tendo, así, un perfecto inventario das fontes cinematográficas que se manteñen nos arquivos públicos galegos.

Sirva pois, esta presentación, como invitación a gozar da riqueza e da variedade do espallamento do cinematógrafo en Pontevedra, non só dos espazos arquitectónicos creados, senón tamén dos homes que rexentaron estes establecementos e das anécdotas que xeraron. E por último reiterar o noso compromiso para que este proxecto teña a súa feliz conclusión porque os seus resultados constituiranse nunha ferramenta indispensábel na conservación deste patrimonio cultural.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

O CINE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO SEUS ARQUIVOS PÚBLICOS

ÍNDICE

	Páxs.
1. INTRODUCCIÓN.....	10
2. CONSIDERACIÓNS PREVIAS.....	14
 1ª PARTE	
(Institucións)	
1. ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL	22
2. GOBERNO CIVIL.....	48
 2ª PARTE	
(Concellos)	
1. BAIXO MIÑO.....	118
2. CALDAS.....	138
3. CONDADO, O.....	156
4. DEZA.....	172
5. MORRAZO, O.....	192
6. PARADANTA, A.....	210
7. PONTEVEDRA.....	224
8. SALNÉS, O.....	250
9. TABELIRÓS-TERRA DE MONTES.....	290
10. VIGO.....	304
 3ª PARTE	
(Apéndices)	
1. VALORACIÓNS.....	366
2. TÁBOAS.....	370
3. MAPAS.....	378
4. GRÁFICAS.....	382
5. BIBLIOGRAFÍA.....	384

1. Introducción

Atópase moi xeneralizado o feito de pensar que a ciencia da historia do cine só se limita á análise das películas. Esta concepción apoíase nas evidentes facilidades que ten tanto un investigador como o espectador en xeral para realizar unha achega ao corpus fílmico en contra da dificultade de acadar información noutro tipo de instancias. Polo que acabamos de dicir, a segunda opción convértese nun camiño moi complicado mais que nada porque está envolto nun áurea de descoñecemento que impiden comprender a súa natureza e as súas posibilidades. Ante esta rémora, nas últimas décadas, se está abrindo un proceso do que os propios historiadores do cine están avaliando e recorrendo a estas fontes documentais cinematográficas como base dos seus estudos. A importancia desta nova perspectiva transcende á sociedade para que, primordialmente, coñeza o seu valor e, despois, avogue pola súa conservación sumándoo ao coidado como patrimonio cultural.

Pouco a pouco vai caéndose na conta de que esta documentación sobre a actividade cinematográfica comportan uns excelentes testemuños do que supuxo esta práctica para a sociedade. O cine, en toda a súa plenitude, debe entenderse como un ente dinamizador das sociedades onde é capaz de implantarse con naturalidade. Sobre a actividade cinematográfica conflúen proxeccións de distintos ámbitos que fan del un poliedro onde se amalgaman cuestións tan diversas como o ocio, a cultura, a arte, a ideoloxía e a industria. Ao longo da súa historia estas caras fóronse pulindo deixando ás fontes documentais como testemuñas deste proceso múltiple. É, por iso, porque este material converteuse no motivo protagonista do estudio do que se fai eco esta publicación.

Os ata fai unhas décadas “refugalloos históricos” tórnanse en ferramentas indispensábeis coa que compoñer as pezas dun calidoscopio que nos axude a afondar en coñecer a nosa sociedade desde finais do século XIX. Desde esa época o home sentiuse fascinado por todo o que agochaba a produción de imaxes animadas, desde as máis bastas do principio ata as máis sofisticadas de hoxe, unha evolución no que se trenzaron os piares básicos do devir da humanidade. Tras proceder ao análise destas fontes vese que algunhas seccións destes soportes monumentais impregnáronse nelas, outorgándolle, así, a capacidade de transmitir múltiples significacións, converténdoo en inmejorable testemuña coas que poder coñecer os ámbitos sociais nas que tiveron cabida.

Desta correspondencia déronse conta as novas correntes de estudio da disciplina da historia do cine. A análise das friccións entre este binomio, “historia e cine”, ofreceu un novo abano de posibilidades, derivando nunha serie de novas metodoloxías e, claro está, de necesidades. Desta maneira volveuse primordial a urxencia de localizar e inventariar este material para que puidese ser a base ou o obxecto de futuros traballos de investigadores. Este proceso previo é unha das máximas que sostén o Seminario de Historia do Cine e outros Medios Audiovisuais, pertencente a Universidade de Santiago de Compostela. Desde fai bastantes anos, de maneira cíclica, este grupo de investigación ven facendo unha serie de actividades orientadas cara este propósito. Aparte de artigos e conferencias nas que se sostén e se proclama a necesidade de contar con esta documentación, se realizaron diversas campañas que se poden establecer como “catas arqueolóxicas”, dándonos unha excelente visión de en que estado se atopa esta documentación e a dos seus contedores, os arquivos. Ata o de agora se fixeron dúas* e diso vai facer quince anos. Mais a estas hai que velas como unha primeira toma de contacto coa capa máis superficial deste “terreo”, para sinalar os emprazamentos máis comúns. Na actualidade resulta necesario baixar estratos e sacar a luz, de maneira máis definida, os restos da construción cinematográfica que, ao longo de moitos anos, durmiron soterrados na escuridade dos arquivos.

Con esta investigación pretendemos facer unha recompilación deste material histórico, localizalo e inventarialo para primeiramente preservalo e, despois, dalo a coñecer á sociedade que a xerou. Con esta pequena proposta intentaremos desempeñar a humilde función de fixar a existencia destes fondos para que non se extravíen e se respecten. Neste catálogo está composto de distintas entradas documentais e de comentarios que amosaran variados aspectos do vencello da sociedade galega co cine. Mais debido a rigorosidade coa que foi deseñada esta pescuda tórnasenos imposible abarcar dunha vez todo o territorio galego, polo que decidimos cinguirnos a un espazo xeográfico menor. Decidiuse acometer primeiro a provincia de Pontevedra debido ás carestías que contemplaba nos primeiros recoñecementos, impropias da densa actividade cinematográfica que se desenvolveu nela. Deste xeito, a procura estruturouse coa revisión só de arquivos públicos, nos de institucións cun nivel provincial -Arquivo Histórico Provincial e Goberno Civil-, e a revisión dos de nivel local, na dos sesenta e dous concellos que constitúen Pontevedra.

Chegados a este punto é a hora de sinalar o agradecemento polo o apoio e a confianza incondicional recibido por parte da Consellería da Cultura, a través da Dirección Xeral de Patrimonio, quen viu neste proxecto de investigación unha excelente iniciativa para enriquecer o Patrimonio Histórico do noso país e tamén para desvelar as peculiaridades dos alicerces dunha industria que, na actualidade, está despregada cun forte til galego. As grazas tamén hai que facelas

* Hueso Montón, Ángel Luis (dir.): *Catálogo dos fondos cinematográficos nos arquivos públicos galegos*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1990 e Hueso Montón, Ángel Luis (coord.): *Fontes e documentos sobre cine en Galicia nos arquivos da administración central*. A Coruña, CGAI/Xunta de Galicia, 1992.

extensíbeis a todos os arquivistas ou persoas encargadas dos distintos arquivos que visitamos na procura destas fontes. Desde esta introducción queremos deixar testemuño da grande amabilidade, ánimo de axuda e suxestións destas persoas, unhas características que reflicten o espírito de servizo e a forte responsabilidade de velar por unha documentación herdanza do pasado e que pertence a todos os cidadáns.

Ao longo de pouco máis de medio ano, concretamente no inverno e primavera do 2005, o equipo formado por Xurxo González Rodríguez e Rita Martín Sánchez, con grande esforzo e dedicación, e baixo a dirección do que isto asina, visitaron todos os arquivos públicos da provincia de Pontevedra, obtendo como froitos todos os contidos das seguintes páxinas desta publicación. O deseño de fichas vai máis aló do traballo de baleirado e recollida porque se incorporan datos que describen o concello e o arquivo, se establecen correspondencias entre a documentación, comentarios analíticos do atopado e referencias bibliográficas de apoio no caso da que as houbese. Tamén somos conscientes de que este proxecto está incompleto e que a súa función no futuro é a de converterse nun elo importante ata conseguir todo o que xa se deixa entrever coa tecnoloxía, é dicir, unha informatización de todos os datos e situalos en internet para facilitala súa consulta. Ata chegar a tan idílico obxectivo hai que contentarse con procedementos analóxicos que saiban deixar constancia das inxerencias dun presente preocupado por dar a coñecer o que foi e é o cinema en Galicia.

Ángel Luis Hueso Montón
Catedrático de Historia do Cine

2. Consideracións previas

A práctica cinematográfica, dentro das súas tres vertentes –producción, distribución e exhibición–, deixou un regueiro de testemuños documentais que serven para facer lecturas moi fidedignas do que aconteceu e significou esta actividade desde a súa implantación, fai máis de cen anos. Co troco de milenio atopámonos cun crecemento exponencial da importancia da imaxe facendo que cada vez máis, aumente a nosa dependencia, condicionándonos aos hábitos e influíndonos, en sobre maneira, cos seus contidos. Esta “era da imaxe” que estamos vivindo e da que xa estamos medianamente afeitos foi consolidándose ao longo do século anterior ao arredor do tronco principal do audiovisual que é o cine. Durante este tempo sucedéronse os cambios imparábeis ata definir o réxime actual. Esta progresiva transformación está documentada por un caudaloso material que se acubilla mudo nos arquivos á espera dalgún interlocutor válido que o faga falar.

Despois do exposto, este material pecha en si un interese fundamental para comprender o presente da calquera sociedade. Así, desde fai algúns anos, este conxunto documental tórnase como un elemento indispensábel en calquera patrimonio histórico dun pobo. Desta maneira, o interese por este material xa se reflectiu na lexislación actual de Galicia cando no ano 1995, na promulgación da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, facíase referencia ao patrimonio documental e ás obrigas dos arquivos. Dentro do seu artellamento, concretamente nos primeiros puntos do artigo 76º, definen o patrimonio documental como “todos os documentos, fondos e coleccións de calquera época, reunidos ou non nos arquivos galegos” e o concepto de documento se clasifica como “todo testemuño de funcións de actividades humanas recollidas nun soporte perdurábel e expresado en linguaxe oral ou escrita, natural ou codificada”. O seguinte paso deuse cara a singularización temática desta documentación, cando se normalizou o sector audiovisual en Galicia no ano 1999. Nesta regulamentación, no seu artigo 6º, nas liñas fundamentais das accións institucionais, atopamos que, no seu punto cuarto, instase a “conservar e potenciar o patrimonio audiovisual de Galicia”. Quizais esta última alusión non sexa moi explícita, máis resulta lóxico entender, contemplando as dúas leis referidas, que o patrimonio audiovisual, aparte dos froitos de produción, tamén o constitúen os documentos que testemuñan esta actividade.

Curiosamente, esta conclusión lexislativa parece a translación dunha teoría cinematográfica xurdida desde fai tempo e que supón a base da historiografía cinematográfica moderna. Primeiro foron as reflexións do estudioso francés Gilbert Cohen-Seat a mediados dos anos corenta e, vinte

anos despois, afondounas, outro francés, Christian Metz, ámbolos dous incidiron en sinalar cómo o “feito cinematográfico” era indispensable para a concreción do “feito filmico”*. E dicir, que o filme non se pode entender sen coñecer todas as variantes que se cernen sobre as condicións na que é realizada esa actividade cinematográfica. Así, para coñecer todas estas circunstancias é necesario dirixirse á información que agochan a “documentación audiovisual” que permanece ao día de hoxe nos arquivos.

Obxectivos, metodoloxía e evolución do proxecto.

O presente estudio é a primeira entrega dunha investigación máis ampla que ten como obxectivo principal facer un inventario das fontes cinematográficas clasificadas nos arquivos públicos de Galicia. Baixo esta máxima acóllense intencións secundarias baseadas, maiormente, na localización, descrición e análise deste material para que poidan servir de base para futuros traballos.

Neste primeiro chanzo, o da situación, decidímonos por constrinxir o campo de estudio, centrándonos na provincia de Pontevedra, esta elección débese a que posuía unha situación máis alarmante segundo anteriores investigacións**. Esta decisión foi necesario porque, desde o inicio, o noso desexo de entrar máis polo miúdo ata os niveis máis baixos, os arquivos locais. É aquí onde radica a novidade desta pescuda xa que, comparada con anteriores, levouse a bo termo a posibilidade de revisar todos os arquivos municipais. Esta idea tan ambiciosa nunca fora emprendida polas dificultades de loxística que entrañaba a elevada fragmentación do territorio galego en concellos. Este reto foi acometido por dúas razóns; a primeira foi polo enfoque co que se deu comezo a este proxecto tendo en conta a necesidade de afrontalo en distintas fases, a segunda veo polo apoio que se tivo das bases de datos xa feitas, tanto a dos arquivos de España feita polo Ministerio de Cultura como a dos expedientes que engrosan os distintos arquivos municipais,

* Stam, Robert, Burgoyne, Robert e Flitterman-Lewis, Sandy: *Nuevos conceptos de la teoría del cine*. Barcelona, Paidós, 1999, p. 53.

** “Se a situación na que se atopaba a documentación cinematográfica en Lugo e Ourense era preocupante, esta sensación medra en grande maneira ó referirnos á provincia de Pontevedra, xa que ó longo da historia do cinema este ámbito xeográfico foi un dos máis interesantes e posuía un maior dinamismo mesmo nos momentos de crise, como son os anos 80.

O primeiro que cómpre resaltar é a falta de documentación cinematográfica en arquivos como o do Goberno Civil, o Histórico Provincial ou a Delegación Provincial de Facenda; xunto a isto é de lamenta-la imposibilidade de consulta nos arquivos municipais de Pontevedra e de Vilagarcía de Arousa por teren os fondos trasladados provisoriamente e non estaren accesibles.

Entre os poucos arquivos consultados destacan dous significativamente; en primeiro lugar, os Servicios Periféricos do Ministerio de Cultura que unha vez máis facilitan unha documentación administrativa verdadeiramente aroveitable. En segundo lugar, o Arquivo Municipal de Vigo no que se atoparon referencias a un grande número das salas que funcionaron e funcionan na cidade olívica, pero onde, de xeito sorprendente, non se puideron localiza-los expedientes correspondentes a estas referencias; confiemos que soamente se trate dun extravío temporal e non unha perda que, unha vez máis, incidiría sobre a documentación cinematográfica do noso país”. Hueso Montón, Ángel Luis (dir.): *Catálogo dos fondos cinematográficos nos arquivos públicos galegos*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1990, p. 173.

realizada, de maneira exemplar, pola Deputación Provincial de Pontevedra*. Nesta fase iniciática tamén se incorporou un estudio sobre a distribución das salas cinematográficas polos concellos da provincia tendo en conta fontes bibliográficas que acometeron con anterioridade este proceso. Unha vez cruzada a información destas dúas canles tramitouse a modo de que nos servisen para dirixir os próximos pasos. Puxémonos en contacto cos responsábeis dos arquivos municipais que, de ante man, sabíamos que nestes concellos se emprazaran salas cinematográficas.

Antes de iniciar o traballo de baleirado houbo outra recapitulación pensando nas necesidades de anotar e describir a información conseguida. As fichas das entradas que imos a poder ler nas seguintes páxinas non se corresponden coas empregadas no traballo de campo. O deseño destas fichas orixinarias contemplaban máis campos a encher para levar, do mellor xeito posíbel, unha base de datos informatizada, como unha numeración que contabilizara as nosas achegas e o concello ao que pertencía. Nesta publicación as entradas forman parte de epígrafes máis amplos que non necesitan destes elemento de apoio. Mais as verdadeiramente significativas son as que se nutrían coa información analizada; unha “referencia” cunhas siglas do arquivo (ver abreviaturas) ao que se facía referencia e unha numeración respecto a documentación atopada no mesmo, unha “sinatura” que recolle a identificación do propio documento, a “data” do material indicándonos a súa emprazamento cronolóxico, o “título”** co que se lle da nome as fontes, a “descrición” onde se reflicte os contidos e a “observación” onde se anotan as peculiaridades que puideran existir. O dous últimos campos son os únicos que están suxeitos ás valoracións subxectivas do persoal encargado de facer as consultas.

CATALOGACIÓN DAS FONTES CINEMATOGRÁFICAS NOS ARQUIVOS PÚBLICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA							
ID	CONCELLO	REFERENCIA	SINATURA	DATA	TÍTULO	DESCRICIÓN	OBSERVACIÓNS
1	ARBO	AMA-1	196/21	1942, 1954	Contrato de arrendamiento de local para cinematógrafo.		Patrimonio.

Fig. 1. Modelo de ficha utilizada no traballo de campo.

A consecución dos datos realizouse con certo orde impulsado pola necesidade de cubrir comarca a comarca. Algún dos avatares que salpicaron estas visitas van máis aló da anécdota sendo oportuno sinalalos. Hai que referirse sobre todo ao estado nos que nos atopamos os arquivos: moi poucos concellos teñen a figura de arquivista, os responsábeis dos arquivos apóianse máis na voluntariedade que no rigor científico, algunhas dependencias son pouco aconsellábeis (sotos, faiados,...) por non estar acondicionadas, hai arquivos que teñen os fondos separados, outros non están na súa sede oficial, arquivos desordenados, distintos métodos de sinaturas, falta de expedientes, os que contan con arquivista están en continuo proceso de inventariado e hai

* Estas bases de datos se poden consultar nos seguintes páxinas de internet, ao Ministerio de Cultura é http://aer.es/sgae/jsp/censi_guia/ae_wd_cg_frame.jsp e a da Deputación Provincial de Pontevedra é a <http://www.depontevedra.es/?1,1003>.

** Sempre aparecerá transcrito no idioma que se empregou, é dicir, en castelán, senón aparece ningún optouse por incorporarlle un novo mais entón decidimos escribilo en galego.

concellos que aínda lles queda inventariar os seus fondos. Mais esta situación puntual resulta que estaba xeneralizada fai quince anos, facer este proxecto daquela sería condenalo ao fracaso.

Unha vez rematado a consecución dos datos abriuse a terceira etapa na que se daba conta da análise e do estudio da documentación seleccionada, un traballo que, en parte, quedou sinalado nos distintos apartados que compoñen esta publicación. Chegados a este punto vémonos na obriga de adiantar unha serie de prescricións erguidas para realizar unha escolma entre os contidos e para alertar sobre a fiabilidade de certa información. Desta maneira estableceuse unha peneira dentro da actividade protagonista que motivou a elaboración das fontes documentais. Nesta tesitura tívose que concretar e sinalar todas as que estaban arredor do mundo cinematográfico en prexuízo de concepcións máis amplas como podía ser todas as variantes que engloba un conxunto como é o audiovisual. Con esta premisa tivemos que desestimar información referente a cuestións de moito interese como poden ser os teleclubs, os videoclubs ou as televisións locais. Por outra banda tamén resulta oportuno alertar sobre a correcta interpretación dalgúns elementos descritos nas documentacións referentes á propiedade dos cines. Este estudio non puido deterse en discernir sobre que figura administrativa que desempeñaba cada nome de persoas que se vinculan aos cines e, así, podemos atoparnos propietarios, xerentes, socios, inquilinos,... Sobre a identificación dos cines, sobre todo na configuración das táboas incorporada nos apéndices, tamén temos que recoñecer que se optou por sinalar a primeira etapa dos cines do que temos referencia documental. Esta consideración resulta oportuna se temos en conta o denso tecido que comportan a vida da maioría dos cines e da que se reflicten nas fontes documentais. Estas delimitacións desta investigación non hai que velas como demérito xa que entrar a dilucidar estas cuestións non eran o obxectivo prioritario da mesma, porén, esta declaración previa servirá, pois, para suxerir posíbeis camiños para futuros estudos.

No tocante a estruturación dos contidos resultantes da pescuda pódese establecer como un verdadeiro logro en termos de claridade expositiva e de funcionalidade. O punto de partida do deseño do índice foi que se puidesen relacionar, do mellor xeito posíbel, os datos atopados nos arquivos provincias cos dos locais. Esta prioridade salvouse cun artellamento que permitise agrupar e relacionar os datos. A solución foi organizar os contidos en tres partes; a primeira estaría dedicada aos arquivos da institucións, a segunda aos arquivos dos concellos agrupados por comarcas e unha terceira dedicada ao apoio de apéndices. Esta disposición facilita que a sucesión das distintas partes se complementen coa anterior. Cada arquivo é o protagonista dunha ficha disposta con información anexa complementaria como poden ser datos do arquivo, datos do concello*, relación

* As fontes destes datos teñen dúas procedencias, a extensión ven de VV.AA.: *Galicia pueblo a pueblo*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1992 e os de poboación proceden do Instituto Galego de Estatística (IGE), tomando como referencia o ano 2004, sacáronse os datos de http://www.ige.xunta.es/ga/demograficas/series_dem/poboación/snoc_pont.htm (consultada o 10 de xaneiro de 2005).

de cines (denominación, propietario e ano de fundación), bibliografía específica que se pode consultar e, no caso da segunda parte, se incorpora unha relación das referencias da primeira parte. Hai que salientar que no apartado dedicado ao comentario intentouse trazar un discurso sobre os contidos dos arquivos ou sobre o que supuxo o cine en cada concello en base ás fontes documentais relacionadas en cada ocasión. No caso das análises efectuadas na segunda parte contouse coa totalidade de documentación (provincial e local), intercalando a súa referencia nos distintos puntos que se tratan en cada ocasión. Ao longo desta publicación tamén se decidiu por incorporar un abondoso material gráfico (mapas** e fotografías) para apoiar o texto e para facer máis amena a publicación. Este material secundario toma verdadeiro protagonismo no que é a última parte, deste modo, aparte de atoparnos unhas conclusión xerais, incluímos mapas, táboas coa distribución de cines por comarcas, gráficas coa distribución de cines por décadas, coa natureza dos cines que están activos e co número de entradas por concello e comarcas e unha bibliografía organizada por temas, tanto sobre os arquivos como os cines de Pontevedra ademais de incluír as páxinas *web* consultadas.

Abreviaturas

Como se pode comprobar nesta relación non están a totalidade de concellos da provincia de Pontevedra, só se atopan aqueles que no seu arquivo atopouse algún tipo de material documental referente a cuestións cinematográficas. Estas abreviaturas son as siglas coas que se pode identificar ao arquivo nas referencias de cada entrada documental.

ARQUIVOS DE INSTITUCIÓNS

AGC	Arquivo do Goberno Civil
AHP	Arquivo Histórico Provincial

ARQUIVOS DE CONCELLOS

AMAG	Arquivo Municipal de Agolada
AMA	Arquivo Municipal de Arbo
AMBA	Arquivo Municipal de Baiona
AMB	Arquivo Municipal de Barro
AMBU	Arquivo Municipal de Bueu
AMCR	Arquivo Municipal de Caldas de Reis.
AMC	Arquivo Municipal de Cambados
AMCL	Arquivo Municipal de Campo Lameiro
AMCM	Arquivo Municipal de Cangas do Morrazo
AMAC	Arquivo Municipal de Cañiza, A
AMCA	Arquivo Municipal de Catoira

** Os mapas que introducen os apartados das comarcas e as fichas dos concellos están realizados cos datos que conteñen as táboas onde se relacionan os cines. Estes mapas non incorporan lenda porque sería redundar a información, mais esta distribución corresponde coa lenda que si incorpora o Mapa 1, páxina 383.

AMCU	Arquivo Municipal de Cuntis
AMD	Arquivo Municipal de Dozón
AME	Arquivo Municipal de Estrada, A
AMF	Arquivo Municipal de Forcarei
AMGO	Arquivo Municipal de Gondomar
AMOG	Arquivo Municipal de Grove, O
AMGU	Arquivo Municipal de Guarda, A
AML	Arquivo Municipal de Lalín
AMMLA	Arquivo Municipal de Lama, A
AMMA	Arquivo Municipal de Marín
AMM	Arquivo Municipal de Meaño
AMME	Arquivo Municipal de Meis
AMMO	Arquivo Municipal de Mondariz
AMMOB	Arquivo Municipal de Mondariz-Balneario
AMMOA	Arquivo Municipal de Moaña
AMMOR	Arquivo Municipal de Moraña
AMN	Arquivo Municipal de Nigrán
AMO	Arquivo Municipal de Oia
AMP	Arquivo Municipal de Porriño, O
AMPO	Arquivo Municipal de Portas
AMPOI	Arquivo Municipal de Poio
AMPON	Arquivo Municipal de Pontearreas
AMPONT	Arquivo Municipal de Pontecesures
AMPC	Arquivo Municipal de Ponte Caldelas
AMPV	Arquivo Municipal de Pontevedra
AMRE	Arquivo Municipal de Redondela
AMR	Arquivo Municipal de Ribadumia
AMOR	Arquivo Municipal de Rosal, O
AMSC	Arquivo Municipal de Salceda de Caselas
AMSM	Arquivo Municipal de Salvaterra do Miño
AMS	Arquivo Municipal de Sanxenxo
AMSI	Arquivo Municipal de Silleda
AMSO	Arquivo Municipal de Soutomaior
AMT	Arquivo Municipal de Tomiño
AMTU	Arquivo Municipal de Tui.
AMV	Arquivo Municipal de Valga
AMVL	Arquivo Municipal de Vilaboa
AMVC	Arquivo Municipal de Vila de Cruces
AMVA	Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa
AMVN	Arquivo Municipal de Vilanova de Arousa.

1ª PARTE

INSTITUCIÓN

INSTITUCIÓN

1. ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL

Datos do arquivo:

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Paseo de Colón, 4
36002, Pontevedra
Tfn-fáx: 986 852 118
E-mail: arg.historico.pontevedra@xunta.es
Responsábel: Dna. M^a Dolores Brahona Riber



I. Entradas de información no arquivo provincial:

REFERENCIA: AHP-1

SINATURA: S/S

DATA: 1910, 1911 e 1913

TÍTULO: *Expedientes para solicitar altas industriais dirixidos ao Administrador de Contribución da Provincia pedindo permiso para realizar sesións de distintas empresas que pretenden organizar sesións de distintos espectáculos na cidade de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Solicitudes para realizar funcións cinematográficas do *Circo-Teatro*, programas de man das sesións do 26 de xuño de 1910, do 16 e 17 de novembro de 1911, do 23 de febreiro de 1913 con nota informativa sobre a seguridade dos filmes respecto a súa calidade inflamábel, do 1 de xuño e 25 de agosto de 1913, solicitude de funcións do *Petit Palais* e programa da función do 16 de xullo de 1911, solicitude de funcións do *Teatro Principal* con programas de man das sesións do 18 de febreiro de 1910, do 26 e 30 de marzo e do 24 de maio de 1910.

OBSERVACIÓNS: Material sen clasificar onde aparecen informacións de cine mesturados coa de teatros, zarzuelas, óperas, concertos, corridas de toros, bailes,... Están nunha carpeta coa denominación de "Espectáculos-Pontevedra" e, nelas, hai outra carpeta que recibe a denominación de "PO 1906".

REFERENCIA: AHP-2

SINATURA: S/S

DATA: 1910-1911

TÍTULO: *Expedientes para solicitar altas industriais dirixidos ao Administrador de Contribución da Provincia pedindo permiso para realizar sesións de distintas empresas que pretenden organizar espectáculos na cidade de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Solicitudes para realizar sesións cinematográficas do *Teatro Principal* e programas de man das sesións do 8 de abril, do 29 de outubro de 1910 e do 6 de xaneiro de 1911, solicitude de proxección de filmes por parte do *Petit Palais* e programa de man da sesión de inauguración do 16 de febreiro de 1911 e solicitude de sesión cinematográfica do *Circo-Teatro* e programa de man do 25 de agosto de 1911.

OBSERVACIÓNS: Material sen clasificar onde aparecen informacións de cine mesturados coa de teatros, zarzuelas, óperas, concertos, corridas de touros, bailes,... Están nunha carpeta que se denomina "Espectáculos-Pontevedra".

REFERENCIA: AHP-3

SINATURA: S/S

DATA: 1910 e 1911

TÍTULO: *Expedientes para solicitar altas industriais para a celebración de espectáculos en Vilagarcía de Arousa.*

DESCRICIÓN: Alta industrial do *Salón Varietés* para realizar sesións cinematográficas con programas das sesións do 18 de agosto de 1910, do 6, 13, 15, 16, 20, 27 e 31 de agosto de 1911, 3, 7, 8, 10, 14, 17, 21 e 24 de setembro, tamén, de 1911.

OBSERVACIÓNS: Dentro desta carpeta tamén hai altas industriais para funcións teatrais, concertos, transformistas...

REFERENCIA: AHP-4

SINATURA: S/S

DATA: 1911

TÍTULO: *Expedientes para solicitar altas industriais para a celebración de espectáculos en Tui.*

DESCRICIÓN: Altas industriais dun cine ambulante de propiedade de Eduardo Barbagelata con data do 20 de xuño de 1911 e do 1 de xaneiro de 1912 e con programa de man dunha sesión onde aparece o anuncio de proxección coa fase publicitaria de "Nuevas y hermosas vistas de Tui recientemente tomadas".

REFERENCIA: AHP-5

SINATURA: S/S

DATA: 1909-1913

TÍTULO: *Solicitude de altas industriais e programas de man de espectáculos na cidade de Vigo.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Programa e man do *Salón Pinacho* das sesións do 15 e 17 de outubro de 1909, 11 de decembro de 1911, 17 de febreiro de 1913 e 18 de setembro de 1913, solicitude de alta industrial do *Salón Apolo* do 17 de outubro de 1904, solicitude de

alta industrial do *Circo-Teatro Tamberlick* do 2 de xuño de 1902, informe da inspección de Facenda da provincia do 5 de abril de 1910 no que se fai unha relación dos cinematógrafos existentes en Vigo. Alta industrial do *Salón Vigués* e programa de man do 31 de marzo de 1910. Alta industrial do *Palacio de la Ilusión* do 3 de marzo e do 26 de decembro de 1910. Solicitud de alta industrial do *Salón Pinacho* do 18 de setembro de 1913.

OBSERVACIÓNS: Na relación de cinematógrafos feita no informe de Facenda fálase de tres cinematógrafos: o *Apolo*, o *Variedades (Salón Pinacho)* e *El Palacio de la Ilusión*.

REFERENCIA: AHP-6

SINATURA: S/S

DATA: 1912-1924

TÍTULO: *Material diverso sobre espectáculos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Alta de espectáculos ao *Teatro-Circo Tamberlick* datada no 18 de setembro de 1912, programa de man do cine ambulante de *Barbagelata* impreso en Tui, solicitudes de alta industrial do *Circo-Teatro* de Pontevedra con programa de man da sesión do 28 de xaneiro, 4 de febreiro, 24 de marzo e 15 de setembro de 1912, solicitudes de alta industrial do *Petit Palais* e programa de man do 18 de febreiro e do 21 de abril de 1912. Solicitudes de alta industrial do *Salón Pinacho* do 12 e 14 de setembro de 1912. Controis da billeteira do *Ideal Cinema* de Vigo de 1924, ficha de Facenda sobre a liquidación do imposto do 5% en 1924 e os recibos dos pagos. Patente concedida para realizar actividades cinematográficas a Matías Sánchez, veciño de Salamanca, o 16 de marzo de 1904.

OBSERVACIÓNS: Na ficha de Facenda aparecen unha relación de cines: *Royalty* e *Ideal Cinema*. Nestes expedientes tamén existe información sobre funcións teatrais, bailes, concertos,... que se organizaban nos mesmos locais onde se facían proxeccións cinematográficas.

REFERENCIA: AHP-7

SINATURA: S/S

DATA: 1969 e 1970

TÍTULO: *Documentación variada sobre espectáculos procedente da Delegación de Cultura.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) “Actas azules” e resumos de actividades con varias relacións de cines durante varios meses dos anos 1969 e 1970, circulares ministeriais sobre aprobacións de proxeccións de cines durante Semana Santa, relación de empresas cinematográficas no ano 1970, información sobre a *Semana Internacional de Cine Religioso y de Valores Humanos de Valladolid* de 1970, circular del NO-DO, alta e ficha do cine *Salesianos* datada o 20 de abril de 1970 e relación de empresas publicitarias nos cines da provincia en 1970.

OBSERVACIÓNS: Información sen inventariar procedente da Delegación Provincial do Ministerio de Información e Turismo.

REFERENCIA: AHP-8

SINATURA: S/S

DATA: 1957-1965

TÍTULO: *Documentación relacionada con Helios Films de Madrid.*

DESCRICIÓN: Cartas entre a productora Helio-Films e a Delegación do Goberno falando da rodaxe dun documental titulado *Verde y mar*, certificación bancaria de axuda económica, información sobre a eliminación dalgunhas secuencias do filme, varios telegramas e cambio da finalidade proxecto considerando a realización de tres curtametraxes en vez da longametraxe.

OBSERVACIÓNS: Información sen inventariar procedente da Delegación Provincial do Ministerio de Información e Turismo.

REFERENCIA: AHP-9

SINATURA: S/S

DATA: 1959 e 1960

TÍTULO: *Documentación variada sobre espectáculos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circular informativa sobre a cuota de pantalla dos filmes nacionais, circulares de autorización de filmes, programa da *IV Semana Internacional de Cine Religioso de Valladolid* (1959) e petición de información sobre o cine de *Minas de Fontao* (1959) de Vila de Cruces.

OBSERVACIÓNS: Información sen inventariar procedente da Delegación Provincial do Ministerio de Información e Turismo.

REFERENCIA: AHP-10

SINATURA: S/S

DATA: 1960

TÍTULO: *Documentación sobre espectáculos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Sinopse dun guión cinematográfico titulado *Redentores* de Manuel R. Rosales e valoración do mesmo por parte do Ministerio de Información e Turismo.

OBSERVACIÓNS: Información sen inventariar procedente da Delegación Provincial do Ministerio de Información e Turismo.

REFERENCIA: AHP-11

SINATURA: S/S

DATA: 1956, 1957, 1958 e 1959

TÍTULO: *Documentación variada sobre espectáculos.*

DESCRICIÓN: Relación do Concello de Vigo sobre a relación de espectáculos de cine e teatro durante distintos meses dos anos 1956, 1957, 1958 e 1959.

OBSERVACIÓNS: Información sen inventariar procedente da Delegación Provincial do Ministerio de Información e Turismo. Nestes listados aparecen unha relación de todos os cines que había daquela na cidade.

REFERENCIA: AHP-12

SINATURA: S/S

DATA: 1955, 1956, 1957

e 1958

TÍTULO: *Documentación variada sobre espectáculos.*

DESCRICIÓN: Relación de permisos a distintas compañías de teatro para facer representacións teatrais en distintos teatros e cines da provincia. Algúns informes aparecen con entradas dos espectáculos así como programas das funcións.

OBSERVACIÓNS: Información sen inventariar procedente da Delegación Provincial do Ministerio de Información e Turismo.

REFERENCIA: AHP-13

SINATURA: S/S

DATA: 1955 e 1956

TÍTULO: *Documentación variada sobre espectáculos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Autorización de obras teatrais en distintos teatros e cines da provincia (1956), varias listas de títulos de filmes autorizados para a súa exhibición despois de pasar pola censura, circular sobre o envío dos visados de censura, petición de función benéfica no cine *Miramar* de Baiona (1956), autorizacións de veladas teatrais en cines, circular sobre a clasificación moral, información sobre unha aprobación dun filme por parte do bispo de Tui (1956), circulares de inspección de espectáculos, notificación de erros de censura co filme *El Verdugo* e aprobación dun espectáculo de variedades no cine *Avenida* de Marín.

OBSERVACIÓNS: Información sen inventariar procedente da Delegación Provincial do Ministerio de Información e Turismo.

REFERENCIA: AHP-14

SINATURA: C-15 (Información e turismo)

DATA: 1943

TÍTULO: *Cinematografía y teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Relación de títulos de filmes aprobados por censura, circular de obrigatoriedade de proxección do NO-DO, circular da Delegación Nacional de Propaganda sobre a censura cinematográfica, relación de empresas cinematográficas de Vigo, carta de Isaac Fraga, Empresa de Espectáculos, sobre a censura, certificado de envío de parte de proxección do cine *Novedades* da Estrada, prohibición de filmes e circular sobre a incorrección da publicidade cinematográfica que envían as distribuidoras por provincias.

REFERENCIA: AHP-15

SINATURA: C-15

DATA: 1944

TÍTULO: *Cinematografía y teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circular nº 506 sobre o regulamento de censura, circular sobre os requisitos a entregar por un filme na Comisión Nacional de Censura, certificación do envío do parte de proxección do cine *Avenida da Guarda*, levantamento de veto sobre o nome de certos artistas cinematográficos, circular prohibindo a proxección de filmes publicitarios coas luces apagadas, prohibición de propaganda nos cines que previamente non fora visada, prohibicións de filmes, carta a Espectáculos Celta para que reserven en todas as funcións unha butaca para a censura e telegramas oficiais con oficios urxentes.

REFERENCIA: AHP-16

SINATURA: C-15

DATA: 1945

TÍTULO: *Cinematografía y teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Relación de filmes prohibidos, declaracións de sesións de filmes prohibidos, circular coa ficha completa de censura de *Desengaño*, incumprimento de cortes en filmes, notificación que sinala ao filme *Los últimos de Filipinas* de interese especial, certificacións de envíos de partes de proxección, petición de información de cines, información de cine de interrupción de sesións cinematográficas por funcións teatrais, telegramas prohibindo filmes, ficha de escenas a suprimir en *Dos caraduras con suerte* e *Desengaño*, programa de proxeccións de Isaac Fraga, expediente ao cine *Vigo* por ter menores nun filme non autorizado e partes semanais.

OBSERVACIÓNS: Nesta documentación tamén se comenta que en Pontevedra existía o cine *Juventud* no ano 1945.

REFERENCIA: AHP-17

SINATURA: C-16

DATA: 1946

TÍTULO: *Cinematografía y teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circular con títulos de filmes aprobados por censura, partes semanais de cines, notificación de non proxeccións dos NO-DO, interrupción de sesións cinematográficas por funcións teatrais, relación de longametraxes e curtametraxes producidas pola Warner Bros. Relación de filmes proxectados nos cines e Vigo en varios meses.

REFERENCIA: AHP-18

SINATURA: C-16

DATA: 1948

TÍTULO: *Cinematografía y teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circular sobre a clasificación dos cines.

REFERENCIA: AHP-19 **SINATURA:** C-16 **DATA:** 1949

TÍTULO: *Cinematografía y teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Isaac Fraga, Empresa de Espectáculos, pide a exención do pago dunha proxección do NO-DO por celebración dunha función teatral o 23 de nadal.

REFERENCIA: AHP-20 **SINATURA:** C-16 **DATA:** 1950

TÍTULO: *Cinematografía y teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Notificacións de Isaac Fraga, Empresa de Espectáculos, sobre a programación variada de espectáculos cinematográficos e teatrais, non proxeccións de noticiarios, notificacións de funcións teatrais en cines, expediente dun inspector de espectáculos no cine *Avenida* por permitir a entrada de menores a un filme non autorizado e notas sobre o circuíto dos noticiarios.

REFERENCIA: AHP-21 **SINATURA:** C-7 **DATA:** 1951 e 1952

TÍTULO: *Partes de películas procedentes de las delegaciones locales a la provincial.*

REFERENCIA: AHP-22 **SINATURA:** C-7 **DATA:** 1955 e 1956

TÍTULO: *Partes de películas procedentes de las delegaciones locales a la provincial.*

REFERENCIA: AHP-23 **SINATURA:** C-7 **DATA:** 1954 e 1955

TÍTULO: *Partes de películas procedentes de las delegaciones locales a la provincial.*

REFERENCIA: AHP-24 **SINATURA:** C-7 **DATA:** 1953 e 1954

TÍTULO: *Partes de películas procedentes de las delegaciones locales a la provincial.*

REFERENCIA: AHP-25 **SINATURA:** C-7 **DATA:** 1954

TÍTULO: *Documentación variada sobre cine.*

DESCRICIÓN: Citación de empresarios, autorización de filmes para Semana Santa, nota sobre o

cineclub de *Pontevedra* e remisión de entradas para a sesión matutina do domingo de Semana Santa.

REFERENCIA: AHP-26

SINATURA: C-7

DATA: 1953, 1954, 1955 e 1956

TÍTULO: *Oficios circulares sobre a autorización de filmes.*

REFERENCIA: AHP-27

SINATURA: C-7

DATA: 1953, 1954 e 1955

TÍTULO: *Documentación variada sobre cine.*

DESCRICIÓN: Autorizacións de actos por parte do Ministerio de Información e Turismo, autorización de filmes para proxectar na Semana Santa, telegramas de autorización, certificado da relación de filmes nacionais proxectados nos cines de Vigo (relación de cines en 1955), programa de "Gran Concurso de artistas noveles" no cine *Malvar* de Pontevedra e no cine *Avenida* de Marín, programa de velada cinematográfica teatral pro "Virgen de la Roca" no cine *Avenida* de Baiona e relación de sancións a empresas cinematográficas.

REFERENCIA: AHP-28

SINATURA: C-7

DATA: 1953

TÍTULO: *Documentación variada sobre cine.*

DESCRICIÓN: Telegramas con erros nas clasificación de filmes, aviso de sancións por abusos de venda de localidades, autorización de actos en cines e comentario da censura sobre o ciclo de cine de Alianza Francesa no cine *Odeón* de Vigo.

REFERENCIA: AHP-29

SINATURA: C-8

DATA: 1954

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares con autorizacións de títulos de filmes, instancia e programa de man para permiso de acto benéfico no cine *Capitol* de Gondomar, certificado de envío de guía de censura de *El Verdugo*, petición de permiso de acto benéfico, veladas teatrais e concertos en cines da provincia, certificado de envío de relación de filmes nacionais proxectados en distintos cines, petición de distribuidora (Ufilms) dunha relación de cines da provincia e relación de filmes exhibidos na provincia durante o mes de agosto (cine, título, fecha, expediente, nacionalidade e distribuidora).

REFERENCIA: AHP-30

SINATURA: C-8

DATA: 1956, 1957 e 1958

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circular reiterando a obriga da proxección dun número de filmes españois e entradas do teatro-cine *Malvar* de Pontevedra para espectáculo cinematográfico.

OBSERVACIÓNS:

REFERENCIA: AHP-31

SINATURA: C-8

DATA: 1957, 1958 e 1959

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: Remisión de relación de filmes proxectados en Vigo durante o Nadal de 1956 e meses de 1957, 1958 e 1959 xunto cos partes dos distintos cines sobre a súa programación no verán de 1959.

REFERENCIA: AHP-32

SINATURA: C-8

DATA: 1960

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: Sinopse de guión cinematográfico titulado *Redentores* de Manuel M. Rosales e avaliación do proxecto por parte da Delegación General de Cinematografía e Teatro.

OBSERVACIÓNS: O contido deste expediente é o mesmo que o de AHP-10.

REFERENCIA: AHP-33

SINATURA: C-8

DATA: 1959 e 1960

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares de autorización de filmes, certificacións de envíos de partes, información sobre a *IV Semana Internacional de Cine Religioso de Valladolid* e circular do cineclub *Mudo* de Zaragoza para concurso de guións.

REFERENCIA: AHP-34

SINATURA: C-8

DATA: 1965-1967

TÍTULO: *Helios Films-Madrid.*

DESCRICIÓN: Correspondencia entre a productora cinematográfica Helios Films de Madrid co Goberno Civil de Pontevedra sobre o rodaxe e posproducción dun proxecto dunha longametraxe documental sobre Galicia titulada *Verde y mar*.

OBSERVACIÓNS: O contido deste expediente é o mesmo que o de AHP-8.

REFERENCIA: AHP-35

SINATURA: C-8

DATA: 1969 e 1970

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) “Actas azules” e resumen de actividades dos cines da provincia en distintos anos, relación de inspeccións, carta de presentación do *XV Semana Internacional de Cine Religioso y de Valores Humanos de Valladolid*, con tarxeta postal e programa de actividades e notificación de alta do cine *Salesianos* en 1970.

REFERENCIA: AHP-36

SINATURA: C-9

DATA: 1959 e 1960

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares coa autorización de filmes por parte de censura, resumos de actividades inspectoras en materia de cinematografía e teatro, relación de filmes proxectados en Bueu durante o mes de marzo de 1960, autorización de distintos actos en diversos cines da provincia e informe de relación de inspeccións feitas nos cines de Vigo en maio de 1960.

REFERENCIA: AHP-37

SINATURA: C-9

DATA: 1960 e 1961

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares de censura dando autorización a proxectar unha relación de filmes, solicitude de permiso para celebrar distintos actos a celebrar en cines da provincia, resumo de actividades inspectoras na provincia e inspeccións de espectáculos.

REFERENCIA: AHP-38

SINATURA: C-9

DATA: 1961 e 1962

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía e teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares de autorización de filmes por parte da censura, resumo de actividades inspectoras, solicitudes de permisos para diversos actos en varios cines da provincia, inspeccións feitas por inspectores, certificación de que a proxección da revista cinematográfica *Imágenes* servía para cubrir a cuota de exhibición nacional.

REFERENCIA: AHP-39

SINATURA: C-30

DATA: 1962 e 1963

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares sobre os cortes en filmes, listados de títulos de filmes autorizados, resumo de actividades inspectoras, solicitude de inscrición no Rexistro Oficial de Cineclubs do cineclub de Marín dependente do *Colexio San Narvizo*, relacións

dos cineclubs de Vigo (*Vigo, Universitario e Santiago O Maior*), permisos de actos teatrais en distintos cines e informe sobre os cineclubs da provincia.

REFERENCIA: AHP-40

SINATURA: C-30

DATA: 1963, 1964 e 1965

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRIPCIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares sobre os cortes en filmes, listados de títulos de filmes autorizados, resumo de actividades inspectoras, permisos de actos teatrais en distintos cines, relacións de filmes declarados como especialmente indicados para nenos, circular sobre a realización de reportaxes para a feira de Nova York, oficios e circulares ministeriais, notificación da relación de empresas cinematográficas inscritas no rexistro e controis de billeteira.

REFERENCIA: AHP-41

SINATURA: C-30

DATA: 1964 e 1965

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRIPCIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Circulares sobre os cortes en filmes, listados de títulos de filmes autorizados, resumo de actividades inspectoras, permisos de actos teatrais a realizar en distintos cines, informe sobre os cineclubs da provincia, títulos de filmes indicados a menores, listado de empresas cinematográficas, listados de cines da provincia, circular con cuestionario a enviar para ser cubertos polos cines, listados de cines atrasados nos envíos de partes de exhibición, circulares sobre os prezos das entradas, listados de inspeccións e circular sobre as sanción económicas segundo as infraccións.

REFERENCIA: AHP-42

SINATURA: C-41

DATA: 1964, 1965 e 1966

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRIPCIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Notificacións de cines sinalando a butaca para o responsábel da inspección, controis de billeteiras na cidade de Vigo, circulares sobre os cortes en filmes, listados de títulos de filmes autorizados, resumo de actividades inspectoras, permisos para proxeccións en Semana Santa, relación de empresas dedicadas á exhibición en Vigo, permisos de actos teatrais en distintos cines, informe sobre os cineclubs da provincia, títulos de filmes indicados a menores, listado de empresas cinematográficas, listados de cines da provincia, circular con cuestionario a enviar para ser cubertos nos cines, permiso para rodaxe dun filme suízo documental titulado *Viaje por Galicia* (1966), do director Christian Probst, petición de axuda de Pedro Maso para o rodaxe de *Los Guardamarinas* (1966) e listados de inspeccións.

REFERENCIA: AHP-43

SINATURA: C-41

DATA: 1968 e 1969

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Listados de filmes autorizados por censura, listado de inspeccións, aprobación de proxección no cineclub *Cies*, circulares sobre o carné dos inspectores, II Plan de Desarrollo de la Exhibición, permiso para exhibir filmes e publicidade, permisos par obras de teatro en cines e circulares do NO-DO.

REFERENCIA: AHP-44

SINATURA: C-41

DATA: 1970 e 1971

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Listado de inspeccións, petición de permisos para funcións teatrais en cines, listado de títulos de filmes autorizados por censura, circulares con cortes en varios filmes e resgardos de impresos de inspeccións.

REFERENCIA: AHP-45

SINATURA: C-41

DATA: 1971

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Aprobación do calendario de distintas representacións de obras teatrais por distintos cines.

REFERENCIA: AHP-46

SINATURA: C-41

DATA: 1972

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Listados de títulos de filmes autorizados por censura, circulares con cortes a efectuar en distintos filmes, circular respecto aos *trailers* e permisos para as representacións de obras teatrais en distintos cines.

REFERENCIA: AHP-47

SINATURA: C-62

DATA: 1967 e 1968

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Control de billeteiras, partes semanais de empresas cinematográficas, listado de títulos de filmes aprobados por censura, circulares sinalando os cortes a efectuar en distintos filmes, permisos de representacións teatrais en cines e regulación das actividades dos cineclubs.

REFERENCIA: AHP-48

SINATURA: C-62

DATA: 1973

TÍTULO: *Dirección General de Cinematografía y Teatro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Control de billeteiras, partes semanais de empresas cinematográficas, listado de títulos de filmes aprobados por censura, circulares sinalando os cortes a efectuar en distintos filmes, permisos de representacións teatrais en cines, notificación sobre a organización do *I Festival Regional de Cine Amateur*.

REFERENCIA: AHP-49

SINATURA: L-6909

DATA: 1927-1933

TÍTULO: *Libro de registro de espectáculos*

DESCRICIÓN: Libro en forma de albará onde se recolle desde o ano 1927 ata o 1933 todos os espectáculos da zona da cidade Vigo. Cada folla está dividida nunha serie de campos: nome do solicitante, conceptos, nome do local, data, aforo, recargo, principal, suma, 5%, 20% e o total.

OBSERVACIÓNS: Esta documentación resulta interesante para saber a relación de cines de Vigo e o seu aforo.

REFERENCIA: AHP-50

SINATURA: L-6910

DATA: 1943-1947

TÍTULO: *Libro de registro de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Libro en forma de albará onde se recolle todos os espectáculos da zona da cidade Vigo do ano 1943 ao 1947. Cada folla está dividida nunha serie de campos: nome do propietario, data da representación, data da liquidación, número de funcións clase de espectáculo, nome do local, aforo líquido, cuota, 15%, 5%, total e observacións.

REFERENCIA: AHP-51

SINATURA: L-6911

DATA: 1939-1941

TÍTULO: *Libro de registro de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Libro en forma de albará onde se recolle todos os espectáculo da zona da cidade Vigo do ano 1939 ao 1942. Cada folla está dividida nunha serie de campos: nome do propietario, data da representación, data da liquidación, número de funcións clase de espectáculo, nome do local, aforo líquido, cuota, 15%, 5%, total e observacións.

REFERENCIA: AHP-52

SINATURA: 5504 (gremios espectáculos)

DATA: 1949-1956

TÍTULO: *Libro de entrada e saída de correspondencia relacionada co gremio de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Neste libro as follas están organizadas por campos: o número de saída ou de entrada, data, clase de documento, destino ou remite, extracto do seu contido e observacións. Abarca o abano cronolóxico emprendido entre 1949-1956. Hai circulares e oficios informando

sobre contratos, aumentos de tarifas, impresos, proxeccións relixiosas, información a porteiros e a acomodadores, regulamentos, partes cinematográficos,...

REFERENCIA: AHP-53

SINATURA: 5503

DATA: SD

TÍTULO: *Libro de rexistro de espectáculos*

DESCRICIÓN: Libro de entradas de correspondencias sobre espectáculos. As follas veñen organizadas en varios campos: data de entrada, data de expedición, procedencia, nome e oficinas de onde proceden, negociado, clase de documento e extractos. O asunto máis tratado son as remisións de partes de proxección.

OBSERVACIÓNS: Non está enteiro, faltan páxinas. A pesar de de ter o campo de “data de entrada” non se fai referencia a ningún ano.

REFERENCIA: AHP-54

SINATURA: L-7328 (matrículas industriais) **DATA:** 1946-1949

TÍTULO: *Libro de matrículas industriais de Vigo.*

DESCRICIÓN: Aparte do libro tamén aparecen actas de aforo dos cines de Vigo ao longo de distintos anos da década dos corenta.

REFERENCIA: AHP-55

SINATURA: L-7395

DATA: 1951

TÍTULO: *Libro de matrículas industriais de Vigo.*

DESCRICIÓN: Aparte do libro tamén aparecen actas de aforo dos cines de Vigo ao longo de distintos anos da década dos corenta.

OBSERVACIÓNS: As datas non están equivocadas, as actas de aforo son impresos soltos anexionados ao libro de matriculas industriais.

REFERENCIA: AHP-56

SINATURA: L-7396

DATA: 1952

TÍTULO: *Libro de matrículas industriais de Vigo.*

DESCRICIÓN: Aparte do libro tamén aparecen actas de aforo dos cines de Vigo ao longo de distintos anos da década dos corenta.

OBSERVACIÓNS: O mesmo acontece neste caso, as datas non están erradas, as actas de aforo son uns apéndices incorporados ao libro de matriculas industriais.

REFERENCIA: AHP-57 **SINATURA:** L-7361 (contribución industrial) **DATA:** 1936
TÍTULO: *Intervención de Hacienda. Libro auxiliar de c/c por contribución industrial (Espectáculos Públicos).*
DESCRICIÓN: Neste libro cada cine da zona de Vigo ten o seu apartado, unha folla de "debe" e outro de "haber". No de "debe" aparecen os seguintes campos nas fichas: data, expresión do asento, liquidación e o total. No de "haber" aparecen os seguintes campos: data, número, distribución do ingreso e o total.

REFERENCIA: AHP-58 **SINATURA:** L-7367 **DATA:** 1949 e 1950
TÍTULO: *Intervención de Hacienda. Libro auxiliar de c/c por contribución industrial (Espectáculos Públicos).*
DESCRICIÓN: Neste libro cada cine da zona de Vigo ten o seu apartado, unha folla de "debe" e outro de "haber". No de "debe" aparecen os seguintes campos nas fichas: data, expresión do asento, liquidación e o total. No de "haber" aparecen os seguintes campos: data, número, distribución do ingreso e o total.

REFERENCIA: AHP-59 **SINATURA:** L-7214 **DATA:** 1951-1953
TÍTULO: *Intervención de Hacienda. Libro auxiliar de c/c por contribución industrial (Espectáculos Públicos).*
DESCRICIÓN: Neste libro cada cine da zona de Vigo ten o seu apartado, unha folla de "debe" e outro de "haber". No de "debe" aparecen os seguintes campos nas fichas: número e data da liquidación, data do contrato, contribuínte, expresión do asento e tanto por cento de bonificación. No de "haber" aparecen os seguintes campos: importe da liquidación e ingreso.

REFERENCIA: AHP-60 **SINATURA:** G-11370 (altas de espectáculos) **DATA:** 1935
TÍTULO: *Altas de espectáculos.*
DESCRICIÓN: Ficha de alta solicitada por Vicente Vázquez para un espectáculo cinematográfico sito na rúa Ángel Urzaiz de Baiona e certificado de remisión da alta por parte do concello de Baiona.
OBSERVACIÓNS: Contén aforo do local e a liquidación.

REFERENCIA: AHP-61 **SINATURA:** G-11377 **DATA:** 1937-1946
TÍTULO: *Altas de espectáculos.*
DESCRICIÓN: Listados e certificacións de aforo de locais destinados a espectáculos, entre eles os cines da zona de Vigo. Altas de cines teatros de 1937, 1938, 1939, 1940, 1941, 1942, 1943, 1944, 1945 e 1946.

REFERENCIA: AHP-62 **SINATURA:** G-11416 **DATA:** 1947

TÍTULO: *Altas de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Altas de cines e teatros da zona de Vigo en 1947.

REFERENCIA: AHP-63 **SINATURA:** G-11418 **DATA:** 1947

TÍTULO: *Altas de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Altas de cines e teatros da zona de Vigo en 1948.

REFERENCIA: AHP-64 **SINATURA:** G-11420 **DATA:** 1949

TÍTULO: *Altas de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Altas de cines e teatros da zona de Vigo en 1949.

REFERENCIA: AHP-65 **SINATURA:** G-11422 **DATA:** 1950

TÍTULO: *Altas de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Altas de cines e teatros da zona de Vigo en 1950.

REFERENCIA: AHP-66 **SINATURA:** G-11424 **DATA:** 1951

TÍTULO: *Altas de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Altas de cines e teatros da zona de Vigo en 1951.

REFERENCIA: AHP-67 **SINATURA:** G-11426 **DATA:** 1952

TÍTULO: *Altas de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Altas de cines e teatros da zona de Vigo en 1952.

REFERENCIA: AHP-68 **SINATURA:** L-8967 (declaracións de espectáculos) **DATA:** 1944-1951

TÍTULO: *Registro de declaraciones de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Neste libro rexistro aparecen un listado coas contas correntes dos cines das distintas localidades de Pontevedra. O libro está composto por folios onde aparece cuberta unhas fichas cos seguintes campos: número de orde, contribuínte, salón, vila, data de liquidación, total

aforo, 20% servizos, anticipo de bonificación, base, cuota, R.P., anticipo a intervención, devolto da intervención e observacións.

REFERENCIA: AHP-69

SINATURA: L-7928

DATA: 1952-1957

TÍTULO: *Registro de declaraciones de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Neste libro rexistro aparecen un listado coas contas correntes dos cines das distintas localidades de Pontevedra. O libro está composto por folios onde aparece cuberta unhas fichas cos seguintes campos: número de orde, contribuínte, salón, vila, data de liquidación, concepto, cuota, R.M., R.P., F.C.P., total e observacións.

REFERENCIA: AHP-70

SINATURA: L-7929

DATA: 1958-1963

TÍTULO: *Registro de declaraciones de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Neste libro rexistro aparecen un listado coas contas correntes dos cines das distintas localidades de Pontevedra. O libro está composto por 105 folios onde aparecen cubertas unhas fichas cos seguintes campos: número de orde, contribuínte, salón, vila, data de liquidación, concepto, cuota, R.M., R.P., F.C.P., total e observacións.

REFERENCIA: AHP-71

SINATURA: L-7930

DATA: 1975-1981

TÍTULO: *Registro de declaraciones de espectáculos.*

DESCRICIÓN: O libro configúrase cunha folla dedicada a cada cine da provincia. Cada ficha ten os seguintes campos: número de declaración, ano, data de liquidación, data do comezo, número de funcións, cuota, bonificación por anticipo, cuota líquida e contribuínte.

REFERENCIA: AHP-72

SINATURA: S/S

DATA: 1969 e 1970

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Correspondencia de sección económica, sector cinematografía y Agrupación de Exhibición de los años 1969 y 1970.*

DESCRICIÓN: Carpetiñas do Grupo de Exhibición con actas de reunións (sobre clasificación de cines da circunscrición da Delegación de Facenda de Vigo, sobre o recurso en contra do imposto municipal por "vigilancia especial de espectáculos", sobre imposto de tráfico de empresa, convenios, presupostos do exercicio,...) oficios e circulares con asuntos variados, listados de cines da provincia, cartas de productoras, petición de informacións dos principais cines de Vigo por parte do Consulado do Brasil, sobres con listados de pagos ao Grupo de Exhibición da Organización Sindical, telegramas, bases dos premios sindicais, capetiñas con actas da Sección Económica,

circulares informativas desde a Organización Sindical de Espectáculos Central e informes do Presidente do Sindicato Nacional do Espectáculo.

REFERENCIA: AHP-73

SINATURA: S/S

DATA: 1969 e 1970

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Correspondencia de entidades sindicales y organismos oficiales de los años 1969 y 1970.*

DESCRIPCIÓN: Oficios e circulares procedentes da Organización Sindical central, carpetiñas (convocatorias e actas de reunións memoria de actividades, partes mensuais de actividades, listas de cuotas de beneficios, residencias de verán, regulamento de concesión de bolsas, partes informativos mensuais,...), notificacións de asesoría eclesiástica á Organización Sindical, texto do proxecto de Lei Sindical recollida nas páxinas do xornal *Arriba*, telegramas, organigramas do sindicato, programa de actos conmemorativos, listados de empresas dedicadas ás actividades cinematográficas, números do Boletín de Organización Sindical, do B.O.E. e calendario de festas locais.

REFERENCIA: AHP-74

SINATURA: S/S

DATA: 1966, 1967 e 1968

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Sección Económica-General. Sector de Cinematografía: Grupo de Exhibición desde a referencia I-A 6.1 hasta I-A 6.8.*

DESCRIPCIÓN: Este expediente contén tres carpetiñas de correspondencia: unha referente ao Grupo de Exhibición, outra á Sección Económica e outra ao Sector Cinematografía.

REFERENCIA: AHP-75

SINATURA: S/S

DATA: 1966, 1967 e 1968

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Grupo Provincial de Exhibición. Referencia: 1-A 6.9 hasta el 1-A 6.18.*

DESCRIPCIÓN: Ten unha carpeta con correspondencia da "sección económica" e do "sector de cinematografía".

REFERENCIA: AHP-76

SINATURA: S/S

DATA: 1971-1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial de Espectáculo: distribución, exhibición, variedades (artistas de circo, variedades, folcklore, teatro, Agrupación Sindical de Músicos Españoles y Deportes).*

DESCRIPCIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Convocatorias de reunións da Agrupación de Exhibición de Técnicos e Traballadores, oficios e circulares ao Grupo de Exhibición, convocatorias de exames de operadores cinematográficos, B.O.E., Libro de Actas da Sección Social e actas das xuntas xerais.

REFERENCIA: AHP-77

SINATURA: S/S

DATA: 1960, 1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial de Espectáculos, correspondencia do sindicato.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Constitución da Agrupación Sindical de Operadores de Cabina, esquemas xerais do Sindicato de Espectáculos, carpeta coa correspondencia da Sección Social Central e Provincial do ano 1964 e expedientes con asuntos xerais de cines da provincia.

OBSERVACIÓNS: Os expedientes pertencen aos seguintes cines: *Principal* de Cangas, *Radial* da Lama, *Parque-Avenida* da Guarda, *Novedades* da Estrada, *Capitol* de Pontecaldelas, *Coliseo* no Porriño, cine *Pereiras* de Mos (Aniceto Rodríguez Táboas), cine en Merza (Vila de Cruces), cine *Corpiño* en Losón (Lalín) levado polo propietario Perfecto Montouto Taboada, cine en Esfarrapada en Salceda de Caselas, *Odeón* en Vigo, *P.P. Franciscanos* en Vigo, *P.P. Carmelitas* en Vigo, cine *Catañal* en Fontao en Vila de Cruces, cine *Golada* en Agolada, cine *Fomento-Hispania-Minas* en Fontao (Vila de Cruces) ten planos, cine *Olmos* en Estribela, cine *Lores* do Grove (cabe supor que se está a falar do *El Marino*, unha confusión derivada do apelido do propietario Francisco Lores Fernández), cines *Miramar* en Sabarís en Bayona e cine *Salgar* en Bandeira (Silleda).

REFERENCIA: AHP-78

SINATURA: S/S

DATA: 1966

TÍTULO: *Sindicato Provincial de Espectáculos, Elecciones en el Sindicato.*

DESCRICIÓN: Carpeta coa elección de vogais, concelleiros do Tercio Sindical e Eleccións Nacionais, carpeta coas eleccións de presidentes e vicepresidentes de subgrupos, grupos, seccións e entidades e carpeta coas eleccións dos vogais nacionais.

REFERENCIA: AHP-79

SINATURA: S/S

DATA: 1969 e 1970

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Correspondencia de General, da Sección Social, Agrupación de Distribución, Agrupación de Exhibición, Sector de Teatro, Circo y Variedades y Sector de la Música.*

REFERENCIA: AHP-80

SINATURA: S/S

DATA: 1966, 1967 e 1968

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Correspondencia a entidades sindicales, a organismos oficiales y a otros.*

REFERENCIA: AHP-81

SINATURA: S/S

DATA: 1967, 1968 e 1969

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. INES oficiales del estado con disposición que afectan al sindicato.*

REFERENCIA: AHP-82

SINATURA: S/S

DATA: 1966-1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Comisión Mixta-Comité Ejecutivo, Unión de Empresarios, Distribución, exhibición y Comisión Mixta de Arbitraje.*

REFERENCIA: AHP-83

SINATURA: S/S

DATA: 1962-1969

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Grupo Provincial de exhibición.*

DESCRIPCIÓN: Contén tres carpetas; unha cos formularios de reparto do Convenio Protección Cine Nacional e dúas coa correspondencia dos anos 1962, 1963 e 1964.

REFERENCIA: AHP-84

SINATURA: S/S

DATA: 1965

TÍTULO: *Grupo Autónomo de Exhibición.*

DESCRIPCIÓN: Correspondencia composta de oficios e circulares informativas.

REFERENCIA: AHP-85

SINATURA: S/S

DATA: 1966-1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Comisión Mixta-Comité Ejecutivo, Unión de Empresarios, Distribución, Exhibición y Comisión Mixta de Arbitraje.*

DESCRIPCIÓN: Sobres con xustificantes de caixa de distintos exercicios da Agrupación de Empresarios de Exhibición, actas, circulares e oficios, notas informativas, recibos e un Libro de Actas do Grupo Provincial Autónomo de Exhibición do ano 1967.

REFERENCIA: AHP-86

SINATURA: S/S

DATA: 1966-1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo: presidente, Secretario Sindicato Provincial, Delegado Provincial, Secretario Provincial, Asuntos Económicos, Promoción y asistencia, Asuntos sociales, Administración, Estadística, Servicios Jurídicos, Elecciones, Gobierno Civil y Mutualidades Laborales.*

DESCRIPCIÓN: Oficios, circulares, listado de cines, recortes do B.O.E., expedientes singularizados por empresas de exhibición sobre os procesos de conciliación entre traballadores e patronal.

REFERENCIA: AHP-87

SINATURA: S/S

DATA: 1971-1975

TÍTULO: *Sindicato Orovincial del Espectáculo. Unión de Técnicos y trabajadores. Matadores de toros, sociedades deportivas, A.S.O.C.E. (operadores de cabina), exhibición, Agrupación Sindical de Músicos Españoles, Junta de Conciliación y convenios colectivos de exhibición y teatro.*

DESCRICIÓN: Esta formado por varias carpetas dedicadas a variedades, ao Sindicato do Espectáculo (convenio colectivo do sindicato provincial de exhibición e teatro). Tamén hai circulares, oficios, notificacións, trámites, acordos e actas das distintas seccións nomeadas no título.

REFERENCIA: AHP-88

SINATURA: S/S

DATA: 1971

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Elecciones sindicales del año 1971.*

DESCRICIÓN: Elección dos enlaces sindicais, sindicais de ámbito local, sindicais provinciais, presidente e vicepresidente de unión de empresarios, presidente e vicepresidente de Unión de Técnicos e Traballadores, renuncias de cargos, eleccións nacionais, vogais nacionais empresarios, vogais nacionais de técnicos e traballadores, correspondencia xeral, resultados das eleccións de vogais nacionais, plans nacionais de empresarios e técnicos e traballadores e comisión electoral.

REFERENCIA: AHP-89

SINATURA: S/S

DATA: 1971-1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Empresarios. Exhibición.*

DESCRICIÓN: Dúas carpetas: unha con convenios colectivos atrasados e outra con circulares despachadas.

REFERENCIA: AHP-90

SINATURA: S/S

DATA: 1971-1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Empresarios. Tráfico de empresas, cuota de beneficios y exhibición.*

DESCRICIÓN: Carpeta con cuotas de beneficios e distintos exercicios, ficheiro con circulares recibidas durante os anos 1969, 1970, 1971, 1972 e 1973 e un segundo ficheiro coas circulares recibidas da Agrupación Nacional desde 1974.

REFERENCIA: AHP-91

SINATURA: S/S

DATA: 1972 e 1973

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Boletines del estado con disposiciones que afectan a la entidad.*

REFERENCIA: AHP-92

SINATURA: S/S

DATA: 1971

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Elecciones Sindicales del año 1971.*

DESCRICIÓN: Censos de empresas, censos electorais, plans electorais provinciais, eleccións de concelleiros sindicais, datos estatísticos dos censos electorais de Vigo e provincia, organigramas e clasificación de unidades económicas e sociais, elección de deputados provinciais sindicais e insaculación de enlaces e vogais sindicais.

REFERENCIA: AHP-93

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Carpeta do Presidente da Unión de Empresarios de Espectáculos, carpetas singularizadas con expedientes de varios cines da provincia e carpeta co convenio colectivo provincial para empresas e traballadores da Agrupación de Operadores e Axudantes de Cabinas.

OBSERVACIÓNS: Entre os expedientes de cine podemos encontrar o *Guillade* de Pontearreas, o de Pontearnelas, *La Terraza* de Sanxenxo, o *Bandeira* de Silleda, o *Soutomayor* de Soutomaior, o *Caramuxo* de Vigo, o *Gran Vía* de Vigo, o *Maravillas* de Bouzas, o *Niza* de Vigo e o *Ideal* de Baión.

REFERENCIA: AHP-94

SINATURA: S/S

DATA: 1978

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo de Vigo. Secretaría.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Carpeta de secretaría con listados e actas para elección de cines, carpetas con relacións, reunións e varios da Agrupación de Traballadores Fijos-discontínuos, proxecto de estatutos para os sindicatos provincias de espectáculos, carpeta con censos para eleccións, carpeta con rexistro de saída e carpeta do Montepío de Empresarios do Espectáculo (contén uns 20 cadernillos cos estatutos fixados en 1962).

REFERENCIA: AHP-95

SINATURA: S/S

DATA: 1976 e 1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Legajo nº 3.*

DESCRICIÓN: Libro de rexistro de demandas de conciliacións, libros de entrada e saída de correspondencia e copias de correspondencia de saída.

REFERENCIA: AHP-96

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Trabajadores y Técnicos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Correspondencia, certificacións, oficios, circulares, carpeta coa convocatoria de exames de capacitación de operadores de cabina

cinematográfica, reunións, actas da Agrupación de Técnicos e Axudantes de Cabinas Cinematográficas e carpetas con actas de conciliación.

REFERENCIA: AHP-97

SINATURA: S/S

DATA: 1971-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Trabajadores y Técnicos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Correspondencia, circulares e números do B.O.E. con novas que afectan aos espectáculos.

REFERENCIA: AHP-98

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Presidencia y secretaría del sindicato.*

DESCRICIÓN: Correspondencia, circulares, oficios, regulamentacións, órganos de goberno da Unión de Traballadores e Técnicos, copia do proxecto de estatutos para os sindicatos provinciais do espectáculo, recibos, pagos, actas de reunións, xuntas xerais e asembleas, reclamacións electorais e cadramento de empresarios.

REFERENCIA: AHP-99

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Trabajadores y Técnicos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Nove carpetas coas circulares e oficios da Agrupación de Empresarios de Exhibición.

REFERENCIA: AHP-100

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Trabajadores y Técnicos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Actas e convocatorias de reunións, plenos, asembleas e xuntas xerais.

REFERENCIA: AHP-101

SINATURA: S/S

DATA: 1969-1971

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Espectáculos Autónomos.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Carpetiña dedicada ao Subgrupo Provincial de Exhibidores Cinematográficos onde aparecen asuntos xerais, constitucións e inscricións e orzamentos para os distintos exercicios.

REFERENCIA: AHP-102

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Empresarios.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Sobres con listados de pagamentos realizados polas empresas dedicadas á exhibición cinematográfica, convocatorias e actas de reunións, cadernillo co regulamento sobre as “relacións comerciais entre empresas distribuidoras e exhibidoras de filmes” (1968), oficios e circulares, convenio para o pagamento do imposto de menores e fotocopias e estratos do B.O.E. sobre asuntos relacionados con espectáculos.

REFERENCIA: AHP-103

SINATURA: S/S

DATA: 1975

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Elecciones Sindicales del año 1975*

DESCRICIÓN: Elección de enlaces sindicais, sindicais de ámbito local, sindicais provinciais, presidente e vicepresidente de unión de empresarios, presidente e vicepresidente de Unión de Técnicos e Traballadores, renuncias de cargos, eleccións nacionais, vogais nacionais empresarios, vogais nacionais de técnicos e traballadores, correspondencia xeral, resultados das eleccións de vogais nacionais, plans nacionais de empresarios e técnicos e traballadores e comisión electoral. Plan electoral de órganos de goberno e de unión de empresarios.

REFERENCIA: AHP-104

SINATURA: S/S

DATA: 1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Circulares del año 1977.*

REFERENCIA: AHP-105

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Empresarios.*

DESCRICIÓN: Expedientes de locais destinados a bailes algún deles están dedicados tamén a actividades cinematográficas.

REFERENCIA: AHP-106

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo.*

DESCRICIÓN: Secretaría provincial, asuntos económicos, promoción e asistencia, administración, estatística, delegación de traballo, Goberno Civil, Instituto Nacional de Previsión, mutualidades laborais e eleccións e representación sindical.

REFERENCIA: AHP-107

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Empresarios.*

DESCRIPCIÓN: Carpetas con entradas, carpeta coa solicitude ao gobernador civil para a ampliación do horario de espectáculos públicos, carpeta con asuntos do Grupo de Exhibición de Vigo, libro de saídas de correspondencia, carpeta con dobre copia da lei do 3 de maio de 1935 sobre o regulamento de espectáculos públicos, convocatorias e actas de reunións e asembleas e recadación de cuotas.

REFERENCIA: AHP-108

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Empresarios y Comisión Electoral.*

DESCRIPCIÓN: Catro copias do Plan Electoral do Sindicato Nacional do Espectáculo do ano 1975 e Plan Electoral con censos da Unión de Empresarios. Eleccións sindicais do ano 1975: censos de empresas, censos electorais, plans electorais provinciais, eleccións de concelleiros sindicais, datos estatísticos dos censos electorais de Vigo e provincia, organigramas e clasificación das unidades económicas e sociais, elección de deputados provinciais sindicais, insaculación de enlaces e vogais sindicais.

REFERENCIA: AHP-109

SINATURA: S/S

DATA: 1975-1977

TÍTULO: *Sindicato Provincial del Espectáculo. Unión de Empresarios.*

DESCRIPCIÓN: Expedientes particularizados de todos os cines da provincia.

II. Comentario:

A análise desta información ten que iniciarse por sinalar brevemente as características nas que se atopa dentro deste arquivo; documentación sen inventariar, sen orde, algunha repetida e empacutada nun estado deficiente. Ante estas premisas podemos facernos unha idea do complicado que foi xuntar este volume de referencias, máis se cabe se temos en conta de que esta investigación fíxose debullando campos de documentación indirecta onde se puido entrever a posibilidade de que contivesen fontes cinematográficas. Ao respecto deste condicionante hai que velo por causa da súa procedencia heteroxénea, desde distintos arquivos de distintas institucións: da Delegación do Ministerio de Facenda, do Ministerio de Información e Turismo que despois foi o de Cultura, da Administración Institucional sobre todo da súa Organización Sindical e tamén, algunha do Arquivo Municipal do Concello de Pontevedra. Este proceso débese á progresiva cesión de competencias da administración central á autonómica, pasando a maioría da documentación dos Servizos Periféricos ás dependencias tanto deste arquivo, o Histórico Provincial, como ao do Goberno Civil. Tamén hai que ter en conta que isto tamén repercute en que os contidos veñen

abrigados baixo sinatura distintas e, as veces, responden a unha organización baixo temáticas máis xenéricas. Ante este problema este estudio decidiu avisar desta circunstancia cun crédito introductorio no campo da descrición.

Tras esta introducción previa intentaremos facer un repaso polos diversos subgrupos de información referidas nas entradas sinaladas no apartado anterior da ficha. O primeiro continxente destacado é un grupo de carpetas baixo a denominación de “Espectáculos” dentro dunhas caixas sen inventariar. Desde o AHP-1 ata o AHP-6 englobase esta documentación que se corresponde as primeiras décadas do cine nas principais capitais de Pontevedra. É un material que podemos clasificar dun alto grao de interese porque as altas industriais e altas de espectáculos fanse acompañar por unha extraordinaria colección de programas de man das primeiras sesións que amparaban aos diferentes locais dedicados á actividade cinematográfica nos seus inicios.

O segundo grande bloque ao que nos podemos referir é a toda a documentación procedente do antigo Ministerio de Información e Turismo, da Delegación Xeral de Cinematografía e Teatro. Como imos ver de seguido estas fontes son moi variadas polo que no traballo de campo denominouse cada entrada con títulos testemuñais que non nos aportan ningún tipo de singularidade. Así, entre os contidos desde a AHP-7 ata a AHP-48, podemos destacar un bo feixe de documentación: relacións de cines, resumo de actividades dos cines, relación de empresas cinematográficas, aprobacións de proxeccións de filmes durante Semana Santa e durante o Nadal, información sobre rodaxes, análises de guións, de semanas de cine, de concursos cinematográficos, listados de filmes autorizados, cortes a realizar nos filmes, información sobre a non proxección do NO-DO, permisos de actos benéficos, autorizacións de representacións teatrais, relacións de filmes nacionais, información sobre cineclubs,...

O seguinte grupo vai desde o AHP-49 ao AHP-71 e esta formado pola documentación procedente de Facenda debullándose en rexistro de espectáculos, matrículas industriais, contribucións industriais, altas de espectáculos e declaracións de espectáculos. A maioría destas entradas corresponden a libros con diversos requirimentos no deseño das súas follas e onde se recollen información variada sobre as distintas empresas cinematográficas. Como dato a salientar, a maioría destes libros teñen certa concreción xeográfica, a zona de Vigo.

Por último sinalar o último continxente información, a referida a ao Sindicato Provincial de Espectáculos. Desde o AHP-72 ata o AHP-109 atopamos información diversa que correspondía as distintas ramas, seccións e grupos nas que se expandía o organigrama deste sindicato. Deste modo, e facendo unha fonda labor de síntese, podemos atopar: actas de reunións, circulares, convocatorias, reunións, notificacións, oficios, acordos, convenios, correspondencia, expedientes de cines, información sobre as eleccións do organismo...

INSTITUCIÓN

2. GOBERNO CIVIL

Datos do arquivo:

Arquivo Goberno Civil de Pontevedra
Praza de España, s/n
Pontevedra
Tlf: 986 855 450
Responsábel: Dna. Dolores Gálvez



I. Entradas de información ao arquivo provincial:

REFERENCIA: AGC-1

SINATURA: 6083

DATA: 1967-1985

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Nuevo de Las Nieves.*

DESCRIPCIÓN: Recorrido polo historial burocrático do cine *Nuevo* das Neves: alta do cine datada o 12 de xaneiro de 1967, notificacións do propietario Francisco Núñez Vázquez sobre o inicio e peche da temporada (1971, 1973 e 1974), notificación sobre a subida do prezo das entradas (1971), notificación de horarios, petición de solicitude de información sobre o cine *Nieves* e o *Nuevo*, control da billeteira do cine *Nuevo* efectuada polo Ministerio de Información e Turismo (1973), informe do Concello das Neves notificando ao Goberno Civil que, en 1985, xa non existe ningún cine na localidade.

OBSERVACIÓNS: O cine *Nieves* pechou o 28 de abril de 1974. O aforo do cine *Nuevo*, segundo o informe de control de billeteira do Ministerio de Información e Turismo, era de 104 localidades.

REFERENCIA: AGC-2

SINATURA: 6083

DATA: 1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Arbo de Las Nieves.*

DESCRIPCIÓN: Notificación do Goberno Civil ao Ministerio de Cultura informando que o cine *Arbo*, do propietario Gabino Álvarez Fernández, comezou a funcionar desde 1973 e que en 1986 xa non funciona, notificación da comandancia das Neves comentando a inactividade do cine *Arbo*, baixa do cine no Rexistro de Empresas Cinematográficas existente no Ministerio de Cultura e

comunicado da baixa por parte da Delegación de Cultura de Pontevedra.

OBSERVACIÓNS: O título non é unha incongruencia, a pesar de que o cine tiña a mesma denominación que o concello onde estaba emprazado, este pertencía a xurisdicción da comandancia das Neves.

REFERENCIA: AGC-3

SINATURA: 6083

DATA: 1954-1989

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Quiroga de Marín.*

DESCRICIÓN: Expedientes por non remitir parte de títulos dos filmes exhibidos (1955) segundo a circular nº 3558, problemas coa clasificación de filmes (1954), información sobre o funcionamento e horarios dos cines en Marín, informe do Ministerio de Cultura sobre os cines que funcionan en Marín, rexistro de localidades do cine *Quiroga* de Marín (1987), informe do Ministerio de Cultura sobre os cines que posuía a Empresa Gallega del Cine S. L. (1987), licencia fiscal de Gallega del Cine, S. L, resolución do Director Xeral de Cinematografía pedindo declaracións sobre os rendementos das salas (1986), relación dos prezos das entradas do local (1975, 1977, 1978, 1982 e 1985), licencia de obras para a mellora do local, solicitude do propietario do cine *Quiroga*, Francisco Salazar Pérez, para a inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas, ficha de inspección realizada en 1973, multas por incorreccións na programación e pola falta de control de espectadores (1958 e 1963) e notificación da imposibilidade de subministrar copias do NO-DO.

OBSERVACIÓNS: Tamén hai alusións a outros cines da localidade, concretamente ao cine *Avenida*. A Empresa Gallega del Cine S. L. tiña o cine *Avenida* de Cambados, o cine *Lalín* de Lalín, o cine *Principal* da Estrada e o cine *Quiroga* de Marín. En 1958 esta empresa tamén explotaba o cine *Capitol* de Ponte Caldelas.

REFERENCIA: AGC-4

SINATURA: 6083

DATA: 1961-1977

TÍTULO: *Expediente del cine Montefaro de Moaña.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar apertura do cine por parte de Antonio Ferradás Ferradás na freguesía de Domaio, ficha de cuestionario sobre a descrición da programación, partes de rendemento do local, notificacións do Sindicato Nacional de Espectáculos, solicitude de aumento de prezo nas entradas (1974, 1975 e 1977) e baixa do cine desde o mes de xuño de 1977.

OBSERVACIÓNS: O cine *Montefaro* tiña un aforo de 300 localidades.

REFERENCIA: AGC-5

SINATURA: 6083

DATA: 1952-1988

TÍTULO: *Expediente del cine Prado de Moaña.*

DESCRICIÓN: Multas por incumprimento da Orden Ministerial de Información e Turismo con

data do 11 de agosto 1953, recibos de partes de películas de partes de rendemento, preguntas sobre a obrigatoriedade de proxectar curtametraxes, cuestionario cumprimentado describindo o funcionamento do cine, solicitude para a destrución de documentación respecto a billeteira antiga, fallo do expediente na Dirección Xeral de Cultura Popular e Espectáculos, recibo de pagos de multas (1969), súplica para eliminar documentación respecto á billeteira antiga (1970), relación de prezos en 1974, resguardo da inspección realizada en 1978, lista de prezos en 1984, petición de información sobre o cine por parte do Ministerio de Cultura (1986), ficha do local no ano 1987 e comunicación da baixa definitiva en 1988.

OBSERVACIÓNS: Eduardo Pérez Galvar foi propietario do cine *Prado* de Moaña e do cine *Calvar* de Cangas. En 1987 o cine *Prado* pertencía a Empresa Gallega del Cine S. L..

REFERENCIA: AGC-6

SINATURA: 6083

DATA: 1952-1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Avenida de Marín.*

DESCRICIÓN: Oficios por incumplimento de programación e por incumplimento da non autorización a menores (1952 e 1953), programas con carteis gráficos sobre a proxección de *Sisi Emperatriz* cun oficio por incumplimento por no incluír a clasificación moral, circular sobre o funcionamento do local, solicitude para o aumento de prezos para o filme *Franco, ese hombre* (1965), solicitude para proxectar o filme *Francisco de Asís* (1965) durante Semana Santa, expedientes de sancións, actas de infraccións, informe da Dirección Xeral de Cultura Popular e Espectáculos sobre as incorreccións na billeteira (1969), relación de entradas reservadas para a Xunta Provincial de Protección de Menores (1971), petición de autorización para destruír todas as entradas inservíbeis (1971), resguardo de inspección en 1973, expediente de sanción en 1973, inspección en 1973, 1976 e 1977, solicitude para inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas en 1975, notificacións de prezos de entradas, solicitude de sobresemento dos expedientes por infracción na billeteira, relación de prezos en 1980, pagos de multas en 1977, prezos en 1982, Ministerio de Cultura pide información sobre o cine *Avenida* e o *Quiroga* (1983), expedientes en 1983 e 1985, relación de prezos das entradas en 1985, escrito de baixa do cine *Avenida* o 30 de abril de 1986.

OBSERVACIÓNS: En 1977 o cine era propiedade de Herdeiros de Francisco Salazar Martínez.

REFERENCIA: AGC-7

SINATURA: 6083

DATA: 1959-1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine González de Moraña.*

DESCRICIÓN: Oficios de incumplimentos de programación (1959), revisións de localidades despachadas en 1973 e 1974, instancia de información de incumplimento dos horarios polo balbordo causado por nenos que protestaban por non permitírselle a entrada a un filme non autorizado (1961), notificacións de peche do cine por falta de asistencia do público (1964), na

celebración local suspendeuse a sesión de cine (1966), expediente do cine *González* por permitir a entrada a menores a espectáculos non autorizados (1961), suspensión dunha sesión (1971), partes de filmes proxectados, lista de prezos, baixas temporais do cine no verán, o Ministerio de Cultura pide información sobre o cine *González* (1986) e baixa, nese mesmo ano, no Rexistro de Empresas Cinematográficas.

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine *González* de Moraña era Sergio González Campos. O cine foi inaugurado en 1958. A derradeira información sobre o funcionamento do cine é a baixa temporal do 11 de xuño de 1979, polo que se supón que foi o seu peche definitivo.

REFERENCIA: AGC-8

SINATURA: 6082

DATA: 1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Miramar de Sabarís, en Baiona.*

DESCRICIÓN: Petición de información sobre o cine *Miramar* de Baiona para saber si se atopa en activo. Ante a non chegada de información o Ministerio de Cultura da a baixa do cine *Miramar* de Baiona do Rexistro de Empresas Cinematográficas.

OBSERVACIÓNS: Segundo a carta do Ministerio de Cultura o propietario do cine *Miramar* é Jaime Lago Maslloréns.

REFERENCIA: AGC-9

SINATURA: 6082

DATA: 1954-1988

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Avenida de Baiona.*

DESCRICIÓN: Información sobre a realización de funcións teatrais no cine *Avenida* (1954), notificación do propietario de fallo de subministro dun filme (1955), entrega de diapositivas (1957), expediente sobre atropelos e pelexas (1961) e solicitude de numerar as entradas, petición de trípticos de programación, denuncia polas condicións do local (cheiros, paredes, butacas,...) (1966), sanción por incumprimento de clasificación moral na proxección do filme *El diputado* (1980), inspección de control da billeteira, lista de prezos, circular cumprimentada sobre funcionamento do cine, modelos de entradas, cambio do número do local, petición de destrución da billeteira sobrante (1970), inspección en 1973 e 1977 e baixa do cine *Avenida* o 13 de xullo de 1988.

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine *Avenida* é Jaime Lago Maslloréns. Aparecen referencias a outro cine en Baiona, o cine *Imperial*. Este dato podía estar confundido xa que na Ramallosa, no Concello de Nigrán, moi preto de Baiona, aínda hoxe existe un cine con esa denominación.

REFERENCIA: AGC-10

SINATURA: 6082

DATA: 1953

TÍTULO: *Expediente sobre el Cine Victoria de Buen.*

DESCRICIÓN: Oficio obrigando a proxectar filmes españois ata compensar porcentaxe da cuota,

o empresario José Martínez Camiña enviou un informe cun listado de filmes nacionais e estranxeiros (1954), lista de prezos das entradas, solicitude para inscribirse no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1976), inspección en 1972, 1973 e 1977, fotocopia da alta da licencia fiscal do imposto industrial e baixa do cine o 30 de novembro de 1984.

OBSERVACIÓNS: Nos últimos anos de existencia o cine *Victoria* pertencía a empresa Carballo domiciliada en Seijo-Marín.

REFERENCIA: AGC-11

SINATURA: 6082

DATA: 1957-1988

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Avenida de Buen.*

DESCRICIÓN: Envío de partes da billeteira do cine (1957), circulares cubertos sobre o funcionamento do cine, listado de prezos, expedientes de infracción na billeteira (1971), inspeccións en 1973 e 1976, instancia de cambio de titular do cine, pagos de multas por infraccións, libro de rexistro de localidades vendidas no ano 1976, ficha cos datos do local 1976 e baixa do cine o 1 de outubro de 1987 e cancelación no Rexistro de Empresas Cinematográficas.

OBSERVACIÓNS: O cine *Avenida* pertencía a Empresa de Espectáculos Celta igual que o cine *Cervantes* de Cambados, o cine *Novedades* da Estrada e o teatro *Principal* de Tui. En 1976 mudou a mans de Luis Carballo González.

REFERENCIA: AGC-12

SINATURA: 6082

DATA: 1983-1989

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Galas de Cangas.*

DESCRICIÓN: Solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1983) e baixa do cine *Galas* no ano 1989.

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine *Galas* era Manuel Núñez Fernández e posuía un aforo de 100 localidades.

REFERENCIA: AGC-13

SINATURA: 6082

DATA: 1954-1987

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Avenida de Cangas.*

DESCRICIÓN: Carta coa que se axuntaba o parte sobre a nacionalidade dos filmes proxectadas (1954), notificación de envío de trípticos de filmes, proxeccións de diapositivas da "Pro-campaña de la prudencia" (1957), estado de arrendamento a Antonio Soaje Jaldá, cuestionario completado sobre o funcionamento do cine, expedientes sobre irregularidades na billeteira, solicitude de aumento de prezo para o filme *El Cardenal* (1968), pagos de multas, aumento de prezos no filme *El Graduado* (1970), solicitude de descargos (1971), expediente de alteración da billeteira (1972), inspeccións en 1972 e 1973, lista de prezos, comunicación de desafuizamento por vencemento de contrato e baixa

do cine en 1975, Victoriano Fernández Buceta comprou o local solicitando a inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas, instancia para eliminar billeteira atrasada, inspección en 1977, sanción por incorreccións na billeteira en 1984 e baixa do cine *Avenida* en febreiro de 1987.

OBSERVACIÓNS: O cine *Avenida* pertenceu a Isaac Fraga, Empresa de Espectáculos, ata que Vitoriano Fernández Buceta comprou o cine en 1976.

REFERENCIA: AGC-14

SINATURA: 6082

DATA: 1957

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Reveca de La Cañiza.*

DESCRICIÓN: Instancia do presidente da Residencia Veraniega Cañicense "REVECA" solicita o permiso da Xunta Consultiva de Espectáculos (1957), permiso para a destrución da billeteira sobrante (1970), cuestionario complementado, solicitude de inscrición por parte de Delmiro Giraldez Paz do cine *Reveca* no Rexistro de Empresas Cinematográficas, listado de prezos das entradas, autorización para programa de proxeccións, informe da comandancia da Cañiza (1974) e baixa do cine *Reveca* o 10 de xaneiro de 1982.

OBSERVACIÓNS: No informe da comandancia, a parte do cine *Reveca* e do *Veleije*, fálase do cine *Bacelar*, mais se especifica que deixou de funcionar fai uns 20 anos, en 1954.

REFERENCIA: AGC-15

SINATURA: 6082

DATA: 1958-1974

TÍTULO: *Expediente del cine Progreso de La Estrada.*

DESCRICIÓN: Petición de partes de exhibición (1958), informe de cómo cumprimentar os partes de exhibición (1959) e informe da Comandancia da Estrada informando sobre a actividade dos cines no ano 1974.

OBSERVACIÓNS: Segundo o parte da Comandancia en 1974 só funciona o cine *Progreso*, o cine *Novedades* pechou en agosto de 1964 e agora ese local está dedicado a unha cafetería e o cine *Progreso* de Codesada pechou no ano 1958 e agora no edificio instalaron un supermercado e unha cafetería.

REFERENCIA: AGC-16

SINATURA: 6082

DATA: 1986

TÍTULO: *Expediente sobre la sanción a la Asociación Cultural "A Estrada" por proyección de filmes en vídeo.*

DESCRICIÓN: Oficio sancionador pola proxección de vídeos ao público carecendo de autorización para iso, supoñendo unha infracción do Real Decreto 2332, de 1 de setembro, polo que se lle propón ao pago dunha multa entre 10.000 e 50.000 pts, alegación do presidente da asociación cultural e panfleto fotocopiado onde se recolle a programación de filmes que se ían a proxectar durante o trimestre na sede da asociación.

REFERENCIA: AGC-17

SINATURA: 6082

DATA: 1953-1987

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Colón de Forcarei.*

DESCRICIÓN: Sanción por incorreccións nos anuncios en prensa (1953), unha multa cunha contía de 100 pts, notificación de entrega de partes de filmes exhibidos (1955), instancia para solicitar la destrucción de matrices e talonarios de billeteiras (1969), instancia de información sobre baixas temporais por vacacións (1971, 1972, 1973, 1974, 1976, 1980 e 1981), impreso cuberto de declaración sobre a exhibición de películas españolas (1958, 1974, 1975, 1976 e 1977), impreso cuberto sobre o control da billeteira (1972), circular cuberta sobre o funcionamento do cine, lista de prezos (1980), solicitude da propietaria para incorporarse ao Rexistro de Empresas Cinematográficas, baixa e nova alta no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1981), copia do testamento onde polo cal cambiase de propietario do cine (1981), informe do Concello de Forcarei sobre os establecementos que se dedican ao cine (1985) e baixa definitiva do local en 1987.

OBSERVACIÓNS: En 1953 existían dous cines no Concello de Forcarei: o cine *Colón* e o *Changüi*, este último en Soutelo de Montes, o aforo do cine *Colón* era de 150 butacas e con 30 de anfiteatro, foi fundado o 16 de outubro de 1948 por Gumersindo Pichel Espiña pasando logo a súa viúva Esperanza Pichel Campos e despois a súa filla á Dolores Pichel Campos y García e o cine de Soutelo de Montes deuse de alta tamén en 1948 da man do propietario Avelino Cachafeiro Bugallo, durando ata 1970. Os propietarios do cine *Colón* seguían pagando a matrícula en 1986 mais están sen proxectar filmes desde 1981.

REFERENCIA: AGC-18

SINATURA: 6082

DATA: 1968-1985

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Gondomar de Gondomar.*

DESCRICIÓN: Notificación de inauguración do cine en outubro de 1968 polo copropietario Asier Gómez Rodríguez, inspección no ano 1972, 1973 e 1977, expediente do Ministerio de Información e Turismo sobre a subida de prezos (1969), autorización de aumento de prezos por parte do Sindicato de Espectáculos (1972), solicitude de entrada no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1977), expediente por incorreccións nos partes da billeteira (1987), cambio de titularidade do cine en 1980, contrato de arrendamento, listas de prezos, nova alta no Rexistro de Empresas Cinematográficas, expedientes sobre incorreccións na billeteira (1980), peche do local e novo arrendo a Manuel Ángel Casas Pajaiño, alta no Rexistro de Empresas Cinematográficas pedida polo novo empresario, télex desde Madrid sobre a situación creada no cine *Gondomar* pola sucesión de propietarios e por non pechar os expedientes con sancións, novo cambio de propietario, desta vez a José Servando Otero Fernández, solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1985), alugamento e reforma do local por parte de Juan Francisco Vázquez Alonso para facer reformas e instalar unha discoteca e baixa do cine en 1987.

OBSERVACIÓNS: O primeiro propietario foi Alfonso Xestelo Amorín copropietario con Asier Gómez Rodríguez, despois o cine pasou a mans de Antonio Torres Iglesias e a Juan Carlos Gómez Bravo, despois a Manuel Ángel Casas Pajaiño e despois a José Servando Otero Fernández. O cine *Gondomar* tiña un aforo de 490 localidades.

REFERENCIA: AGC-19

SINATURA: 6082

DATA: 1955-1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Besada de El Grove.*

DESCRICIÓN: Incumplimento nos partes de filmes proxectados (1953), autorización para que o propietario José Besada Domínguez poda facer obras de modificación de pantalla (1955), expediente sobre infraccións no control da billeteira (1969), cuestionario cuberto sobre o funcionamento do cine, autorización para destrución da billeira (1970), expediente de infracción na billeteira (1971), autorización do Ministerio de Información e Turismo para o pago fraccionado da multa, estancia para ampliación de prazo para pago de multas, concesión do Ministerio, informe da Comandancia do Grove (1974), petición de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1975), instancia para informar sobre a realización de obras de reforma (1975), informe destinado ao Ministerio de Cultura sobre a situación do cine (1986), en dito informe dise que o cine non funciona desde 1978, e baixa do cine en 1986.

OBSERVACIÓNS: Nunha das notificacións de 1953 tamén se fala do cine *El Marino* do Grove e do *Victoria* de Silleda. O Aforo do cine *Besada* era dunhas 544 localidades. Neste expediente hai unha nota onde se informa da suspensión temporal de sesións cinematográficas na freguesía de *Santiago O Maior* de Vigo en 1975 con sede no local da rúa García Barbón número 33.

REFERENCIA: AGC-20

SINATURA: 6084

DATA: 1964-1987

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Etribela en Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Informe do peche do cine *Olmos* de Vicente Olmos Muiños por problemas económicos en 1964, cuestionario cuberto sobre o funcionamento do cine, petición de partes de exhibición de filmes, solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas do cine *Etribela* por José Carballo García, listas de prezos (1974, 1975, 1976 e 1977), expediente de infraccións na billeteira (1982) e baixa definitiva do cine *Etribela* en 1987.

OBSERVACIÓNS: O cine *Olmos* tiña un aforo dunhas 190 localidades. Este cine pechou en 1964 e en 1968 volve a estar en funcionamento co nome do cine *Etribela*.

REFERENCIA: AGC-21

SINATURA: 6084

DATA: 1952-1980

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Principal de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Notificacións de que non se proxectou o NO-DO por non celebrarse espectáculos cinematográficos entre os anos 1952 e 1975, instancia de Isaac Fraga, Empresa de Espectáculos, para converter o teatro *Principal* nunha sala de "arte e ensaio", lista de prezos en 1968, autorización do Ministerio para o funcionamento como "sala especial", solicitude para proxeccións do cineclub de *Pontevedra* (1970), baixas temporais por vacacións de persoal, inspección en 1972, 1975 e 1977, arrendamentos temporais ao Liceo Casino de Pontevedra (días puntuais do ano 1973 e 1974) e notificación do definitivo cese de actividades por declararse un incendio en 1980 e quedar totalmente destruído.

OBSERVACIÓNS: O teatro *Principal* tiña un aforo dunhas 490 localidades. Tamén hai información sobre o teatro-cine *Malvar*.

REFERENCIA: AGC-22

SINATURA: 6084

DATA: 1953-1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Capitol de Puenteacaldelas.*

DESCRICIÓN: Notificación de aviso de realización de partes de filmes exhibidos ao propietario do cine *Capitol*, Francisco Salazar Pérez (1953), avisos de entrega de follas de censura (1955), aviso sobre liquidación definitiva da "Campaña de Navidad" (1957), aviso de compensar déficit de filmes españois (1958), instancias de distribuidora, Galaica Films, para comprobar documentación de censura sobre algúns filmes proxectados en Pontecaldelas (1959), instancia do novo propietario José Fernández Hermida para continuar as proxeccións (1960), informe das distribuidoras Ifisa e Exclusivas Floralva dos filmes proxectados no cine *Capitol*, información do concello informando que o cine *Capitol* pechou no ano 1975 e baixa no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1986).

OBSERVACIÓNS: Data de fundación: o 1 de xaneiro de 1948.

REFERENCIA: AGC-23

SINATURA: 6084

DATA: 1953-1987

TÍTULO: *Expediente sobre el Cine Colón de Puenteceasures.*

DESCRICIÓN: Sanción por incorreccións nos anuncios de prensa e radio, unha multa de 100 pts (1953), prohibición temporal de exhibición de filmes ata que se pague as multas impostas (1954), fichas de filmes exhibidas, telegrama indicando a proxección de *Fugitivos de la noche* e información sobre procedementos de censura (1965), cuestionario cuberto sobre o funcionamento do cine (1965), lista de prezos, inspección da billeteira (1968), informes da comandancia de Valga informando de que non se produciron infraccións da normativa do seu réxime de autorización moral, paro de actividades en 1976 e baixa do Rexistro de Empresas Cinematográficas en 1987.

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine é Eloy Chenlo López e tiña un aforo dunhas 600 localidades.

REFERENCIA: AGC-24

SINATURA: 6084

DATA: 1955-1983

TÍTULO: *Expediente del cine Tea de Puenteareas.*

DESCRICIÓN: Anomalías nos partes de exhibición (1955), cuestionario cuberto sobre o funcionamento do cine, informe sobre a taberna instalada no cine e o seu arrendamento (1962), expediente sobre a taberna, inspección en 1972, solicitude de envío dun novo libro de inspeccións (1976), inspección en 1976 e 1977, lista de prezos, expediente 1981 e baixa do cine no Rexistro de Empresas Cinematográficas.

OBSERVACIÓNS: Información sobre outros cines de Puenteareas, en 1959 existía o cine *Mariño*. O aforo do cine *Tea* era dunhas 300 localidades e o seu propietario era Ramón Mota Carril. Anos máis tarde, en 1976, o cine pasa a mans de Alfonso Otero Groba.

REFERENCIA: AGC-25

SINATURA: 6084

DATA: 1968-1988

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Palacios de Porriño.*

DESCRICIÓN: Solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1968), listas e prezos, solicitude para a destrución da billeteira sobrannte (1970), expediente por incumprimentos de distribución de localidades infantís (1971), inspección en 1972, 1974 e 1977, baixa do cine no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1986), cambio de titular do cine á Empresa Gallega de Cine S. L. (1986), ficha-cuestionario cuberto e baixa definitiva do cine (1988).

OBSERVACIÓNS: O propietario era Enrique González Sequeiros e tiña un aforo dunhas 600 localidades.

REFERENCIA: AGC-26

SINATURA: 6084

DATA: 1959-1988

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Capitol de Porriño.*

DESCRICIÓN: Alteracións do orde público nas colas producidas para asistir a proxección de *Gigante*, cuestionario cuberto sobre o funcionamento do cine, solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1968), listados de prezos, solicitude de destrución do sobrannte nas entradas (1969), expediente de alteración da billeteira (1971), inspeccións en 1973, 1974 e 1977, expediente de infraccións da billeteira en 1974 e baixa do cine, no Rexistro de Empresas Cinematográficas, en 1988.

OBSERVACIÓNS: O propietario era José González Sequeiros. Segundo a información atopada, en 1969 existían no Porriño tres cines máis: o *Capitol*, o *Palacios* e o *Roxi*.

REFERENCIA: AGC-27

SINATURA: 6085

DATA: 1959

TÍTULO: *Expediente sobre el cine El Rosal del Rosal.*

DESCRICIÓN: Notificación de envíos de partes de filmes exhibidos (1959), altas e baixas temporais por vacacións, informes da comandancia sobre os períodos onde se interrompen as actividades, inspección en 1977, expediente sancionador por infraccións na billeteira (1978), informe de 1986 sobre o cine no que o alcalde notifica que deixou de funcionar en 1984 e baixa definitiva do cine en 1988.

OBSERVACIÓN: O cine tiña un aforo dunhas 500 butacas e o seu propietario era Jesús Pérez González.

REFERENCIA: AGC-28

SINATURA: 6085

DATA: 1971-1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine San Simón situado en Cesantes, Redondela.*

DESCRICIÓN: Altas e baixas por inicio e peche da temporada, ficha cumprimentada sobre o control de billeteira (1973 e 1974), listas de prezos, baixa temporal en 1975 e baixa definitiva do cine en 1986.

OBSERVACIÓN: O cine tiña un aforo dunhas 230 localidades e o propietario era Fermín Hortas Esteiro.

REFERENCIA: AGC-29

SINATURA: 6085

DATA: 1958-1987

TÍTULO: *Expediente del cine Caselas de Salceda de Caselas.*

DESCRICIÓN: Petición de partes de exhibición de filmes (1958), notificación de visado de filmes (1960), cuestionario cuberto sobre o funcionamento do cine, notificación de falta de documentación na solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1964), solicitude de destrución da billeteira sobrante (1969), baixas e altas por temporada, lista de prezos, solicitude de aumento de prezos, fichas de control de billeteira (1973 e 1974), información do Concello de Salceda de Caselas informando que en 1987 non existe ningún cine funcionando nesa localidade.

OBSERVACIÓN: O cine era do empresario Florencio Pérez y Pérez e tiña un aforo dunhas 229 localidades. Produciuse unha reforma en outubro de 1969.

REFERENCIA: AGC-30

SINATURA: 6085

DATA: 1952-1990

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Victoria de Silleda.*

DESCRICIÓN: Pagos de multas (1952), aviso para a autorización de programas (1954), petición de relación de títulos de filmes (1958), partes semanais para o control de billeteira (1968), expediente de sanción pola tardanza en remitir os partes dos filmes (1967), baixas e altas por

temporada, expediente por irregularidades na billeteira (1972), circular do Ministerio de Información e Turismo para a incorporación no Rexistro e Empresas Cinematográficas (1972), control de billeteira (1973), alta no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1976), petición de copias sobre a titularidade do cine (1986) e petición de copia de licencia fiscal actualizada (1990).

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine é Cesáreo Sánchez Alonso e era explotado por Luis Lázaro Orrea. Tamén se fala das sancións aos cines *Niza* e *Fraga* de Vigo. Tamén faise referencia a outro cine situado no concello de Silleda, o cine *Salgar*, emprazado en Bandeira en 1958 e tamén se fala da sala de *Minas de Fontao* de Vila de Cruces. O cine *Victoria* tiña un aforo dunhas 335 localidades.

REFERENCIA: AGC-31

SINATURA: 6085

DATA: 1954-1988

TÍTULO: *Expediente sobre el Ideal Cinema de Arcade, Soutomayor.*

DESCRICIÓN: Altas e baixas por temporada (1954), envío de partes de proxeccións (1958), cuestionario cumprimentado sobre o funcionamento do cine, solicitude para actuación teatral (1966), declaración da billeteira (1971), informe sobre aumento de prezos (1971), control da billeteira (1973 e 1974), expediente por incorreccións na proxección (1979), cambio de propiedade a Antonia Vidal Pereira, filla do anterior propietario (1980), parte de incidencias (1983), cambio de titularidade no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1983), solicitude para instalar un “videograma” (sic.) (1986), cuestionario cumplimentado sobre as características do local (1987) e baixa definitiva (1987).

OBSERVACIÓNS: Este cine pertencía a Benedicto Vidal Balea que o inaugura en 1946 e, en 1979, finou, pasando o cine a mans de Antonia Vidal Pereira e despois ás de Joaquín Álvarez Martínez. Outro cine sito en Arcade era o cine *Sotomayor* de Ramón Lourido, existente xa en 1959. O *Ideal Cinema* tiña un aforo dunhas 450 localidades.

REFERENCIA: AGC-32

SINATURA: 6085

DATA: 1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Terraza de Sanxenjo.*

DESCRICIÓN: Circular sobre a regulación dos impostos sobre a billeteira (1986), petición de información sobre o cine por parte do Ministerio de Información e Turismo e informe da Comandancia de Sanxenxo informando de que fai varios anos da inactividade do establecemento reseñado (1986).

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine era Jaime Martínez Alarcón.

REFERENCIA: AGC-33

SINATURA: 6085

DATA: 1954-1987

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Coliseo de Salvatierra de Miño.*

DESCRICIÓN: Notificación de partes de filmes proxectados en distintos anos, notificación sobre porqué non chegou o filme *Dos caminos* da distribuidora Cinematográficas Obelisco (1955), envíos de partes de censura (1956), cambio de envíos da distribuidora Bengala Films (1958), declaración sobre a exhibición obrigatoria de filmes españois (1966), solicitude de aumento de prezos (1971), última baixa por temporada (1978), baixas e altas por temporada e petición de información sobre a actividade do cine por parte do Ministerio (1987).

OBSERVACIÓNS: O propietario era Victoriano Alonso Parada a través da empresa Argentina Andrés García e o aforo do cine era dunhas 190 localidades.

REFERENCIA: AGC-34

SINATURA: 6085

DATA: 1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Bandeira en Silleda.*

DESCRICIÓN: Petición de información sobre o cine por parte do Ministerio de Cultura, notificación da comandancia e do concello comunicando que o devandito establecemento fai varios anos que deixou de funcionar.

OBSERVACIÓNS: Aparece unha firma da persoa que recibiu a notificación ministerial pero a sinatura é intelixíbel.

REFERENCIA: AGC-35

SINATURA: 6085

DATA: 1953-1954

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Soutomayor en Soutomayor.*

DESCRICIÓN: Instancia con certificado médica xustificando o cese de actividade do cine (1953), notificación de envíos de partes trimestrais de proxeccións, cuestionario cumprimentado sobre o funcionamento do cine, comunicación de traspaso do local (1967), envío do libro de inspección (1970), baixa do local (1970), solicitude de aumento de prezos nas entradas (1971) e última sesión do cine en 1974.

OBSERVACIÓNS: O primeiro propietario foi Manuel Martínez Martínez, despois Luis Lorenzo e, finalmente, Ramón Lourido e o cine tiña un aforo dunhas 180 localidades.

REFERENCIA: AGC-36

SINATURA: 6085

DATA: 1953-1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Goya de Tomiño.*

DESCRICIÓN: Oficio con sanción por incorrección nos anuncios en prensa (1953), prohibición de proxección ata que se faga efectivo o pago das multas (1954), petición de partes de proxección (1954), baixas e altas por temporada, lista de prezos, petición do Ministerio para que se inscriba no Rexistro de Empresas Cinematográficas, petición de subida dos prezos das entradas (1975), petición

de información sobre cines do concello (1974), solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1979), notificación do número de empresa por parte do Ministerio de Cultura (1980), expediente (1980), parte de incidencias (1983), ficha cumprimentada con datos sobre o local (1987) e baixa do cine en 1988.

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine era Américo Álvarez Silva e en 1979 pasou a mans da viúva Socialina Martínez Carnero. O cine *Avenida* levaba tres anos pechado en 1974.

REFERENCIA: AGC-37

SINATURA: 6085

DATA: 1971-1978

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Principal de Tuy.*

DESCRICIÓN: Expediente sobre infraccións na billeteira (1971), inspección en 1972 e 1974, expediente sobre infracción na distribución de localidades (1972), expediente por non inscribirse no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1974), lista de prezos, pagos de multas (1977) e notificación escrita a man polo propietario deixando constancia do peche definitivo do local (1978).

OBSERVACIÓNS: O propietario era Esteban Alonso García que en 1978 tamén tiña o cine *Yut* e o teatro-cine *Principal*.

REFERENCIA: AGC-38

SINATURA: S/S

DATA: 1996

TÍTULO: *Partes-declaración de exhibición de películas cinematográficas.*

DESCRICIÓN: Partes de control da billeteira. Son resgardos de fichas de enormes dimensións onde se recolle as programacións por semana dos distintos cines da provincia de Pontevedra existente no ano 1996. Nesta ficha aparecen os datos do cine, o día de exhibición, o número de pases, o título das longametraxes, a nacionalidade, a versión, o número de expediente, a distribuidora, o número de billetes vendidos, a recadación e a liquidación dos dereitos de autor.

OBSERVACIÓNS: Son resgardos de fichas cubertas polos cines, mandados ao Ministerio e despois á SGAE e esta mandou estes regardos, en grandes sobres, á Delegación do Goberno e este organismo, vendo saturado as súas dependencias pretende depositalo no seu parque móbil coa correspondente contraindicación para a súa conservación. A USC está interesado en levar todo este material a outro arquivo en calidade de depósito provisional.

REFERENCIA: AGC-39

SINATURA: 6086

DATA: 1990

TÍTULO: *Expedientes sobre el Cinemas Villagarcía S.A., Cinevisa.*

DESCRICIÓN: Documentación (datos técnicos, informe da actividades molestas, licencia fiscal de actividades comerciais e industria, fotocopia da constitución da sociedade,...) dos cines para o Ministerio de Cultura (1986), inscrición no Rexistro de Empresas cinematográficas (1986), circular

sobre a aplicación do IVE á billeteira (1986), petición de inspección (1986), declaración da SGAE refusing os partes de exhibición (1986), listas de prezos, ficha cuberta con datos do local e peche definitivo do cine *Arosa* en 1990.

OBSERVACIÓNS: A empresa Cinemas Villagarcía S.A. consta do cine *Arosa*, minicines *Uve*. O titular da empresa era Emilio Bóveda Pérez. Tamén se fala do cine *Fantasio* explotado por José Recuna Villaverde. Inauguración dos minicines o 26 de marzo de 1986.

REFERENCIA: AGC-40

SINATURA: 6086

DATA: 1954

TÍTULO: *Expediente del cine Arosa de Villagarcía.*

DESCRICIÓN: Notificación dos novos partes de proxeccións (1954), instancia para computación dos filmes españois proxectados, non exhibición de filmes por cuestións varias, cuestionario cumprimentado sobre o funcionamento do establecemento, solicitudes de elevación de prezos en distintos filmes de longa duración, de cualificación "especiais" (*Cleopatra*, *Los diez mandamientos*, *La caída del Imperio Romano*,...), solicitude para exhibir en Semana Santa filmes relixiosos (1967), solicitude de destrución de entradas sobrantes (1970), expediente da inspección (1971), inspección 1972, 1974, 1977 e 1978 cambios de programación en 1972, lista de prezos, solicitude de moratoria para a entrada do novo sistema de billeteira, cambio de propietario do cine *Fantasio* ao Cinemas Villagarcía (1986), incendio nas oficinas de Cinemas Villagarcía coa consecuente queima dos Libros de Rexistro de Localidades dos tres cines da empresa (1986), cuestionario cumprimentado sobre as características do local e baixa definitiva en 1990.

OBSERVACIÓNS: Denominación correcta cine *Fantasio-Arosa*. Hai información do cine *Cervantes* sobre a non proxección do NO-DO (1961), o aforo do cine *Arosa* é dunhas 928 localidades. Propietario e representante dos cines *Fantasio* e *Arosa* foi Abelardo Mauricio Fernández. Notificación de cambio de titular do cine *Bolívar* de Tui en 1988.

REFERENCIA: AGC-41

SINATURA: 6086

DATA: 1952

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Cervantes de Villagarcía.*

DESCRICIÓN: Petición de follas de censura (1952), instancia para autorización de dúas obras de teatro, instancia de permisividade na cuota de filmes nacionais xa que a súa programación alternan cine, teatro, concertos, bailes... (1953), contencioso sobre a exclusión da cualificación de salas de variedades, notificacións de partes de proxeccións, expediente por autorizar a entrada a menores en filmes non tolerados (1957), notificacións de non proxeccións do NO-DO, cuestionario cumprimentado sobre o funcionamento do cine, inspección 1972, 1973, 1974 e 1977, lista de prezos, ficha cumprimentada sobre as características do local, télex comunicando o incendio do *Cervantes* o 6 de novembro de 1977, notificación da empresa sobre a destrución do edificio e da

documentación do cine e baixa do cine.

OBSERVACIÓNS: Jesús Puente Taboada era o representante da empresa Isaac Fraga. Tamén se fala do cine *Ideal Cinema* de Baión e do Pósito de Pescadores de Vilaxoán en funcionamento en 1955. O teatro-cine *Cervantes* tiña un aforo de 1288 localidades.

REFERENCIA: AGC-42

SINATURA: 6086

DATA: 1958-1974

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Mary de Vila de Cruces.*

DESCRICIÓN: Notificación de inauguración do cine o 13 de setembro de 1958, petición de información para outorgar autorización, cuestionario cumprimentado sobre o funcionamento do cine, lista de prezos, remisións de programas exhibidos e partes semanais, solicitude de destrución de material sobranter de billeteira (1969) e petición de información sobre os días con función (1974).

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine era Dignatario Cerdeira Señoráns e tiña un aforo dunhas 168 localidades.

REFERENCIA: AGC-43

SINATURA: 6086

DATA: 1972

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Ambulante de Vilachán en Puentealdelas.*

DESCRICIÓN: Petición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1972) e informe sobre os antecedentes político-sociais do propietario (1972).

OBSERVACIÓNS: O propietario era Valentín Tombo Oubiña.

REFERENCIA: AGC-44

SINATURA: 6086

DATA: 1954-1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Coliseo de Villanueva.*

DESCRICIÓN: Infraccións en temas de menores (1954), informes sobre a clasificación moral de varios filmes proxectados, notificacións de envíos de partes e declaracións, inspección en 1966, expediente por infraccións na billeteira (1969), solicitude de destrución de entradas sobranter (1970), lista de prezos, inspección en 1970, notificación de cese de actividade o 18 de setembro de 1977 e baixa no rexistro do Ministerio de Cultura no ano 1986.

OBSERVACIÓNS: O propietario era Juan Pérez Lafuente.

REFERENCIA: AGC-45

SINATURA: 6086

DATA: 1954-1978

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Roxy en Villanueva.*

DESCRICIÓN: Petición de información sobre porcentaxes de filmes nacionais (1954), notificación para cubrir un formulario (circular nº 1460), notificación de envíos de partes trimestrais

de proxeccións, expediente por deficiencias na programación (1969), lista de prezos, cuestionario cumprimentado sobre o funcionamento do cine, declaración informativo sobre incendio no cine o 10 de xullo de 1978 debido a un cortocircuito e tendo como consecuencia que quedou totalmente destruído.

OBSERVACIÓNS: O propietario era Antonio Crespo Olero e en 1969 era Zoilo Figueiras Allo. O cine tiña un aforo de 400 localidades.

REFERENCIA: AGC-46

SINATURA: 6086

DATA: 1953-1983

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Arosa de Villanueva.*

DESCRICIÓN: Partes de censura e de clasificación moral (1953), petición de partes, notificacións de envíos de partes, notificación de obras no local (1958), petición de destrución da billeteira sobrannte (1969 e 1970), listas e prezos, reapertura do local unha vez reconstruído (1980) e notificación de cambio de propietario (1983).

OBSERVACIÓNS: Este cine estaba na Illa de Arousa que antes pertencía ao Concello de Vilanova. O propietario era Abel Moure Moure e despois, en 1958, pasou a mans de Zoilo Figueras Allo, en 1983 volveu a trocar de dono, pasando a ser propiedade de Alfredo Suárez Insua. O cine tiña un aforo de 449 localidades. Tamén se fala de cines que había en 1953: o *Coliseo* de Villanueva, o *Mosteiro* de Meis, o *Besada* do Grove e o *Fantasio* de Redondela.

REFERENCIA: AGC-47

SINATURA: 6086

DATA: 1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Minas de Vila de Cruces.*

DESCRICIÓN: Petición de información do Ministerio de Cultura ao Concello de Vila de Cruces sobre o funcionamento do cine, información do concellos contestando que fai moitos anos que leva sen funcionar e informe da comandancia sobre esta cuestión.

OBSERVACIÓNS: O cine era explotado por Maximino Rodríguez Moureza. Segundo o informe da comandancia fálase de que existiu un cine no lugar de Fontao, en Vila de Cruces.

REFERENCIA: AGC-48

SINATURA: 6086

DATA: 1986

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Ideal de Bayón, Villanueva.*

DESCRICIÓN: Petición ministerial de información sobre o cine *Ideal* de Baión e información subministrada pola comandancia (1986).

OBSERVACIÓNS: O cine era explotado por Enrique Barreiro Iglesias. Segundo o informe da comandancia o cine *Ideal* levaba máis de 10 anos sen funcionar dedicándose o local para almacén.

REFERENCIA: AGC-49

SINATURA: 6086

DATA: 1980-1989

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Capitol de la Isla de Arosa.*

DESCRICIÓN: Solicitud de inscripción no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1980), resolución afirmativa do Ministerio de Cultura, lista de prezos e notificación de obrigatoriedade por parte do propietario de renovar a licencia de explotación (1989).

OBSERVACIÓN: O cine era explotado por Juan Suárez Ínsua.

REFERENCIA: AGC-50

SINATURA: 6087

DATA: 1954-1980

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Roxy de Vigo.*

DESCRICIÓN: Notificación sobre a exhibición dos NO-DO, listas de títulos de filmes exhibidos (todos os meses desde 1959 a 1966) listas de prezos, peche transitorio do anfiteatro (1977), inspeccións (1973 e 1977), expediente por irregularidades da billeteira no 1971 e 1977, baixas e altas por temporada, peche definitivo por resultados económicos adversos o 30 de xuño de 1980.

OBSERVACIÓN: O cine era explotado por Dignatario Cerdeira Señoráns que ademais, en 1954, tiña os cines *Maravillas*, o *Gran Vía* e o *Avenida*.

REFERENCIA: AGC-51

SINATURA: 6087

DATA: 1962-1975

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Delicias de Vigo.*

DESCRICIÓN: Lista de títulos de filmes proxectados (1962-1964), notificación de cambio de propietario (1968), petición de destrución de billeteira (1969), inspección en 1974, baixa do cine en 1975 e ficha cuberta sobre as características do local e un informe de control da billeteira (1975).

OBSERVACIÓN: O cine *Delicias* estaba situado na freguesía de Cabral, o primeiro propietario foi José Ferrer Estevez e, despois, pasou a mans de Ignacio Bugarín Correa. Este cine tiña un aforo dunhas 250 localidades.

REFERENCIA: AGC-52

SINATURA: 6086

DATA: 1973-1975

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Radio de Vigo.*

DESCRICIÓN: Inspección en 1973 e baixa por temporada en 1975.

OBSERVACIÓN: O cine era explotado por Eugenio González de Haz.

REFERENCIA: AGC-53

SINATURA: 6087

DATA: 1964-1980

TÍTULO: *Expediente sobre los cines Avenida y Disol de Vigo.*

DESCRICIÓN: Listados de títulos de filmes exhibidos desde 1964 a 1966, autorización para cambio de sede onde ter a documentación dos cinco cines do empresario (1969), expedientes ao *Disol* por irregularidades na billeteira (1971), lista de prezos, inspección do *Disol* en 1973, 1976, 1977 e 1978 e implantación do novo sistema de control de billeteira (1980).

OBSERVACIÓNS: Os cines eran explotados por Dignatario Cerdeira Señoráns. A pesar de que o título do expediente fai referencia a dous cines o protagonismo case total deste expediente o leva o cine *Disol*.

REFERENCIA: AGC-54

SINATURA: 6086

DATA: 1982

TÍTULO: *Expediente doble sobre el cine Rosalía de Castro de Vigo.*

DESCRICIÓN: Relación de títulos de filmes (1964-1965), información sobre cesión do local ao Casino de Vigo para bailes (1965), notificacións de non proxección de NO-DO (1965), solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1965), solicitude destrucción da billeteira sobrante (1969), expediente de sanción por irregularidades na billeteira (1969), redución de butacas con plano coa distribución das mesmas, solicitude de cualificación de sala de "arte e ensaio" (1969), prohibición do filme *Se armó el belén* por non ser filme de "arte e ensaio" (1970, esta notificación fíxose con télex), volve a ter cualificación normal (1970), destrucción de billeteira (1970), inspección no 1972 e 1973, 1974, 1976 e 1977, denuncia dun espectador (1973), baixas e altas por temporada, expediente por irregularidades na billeteira (1973), información de anulación de sesión por falta de enerxía eléctrica (1975), información sobre novo sistema de control de billeteira (1980) e baixa definitiva do cine o 30 de setembro de 1982.

OBSERVACIÓNS: O cine era explotado por Eugenio González de Haz que tamén tiña, en 1965, o cine *Radio*, o *Vigo* e o *Coliseum*. En 1977 a relación de cines en Vigo eran: *Vigo*, *Radio*, *Plata*, *Rosalía de Castro*, *Fraga*, *García Barbón*, *Tamberlick* e *Odeón*.

REFERENCIA: AGC-55

SINATURA: 6088

DATA: 1967-1988

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Goya en Corujo, Vigo.*

DESCRICIÓN: Aviso de cese dun inspector de espectáculos (1967), sanción de 3.000 pts (1968), inspección en 1970, expediente por irregularidade na cuota de pantalla (1977), ficha cuberta sobre o control de billeteira, certificacións de pagos por alugamento de noticiarios NO-DO (1975 e 1976) e baixa ministerial do cine en 1988.

OBSERVACIÓNS: O cine era explotado por Josefa Álvarez Pereiro.

REFERENCIA: AGC-56

SINATURA: 6088

DATA: 1953-1980

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Palermo de Vigo.*

DESCRICIÓN: Notificación de partes de filmes proxectados (1953), notificación de proxección de NO-DO (1954), baixas e altas por temporada, partes mensuais cos títulos dos filmes proxectados (desde 1959 ata 1966), solicitude de destrución da billeteira sobranse (1969), expediente de infracción na billeteira (1971), inspección en 1972, 1976, 1977 e 1978, lista de prezos, solicitudes de aumentos de prezos e comunicación de peche de cine o 14 de xaneiro de 1980.

OBSERVACIÓNS: O cine era explotado por José Godoy Riveiro que tamén tiña nas súas mans, no ano 1968, o cine *Fantasio* de Redondela e o *Caramuxo* de Vigo.

REFERENCIA: AGC-57

SINATURA: 6088

DATA: 1958-1978

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Radio de Vigo.*

DESCRICIÓN: Partes mensuais de títulos de filmes proxectados (desde 1965 ata 1966), notificacións de proxección de NO-DO, notificación de títulos nacionais (1958), peche provisional por obras (1958), inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1964), solicitude para centralizar a documentación pertencente a varios cines do mesmo propietario (1969), baixas e altas por temporadas, control da billeteira cuberto en 1973 e 1974, inspección en 1973, 1976 e 1977 e comunicación de peche definitivo o 6 de maio de 1978.

OBSERVACIÓNS: Este cine era explotado por Eugenio González de Haz e tiña un aforo dunhas 747 localidades.

REFERENCIA: AGC-58

SINATURA: 6088

DATA: 1959-1976

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Mary de Vigo.*

DESCRICIÓN: Partes mensuais de filmes (desde 1959 ata 1966), solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1968), altas e baixas por temporadas, lista de prezos, informe de control da billeteira cuberto en 1973 e 1975 e baixa temporal por reforma en 1976.

OBSERVACIÓNS: Este cine era explotado por Eulogio Fernández Alonso e estaba na freguesía de Valladares, no lugar de Senra, e tiña un aforo dunhas 270 localidades.

REFERENCIA: AGC-59

SINATURA: 6088

DATA: 1959-1987

TÍTULO: *Expediente sobre el cine Maravillas de Vigo.*

DESCRICIÓN: Partes mensuais de proxeccións (desde 1959 ata 1966), petición de información sobre o estado do cine en 1966, incoación sobre a multa sancionada por non efectuar reformas no local (1966), baixas do cine en 1971 e baixa ministerial no ano 1988.

OBSERVACIÓNS: Este cine era explotado por Dignatario Cerdeira Señoráns e estaba na freguesía de Bouzas.

REFERENCIA: AGC-60

SINATURA: 0855

DATA: 1941-1971

TÍTULO: *Listados de establecimientos desde 1941 a 1971 (cine y discotecas).*

DESCRICIÓN: Este expediente contén un proxecto para realización dun teatro-cine *Victoria*, na rúa Benito Corbal do Concello de Pontevedra e que sería da propiedade de Agustín Mores Patiño. O proxecto, asinado polo arquitecto Juan Argenti y Navajas en 1941, contén memoria e planos. Outro proxecto para cinematógrafo en Vilanova de Arousa na estrada de acceso a vila e que ten como propietarios aos Irmáns López Lafuente. O proxecto foi asinado polo arquitecto Emilio Quiroga Losada en 1941: contén memoria e planos. Carpeta que contén certificados de seguridade e solidez do ano 1957, carpeta con certificados de ignifugación, carpeta de bailes e cinematógrafos en 1943 e listado de cinematógrafos. Tamén aparecen fichas de locais dedicados a espectáculos, un carné dun inspector de espectáculos datado en 1951. Por último, tamén existen resolucións xudiciais a propietarios de cine, concretamente a Dignatario Cerdeira Señoráns, propietario do cine *Maravillas*, unha relación de cines de Pontevedra cos seus respectivos aforos en 1948 por instancia de Dolores Figueroa Castro, viúva de Malvar.

OBSERVACIÓNS: Na carpeta de certificados de seguridade e solidez aparecen dos concellos de: A Estrada, Redondela, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Meis, O Porriño, Cangas, Ribadumia, Marín, Sanxenxo, Lalín, A Cañiza, Mondariz-Balneario, Cotovade, Silleda, O Grove, Barro, A Guarda, Cuntis, Tomiño, Gondomar, Pontevedra, Forcarei, Sotelo de Montes e Pontearreas. Os campos das fichas son os seguintes: concello, propietario, situación, denominación e data de autorización. As fichas dos locais de espectáculos teñen distintos modelos dependendo do ano nas que se enchen. Tamén existen outras fichas creadas a *ex-profeso* para os cine cos seguintes campos: empresa, provincia, poboación, local, clase de localidades, número de localidades, prezo do aforo e relación de días do ano en que si funcionan e os que non.

REFERENCIA: AGC-61

SINATURA: 1105

DATA: 1971

TÍTULO: *Expediente de establecimientos públicos (salas de fiestas, cines,...) en el año 1971.*

DESCRICIÓN: Solicitud de informes obre o cine *Novedades* da Estrada e solicitud de informes sobre cine *Radial* da Lama.

OBSERVACIÓNS: O cine *Novedades* da Estrada era explotado por Manuel Costa Costa, cine que deixou de funcionar en 1965. O cine *Radial* da Lama era explotado por Alfonso Moreira Pardo e que pechou no ano 1971.

REFERENCIA: AGC-62

SINATURA: 1105

DATA: 1974

TÍTULO: *Expedientes sobre establecimientos públicos en 1975. Notificación da circular nº 13 de 30/05/74.*

DESCRICIÓN: Resposta por partes dos distintos concellos que conforman a provincia de Pontevedra.

OBSERVACIÓNS: Estas contestacións serven para dar unha relación dos locais destinados a espectáculos que hai emprazados nos seus territorios.

REFERENCIA: AGC-63

SINATURA: 3701

DATA: 1982

TÍTULO: *"Seijo"-Cine.*

DESCRICIÓN: O titular José Carballo García pide un duplicado da autorización gubernativa do ano 1940 porque extraviou a orixinal. Este expediente contén todos os pasos legais, instancia, contestación, minutas, inspeccións e o proxecto de "Casa y cinematógrafo en el lugar de Seijo parroquia de Santo Tome de Piñeiro propiedad de Don José Carballo" con memoria e planos deseñados polo arquitecto Juan Argenti y Navajas en 1940.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está dentro dunha carpeta co título identificativo de "Locales de espectáculos. Traspasos. 1978-1982". Este cine ten un aforo dunhas 110 localidades. Ao día de hoxe este cine, que se atopa no Concello de Marín, aínda segue operativo.

REFERENCIA: AGC-64

SINATURA: 3701

DATA: 1956-1982

TÍTULO: *"Estribela". Cine. Calle: Cunchidos/Estribela. Titular: Luis Carballo González.*

DESCRICIÓN: Escritura e compra de José Carballo García del cine *Olmos* de Vicente Olmos Muíños en 1971, informes de inspección do cine *Estribela* en 1981 e compra, por parte de Luis Carballo, das distintas participacións que tiñan os seus irmáns (Serafín e Manuel) en 1982.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está dentro de una carpeta co título identificativo de "Locales de espectáculos. Traspasos. 1978-1982". Sabemos, pola documentación presentada na primeira obra, que o cine obtivo a licencia de apertura no ano 1956. Estas debeu ser unha reapertura porque sábese que este cine situado preto da cidade de Pontevedra existía desde a década dos anos 20.

REFERENCIA: AGC-65

SINATURA: 3701

DATA: 1957-1982

TÍTULO: *"Don Juan"-Cine. Calle: Cruceiro-Villalonga. Titular: Juan Antonio Torres Iglesias.*

DESCRICIÓN: Contén o expediente do cine *Torres* de Villalonga de Sanxenxo do propietario Manuel Souto Torres (1957), instancia pedindo unha copia de autorización (1971), información de actividade de locais de espectáculos por parte da comandancia (1976) na que sinala o

funcionamento do cine *Don Juan*, inspección realizada en 1974, inspección en 1982 engadindo informes varios (solidez, sanidade,...) e solicitude de arrendo do cine por parte de José Fernández Salgueiro pedindo reformar o local.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está dentro de una carpeta co título identificativo de "Locales de espectáculos. Traspasos. 1978-1982". Tiña un aforo dunhas 250 localidades. A licencia de apertura do cine foi feita por Gonzalo Cacabelos Oubiña.

REFERENCIA: AGC-66

SINATURA: 3701

DATA: 1943-1981

TÍTULO: *"Yut"-Cine. Ayuntamiento de Tuy. Calle: Generalísimo s/n. Titular: Esteban Alonso García. Autorización gubernativa.*

DESCRICIÓN: Contén o expediente nº 50, sobre a autorización de apertura o 9 de outubro de 1943 por parte de José Martínez Otero e Apolinar Pita Veiga. O 5 de outubro de 1950 cambiouse a titularidade quedando inscrito o nome da Empresa Martínez Hermanos S.R.C.. Contén o proxecto asinado polo arquitecto Antonio de Cominges incorporando a súa respectiva memoria e planos. Inscripción por parte de Esteban Alonso García como propietario do cine (1978) e informe de revisión de cines en 1981.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está dentro de una carpeta co título identificativo de "Locales de espectáculos. Traspasos. 1978-1982". Se fala tamén da existencia en 1978 do cine *Bolívar*, sito na rúa Calvo Sotelo, nº 9, e que era da propiedade de Maximino Rodríguez Pumar.

REFERENCIA: AGC-67

SINATURA: 3701

DATA: 1978

TÍTULO: *"Avenida"-Cine*

DESCRICIÓN: Escritura de compra e venda do cine *Avenida*, os antigos propietarios Antonio Soage Jalda e Alfonso Villar Martínez venden a propiedade a Victoriano Fernández Buceta e a Jorge Pérez Rodríguez.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está dentro de una carpeta co título identificativo de "Locales de espectáculos. Traspasos. 1978-1982". Este cine estaba situado no Concello de Bueu.

REFERENCIA: AGC-68

SINATURA: 5862

DATA: 1979-1983

TÍTULO: *Ministerio de Cultura, Dirección General de Cinematografía.*

DESCRICIÓN: Relación de cineclubs en 1978, prohibición de filmes clasificados "S" durante Semana Santa, relación de empresas cinematográficas 1978, queixas de persoas sobre a violencia e o erotismo de certos filmes (1978), gastos en cinematografía da Área de Cultura en 1978, telegramas sobre prezos, autorizacións de "salas especiais" (1978), plans de inspeccións (1978), expedientes por

cambio de programación (1978), subvencións a cineclubs, circulares sobre a celebración de cursiños cinematográficos para nenos (1979), información sobre os novos sistemas de control de billeteira (1979), listado de imprentas que realizan billeteira automática (1980), certificados de prezos por parte da Asociación Provincial de Empresarios de Cine de Pontevedra (1980), listado de cines en 1980, nova ficha de control da billeteira (1980), *dossier* informativo e carteis gráficos sobre o equipo de cine "Imaxe" (1980), avisos de celebración de distintos certames cinematográficos (1981), partes mensuais do cine *Gomiz* (1982), información de celebración dun espectáculo audiovisual por parte do grupo "Rompente" (1982), notificacións de moitos cines sobre o pago do imposto do 5% sobre a protección a menores en 1980, exencións de cumprimento de cuota de pantalla (1978), circulares ministeriais sobre a liberación dos prezos, de promoción da cinematografía escrito sobre filmes proxectados en cafeterías e pubs (1981) e listado de filmes dobrados (1983).

OBSERVACIÓNS: Facendo unha relación dos pagamentos do 5% poderíase facer un listado de todos os cines que había na provincia no ano 1980.

REFERENCIA: AGC-69

SINATURA: 5862

DATA: 1983

TÍTULO: *Ministerio de Cultura, Cinematografía, Competencia, 1983.*

DESCRICIÓN: Autorización da SGAE para a utilización dun vídeo nun pub, notificacións de implantación de prezos, notificacións de réximes de espectáculos (clasificación moral), informe da Asociación Provincial de Empresarios de Cine sobre os cines que funcionan en 1984, fotocopia do B.O.E. no que aparece o Real Decreto de protección á cinematografía española, no nº 10, do 12 de marzo de 1984, publicada na representación *Morir del todo* de Paco I. Taibo, bases do concurso de cine *amateur* de expo-ocio, fotocopias de fichas de filmes proxectada polo cineclub de pontevedra, relacións de filmes dobrados, anuncio no *Faro de Vigo* do 29/04/1983 sobre a celebración dun concurso de cine e distintas relacións de empresas inscritas no Rexistro de Empresas de Material Audiovisual.

REFERENCIA: AGC-70

SINATURA: 5862

DATA: 1957-1983

TÍTULO: *Ministerio de Cultura, Dirección General de Cinematografía. Correspondencia 1957-1983 y Semana Nuevo Cine Español 1967.*

DESCRICIÓN: Relación epistolar entre o Ministerio de Información e Turismo e a Delegación Provincial sobre os seguintes asuntos: creación de cineclub en Pontevedra (1954), proxección de materiais de embaixadas no cineclub de *Pontevedra*, regulamento do cineclub, aprobación de xuntas directivas do cineclub, inscrición no Rexistro Oficial de Cineclubs, petición de relación de cineclubs da provincia, notificación de pagamento do imposto do 5%, notificación de envío de informe de actividades, subvencións ministeriais a cineclubs, informe do cineclub *Pontevedra* en 1978 (acta,

regulamentos, relación de gastos e proxecto para presuposto para o próximo ano), información sobre a exposición "Libros de Cine" (fotografías, panfleto con memoria do anos 1981 e 1982 e balances) e petición de axuda económica. Tamén hai un expediente onde aparecen información sobre a *Semana del Nuevo Cine Español*, organizado en Pontevedra do 10-16 de maio de 1967, con programas cun completo *dossier* de prensa e un informe completo resumen das actividades.

REFERENCIA: AGC-71

SINATURA: 5863

DATA: 1978

TÍTULO: *Cineclub del Círculo Recreativo Cultural de Porriño.*

DESCRICIÓN: Solicitud para inscripción do cineclub no Rexistro Oficial do Ministerio de Cultura, acta de constitución, regulamentos, petición de subvención e concesión de axuda ministerial.

REFERENCIA: AGC-72

SINATURA: 5863

DATA: 1980

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cineclub "Juan Antonio Suances" en Fuentemolinos-Lourenzá.*

DESCRICIÓN: Certificación da asociación, copia dos estatutos, acta de constitución de xunta directiva e relación e número de socios dos mesmos. Notificación de rexistro no Ministerio de Cultura e código de identificación de Facenda.

OBSERVACIÓNS: O nome deste cineclub debíase a que a súa sede estaba emprazada no colexio nacional coa mesma denominación.

REFERENCIA: AGC-73

SINATURA: 5863

DATA: 1954-1962

TÍTULO: *Ministerio e Cultura. Cineclub Vigo.*

DESCRICIÓN: Estatutos do cineclub (1954), notificación de alta no Libro de Asociacións (1956), inscripción no Rexistro Oficial de Cineclubs (1961), notificación de actos no cine *Odeón* de Vigo (1962), programa da sesión 34, 119, 203, 309, 310 e 311. Ficha descriptiva da asociación (denominación, sección, local, actividades, domicilio e nº de socios). Resumen informativo sobre a pretensión de organizar un *Congreso Mundial de Cineclubs* a celebrar en Vigo en 1971 e denegación ministerial do mesmo.

OBSERVACIÓNS: Tamén existe información sobre outro cineclub da cidade olívica, trátase do *Cies*, dependente dos xesuítas.

REFERENCIA: AGC-74

SINATURA: 5863

DATA: 1982

TÍTULO: *Cineclub Setestrelas de Coya, Vigo.*

DESCRICIÓN: Instancia de autorización, xunta xestora, lista de socios, estatutos, autorización do concello e inscrición no Rexistro Oficial de Cineclubs que se atopa na Dirección Xeral de Cinematografía.

OBSERVACIÓNS: Pertencía a unha asociación xuvenil coa mesma denominación.

REFERENCIA: AGC-75

SINATURA: 5863

DATA: 1982

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cineclub del Liceo Marítimo de Villagarcía.*

DESCRICIÓN: Solicitud para inscrición no Rexistro Oficial de Cineclubs do Ministerio de Cultura, acta constituínte, rexistro como asociación, lista de socios e xunta directiva. Aprobación do rexistro ministerial.

OBSERVACIÓNS: Toda esta información aparece por duplicado: unha primeira datada en xuño de 1982 e outra datada no nadal dese mesmo ano.

REFERENCIA: AGC-76

SINATURA: 5863

DATA: 1976-1979

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club Adegas de Villagarcía.*

DESCRICIÓN: Xunta directiva, lista de socios, estatutos, memoria de actividades desenvolvidas en 1976-1977, solicitud de subvención, a obtención de axuda económica, programas sobre a grella de outono-nadal de 1977 e panfleto onde se recolle os filmes proxectados na campaña 1976/1977.

REFERENCIA: AGC-77

SINATURA: 5863

DATA: 1979

TÍTULO: *Cine club Burbida de Redondela.*

DESCRICIÓN: Instancia para o rexistro ministerial de cineclubs, xunta directiva, estatutos e certificado do Goberno Civil.

OBSERVACIÓNS: Cineclub nado baixo o amparo da asociación de veciños co mesmo nome.

REFERENCIA: AGC-78

SINATURA: 5863

DATA: 1980-1982

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cineclub de Santa Eulalia de Arealonga de Villagarcía de Arosa.*

DESCRICIÓN: Documentación necesaria para o seu rexistro ministerial: relación da xunta directiva, relación de socios e estatutos. Certificado de rexistro no Ministerio de Cultura.

OBSERVACIÓNS: Tiña carácter infantil.

REFERENCIA: AGC-79

SINATURA: 5863

DATA: 1982

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cineclub Casino Mercantil e Industrial.*

DESCRICIÓN: Documentación para efectuar a inscrición no rexistro ministerial: instancia, estatutos, xunta directiva, certificado da asociación e listas de socios. Certificación do rexistro ministerial.

REFERENCIA: AGC-80

SINATURA: 5863

DATA: 1980

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cineclub Marín Uno.*

DESCRICIÓN: Documentación para efectuar a inscrición no rexistro ministerial: instancia, estatutos, xunta directiva, aprobación do Goberno Civil e listas de socios. Certificación do rexistro ministerial.

REFERENCIA: AGC-81

SINATURA: 5863

DATA: 1961

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine-club Escuela Naval de Marín.*

DESCRICIÓN: Documentación para efectuar a inscrición no rexistro ministerial: instancia, xunta directiva e regulamento. Certificación do rexistro ministerial.

OBSERVACIÓNS: Cineclub emprazado dentro das instalacións militares que ten a Marina en Marín.

REFERENCIA: AGC-82

SINATURA: 5863

DATA: 1976

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club Juvenil de Tuy.*

DESCRICIÓN: Petición de subvención para cubrir a cuota dos socios, moi elevada para soste a actividade do cineclub. Para apoiar a solicitude presentouse unha copia do certificado no Rexistro Oficial de Cineclubs feita en 1974 e memoria de actividades. Denegación da axuda económica.

OBSERVACIÓNS: Este cineclub estaba dentro das instalación académicas que teñen os Irmáns Maristas nesa localidade aínda que as sesións se facían no cine *Yut*.

REFERENCIA: AGC-83

SINATURA: 5863

DATA: 1977

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club Xas de Salvatierra de Miño.*

DESCRICIÓN: Documentación para efectuar a inscrición no rexistro ministerial: instancia, copia da acta de aprobación, estatutos, xunta directiva, certificado da asociación e listas de socios. Certificación do rexistro ministerial.

OBSERVACIÓNS: Este cineclub estaba inscrito na Sociedade Cultural do Condado.

REFERENCIA: AGC-84

SINATURA: 5863

DATA: 1982

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club Colegio Renfe en Villagarcía de Arosa.*

DESCRICIÓN: Documentación para efectuar a inscrición no rexistro ministerial: instancia, estatutos, xunta directiva, estatuto escolar e da Asociación de Pais de Alumnos e listas de socios. Certificación do rexistro ministerial.

OBSERVACIÓNS: Este cineclub pertencía ao colexio-internado de Formación Profesional que Renfe tiña emprazado en Vilagarcía e que recibía a denominación de *Xesús Obreiro*.

REFERENCIA: AGC-85

SINATURA: 5863

DATA: 1977

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club de Cangas.*

DESCRICIÓN: Notificación de envío da documentación para inscribirse no ministerio. Certificación do rexistro ministerial.

OBSERVACIÓNS: Non aparece a documentación necesaria para facer o rexistro.

REFERENCIA: AGC-86

SINATURA: 5863

DATA: 1980

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club Luis Buñuel de Vigo.*

DESCRICIÓN: Documentación para efectuar a inscrición no rexistro ministerial: instancia, estatutos, xunta directiva, certificado do director do centro e listas de socios. Certificación do rexistro ministerial.

OBSERVACIÓNS: Este cineclub estaba emprazado dentro do Instituto Politécnico Nacional de Vigo.

REFERENCIA: AGC-87

SINATURA: 5863

DATA: 1982

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club Bogart de Vigo.*

DESCRICIÓN: Documentación para efectuar a inscrición no rexistro ministerial: instancia, estatutos, xunta directiva, certificado de asociación por parte do Concello de Vigo e listas de socios. Certificación do rexistro ministerial.

REFERENCIA: AGC-88

SINATURA: 5863

DATA: 1970-1980

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cineclub Tuy.*

DESCRICIÓN: Certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Cineclubs do ministerio, memoria de actividades de 1972, ficha descritiva do cineclub. Sumario con: fundación da asociación, xunta

directiva, xunta xeral, movemento de socios, balance económico e títulos de filmes e días de proxección (1980).

OBSERVACIÓNS: Este cineclub estaba dentro das instalación académicas que teñen os Irmáns Maristas nesa localidade aínda que as sesións se facían no cine *Yut*.

REFERENCIA: AGC-89

SINATURA: 5863

DATA: 1958, 1965 e 1977

TÍTULO: *Ministerio de Cultura. Cine club de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Notificacións de envíos de información respecto ao cineclub: instancias, memorias, programas, declaracións e composición da xunta directiva (1962 e 1963), exame da programación por parte da Xunta de Clasificación e Censura (1956), licencia para exhibir documentais das embaixadas, axudas económicas, notas de prensa e saúdos oficiais sobre a *Semana de estudio sobre el nuevo cine español*, instancias en trámites regulamentarios proporcionando documentación (1972 e 1975), actas de xuntas, autorizacións de programacións e contestación a circular nº 6/58 (1958) pedindo información sobre cineclubs.

REFERENCIA: AGC-90

SINATURA: 2637

DATA: 1946

TÍTULO: *Exp.: 71. Cine en La Cañiza (autorizado el 12 de noviembre de 1946). Traspasado a Luis Bacelar Lucimade para baile.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente con autorización governativa do cine *Radio* do propietario Eugenio González de Haz (24-11-1943) pechando ao público en maio de 1978, expediente con autorización governativa do cine *Ronsel* da Empresa Royal S. L., expediente con autorización governativa do cine *Rosalía de Castro* do propietario Eugenio González de Haz (30-06-1959), expediente con autorización governativa do cine *Roxi* do propietario Dignatario Cerdeira Señoráns (05-04-1962) e tivo a baixa o 08-06-1981.

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Radio* ten un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Francisco Castro Represas (1943), o expediente do cine *Ronsel* ten un proxecto con memoria e planos elaborados polo arquitecto Emilio Salgado Urtiaga (1947), o expediente do cine *Rosalía de Castro* ten un proxecto de reforma con memoria e planos do arquitecto Francisco Castro Represas (1958) e o expediente do cine *Roxi* ten un proxecto con memoria e planos do arquitecto Francisco Castro Represas (1956).

REFERENCIA: AGC-185

SINATURA: 7744

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Vigo (O-P).*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente con autorización governativa do cine *Odeón* da Empresa Frafa de Espectáculos (09-05-1968), expediente con autorización governativa do cine Palermo do propietario José Godoy Rivero, expediente con autorización governativa do cine da freguesía dos *Padres Carmelitas Descalzos* (25-06-1959), expediente con autorización governativa do cine da freguesía dos *Padres Franciscanos* (19-02-1959), expediente con autorización governativa do cine dos *Padres Xesuítas* (09-04-1957), expediente con autorización governativa do cine *Plata* da Gonviz S.A. (22-04-1968) e logo adquirido por Fraga espectáculos e cun aforo de 930 localidades.

OBSERVACIÓNS: No expediente do cine *Odeón* aparece un proxecto con memoria e planos realizados polo arquitecto Arturo Fraga Framil (1966), o expediente do cine *Palermo* ten un proxecto con memoria e planos asinados conxuntamente polo arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez (1946) e o expediente do cine *Plata* ten un proxecto con memoria e planos procedente, tamén, do estudio dos arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez (1964).

REFERENCIA: AGC-186

SINATURA: 7745

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Forcarei, Fornelos de Montes, Golada y Gondomar.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos nos concellos de Forcarei, Fornelos de Montes, Agolada e Gondomar, expediente con autorización governativa do cine *Colón* de Forcarei da propietaria María Dolores Pichel Campos, expediente con autorización governativa do cine-sala de baile *Chagüi* de Sotelo de Montes en Forcarei e da propiedade de Avelino Cachafeiro Bugallo (1953) e despois de Carolina Firvida Cachafeiro (1972), expediente con autorización governativa do cine *Capitol* de Gondomar do propietario Jaime Lago Maslloréns (25-03-1945), expediente con autorización governativa do cine *Gondomar* do propietario Alfonso Sestelo Amorín e Asier Gómez Rodríguez (31-10-1968) e expediente con autorización governativa do cine *Rialto* de Manuel Bravo Quintas (27-10-1971).

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Colón* de Forcarei posúe un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón (1948) e, tamén, o expediente do cine *Changüi* ten un proxecto, con memoria e planos, procedente das mans do mesmo arquitecto, Robustiano Fernández Cochón (1948).

REFERENCIA: AGC-187

SINATURA: 7746

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Sanxenxo, Silleda y Sotomayor.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos no concello de Sanxenxo, Silleda e Soutomaior, expediente do cine *Gondariño* de Sanxenxo da propiedade de Camilo Gonzalo Cacabelos Oubiña (09-03-1946) e ten un aforo dunhas 340 localidades, expediente con autorización gubernativa do cine *Rías Bajas* de Sanxenxo do propietario Camilo Gonzalo Cacabelos Oubiña (15 de xaneiro de 1968) e cun aforo dunhas 444 localidades, expediente con licencia gubernativa da sala de baile-cine de *La Terraza* de Jaime Martínez Alonso, expediente do cine *Bandeira* de Silleda do propietario José Pena Lázara e con baixa do 8-8-1978, expediente con autorización gubernativa do cine *Victoria* de Silleda do propietario Luis Lázara Orrea, expediente con licencia gubernativa do *Ideal Cinema* de Soutomaior do propietario Benedicto Vidal Balea (13-09-1944) e cun aforo dunhas 420 localidades e expediente con licencia gubernativa do cine *Sotomayor* do propietario Ramón Lourido Troiteiro (21-04-1950).

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Rías Bajas* posúe un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Rafael Melida Poch.

REFERENCIA: AGC-188

SINATURA: 7747

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Pontevedra (E-G).*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente con autorización gubernativa do cine *Gonviç* do propietario Eugenio González de Haz.

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Gonviç* ten un proxecto con memoria e planos deseñados polo estudio dos arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez (1965).

REFERENCIA: AGC-189

SINATURA: 7748

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Pontevedra (H-Z).*

DESCRICIÓN: (SÓ CINES) Expediente con autorización gubernativa do teatro-cine *Malvar* do propietario José Malvar Corbal (29-05-1948) e que explota Fraga Espectáculos, expediente do teatro-cine *Principal* pertencente á Empresa Faga Espectáculos e tivo unha baixa por incendios o 15 de abril de 1980 e expediente con autorización gubernativa do cine *Victoria* do propietario Agustín Nores Patiño e que explota a Empresa Fraga Espectáculos (14-12-1943).

OBSERVACIÓNS: O expediente do teatro-cine *Malvar* engloba un proxecto con memoria e planos procedente do traballo conxunto dos arquitectos Robustiano Fernández Cochón e José Barreiro Vázquez (1943), o expediente do cine *Victoria* ten un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Juan Argenti y Navajas (1943).

REFERENCIA: AGC-190

SINATURA: 7749

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Poio.*

DESCRICIÓN: (SÓ CINES) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-197, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos no concello de Poio, expediente con autorización governativa do cine da freguesía de Combarro propiedade da *Junta de Acción Católica* e que tiña un aforo de 200 localidades.

REFERENCIA: AGC-191

SINATURA: 7750

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Caldas de Reyes, Cambados y Campo Lameiro.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos no concello de Caldas de Reis, Cambados e Campo Lameiro, expediente con autorización governativa do cine *Avenida* de Caldas de Reis do propietario José Valiño Agra (10-08-1942) e causou baixa 05-06-1977, expediente con autorización governativa do cine *Avenida* de Cambados do propietaria María de Jesús Otero Sarmiento e tiña un aforo de 920 localidades, expediente con autorización governativa do cine *Cervantes* da Empresa Fraga Espectáculos e baixa, por incendio, o 6-11-1977, expediente con autorización governativa do cine *Ismaela* de Campo Lameiro da propietaria Ismaela López López (28-08-1944) e que causou baixa en 1965.

OBSERVACIÓNS: Resulta obvio que o material que se corresponde ao cine *Cervantes* está cambiada de lugar, xa que o cine *Cervantes* a cal fai referencia este expediente é o de Vilagarcía de Arousa destruído por un incendio e non ao de Cambados.

REFERENCIA: AGC-192

SINATURA: 7751

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Puenteceures.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos no concello de Puenteceures, expediente do cine *Colón* do propietario José Eloy Chenlo López e que causou baixa en 1977.

REFERENCIA: AGC-193

SINATURA: 7752

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de La Cañiza, Catoira, Cerdedo, Cotobad, Covelo, Creciente, Cruces y Cuntis.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos nos concellos da

Cañiza, Catoira, Cercedo, Covelo, Crecente, Vila de Cruces e Cuntis, expediente con autorización gubernativa do cine *Reveca* da Cañiza propiedade da Sociedad Residencia Veraniega Cañicense S.A. (9-05-1957) e tiña un aforo dunhas 195 localidades e causou baixa o 25-01-1982, expediente con autorización gubernativa do cine *Veleije* da Cañiza do propietario Delmiro Giráldez Paz (06-02-1956), expediente con autorización gubernamental sobre o cine *Raño* de Catoira do propietario José María Raño García (20 de marzo de 1957) e tivo a baixa o 20 de maio de 1975, expediente con autorización gubernamental do cine *Carballedo* de Cotobade do propietario Antonio Lombos Vidal (29-04-1945), expediente con autorización gubernativa do cine *Fomento Hispania S.A.* e causou baixa o 26-06-1976, expediente con autorización gubernativa do cine *Mary* de Vila de Cruces da propiedade de Ernesto Pampín Navazas e coa baixa no 17-07-1981, expediente con autorización gubernamental do cine *Los Oteros* de Vila de Cruces na freguesía de Merza e da propiedade de José Otero Otero e expediente con autorización gubernamental do cine *Victoria* de Cuntis da propiedade de Roberto Ameijeiras Blanco.

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Reveca* contén un proxecto con memoria e planos procedentes da colaboración entre os arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez (1956), o expediente do cine *Veleije* ten un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón, o expediente do cine *Raño* engloba un proxecto con memoria e planos deseñados polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón (1951), o expediente do cine *Carballedo* ten un proxecto con memoria e planos feitos baixo a supervisión do arquitecto Enrique Álvarez-Sala y Moris (1945) e o expediente do cine *Mary* incorpora un proxecto con memoria e planos feitos polo arquitecto Emilio Quiroga Losada (1944).

REFERENCIA: AGC-194

SINATURA: 7753

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Vigo ((D-F).*

DESCRICIÓN: Expediente con autorización gubernativa do cine *Delicias* da propiedade de Ignacio Bugarín Correa, expediente do cine *Disol* do propietario Dignatario Cerdeira Señoráns e con baixa o 08-06-1981, expediente con autorización gubernativa do teatro-cine *Fraga* do propietario Isaac Fraga Penedo (12-06-1948) e que tiña un aforo de 1750 localidades.

OBSERVACIÓNS: O expediente do teatro-cine *Fraga* ten un proxecto con memoria e planos realizados polo arquitecto madrileño Luis Gutiérrez Soto.

REFERENCIA: AGC-195

SINATURA: 7754

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de La Lama y Marín.*

DESCRICIÓN: (SÓ CINES) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos nos concellos da Lama e Marín, expediente con

autorización governamental do cine *Radial* da Lama do propietario Almaro Demetrio Moreira Pardo e que causou baixa en 1971, expediente con autorización governamental do cine *Avenida* de Marín da propiedade de Carmen Martínez Méndez e que tiña un aforo dunhas 470 localidades, expediente con autorización governamental do cine *Quiroga* de Marín do propietario Carmen Martínez Méndez e que tiña un aforo dunhas 230 localidades.

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Avenida* de Marín incorpora un proxecto con memoria e planos concebidos polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón (1945), o expediente do cine *Quiroga* ten un proxecto de construción con memoria e planos asinado polo arquitecto Manuel González Sande (1974) e un proxecto de reconstrución con memoria e planos realizado polo arquitecto Ricardo Aguilar Argenti (1977).

REFERENCIA: AGC-196

SINATURA: 7755

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Vigo (A-C).*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos no Concello de Vigo, expediente con autorización governativa do cine *Avenida* de Dignatario Cerdeira Señoráns (04-06-1943), expediente con autorización governativa do cine *Caramuxo* do propietario José Godoy Rivero, expediente con autorización governativa de cine “móbil” (sic.) de *Cinesa* (Compañía de Iniciativas y Espectáculos S.A.) (14-12-1972).

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Avenida* ten un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Emilio Bugallo Orozco (1946).

REFERENCIA: AGC-197

SINATURA: 7724

DATA: 1988-1990

TÍTULO: *Multicines ABC de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Solicitud e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas, dobre copia da escritura do propiedade, fotocopia da licencia fiscal e fichas completadas cos datos do local.

REFERENCIA: AGC-198

SINATURA: 7724

DATA: 1982-1986

TÍTULO: *Fylcines de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Solicitud e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas, expediente de sancións por irregularidades na billeteira (1984), fichas cubertas con datos sobre o local, fotocopia de partes de exhibición e solicitud de libro de rexistro de localidades.

OBSERVACIÓNS: Os cines eran da propiedade de Cines de Galicia, S.A. e o xerente, en 1987, era Carlos Barbagelata e tiña un aforo dunhas 161 localidades.

REFERENCIA: AGC-199

SINATURA: 7724

DATA: 1960-1992

TÍTULO: *Cine Victoria de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Certificación de non proxeccións de NO-DO, actas de inspección, solicitudes e autorización para a subida de prezos, solicitude e autorización para a destrución da billeteira sobrannte, fichas cumprimentadas con datos do local, expedientes con sancións por irregularidades na billeteira (1971, 1973 e 1979), acta de inspección (1972, 1974 e 1977), listas de prezos e partes mensuais de programación.

REFERENCIA: AGC-200

SINATURA: 7724

DATA: 1960-1978

TÍTULO: *Cine Malvar de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Ficha cumprimentada cos datos do local, certificación de non proxección de NO-DO, expedientes por irregularidades na billeteira (1972, 1973, 1974 e 1978), fichas cumprimentadas con datos sobre o local e sobre o funcionamento do cine, partes mensuais de programación, lista de prezos e pedimentos da licencia fiscal.

OBSERVACIÓNS: Tiña un aforo de 1124 localidades e a empresa que explotaba o cine era a empresa de Fraga Espectáculos.

REFERENCIA: AGC-201

SINATURA: 7724

DATA: 1990

TÍTULO: *Cine Gorniz de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Fichas cumprimentadas cos datos do local, lista de prezos, expediente con irregularidades na billeteira (1971), inspeccións (1971, 1974, 1976, 1977 e 1978), petición de novo billeteira (1982) e partes mensuais de programación.

REFERENCIA: AGC-202

SINATURA: 7725

DATA: 1955-1989

TÍTULO: *Cine Roxy del Porriño.*

DESCRICIÓN: Certificación de envíos de partes de exhibición, fichas cumprimentadas sobre os datos do local e sobre o funcionamento do cine, controis de billeteira, inspección (1972 e 1977), expedientes por irregularidades na billeteira (1973), listas de prezos e envíos de licencias fiscais actualizadas.

OBSERVACIÓNS: O propietario era Jaime Lago Maslloréns e tiña un aforo dunhas 432 localidades.

REFERENCIA: AGC-203

SINATURA: 7725

DATA: 1971

TÍTULO: *Cine Mariño de Puentareas.*

DESCRICIÓN: Expediente por irregularidades na billeteira (1971, 1972, 1977 e 1978), inspección en 1972 e 1977, solicitude e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas, cambio de titularidade en 1987, listas de prezos e baixa do cine (1991).

OBSERVACIÓNS: Tiña un aforo dunhas 600 localidades e pertencía a Emilio Rodríguez Barros e, despois, pasou a Manuel Rodríguez Barros.

REFERENCIA: AGC-204

SINATURA: 7725

DATA: 1953

TÍTULO: *Cine Fantasio de Redondela.*

DESCRICIÓN: Acta de inspección en 1953, listado anual de filmes exhibidos no cine, fichas cumprimentadas sobre o funcionamento do cine e datos sobre o local, expediente por irregularidades na billeteira nos anos 1971, 1973, 1974, 1976 e 1978, inspección nos anos 1973, 1974, 1976 e 1977 e listas de prezos.

OBSERVACIÓNS: Pertencía a José Godoy Rivero e tiña un aforo de 572 localidades.

REFERENCIA: AGC-205

SINATURA: 7725

DATA: 1955-1984

TÍTULO: *Cine Coca de Redondela.*

DESCRICIÓN: Infracción en 1955, declaración no xulgado (1956), listas de prezos, expediente por irregularidades na billeteira (1971 e 1972) inspección en 1973, 1974 e 1976 e baixa do cine o 13 de maio de 1984.

REFERENCIA: AGC-206

SINATURA: 7725

DATA: 1957

TÍTULO: *Cine Barrantes de Ribadumia*

DESCRICIÓN: Expediente con sanción (1957), irregularidades en la programación, solicitude e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas, solicitude de subvención (1977) e fichas con datos sobre o funcionamento do cine e as características do local.

OBSERVACIÓNS: O cine pertencía Ramiro Pintos Piñeiro e, despois, a Empresa Espectáculos Barrantes, cambiando de denominación en 1987, pasando a chamarse *Spacio Azul*.

REFERENCIA: AGC-207

SINATURA: 7725

DATA: 1953-1993

TÍTULO: *Cine Yut de Tuy.*

DESCRICIÓN: Certificado de entregas de circulares, expediente con irregularidades na programación, expedientes por irregularidades na billeteira (1971, 1974, 1979, 1981 e 1991), inspeccións (1977, 1974 e 1978), listas de prezos, solicitude de destrución da billeteira sobrante (1974), solicitude e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1980).

OBSERVACIÓNS: Pertencía a empresa Espectáculos Alonso e tiña un aforo dunhas 488 localidades.

REFERENCIA: AGC-208

SINATURA: 7725

DATA: 1965-1988

TÍTULO: *Cine Bolívar de Tuy*

DESCRICIÓN: Alta do cine o 7 de nadal de 1965, ficha cumprimentada sobre o funcionamento do cine e as características do local, expediente por irregularidades na billeteira en 1967, 1971 e 1972, inspección en 1972, 1973 e 1978, solicitude e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1988), lista de prezos e baixa definitiva en 1989.

OBSERVACIÓNS: Pertencía aos Irmáns Rodríguez e tiña un aforo dunhas 715 localidades.

REFERENCIA: AGC-209

SINATURA: 7725

DATA: 1988

TÍTULO: *Cine Palacios do Poriño.*

DESCRICIÓN: Baixa ministerial en 1988.

OBSERVACIÓNS: Era propiedade de Gallega del Cine S.L.

REFERENCIA: AGC-210

SINATURA: 7726

DATA: 1969-1990

TÍTULO: *Cine Campos de Lalín.*

DESCRICIÓN: Expedientes por irregularidades en billeteira (1969, 1970 e 1978), inspección 1977, lista de prezos, solicitude e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1979) e envíos de fotocopia da actualización da licencia fiscal.

OBSERVACIÓNS: Pertence a Empresa Irmáns Campos e o cine tiña un aforo dunhas 575 localidades.

REFERENCIA: AGC-211

SINATURA: 7726

DATA: 1952-1990

TÍTULO: *Cine Gondariño de Pontonovo en Sanxenjo.*

DESCRICIÓN: Sanción por presenza de menores en film non autorizado (1952) envío de relación de filmes nacionais proxectados, fichas cumprimentadas sobre o funcionamento do cine e sobre os datos do local, petición de destrución da billeteira, lista de prezos, inspección en 1977, solicitude e

inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas en 1979.

OBSERVACIÓNS: Pertencía a Empresa Cacabelos e tiña un aforo dunhas 400 localidades.

REFERENCIA: AGC-212

SINATURA: 7726

DATA: 1969-1988

TÍTULO: *Cine Rías Baixas de Sanxenjo.*

DESCRICIÓN: Solicitud e autorización de destrucción de billeteira sobrante (1969), expediente por irregularidades de billeteira (1969, 1972, 1973, 1976, 1978 e 1981), inspección (1973, 1976 e 1977), fichas cumprimentadas sobre o funcionamento do cine e sobre os datos do local, solicitud e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas (1979), envío de licencias fiscais e cambio de propietario do cine (1988).

OBSERVACIÓNS: En 1979 pertencía María del Carmen Cacabelos Salgueiro e en 1988 a Javier Cacabelos Salgueiro e tiña un aforo dunhas 300 localidades.

REFERENCIA: AGC-213

SINATURA: 7726

DATA: 1958

TÍTULO: *Cine Avenida de Vigo.*

DESCRICIÓN: Acta de inspección (1958), partes mensuais de programación (1959-1966), petición de destrucción da billeteira sobrante, expediente por irregularidades de billeteira (1969 e 1970), inspeccións (1971, 1973, 1977 e 1978), listados de prezos e baixa do cine en 1986.

OBSERVACIÓNS: Pertencía ao empresario Dignatario Cerdeira Señoráns.

REFERENCIA: AGC-214

SINATURA: 7726

DATA: 1985-1990

TÍTULO: *Multicines Norte de Vigo.*

DESCRICIÓN: Solicitud e inscrición no Rexistro de Empresas Cinematográficas, circulares sobre a sala X, circulares sobre a implantación do novo sistema de billeteira e fichas cumprimentadas sobre as características do local.

OBSERVACIÓNS: Pertencen a empresa Séptimo Arte S. L., comezando a súa andaina en 1985.

REFERENCIA: AGC-215

SINATURA: 7756

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos en Cangas del Morrazo.*

DESCRICIÓN: (SÓ CINES) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos no Concello de Cangas do Morrazo, expediente con autorización governativa do cine *Aldán* do propietario Manuel Paz Castro (20-08-1948) e que casou baixa no ano 1971, expediente con autorización governativa do cine *Avenida* do propietario

Antonio Soaje Jalda (17-10-1956), expediente con autorización gubernativa do cine *Calvar* do propietario Eduardo Pérez Calvar (11-11-1953), expediente con autorización gubernativa do cine *Galaxias* do propietario Jesús Pérez Rodríguez (06-08-1979) e que posuía un aforo dunhas 450 localidades.

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Aldán* ten un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Antonio de Cominges (1948), o expediente do cine *Avenida* incorpora un proxecto con memoria e planos realizados polo arquitecto Enrique Álvarez-Sala y Moris (1955), o expediente do cine *Calvar* ten un proxecto con memoria e planos deseñados polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón (1953) e o expediente do cine *Galaxias* engloba un proxecto con memoria e planos realizados polo arquitecto Arturo Fraga Framil (1979).

REFERENCIA: AGC-216

SINATURA: 7757

DATA: 1949-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Tomiño y de Tui.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos nos concellos de Tomiño e de Tui, expediente con autorización gubernativa do cine *Avenida* do propietario Víctor Rolán López e que tivo a baixa desde 1972, expediente con autorización gubernativa do cine *Goya* do propietario José Gómez Rodríguez y Mariano González Bartolomé (12-11-1946), expediente con autorización gubernativa do cine *Bolívar* do propietario Maximino Rodríguez Pumar (06-12-1965), expediente con autorización gubernativa do cine-teatro *Principal* do propietario Esteban Alonso García.

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Goya* ten proxecto de obras de reformas con memoria e planos asinados polo arquitecto Fernando Araujo Rodríguez (1971).

REFERENCIA: AGC-217

SINATURA: 7758

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Valga y Vilaboa.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos nos concellos de Valga e Vilaboa.

OBSERVACIÓNS: Non se atopou ningunha información respecto aos cines que existiron nestes concellos.

REFERENCIA: AGC-218

SINATURA: 7759

DATA: 1940-1990

TÍTULO: *Locales de espectáculos de Villagarcía de Arosa.*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATÓGRAFOS) Expediente de contestación á circular nº 7, 10-03-1971, na que se fai unha relación dos locais e espectáculos sitos no concello de Vilagarcía de Arousa, expediente con autorización gubernativa do cine *Arosa* do propietario Emilio Bóveda Pérez, expediente con autorización gubernativa do cine *Cervantes* do propietario Empresa Fraga Espectáculos e que ten un aforo dunhas 916 localidades e foi totalmente destruído nun incendio (06-11-1977) e o expediente con autorización gubernativa do cine *Fantasio* do propietario José Recuna Villaverde.

REFERENCIA: AGC-219

SINATURA: 7760

DATA: 1982

TÍTULO: *Minicines Miramar de Bayona.*

DESCRICIÓN: Permisos, escritura, dictames e copias, por triplicado, dun proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Alonso Vázquez Abal para a sociedade Scinsa S.A..

REFERENCIA: AGC-220

SINATURA: 7761

DATA: 1985

TÍTULO: *Proyecto de rehabilitación y reconstrucción del Teatro Principal de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Un proxecto dos arquitectos Raul Freire Pérez, Nicolás López Ciprian e José Ramón Miyard Caridad. Ven organizado en dúas carpetas, unha cos documentos (a memoria e o presuposto) e outra cos planos.

REFERENCIA: AGC-221

SINATURA: 7762

DATA: 1940-1970

TÍTULO: *Cines en trámite.*

DESCRICIÓN: Carpeta onde aparecen expedientes sobre el cine *Nuevo* das Neves, sobre a realización de obras para instalar unha cantina-bar no cine *Goya* en Goyán Tomiño, expediente de autorización gubernativa do cine *Capitol* de Gondomar (25 de marzo 1944), expediente con autorización gubernativa do cine *Rialto* (03-03-1959), expediente para construción dunha sala cinematográfica pola empresa Misa e Costas S.L. (1968) na Avenida das Camelias en Vigo, expediente de reforma e ampliación do cine *Roxy* do Porriño, expediente para proxecto de cine e vivenda en Tui para os Irmáns Alonso, expediente para construción dun edificio que afecta ao cine Victoria de Pontevedra, expediente para a realización de obras de ampliación e reforma do cine *Aldán*, expediente sobre o cine a emprazar na Senra-Valladares-Vigo, expediente sobre o cine *Tea* de Pontearreas e expediente de construción do cine *Gondomar*.

OBSERVACIÓNS: O expediente do cine *Capitol* incorpora un proxecto con memoria e planos deseñados polo arquitecto Fernando Molíns Soto (1944), o expediente do cine *Rialto* ten un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Antonio Román Conde (1957), o

expediente das obras de construción dunha sala en Vigo ten un proxecto con memoria e planos procedentes do estudio do arquitecto Desiderio Pernas Martínez (1967), o expediente de reforma do cine *Roxy* engloba un proxecto con memoria e planos realizados polo arquitecto A. Pérez Bellas (1966), o expediente de cine e vivendas en Tui ten un proxecto con memoria e planos feitos polo arquitecto Fernando Araujo Fernández (1963), o proxecto do edificio de vivendas no cine *Victoria* ten un proxecto con memoria e planos froito da colaboración entre os arquitectos Juan Argenti y Navajas e Alfonso Barreiro Buján (1967), o expediente sobre o cine a facer en Valladares ten un proxecto con memoria e planos deseñados polo arquitecto Antonio Román Conde (1957), o expediente do cine *Tea* contén un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Antonio Román Conde (1956) e o expediente do cine *Gondomar* ten un proxecto con memoria e planos feitos polo arquitecto José Bar Boo (1967).

REFERENCIA: AGC-222

SINATURA: 7763

DATA: 1940-1970

TÍTULO: *Ponencia de espectáculos (documentos para archivo).*

DESCRICIÓN: (SÓ ASUNTOS CINEMATOGRAFICOS) Información variada sobre os cines *La Terraza* de Sanxenxo, o *González* de Moraña, o *Nigrán*, o *Lalín*, *Minas de Fontao* de Vila de Cruces, teatro *Principal* de Tui, salón *Miramar* de Sabaris en Baiona, cine *Torres* de Sanxenxo, *Fantasio* de Vilagarcía, *Ronsel* de Vigo, *Avenida* de Caldas de Reis, *García Barbón* de Vigo, *Imperial* de Nigrán, *El Rosal*, *Caramuxo* de Vigo, *Cervantes* e *Principal* de Pontevedra, o *Carballal* de Cotovade, *Yut*, certificados do arquitecto de Pontevedra, Emilio Quiroga Losada, certificando a calidade dos proxectos de cines presentados, listados de cines construídos na década dos corenta, proxecto para a construción dun cine en Moraña no lugar de Santa Lucía pola familia González Campos, proxecto de adaptación de edificio en Salvaterra do Miño por parte de Victoriano Alonso, proxecto para ampliación dunha zona de anfiteatro no cine *Lalín* de Manuel Balado, proxecto para adaptación de local para cine en Catoira propiedade de José María Raño, proxecto para adaptación dun local para cine en Veleije-A Cañiza de Delmiro Giráldez Paz, proxecto para adaptación de local en Redondela propiedade de Fermín Hortas, proxecto para cines en Valladares-Vigo de Eduardo Romero Escudero e Guillermo Puime Queimadelos, proxecto para cine *Rosmary* na rúa Dr. Corbal de Vigo para Alfonso Caride González.

OBSERVACIÓNS: O arquitecto do proxecto do cine *González* de Moraña foi Enrique Álvarez-Sala y Moris (1957), o proxecto de ampliación de anfiteatro do cine *Lalín* que contén memoria e planos foi realizado polo arquitecto Juan Argenti y Navajas (1948), o proxecto de adaptación do cine *Raño* en Catoira ten memoria e planos asinados polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón (1951), da mesma autoria é o proxecto con memoria e planos de adaptación de local en Valeixe (1954), o proxecto de adaptación de local en Redondela foi firmado polo arquitecto Enrique Álvarez-Sala y Moris (1951), o proxecto de cines a construír en Valladares con memoria e planos foi

feito polo arquitecto Luis Gutiérrez Soto (1946), o proxecto para cine *Rosmary*, con memoria e planos, foi feito polo arquitecto Emilio Salgado Urtiaga.

REFERENCIA: AGC-223

SINATURA: 7764

DATA: 1986

TÍTULO: *Minicines Uve de Villagarcía.*

DESCRICIÓN: Proxecto básico con memoria, planos e presuposto para dous multicines para a empresa Cinemas Villagarcía S.A. asinado polo arquitecto Enrique Porto Rey. Comunicados de revisión do proxecto por parte do Goberno Civil.

OBSERVACIÓNS: O proxecto ten data de 1983 pero a licencia de apertura estivo condicionadas por unha serie de deficiencias no proxecto que foron atopadas polo Goberno Civil.

REFERENCIA: AGC-224

SINATURA: 7764

DATA: 1986

TÍTULO: *Minicines Fylcine de Pontevedra.*

DESCRICIÓN: Solicitud de licencia de obras para realizar acondicionamento e división interior do cine *Fylcine*. Existe un primeiro proxecto, datado en 1983, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Iago Seara Morales. Hai un segundo proxecto de acondicionamento e transformación da sala actual do cine en dous minicines asinado polo arquitecto Luis Agüete Landín con data de 1986.

OBSERVACIÓNS: Veñen sinalados varios propietarios mais quen pide a licencia de obras é Carlos Barbagelata López e os donos que veñen reseñados nos planos son Luis de Burgos Pousa e Francisco Fernández Fernández.

REFERENCIA: AGC-225

SINATURA: 7765

DATA: 1978

TÍTULO: *Cine Arosa en la Isla de Arosa de Villanueva de Arosa.*

DESCRICIÓN: Este expediente é a autorización gubernativa do cine e contén un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto M. Jaureguizar. O propietario do cine era Zoilo Figueiras.

REFERENCIA: AGC-226

SINATURA: 7765

DATA: 1977

TÍTULO: *Cine Quiroga de Marín.*

DESCRICIÓN: O expediente contén dúas copias dun proxecto con memoria e planos da reconstrución do cine *Quiroga* asinados polo arquitecto Ricardo Aguilar Argenti. O cine era propiedade de Carmen Martínez Méndez.

OBSERVACIÓNS: As dúas copias presentan unha anotación na carpetiña onde se indica que o

proxecto foi presentado no concello mais non chegou a ser autorizado.

II. Comentario:

Do que máis adoece a relación de documentación que acabamos de presentar é dunha orde no que estruturar a distinta información que foi aparecendo. Este déficit veo dado pola orde que se produciu na investigación xa que, na maioría dos casos, é documentación que non estaba inventariada e que se aproveitou a inspección do inabarcábel fondo deste arquivo para darlles unha sinatura coa que identificalos. Esta carencia pretendemos remediala neste apartado onde procederemos a comentar a distinta natureza na que podemos agrupar estas fontes documentais.

Antes de comezar este proceso convén sinalar que a maioría desta información foi xerada polo propio Goberno Civil. Entre os máis significativos está o abondoso número de expedientes abertos onde se singularizan unha ampla maioría dos cines da provincia. A relación correcta desta documentación é a seguinte: de AGC-1 a AGC-68, de AGC-90 a AGC-133, de AGC-141 a AGC-160, de AGC-197 a AGC-214, de AGC-219 a AGC-220 e de AGC-223 a AGC-226. Estes expedientes eríxense como unha perfecta radiografía da vida administrativa destes cines. Nesta investigación, a través do campo de descrición e de observación destas fichas, recóllense, de xeito moi sumario, a documentación que atesouran estes expedientes. Non cabe dúbida que o estudo máis exhaustivo destes testemuños darían elementos de peso para trazar con maior definición a historia dos cines en cada concello. A razón destes informes ven dada pola preocupación ministerial –sobre todo apartires do ano 1953–, para lexislar este sector de grande implicación na sociedade tanto no campo do ocio, educación, ideolóxico, seguridade, industrial,... Polo tanto nestes expedientes pódense atopar información moi variada: proxectos de construción e de reformas, autorización gobernamentais, sancións, inspeccións, lista de filmes proxectados, informes, partes, control de billeteiras, solicitudes, notificacións, relación de prezos, inscricións, recibos, formularios, contratos, testamentos, cesións, licencias,...

O segundo grande bloque que podemos identificar ven dado por intentar agrupar a información foránea, procedente do Ministerio de Cultura, da Dirección Xeral de Cinematografía e Teatro, da AGC-69 ata a AGC-89. Nel o protagonismo cae sobre o expedientes abertos polos cineclubs da provincia onde atopamos a documentación que remitiron para oficializar a súa fundación.

O terceiro bloque é o máis heteroxéneo, comporta desde a referencia AGC-161 ata a AGC-170. Unhas fontes documentais dominadas por unha perspectiva xeral, onde se recollen información producida nas inspeccións, nos censos de locais de espectáculos, nas circulares do ministerio tratando un amplo abano de asuntos, notificacións de concellos, denuncias sobre vídeos, extractos do B.O.E.,...


Mais o outro grande continxente de información veu xerada polo interese do Goberno Civil por saber e controlar a existencia de todos os locais de espectáculos que estaban diseminados polos concellos pontevedreses. Este copio de documentación veu motivado para cumprir unha orde do Ministerio de Información e Turismo lexislada no ano 1971. Así desde a sinatura AGC-171 ata a AGC-196 e desde a AGC-215 á AGC-218 fan referencia a unha serie de carpetas nas que se agrupa, por concellos, a información procedente dos locais de espectáculos. Neste punto procedeuse a facer unha desmembración desta documentación xa que nesta denominación de establecementos atopamos informes respecto a estadios, pavillóns, salas de bailes, discotecas e, como non, de cines. Na revisión da documentación de salas cinematográficas atopamos documentación que foi recapitulada no propio Arquivo do Goberno Civil. Esta retroalimentación nótase que moitas veces para obter a información sobre os cines recórrese aos expedientes abertos pola propia institución con anterioridade aos anos setenta.

Por último, decidimos separar dúas fontes documentais, a AGC-221 e a AGC-222, cos títulos de “Cines en trámites” e de “Ponencia de espectáculos (documentos para arquivo)” respectivamente, porque teñen o obxectivo de ser unha especie de “caixón de xastre”. Desta maneira os seus contidos veñen especializados en salas de cine, máis non están suxeito a ningún outro parámetro de clasificación, nin temporal nin xeográfico.

2ª PARTE

CONCELLOS

comarcas



1. BAIXO MIÑO

1.1 Guarda, A

1.2 Oia*

1.3 Rosal, O

1.4 Tomiño

1.5 Tui

* Os nomes dos concellos que non están en negriña son para identificar aos que non tiveron cines.

comarca:

BAIXO-MIÑO

1.1 Guarda, A

Datos xeográficos:

Extensión: 26 km²

Poboación: 10.131 hab.

Freguesías: 3

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello da Guarda

Praza do Reló, 1

36780, A Guarda

Tlf: 986 610 000

Responsábel: D. Alberto Santos



A Guarda

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Trangallada*	Juan Lomba	192?
Teatro-Cine Ideal	Adolfo A. Builla	193?
Avenida	Manuel Martínez	1942
Avenida Parque	Manuel Martínez	1951
Alvi	Arturo Alonso Sousa	1979

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMGU-1

SINATURA: 2251/3

DATA: 1978

TÍTULO: Obra: *proyecto de un cine*. Propietario: Arturo Alonso Sousa. Lugar: Jardines de Feliciano Rolán.

DESCRICIÓN: É unha carpeta que, curiosamente, é moi parecida ao expediente 3157/1. Ten a licenza de construción, orzamento e un proxecto con memoria e planos asinados conxuntamente polos arquitectos vigueses Tomás Pérez-Lorente e Francisco Yáñez Ulloa. A diferenza é que este expediente non ten o informe de actividades nocivas.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. A repetición deste expediente débese a que o primeiro

* Uris Guisantes, José Antonio: *Cine Avenida (I)*, en <http://www.galicia-suroeste.com/cineavenida.htm> (consultada o 10 de maio de 2005).

(AMGU-2) veu denegado pola Delegación Provincial da Vivenda por non conter a escritura pública do terreo, un problema corrixido nesta ocasión.

REFERENCIA: AMGU-2

SINATURA: 3157/1

DATA: 1977, 1978

TÍTULO: *Obra: cine denominado "Alvi". Propietario: Arturo Alonso Sousa. Lugar: jardines de Feliciano Rolán.*

DESCRICIÓN: Contén informes de apertura e actividades molestas e un proxecto con memoria e planos asinado conxuntamente polos arquitectos vigueses Tomás Pérez-Lorente e Francisco Yañez Ulloa.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMGU-3

SINATURA: 587/11

DATA: 1971

TÍTULO: *Informes sobre diversos locais de espectáculos.*

DESCRICIÓN: A autoridade gobernativa pide aos concellos unha relación dos locais destinados a espectáculos (B.O.P./1971/nº 60). Con esta circular se pretendía que os concellos remitisen ao Goberno Civil informes de arquitectos sobre a estabilidade e a seguridade que ofrecían eses establecementos.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas. Dentro destes informes tiña que estar a relacionada co cine *Avenida* de Alonso Martínez Peniza foi entregada persoalmente na Deputación de Pontevedra, tal como ven especificado na carta de presentación do expediente.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-15, AHP-77, AGC-151, AGC-152, AGC-153, AGC-171

IV. Comentario:

A Guarda e o segundo núcleo de poboación máis importante da comarca do Baixo Miño despois de Tui. É un concello moi condicionado polas súas particularidades físicas, moi pequeno e con notábel número de habitantes polo que reforza a vitalidade puxanza do centro urbano. A isto tamén hai que sumar o seu emprazamento xeográfico bastante illado polo que canalizou a oferta cultural dunha ampla zona territorial sumando aos concellos próximos.

A tradición cinematográfica de salas permanentes documentada na Guarda se remonta aos anos 20 onde no denominado *Baile Trangallada* un local destinado a organizar bailes mais onde tamén se organizaban sesións cinematográficas. Este primeiro cinema do que se ten novas podía ter un carácter provisional, o lugar podería estar destinado a acoller algúns cinematógrafos de carácter

ambulante. Na década dos anos 30, coincidindo coa expansión do cinema sonoro, temos coñecemento da existencia do *Teatro-Cine Ideal*. Na posguerra se crea o cine *Avenida*, a sala chamada a marcar os designios cinematográficos na vila. Este cinema, en varias etapas (AGC-153), seguiu funcionando ata fai ben pouco, ata maio do 2005. Por datos consultados en inventarios de salas xa realizados, existiu outra sala que recibiu o nome de *Avenida Parque* (AHP-77), pertencía ao mesmo propietario que posuía o *Avenida*. A súa denominación podía vir por ser unha sala híbrida onde se podían celebrar, no mesmo espazo, bailes, banquetes e proxeccións cinematográficas.

Segundo aparece rexistrado nun informe sobre establecementos de espectáculos locais mandado polo concello (AMGU-3) e o realizado despois polo Goberno Civil (AGC-171), en 1971 o cinema *Avenida* tivo que facer un informe sobre a súa seguridade segundo unha circular procedente do Goberno Civil. Este informe non aparece no arquivo do concello porque, tal como está redactado, foi presentado en persoa en Pontevedra polo propietario.

Por medio desta investigación no Arquivo Municipal do Concello da Guarda reparamos nunha cuarta sala, no cine *Ahi*, do propietario Arturo Alonso Sousa (AGC-152). O peculiar desta sala, tal como vemos en AMG-1 e AMG-2, e que a súa data de creación, a finais da década dos setenta, un tempo de recesión dos cines xa que comezan a notarse as consecuencias coa competencia doutras canles para ocuparse do ocio da xente. Tal como vemos en AMG-3 esta apertura estivo avalada por distinta documentación onde podemos encontrar planos da edificación dentro dos informes de apertura e de actividades molestas. A causa da repetición deste proceso administrativo débese a que a Delegación Provincial da Vivenda considerou que, nun primeiro expediente, faltaban documentos relativos á propiedade dos terreos onde emprazar o cine.

V. Bibliografía específica:

González Rodríguez, Xurxo: “A Guarda e o cine”, *Libro das Festas do Monte 2001*, A Guarda, Comisión de Festas do Monte, 2001, pp. 325-328.

comarca:
BAIXO-MIÑO


1.2 Oia

Datos xeográficos:

Extensión: 83,6 km²
Poboación: 2.903 hab.
Freguesías: 6

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Oia
Rúa Vista Alegre, 3
36794, Oia
Tlf: 986 362 125
Responsábel: D. Celedonio Crespo



Oia

I. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-179

II. Comentario:

Pola configuración do seu territorio e, sobre todo, polas súas condicións demográficas, Oia é un dos poucos concellos da provincia de Pontevedra que non posuíron salas de cinemas. A súa ampla superficie, a súa composición xeográfica montañosa e a súa escasa poboación foron elementos comerciais contraindicados para establecer un cine. Esta conclusión da conta o informe remitido desde o Concello de Oia ao Goberno Civil onde se fai unha relación dos establecementos dedicados a espectáculos. De aí a razón de que esta investigación sinala a localización deste expediente coa referencia AGC-179.

comarca:

BAIXO-MIÑO


1.3 Rosal, O

Datos xeográficos:

Extensión: 41,2 km²
Poboación: 5.942 hab.
Freguesías: 4

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello do Rosal
Praza do Calvario, 1
36770, O Rosal
Tlf: 986 625 000
Responsábel: D. Joaquín Suárez Vicente



O Rosal

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>El Rosal</i>	Manuel Martínez Domínguez	1949

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMOR-1

SINATURA: 342/5

DATA: 1988

TÍTULO: *Licencias de obras menores (marzo). Obra: Construcción placa en el cine. Propietario: Aurora Pérez Riego. Lugar: Pías.*

DESCRICIÓN: Solicitud de obras particulares e abono de taxas. Dentro do texto de denominación de solicitud dí: "Solicitud de obras para construcción de una placa de 70 m² en el cine de Pías y las mismas medidas en el techo respectando las mismas existente".

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-27, AGC-113, AGC-177, AGC-222

IV. Comentario:

Ao falar de cines no Rosal hai que sinalar, como característica máis importante, a peculiaridade da localización da única sala comercial que tivo o concello: o cine *El Rosal*. Este detalle é digno de destacar porque a situación desta sala non estaba no núcleo de poboación máis importante do

Rosal, e dicir, no seu centro administrativo, no Calvario, senón nun lugar estratéxico onde se unía a vía de comunicación máis importante do concello coa estrada nacional, eixo que vertebra a comarca do Baixo Miño.

A única entrada de documentación encontrada no arquivo municipal supón unha fonte indirecta xa que fai referencia a unhas obras realizadas no antigo edificio do cine (AMOR-1). Os anos de actividade do cine pódese seguir, máis en detalle, a través da documentación localizada no Goberno Civil, unha existencia acoutada entre os anos 1949 e 1984: a licencia de autorización (AGC-113), o expediente sobre a actividade do cine (AGC-27), o informe sobre os espectáculos do concello (AGC-177) e documentación variada sobre o cine (AGC-222).

Tras a información analizada, cabe destacar a profusión de nomes de propietarios e responsábeis que levaron, durante os seus distintos períodos, o cine *El Rosal*. Isto pode deberse a que foi un establecemento que pasou de mans moitas veces ou que fose propiedade dunha empresa que delegase nun bo número de persoas para a condución da súa xerencia.

comarca:

BAIXO-MIÑO

1.4 Tomiño

Datos xeográficos:

Extensión: 103,4 km²

Poboación: 11.487 hab.

Freguesías: 15

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Tomiño

Praza do Seixo, 1

36740, Tomiño

Tlf: 986 622 003

Responsábel: Dna. Raquel Martínez Silva



Tomiño

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Goya	José Gómez Rodríguez Mariano González Bartolomé	1946
Avenida	Marcelino Álvarez Vizoso	1949

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMT-1

SINATURA: 215/30

DATA: 1984, 1985

TÍTULO: Expediente de compra del cine Avenida y de la parcela sobre la que está situado a D. Víctor Rolán López. Del 30-11-1984 al 23-1-1985.

DESCRICIÓN: Este expediente contén a escritura notarial de cancelación da hipoteca de Víctor Rolán López por Caixa Galicia con data do 30 de novembro de 1984, fotocopia do imposto de transmisión patrimoniais, acordo de transferencia do inmóbel ao concello e acordo notarial de transferencia do inmóbel ao concello polo valor de 4.000.000 pts. O expediente tamén un apartado gráfico, concretamente 3 esbozos feitos a rotulador, sobre o edificio e a finca onde está construído.

OBSERVACIÓNS: Patrimonio.

REFERENCIA: AMT-2

SINATURA: 662/4

DATA: 1994

TÍTULO: Actividad molesta: establecimiento para producción de películas cinematográficas. Propietario: Alfonso Alonso Rodríguez. Lugar: Tomiño.

DESCRICIÓN: Instancia de solicitude de instalación, informe de caducidade do expediente, notificación de caducidade do expediente de instalación ao interesado, nova solicitude de instalación, liquidación de taxas, fotocopia do imposto de Actividades Económicas. Anuncio de apertura de establecementos no B.O.P. nº 184, 23 de setembro de 1993, notificación aos veciños, informe de actividades molestas, insás, insalubres e nocivas, proxecto de obras con memoria e planos e a licenza de apertura de establecemento.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas.

REFERENCIA: AMT-3

SINATURA: 678/4

DATA: 1987

TÍTULO: *Solicitud de licencia municipal de cambio de titularidad del cine Goya. Lugar: Goian. De Socialina Martínez Carrero a Santos Rodríguez Oñores.*

DESCRICIÓN: Instancia para cambio de titularidade do cine, aprobación do cambio de propietario despois de que o concello pedise un informe técnico dun arquitecto, neste caso foi firmado por Juan Martínez Almeida.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecementos. Os novos propietarios pretendían instalar un "Video-grama" (sic.).

REFERENCIA: AMT-4

SINATURA: 704/40

DATA: 1986

TÍTULO: *Denuncias por deficiencias en el cine Goya y discoteca Ceibe.*

DESCRICIÓN: Notificación do Goberno Civil de queixas de usuarios. E dito informe hai unha relación de deficiencias. No expediente tamén parece unha contestación do concello comprometéndose a revisións periódicas por parte do arquitecto técnico municipal.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMT-5

SINATURA: 2030/9

DATA: 2000

TÍTULO: *Expediente de subvención de actividades culturais. Diputación-CPAM: Edición "Libro Festas do Alivio". - Cine Aire Libre. - VII Encontro Internacional dos Pobos.*

DESCRICIÓN: Solicitude de subvención tras a convocatoria feita pola Deputación Provincial publicada no B.O.P., nº 46, 7 de marzo do 2000, para proxeccións de cine ao aire libre. Concesión de 100.000 pts. de axuda para a actividade. Os servizos foron feitos a empresa Cinegalicia (Celso Paz, S. L.) e tiveron un custe segundo a factura que aparece no expediente de 191.000 pts.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMT-6

SINATURA: 2579/18

DATA: 2001

TÍTULO: *Expediente de actividades juveniles (cine infantil, teatro de títeres, baile y folklore) subvencionadas por la Consellería de Familia, promoción de Empleo, Muller e Xuventude.*

DESCRICIÓN: Deseño de actividades infantís, dotando unhas 325.000 pts. a sesións de cine infantil, fotocopia de solicitude de subvención á Consellería de Familia, promoción de emprego, Muller e Xuventude segundo a convocatoria de axudas anunciadas no D.O.G., nº 32, 14 de febreiro do 2001 e concesión dunha axuda de 125.000 pts.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMT-7

SINATURA: 717/11

DATA: 1990

TÍTULO: *Solicitud a la Consellería de Cultura de una subvención para adquisición de material audiovisual para la Casa de Cultura. Del 5-6 al 5-7 de 1990.*

DESCRICIÓN: Fotocopia do D.O.G., nº 87, 7 de maio de 1990 onde se conceden axudas para a adquisición de material audiovisual para os concellos. Acordo da Comisión de Goberno do Concello para facer a petición das axudas, resposta da Consellaría, fâx coa concesión da subvención, plan financeiro e facturas de compras.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMT-8

SINATURA: 1633/9

DATA: 1971

TÍTULO: *Reglamentos de locales para espectáculos.*

DESCRICIÓN: Expediente que ven a dar resposta as esixencias procedentes do Goberno Civil a través da circular nº 12-2, nº 1.159 respecto a presentar información sobre os establecementos dedicados a espectáculos. Para tal efecto os propietarios dos locais tiñan que presentar un informe dun arquitecto no que sinalara a corrección na solidez e salubridade do edificio.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Policía municipal. Orde pública. Grazas a esta petición da Gobernación Civil sabemos que na altura de 1971 había dous cines: o cine *Goya* sito na Avda. Ordóñez e baixo a propiedade de Amancio Álvarez Salinas e o cine *Avenida* sito na Avda. Arxentina sendo da titularidade de Concepción Alonso Calzado.

REFERENCIA: AMT-9

SINATURA: 351/9

DATA: 1992

TÍTULO: *Solicitud de subvención de equipamientos para a Casa Cultural (antiguo cine Avenida): instalación de eléctrica, construcción de almacén y arreglo de vestíbulo.*

DESCRICIÓN: Acta de aprobación por parte do concello de petición dunha subvención a Xunta de Galicia, orzamento das obras, documentación da empresa Eléctricas Galiñanes, contrato de execución de obras (por triplicado), pregue de condicións, pagos á Eléctrica Galiñanes e

presentación, tamén por triplicado, do proxecto; con memoria, planos e presupostos, asinado por parte do arquitecto Ángel Pío Pérez.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMT-10

SINATURA: 2000/1

DATA: 2000

TÍTULO: *Proyecto básico de ejecución de reformas de la cubierta y arreglos de acabado de la Casa de Cultura (antiguo cine Avenida) de Tomiño.*

DESCRICIÓN: O expediente contén unha carpeta onde se recolle o deseño do proxecto realizado polo arquitecto tomiñés Alberto Suárez López. En dita carpeta aparece unha memoria, planos e fotos e un pregue de condicións (2 copias). Tamén existen distintos sobres con dossiers de distintas empresas que concorreron ao concurso das obras. A constructora gañadora foi a empresa Varela Villamor.

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-36, AGC-120, AGC-121, AGC-216, AGC-221

IV. Comentario:

Tomiño contou con dúas salas fixas de cine; unha sita no Seixo, na capital administrativa do concello, e outra en Goián, o segundo núcleo de poboación máis importante. Esta bipolaridade representa moi ben a organización e o peso específico que tradicionalmente se distribuíu neste concello que posúe unha superficie e unha poboación considerábel. Esta concentración de poboación arrastran implicacións en termos de economía e servizos. Así dentro destes últimos -tal como o reflicten tanto o informe sobre establecementos dedicados a espectáculos que fixo o concello de Tomiño remitiu ao Goberno Civil (AMT-8) e o que configurou o propio Goberno Civil (AGC-216)-, entre as ofertas culturais e de entretemento máis importantes estaban as salas de cine: o *Avenida* no Seixo (centro neurálxico de Tomiño) e o *Goya* en Goián.

Dentro da documentación do arquivo municipal salientamos como o concello foi incisivo na procura subvencións coas que poder adquirir material audiovisual equipando ao antigo cine *Avenida* (AMT-1) para convertelo na Casa Cultural, adaptación da que dan conta AMT-7, AMT-9 e AMT-10. Un cambio de titularidade que tamén se deu no cine *Goya* (AMT-3) coincidindo coa chegada da competencia do vídeo e co desexo de converter ao cine nun “videograma” (sic.). Outra documentación indirecta consiste en denuncias realizadas sobre a actividade no cine *Goya* (AMT-4),

sobre a apertura no concello dun “establecemento para producir películas” (sic.) (AMT-2) e o papel do cine ao aire libre en actividades culturais organizadas desde o concello (AMT-5 e AMT-6).

Se consultamos a primeira parte desta publicación atopámonos con algunhas fontes bastantes significativas á hora de determinar o comezo da andaina das dúas salas a través das súas respectivas autorizacións gobernamentais (AGC-120 e AGC-121) e podemos seguir ao detalle o atribulado periplo no que se constituíron os anos nos que tivo actividade o cine *Goya* (AGC-36), destacando os trámites para instalar unha cantina (AGC-221).

comarca:
BAIXO-MIÑO


1.4 Tui

Datos xeográficos:

Extensión: 66,5 km²
Poboación: 16.326 hab.
Freguesías: 12

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Tui
Praza do Concello, 1
36700, Tui
Tlf: 986 603 625
Responsábel: Dna. Dolores Martínez Gamallo



Tui

I. Táboa de cinemas:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Teatro Principal*</i>	Esteban Alonso García	1897
<i>Imperial Palais</i>	Diz	-
<i>Salón Yut</i>	Apolinar Pita Veiga	1943
<i>García</i>	José García García	1947
<i>Bolívar</i>	Maximino Rodríguez Pumar	1965
<i>Multicines Matrix</i>	Martín Klaversteijn Sozzo	2000

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMTU-1

SINATURA: 561

DATA: 1927

TÍTULO: *Reglamento de copropietarios do Teatro Principal de Tui.*

DESCRICIÓN: Esta publicado en forma de panfleto e a asistencia no concello débese a que este tamén tiña acción sobre o edificio. No teatro *Principal* de Tui tamén se facían sesións cinematográficas.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-2

SINATURA: 561

DATA: 1958

TÍTULO: *Carta de protesta de D. Esteban Alonso García, empresario del cine Yut, sobre el régimen fiscal que*

* As primeiras sesións cinematográficas nunha sala estábel, con perfectas condicións de exhibición, foron realizadas no *Teatro Principal* tal como ven citado en Folgar de la Calle, José M^a: *El espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, p. 27.

sufre del ayuntamiento de Tuy.

DESCRICIÓN: En esta misiva o propietario do cine *Yut* amosa a súa desconformidade sobre a subida experimentada na contía do imposto de usos e consumos que impuxo o concello. Nese ano este imposto subiu un 30%. O empresario pide que o asunto se leve Facenda. No mesmo informe aparece unha sentenza da Comisión de Facenda coa firma dun interventor.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-3

SINATURA: 561

DATA: 1982

TÍTULO: *Aprobación del Reglamento de actuación de la policía ante Espectáculos Públicos y Actividades Recreativas.*

DESCRICIÓN: Trala circular do goberno publicada no B.O.E., nº 267, do 6 de novembro de 1982, onde se pide as corporacións locais que se deseñe unha regulamentación de espectáculos contemplando a realización de informes con licencias de obras, licencias de apertura, organización do espectáculo, celebración do espectáculo, competencias das autoridades gobernativas, infraccións e sancións, aforo e prezos.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-4

SINATURA: 561

DATA: 1983

TÍTULO: *Solicitud para celebración de un festival benéfico en el cine Yut.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar a aprobación dun festival benéfico en el cine *Yut* organizado por Emilia Alonso González o 9 de abril de 1983.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-5

SINATURA: 561

DATA: 1983

TÍTULO: *Autorización para celebración de festival benéfico en el cine Yut.*

DESCRICIÓN: Resposta afirmativa á solicitude de organizar un evento benéfico nas dependencias do cine *Yut*.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-6

SINATURA: 561

DATA: 1977

TÍTULO: *Horarios de espectáculos y establecimientos públicos.*

DESCRICIÓN: Orde municipal do concello pola que se pretende limitar os horarios dos espectáculos e dos establecementos públicos. Entre eles faise referencia aos cines, así, de outubro a

xuño a hora de peche era ás 24:00 e de xulio a setembro ata as 00:30, permitíndose prolongar media hora nos días do fin de semana e nos días feriados.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-7

SINATURA: 557

DATA: 1912

TÍTULO: *Denuncia de vecinos contra un cinematógrafo.*

DESCRICIÓN: Esta denuncia, efectuada o 12 de xaneiro de 1912, estaba posta por un grupo de veciños de Tui que estaban en contra da existencia dun barracón cinematográfico sito na Praza da Inmaculada.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-8

SINATURA: 557

DATA: 1912

TÍTULO: *Denuncia de vecinos contra un cinematógrafo.*

DESCRICIÓN: Esta denuncia, efectuada o 11 de decembro de 1912, é a segunda denuncia que un grupo de veciños puxeron a un barracón dedicado a exhibición cinematográficas. Esta reiteración fai que o corpus da denuncia sexa máis detallado explicando ao detalle as causas do incomodo dos cidadáns. Así dentro do texto da denuncia atopamos unha numeración dos motivos da denuncia: o *feísmo* arquitectónico, inestabilidade da construción, balbordos, perigo de incendio,... Mais, sobre todo, destaca que se permita a instalación dun establecemento tan inmoral nunha praza dedicada a Inmaculada Concepción.

OBSERVACIÓNS: Espectáculos.

REFERENCIA: AMTU-9

SINATURA: S/S

DATA: 1938-1946

TÍTULO: *Documentación facilitada por la Sociedad General de Autores de España con el Ayuntamiento de Tui.*

DESCRICIÓN: Correspondencia variada da Sociedad General de Autores Españoles con variedade de documentación sobre cine e representacións teatrais celebradas nos distintos locais de espectáculos tudenses. Hai recibos de recadacións, circulares da delegación e do representante da S.G.A.E., tarifas de dereitos de autor, suplementos a circulares, telegramas, avisos, notas informativas, asesoría de contratos, petición de permisos, impresos, modelos de contratos de representación en teatros "ao tanto por cento", contratos de alugamento de repertorio, permisos de utilización de discos, contratos obrigatorios par cines, textos de convenios,...

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. Parte desta información vai dirixida ao propietario do cine *Principal*, Manuel Costa Costa e ao Apolinar Pita Veiga, propietario do cine *Ynt*.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-4, AHP-6, AHP-13, AGC-37, AGC-40, AGC-66, AGC-82, AGC-88, AGC-122, AGC-307, AGC-208, AGC-216, AGC-221, AGC-222

IV. Comentario:

Desde moi cedo, Tui experimentou unha especial relación co cine que se deixou constancia nunha abondosa documentación. Este binomio veo dado sobre todo polo status que a amalgama a cidade de Tui onde, a parte de ser o núcleo de poboación máis importante doa comarca, conflúen unha serie de aspectos que potencian esta combinación; como o seu pasado como capital de provincia do Antigo Reino de Galicia, cabeza de distrito xudicial, capital de Diocese, poboación fronteiriza e nó de comunicacións tanto de estradas como ferroviario. A maioría das salas do concello estiveron situadas no que é o núcleo de Tui, todas excepto unha, o cine *Garvía* (AGC-122), que estaba localizado en Caldelas de Tui, entidade de poboación menor máis sobranceira pola súa actividade ao arredor dun balneario.

Na documentación atopada destacamos testemuños antigos (do ano 1912) da vinculación entre o cine e Tui, sobre todo a información relativa a cinematógrafos ambulantes (AHP-4, AHP-6, AMTU-7 e AMTU-8). No concello de Tui tamén hai un exemplar do regulamento polo que se rexía o *Teatro Principal* da localidade (AMTU-1), o regulamento de actuación da policía respecto aos espectáculos (AMTU-3), a fixación de horarios dos espectáculos (AMTU-6), o conflito sobre o réxime de impostos municipais (AMTU-2), unha extensa relación epistolar coa SGAE (AMTU-9) e solicitude e autorización dun acto benéficos no cine *Yut* (AMTU-3 e AMTU-4). No entanto, botamos en falta que esta documentación non faga referencia a cines estábeis durante o período silente como podía ser o *Imperial Palais*, unha sala da que non posuimos ningunha referencia cronolóxica.

Dentro da documentación centrada máis detalle nas salas de cine de Tui sobresaen os expedientes que tratan sobre o *Teatro Principal* (AGC-37 e AGC-222), o cine *Yut* (AGC-66 e AGC-207) e o cine *Bolívar* (AGC-40 e AGC-208). Tamén, entre esta documentación, atópase dous expedientes relacionados con cineclub *Juvenil* de Tui (AGC-82 e AGC-88), un ambicioso proxecto en trámite dun cun edificio para cine e vivenda (AGC-221) e o informe sobre os establecementos de espectáculos relacionados por parte do concello ao Goberno Civil en 1971 (AGC-216). Por último, temos que referirnos á documentación xerada polo último cine que se instalou en Tui no ano 2000, o *Multicines Matrix*. Dita información atópase en secretaría e está a espera de que cumpra o período establecido para ser pasado da Secretaría do concello ao Arquivo Municipal.

comarca



2. CALDAS

2.1 Caldas de Reis

2.2 Catoira

2.3 Cuntis

2.4 Moraña

2.5 Pontecesures

2.6 Portas

2.7 Valga

comarca:

CALDAS


2.1 Caldas de Reis

Datos xeográficos:

Extensión: 68,5 km²
Poboación: 9.532 hab.
Freguesías: 9

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Caldas de Reis
Ferrería, 1
36650, Caldas de Reis
Tlf: 986 540 002
Responsábel:



Caldas de Reis

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Moderno</i> *	Manuel Fernández	-
<i>Odeón</i> **	José Amenciro	-
<i>Avenida</i> ***	José Valiño Agra	1946
<i>Avenida</i>	Santiago Díaz García	1986
<i>Multicines Avenida</i> ****	Santiago Díaz García	1991

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMCR-1

SINATURA: 1171/5

DATA: 1991

TÍTULO: *Licencia de obras para la construcción de un edificio, local o recinto destinado a espectáculo o recreo público de acuerdo con el reglamento general de policía de espectáculos públicos y de actividades recreativas de 27 de agosto de 1962 y disposiciones complementarias.*

DESCRICIÓN: Solicitada por don Santiago Díaz García, propietario do cine situado na Avenida de Dolores Mosquera, esquina Fermín García. Contén proxecto con memoria e planos (marzo 1991).

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

* García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 690.

** *Ídem.*

*** Ao longo da existencia deste cine tivo varios donos, comezou José Valiño Agra nos anos corenta, nos setenta pasou a mans dos seus herdeiros que, a súa vez, a mediados dos oitenta o venderon ao seu actual dono, a Santiago Díaz García.

**** Este multicine é a conversión en dúas minisalas do anterior cine *Avenida*.

REFERENCIA: AMCR-2

SINATURA: 1212/3

DATA: 1995

TÍTULO: *Prórroga de licencia de obras.*

DESCRICIÓN: Solicitada por Santiago Díaz García para acondicionar a sala número 2, porén, por motivos económicos, só puido facer a sala número 1. Se lle concede seis meses para rematar as obras (decembro de 1994).

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMCR-3

SINATURA: 1420/2

DATA: 1986

TÍTULO: *Licencia para reapertura de local para continuar desarrollando actividad cinematográfica en calle Dolores Mosquera.*

DESCRICIÓN: Contén solicitude de cambio de titularidade a nome do seu esposo Santiago Díaz García (2 marzo de 1985). Se lle concede licencia provisional o 5 de marzo de 1985 e definitiva o 17 de xaneiro de 1986.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecimientos.

REFERENCIA: AMCR-4

SINATURA: 1437/1

DATA: 1992

TÍTULO: *Licencia para exhibición cinematográfica a nombre de Santiago Díaz García.*

DESCRICIÓN: Contén licencia de apertura da sala 1. Solicitude de licencia definitiva para funcionamento da sala número 2 (concedida o 26 de abril de 1996). Inclúe proxecto con memoria e planos.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecimientos.

REFERENCIA: AMCR-5

SINATURA: 1526/3

DATA: 1977

TÍTULO: *Legalización cine en Avenida Dolores Mosquera y depósito subterráneo de gasolina en Paseo de las Palmeras. Propietario: José Valiño Agra y Ricardo Amido Casal.*

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecimientos.

REFERENCIA: AMCR-6

SINATURA: 1551/39

DATA: 1989

TÍTULO: *Subvención al Cine del Ateneo Caldense, solicitada por José María Ortigueira Bobillo.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMCR-7

SINATURA: 1551/37

DATA: 1990

TÍTULO: *Subvención para semana de cine, solicitada por Jesús Piñeiro Suárez y José A. Suárez Goldar en representación de Ateneo Caldense S.L.*

OBSERVACIÓN: Obras municipais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-147, AGC-191, AGC-222

IV. Comentario:

Sen dúbida algunha a sala de cine que centrou a actividade de exhibición de filmes foi o *Avenida* e, claro está, del é do que temos maiores referencias documentais. Caldas de Reis é un dos centros de maior tradición comarcal de Galicia, capital da comarca de Caldas, partido xudicial e ten unha fonda tradición termal polo que posuía unha cantidade de poboación moi regular e importante. Esta relación de datos que nos levan a supoñer que deberon existir outros cines. Temos constancia, a través de referencias bibliográficas, doutras salas como o *Moderno* e o *Odeón*, máis pensamos que estas dúas salas tiveron unha actividade de poucos anos e, de seguro, anteriores ao *Avenida*, puidendo corresponder ao período silente ou o advenimento do son.

O cine *Avenida* apareceu a mediados dos corenta, en plena efervescencia constructora de edificios dedicados a explotación cinematográfica. Mais a primeira documentación sobre este cine temos que buscala en 1971, no expediente gardado no Goberno Civil (AGC-147). Nel aparecen unha serie de acumulacións de inspeccións, infraccións e sancións. Unha desas inspeccións é para que se de o visto bo ao depósito de combustíbel para a calefacción (AMCR-5). O cine *Avenida* tamén aparece na carpeta do Goberno Civil sobre os locais dedicados a espectáculos no concello (AGC-191) e nunha carpeta de “documentos para arquivo” (AGC-222). En 1986 este cine abre baixo a tutela doutro propietario que, en poucos anos, se verá abocado á transformación do local nun multicine de dúas salas (AMCR-1 e AMCR-4). Mais, como sabemos, este proceso estará cheo de problemas e contratempos que atrasarán o final da obra (AMCR-2).

Tamén é significativo salientar que existen un par de novas relacionadas co Ateneo Caldense (AMCR-6 e AMCR-7). Unha institución cultural con tradición na vila e na comarca que, a finais da década dos oitenta, optou por adecuarse ás novas manifestacións artísticas organizando unha *Semana de Cine* e de aí que pedira unha subvención ao concello para a realización de dita actividade.

comarca:

CALDAS


2.2 Catoira

Datos xeográficos:

Extensión: 29,1 km²
Poboación: 3.501 hab.
Freguesías: 4

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Catoira
Rúa do Concello, 6
36612, Catoira
Tlf: 986 546 014
Responsábel:



Catoira

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Raño	José María Raño	1957

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMCA-1

SINATURA: 238/9

DATA: 1958

TÍTULO: *Aforo del cine Raño.*

DESCRIPCIÓN: José Vázquez Rodríguez, como representante da empresa, declara que o aforo do cine ascende ás 220 localidades; 160 butacas e 60 xeneral (2 de marzo de 1958).

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-193

IV. Comentario:

No concello de Catoira só temos unha entrada no Arquivo Municipal (AMCA-1) que ven a certificar a existencia da única sala cinematográfica emprazada na vila, o cine *Raño*. A documentación aparecida é un certificado sobre o seu aforo xusto cando só levaba un ano de actividade. Polo contrario obtemos maior información se revisamos o expediente aberto sobre os

loais dedicados aos espectáculos de Catoira no Goberno Civil (AGC-193). Nesta documentación podemos revisar unha copia do proxecto de construción do cine, con memoria e planos incluídos.

comarca:

CALDAS


2.3 Cuntis

Datos xeográficos:

Extensión: 79,5 km²
Poboación: 5.491 hab.
Freguesías: 8

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Cuntis
Praza da Constitución, 4
36670, Cuntis
Tlf: 986 548 005
Responsábel:



Cuntis

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Victoria	Isaac Torres Campos*	1944

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMCU-1

SINATURA: 447/11

DATA: 1982, 1983

TÍTULO: *Regulamento para o mantemento da orde pública e a prestación da adecuada protección ás persoas e bens en relación con espectáculos públicos e actividades recreativas.*

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Orde Pública.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-94, AGC-146, AGC-193

* Sabemos, pola información procedente de AGC-146, que o cine *Victoria*, nos seus derradeiros anos de existencia –concretamente no ano 1987–, sufriu un cambio de titularidade pasando a ser propiedade de María Josefa Ameijeiras Silva, empresaria cinematográfica posuidora doutras salas por comarcas veciñas.

IV. Comentario:

No Arquivo Municipal de Cuntis só atopamos un documento referente á seguridade cidadá referente a orde pública e protección do público que asiste aos espectáculos (AMCU-1). Sabemos que este concello contou cun cine, o *Victoria*, polo que facemos incluír esta documentación aínda que a súa vinculación sexa indirecta.

Malia todo si temos referencias concretas na documentación procedente do Goberno Civil. Exactamente contamos coa autorización do *Victoria* (AGC-94), unha autorización governamental que aparece repetida dentro dos informes acumulados ao respecto dos locais de espectáculos de Cuntis (AGC-193) e, por último, hai que facer referencia ao completo expediente do cine no que se pode seguir ao detalle a maior parte da vida administrativa xerada por este establecemento (AGC-146).

comarca:

CALDAS


2.4 Moraña

Datos xeográficos:

Extensión: 41,0 km²
Poboación: 4.287 hab.
Freguesías: 9

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Moraña
Rúa Santa Lucía, 1
36660, Moraña
Tlf: 986 530 005
Responsábel:



Moraña

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
González	Sergio González Campos	1958

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-7, AGC-222

III. Comentario:

Moraña súmase aos concellos que tiñan debullado nun só cine a oferta cinematográfica desta comarca, neste caso a sala denomínase *González*. Para obter referencia da súa actividade temos que centrarnos no expediente que tiña aberto no Goberno Civil (AGC-7). Grazas a esta documentación podemos seguir as incidencias administrativas espaxadas ao longo dos case trinta anos de existencia do cine. Mais tamén podemos botar man do AGC-222 onde aparece documentación deste cine cando estaba en trámites para que lle deran a autorización de apertura.

comarca:

CALDAS

2.5 Pontecesures

Datos xeográficos:

Extensión: 6,7 km²

Poboación: 3.062 hab.

Freguesías: 1

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Pontecesures

Avenida Cidade de Vigo, 2

36640, Pontecesures

Tlf: 986 557 125

Responsábel:



Pontecesures

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Colón	Horacio Chenlo Campos	1947

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMPONT-1

SINATURA: 11/4

DATA: 1957

TÍTULO: Expediente 4.5. Multa a Horacio Chenlo Campos por permitir la entrada de menores a una película no apta.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Multas e denuncias.

REFERENCIA: AMPONT-2

SINATURA: 740/9

DATA: 1970-1983

TÍTULO: Expediente de denuncia a Eloy Chenlo López por falta de adecentamiento del "Cine Colón", situado en la calle San Luis.

DESCRICIÓN: O expediente se perpetúa ao longo de dous anos. Parece que o denunciado non responde nin a denuncias nin a multas.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Multas e denuncias.

REFERENCIA: AMPONT-3

SINATURA: 1094/15

DATA: 1999

TÍTULO: Solicitud de subvención a la Diputación para actividades culturales: "Cine no Nadal para Nenos".

DESCRICIÓN:

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-23, AGC-106, AGC-192

IV. Comentario:

A súa situación no Val de Padrón e a pesar de ser un dos concellos da provincia coas dimensións territoriais máis reducidas, Pontecesures súmase a atomización da oferta cinematográfica da comarca de Caldas co emprazamento doutro cine, o *Colón*. Mais esta sala será motivo de innumerábeis conflitos que serán reflectidos dentro das distintas sancións procedentes das distintas administracións. No Arquivo Municipal de Pontecesures atopemos denuncias por permitir o acceso de menores a un filme non apto (AMPONT-1) e por non adecentar do edificio (AMPONT-2). No Arquivo do Goberno Civil o cine *Colón* é protagonista por deixar constancia da súa autorización (AGC-106), polo seu, tamén, amplo expediente de irregularidades de funcionamento e as súas correspondentes sancións administrativas (AGC-23) e a súa importante comparecencia na carpeta onde se recollen as peculiaridades dos distintos locais dedicados a espectáculos existentes en Pontecesures (AGC-192).

Tendo en conta este acaparamento por parte do cine *Colón* temos que sinalar tamén como, na actualidade, a pesar de que a sala cinematográfica leva moito tempo sen actividade, o cine ocupa un lugar importante dentro das actividades culturais do concello (AMPONT-3), intentando xogar coa excepcionalidade e intentando rememorar vellos servizos que tiña a vila.

comarca:

CALDAS

2.6 Portas

Datos xeográficos:

Extensión: 22,4 km²

Poboación: 3.167 hab.

Freguesías: 4

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Portas

Rapeira, s/n

36658, Portas

Tlf: 986 536 161

Responsábel:



Portas

I. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-179

II. Comentario:

A situación xeográfica de Portas fai que este no interior do Val do Salnés, un lugar moi céntrico onde os concellos do arredor tiveron todos cadansúa oferta cinematográfica. Segundo o noso parecer, este sería o maior contratempo para instalar unha sala cinematográfica permanente no seu territorio. Da non existencia dun cine en Portas nolo confirma o informe sobre os locais de espectáculos do concello existente no Goberno Civil (AGC-179).

comarca:

CALDAS

2.7 Valga

Datos xeográficos:

Extensión: 40,5 km²

Poboación: 6.174 hab.

Freguesías: 5

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Valga

Avenida da Coruña, 14

36645, Valga

Tlf: 986 559 456

Responsábel:



Valga

I. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-217

II. Comentario:

Valga é outro dos concellos da comarca que non posuía cines. A súa situación estratéxica envolto entre importantes concellos con fonda tradición cinematográfica resolveu que este concello non amosase elementos apropiados para emprazar no seu territorio unha sala cinematográfica de carácter estábel. Desta carencia da conta o expediente que o Goberno Civil realizou sobre os locais de espectáculos de Valga (AGC-217).

comarca



3. CONDADO, O

3.1 Mondariz

3.2 Mondariz-Balneario

3.3 Neves, As

3.4 Ponteareas

3.5 Salvaterra do Miño

comarca:

CONDADO, O


3.1 Mondariz

Datos xeográficos:

Extensión: 85,8 km²
Poboación: 5.373 hab.
Freguesías: 11

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Mondariz
Merouces, 16
36870, Mondariz
Tlf: 986 656 000
Responsábel:



Mondariz

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Mondariz	Pérez Cubelas	1950

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMMO-1

SINATURA: 171/11

DATA: 1950

TÍTULO: *Obra: Edificio para sala de cine. Lugar: Estromil, Mondariz. Propietario: Antonio Pérez Cubelas.*

DESCRICIÓN: Instancia de solicitude de construción e instalación dun salón cinematográfico. Acompañando este pedimento hai un pequeno plano do emprazamento do edificio. Antonio Pérez Cubelas era mestre nacional e presupostou a obra nunhas 40.000 pts. No expediente tamén aparece o proxecto do cine, con memoria e planos, asinado polo arquitecto José Barreiro Vázquez.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares. Segundo a solicitude o aforo do cinema estaba cifrado nunhas 200 butacas e 50 entradas xerais.

III. Comentario:

A proximidade de apenas 1 km entre a poboación de Mondariz, capital administrativa do concello co mesmo nome, coa vila de Mondariz-Balneario, fixo que esta se beneficiase de moitas das características coas que se definen o máis importante centro termal do sur da provincia de Pontevedra. O aumento de poboación da zona debido aos numerosos visitantes que albergaban o

seu afamado Balneario levou a que, tamén, en Mondariz se apostase por instalar un cinematógrafo, o cine *Mondariz*.

A única información atopada no Arquivo Municipal de Mondariz (AMMO-1) é suficientemente elocuente, consiste nunha instancia para que se autorice a construción do cine. Dito recurso administrativo é acompañado por un aparato gráfico importante como é unha copia do proxecto con planos do futuro edificio e un bosquexo da delimitación do terreo. Esta fonte documental tamén nos fala de quen era o propietario, o seu nome e profesión, e a canto ía ascender o orzamento das obras.

comarca:

CONDADO, O

3.2 Mondariz-Balneario

Datos xeográficos:

Extensión: 2,4 km²
Poboación: 693 hab.
Freguesías: 1

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Mondariz-Balneario
Rúa da Constitución, 1
36890, Mondariz-Balneario
Tlf: 986 656 136
Responsábel:



Mondariz-Balneario

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Balneario*	Hijos de Peinador S. A.	1918
Sala Municipal	Concello de Mondariz	1959

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMMOB-1

SINATURA: 470/8

DATA: 1963

TÍTULO: *Balance financiero derivado de la contratación por concurso del servicio de salas de conferencias, conciertos, exposiciones y cines.*

DESCRIPCIÓN: Tralo concurso publicado no B.O.P. nº 183, do 13 de agosto de 1959, no que se fai público a convocatoria para levar o servizo da sala de conferencias, concertos, concursos, exposicións e actividades cinematográficas. Este establecemento está orientado en facer máis agradábel a estancia dos visitantes que ían a pasar unha temporada nas dependencias do balneario. Foi adxudicado a José Trigo Mera por 277.000 pts. A sala foi redeseñada polo arquitecto Juan Argenti y Navajas no 20 de maio de 1959. Tamén hai un balance da situación económica desde 1959 a 1963, onde se dí que o diñeiro por vendas de entradas no cine chega ás 47.000 pts.

OBSERVACIÓNS: Contratación. Expedientes de contratación.

* A existencia deste cine ven recollida en García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 669.

REFERENCIA: AMMOB-2

SINATURA: 160/2

DATA: 1959-1975

TÍTULO: *Documentación del cine. Contiene relaciones de películas contratadas, pagos.*

DESCRIPCIÓN: Un amplo expediente onde se recollen documentación relacionada coa vida comercial do cine da *Sala Municipal*. Aparecen un número alto de fichas de contratación de filmes a distintas distribuidoras: Rey Soria Films, Cire Film, Exclusivas Balgoma, Pelimex, Metro Goldin Mayer Ibérica,... Circulares das distribuidoras anunciando a adquisición ou as condicións de determinados títulos dos seus catálogos. Hai cartóns de lotes de películas, algúns aparecen con carteis. Tamén aparece a póliza de seguros do local, recibos de pagos ao concello e facturas.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMMOB-3

SINATURA: 612/3

DATA: 1974-1978

TÍTULO: *Documentación del Teleclub comarcal.*

DESCRIPCIÓN: Amplo expediente onde aparecen varios listados de socios en diferentes anos, unha memoria de actividades, presupostos, programa da Semana de Actividades Culturais, instancia para o arranxo e ampliación do local estimada en 600.000 pts, cartas da SGAE informando sobre a necesidade de pagar dereitos de autor pola representación de varias obras teatrais e fotografías en cor e branco e negro.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. Dentro da memoria de actividades se resalta varias actividades cinematográficas consistentes na exhibición de películas en 16 mm cun proxector da súa propiedade e de películas en pantalla grande no cine da *Sala Municipal*.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-159

IV. Comentario:

Mondariz-Balneario é o concello máis pequeno de Galicia, escindido do Concello de Mondariz no ano 1924. Esta separación se produciu polas necesidades que comportaban as grandes infraestructuras termais situadas nesta vila. A poboación permanente é moi reducida, máis incrementase co grande número de visitantes e turistas que atraen as prazas hoteleiras do balneario. Neste sentido foi polo cal as distintas institucións do concello víronse na obriga de incorporar servizos para canalizar o tempo libre dos visitantes.

Desde os primeiros anos do século XX, o propio Balneario de Mondariz, a través dos seus propietarios, interesouse polo cine para ofrecer variantes ao tempo libre dos seus hóspedes. Así,

desde finais da década dos anos dez, concretamente desde o ano 1918, incorporou nas súas dependencias unha sala nas que facer sesións cinematográficas, o cine *Balneario*. Mais esta oferta era privada e o seu acceso estaba moi limitado.

Sería o propio concello de Mondariz quen, nas dependencias do edificio da propia Casa do Concello, acondicionará un baixo para celebrar sesións cinematográficas. Este proxecto comezaría andar no ano 1959. O seu funcionamento pasaba por celebrar un concurso sobre a explotación do seu uso (AMMOB-1), emprego que amparaba diversas actividades como exposicións, conferencias ou obras de teatro. No Arquivo Municipal aparecen evidencias da súa actividade cinematográfica, unha grosa carpeta (AMMOB-2) onde se recolle material diverso relacionado coa vida comercial da sala; fichas de contratación, circulares, catálogos, publicidade, pólizas de seguro, recibos, facturas, material gráfico,... Nesta *Sala Municipal* tamén era sede de distintas actividades culturais do Teleclub Comarcal (AMMOB-3), entre as máis salientábeis estaban a proxección de filmes. Por último, referente a esta sala tamén atopamos información nun expediente aberto no Goberno Civil (AGC-159).

comarca:

CONDADO, O


3.3 Neves, As

Datos xeográficos:

Extensión: 65,3 km²
Poboación: 4.586 hab.
Freguesías: 13

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello das Neves
Praza da Cristiandade, s/n
36440, As Neves
Tlf: 986 648 038
Responsábel:



As Neves

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Sala Nevense</i>	Gregorio Manso Rodríguez Clemente Casal Fernández	1948
<i>Nuevo</i>	Francisco Núñez Vázquez	1967

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-1, AGC-99

III. Comentario:

Resulta estraño que no Arquivo Municipal do Concello das Neves non xerará ningunha fonte documental respecto á cinematografía tendo en conta a existencia documentada de polo menos dúas salas: o *Salón Nevense* e o cine *Nuevo*. Cabe tamén a posibilidade que houbese unha terceira sala chamada cine *Nieves* tal como se recolle en AGC-1, onde aparece unha carta procedente do Ministerio de Información e Turismo pedindo información respecto a esa sala. Mais o asunto resulta moi aventurado e nós somos da opinión de que houbo un erro e que se pedía información sobre as características do *Salón Nevense*.

A documentación sobre os cines de As Neves hai que buscalos nas dúas referencias do Arquivo do Goberno Civil: a documentación en trámites do cine *Nuevo* (AGC-221), o expediente do cine *Nuevo* (AGC-1) e a autorización do cine *Salón Nevense* (AGC-99).

comarca:

CONDADO, O

3.4 Ponteareas

Datos xeográficos:

Extensión: 129,9 km²

Poboación: 20.432 hab.

Freguesías: 24

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Ponteareas

Xardíns Rodrigo Sabell, s/n

36680, Ponteareas

Tlf: 986 540 002

Responsábel: D. Antonio José Groba Domínguez



Ponteareas

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Colón</i>	José Godoy	-
<i>Royalty</i>	José Gil	1923
<i>Tea</i>	Ramón Mota Carril*	1955
<i>Guillade</i>	José M ^a Giráldez Montero	1957
<i>Mariño</i>	Delio Rodríguez	1957
<i>Minicine Municipal</i>	Concello de Ponteareas	1991
<i>Multicines Séptimo Arte</i>	Vaesro	1998

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMPON-1

SINATURA: 470/2

DATA: 1950

TÍTULO: *Obra: Cine. Propietario: Amadeo Bargiela Lorenzo. Lugar: C/ Calvo Sotelo, esquina República Argentina.*

DESCRICIÓN: Instancia para a construción dun cine coa incorporación dun proxecto presentado por duplicado con memoria e planos asinados polos arquitectos vigueses Francisco Castro e Pedro Alonso.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras particulares. Segundo fontes orais este cine non se chegou a facer porque os propietarios non foron capaces de comprar as escrituras dun pequeno comercio sito nunha das esquinas no terreo onde se tiña que empregar o cine.

* En 1976 este cine cambia de propietario e pasa a mans de Alfonso Otero Groba.

REFERENCIA: AMPON-2

SINATURA: 2309/3

DATA: 1991

TÍTULO: *Minicine municipal, presuposto 937.932 pts.*

DESCRICIÓN: Memoria sobre os minicines, acta do concello no que se recolle a decisión de adquirir un equipo de minicine, petición de orzamento a Baños Film, fax de contestación de Baños Film, solicitude de subvención á Deputación de Pontevedra, resolución positiva do Goberno Civil coa cantidade de 927.932 pts, acta do concello onde se destinan 50.000 pts para chegar ao prezo do proxector e factura.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. A compra dos minicines non é o único asunto deste expediente xa que está compartido co arranxo do camiño ao castelo Sobroso.

REFERENCIA: AMPON-3

SINATURA: 2241/17

DATA: 1991

TÍTULO: *Dotación de equipo de proyección para el minicine municipal.*

DESCRICIÓN: Memoria e orzamento.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMPON-4

SINATURA: S/S

DATA: 1998

TÍTULO: *Proyecto de minicines na galería comercial da rúa das Pombas en Ponteareas.*

DESCRICIÓN: Proxecto para a construción duns minicines, con memoria, planos, prego de condicións e orzamento asinado polo arquitecto Ramón Díaz Tovar.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencia de obras particulares.

REFERENCIA: AMPON-5

SINATURA: S/S

DATA: 2000

TÍTULO: *Reforma de minicines.*

DESCRICIÓN: Proxecto de reforma de minicines consistente no engadido dunha terceira sala nos minicines emprazados na rúa das Pombas en Ponteareas. O proxecto ten memoria e planos asinado polo arquitecto José Antonio Muiños Acuña.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencia de obras particulares.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-93, AGC-24, AGC-103, AGC-104, AGC-175, AGC-203, AGC-221

IV. Comentario:

Ponteareas é a capital da comarca do Condado e participa do enorme crecemento do eixo establecido entre Vigo e O Porriño. É o concello con maior extensión e cun considerábel número de habitantes. Debido a esta importancia e tendo en conta o número de cines que existiron no seu territorio resúltanos decepcionante o número de fontes documentais atopadas. Esta disparidade non fai xustiza a fonda tradición que Ponteareas tivo co cinematógrafo desde moi cedo. Sabemos que houbo varios cines ao longo do período silente e, algúns, rexidos polo pioneiro cinematográfico galego José Gil*. Mais esta decepción acrecéntase porque, segundo fontes orais comunicadas no curso desta investigación**, sabemos que este persoeiro, de grande relevancia na historia do cinema galego, tivo polo menos dous, isto o fai supor a existencia dun traslado dun primeiro local próximo a praza do comercio a outro máis céntrico, próximo a Casa do Concello.

Mais a nosa vontade é facer comentario respecto a datos certos, sobre a documentación atopada nos distintos arquivos. Se nos limitamos a ese campo o primeiro sala de cine da que temos novas é dunha que, precisamente, non se levou a bo termo, estamos a falar dun cine que, no ano 1950, quedou na fase embrionaria de proxecto (AMPON-1). Para saber da primeira sala permanente de cine en Ponteareas temos que remontarnos ata o ano 1953, estamos a falar do *Tea*, do que atopamos documentación en tábua en AGC-221. Esta afirmación resúltanos, a todas luces, ilóxica, xa que non podemos pensar que ata ese ano non houbera cines estabéis en Ponteareas. Temos que recorrer á información procedente do Arquivo do Goberno Civil para intentar entrever os seguintes pasos da cinematografía no concello. O expediente denominado AGC-103 fálanos da autorización do seguinte cine en aparecer, o cine *Guillade* (AHP-93). Esta sala abriu no ano 1957, ano no que tamén se autoriza o cine *Mariño* (AGC-104), establecemento do que se pode seguir a súa existencia no expediente AGC-203. A modo de recompilación temos o informe sobre os locais de espectáculos onde se fai unha relación dos cines que había na localidade a principios da década dos setenta (AGC-175).

Este período dourado do cine en Ponteareas decae na década dos oitenta, esmorecendo todas as salas. Unha decadencia que o propio concello quere cortar intentando instalar unha *Sala Municipal* (AMPON-2 e AMPON-3). Mais a remisión desta tendencia deuse fai poucos anos, aplicando as novas fórmulas de exhibición cinematográfica, coa instalación duns minicines, *Multicines Séptimo Arte* (AMPON-4 e AMPON-5).

* Este dato está contrastado en González Manuel: voz de “José Gil”, en Cabo Villaverde, José Luis, Coira Nieto, José Antonio e Pena Pérez, Jaime (coords.): *Diccionario do cine en Galicia (1896-2000)*, A Coruña, CGAI/Xunta de Galicia, 2002.

** Concretamente, temos que dar as grazas ao arquivista do concello de Ponteareas D. Antonio José Groba Domínguez.

comarca:

CONDADO, O


3.5 Salvaterra do Miño

Datos xeográficos:

Extensión: 61,8 km²
Poboación: 8.117 hab.
Freguesías: 16

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Salvaterra do Miño
Praza da Constitución, 1
36450, Salvaterra do Miño
Tlf: 986 658 082
Responsábel: D. Ricardo Grandal Pazos



Salvaterra do Miño

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Coliseo	Victoriano Alonso Pardo	1943*

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMSM-1

SINATURA: 594/4

DATA: 1971-1983

TÍTULO: *Espectáculos públicos.*

DESCRIPCIÓN: Notificación do Goberno Civil para o cumprimento da circular nº 1159, ref. 12-2, na que se insta aos concellos a facer unha relación dos locais destinados a espectáculos, o anuncio desta orde aparece no B.O.P., nº 60, 13 de marzo. Aparecen as notificacións asinadas polos propietarios. Nesta relación aparece o cine *Coliseo* que ten como propietario a Victoriano Alonso Pardo e entrega un informe asinado polo arquitecto Juan Ramón Comesaña Alén. Comunicación do Sociedade Xeral de Autores Españois para a suspensión do “videograma” (sic.) utilizado no bar Rancho da Muíneira que ten como propietaria a Isabel Garrido Díaz.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. Segundo o informe do arquitecto entregado polo propietario do cine, este establecemento tiña un aforo situado en 190 persoas.

* Esta é a primeira data na que aparece a autorización governamental mais, tal como indica AGC-114, houbo outra autorización no ano 1948. Caben dúas suposicións do acontecido; a primeira considera a segunda data como unha autorización a unhas reformas a unha sala xa en funcionamento, e a segunda hipótese é máis rebuscada, autorizouse a construción na primeira data e logo por outras cuestións, por exemplo económicas, non se puideran realizar as obras e que, cinco anos despois, tras arranxar as carencias procedeuse á construción contemplando unha nova autorización governamental.

REFERENCIA: AMSM-2

SINATURA: 596/18

DATA: 1983

TÍTULO: *Comunicación del Gobierno Civil en relación a la aplicación del Real Decreto 2332/83 del 1 de noviembre, sobre venta, distribución y exhibición pública de material audiovisual.*

DESCRIPCIÓN: Comunicación do Goberno Civil pedindo aplicación do decreto publicado no B.O.E., o 8 de setembro de 1983, no que se reafirmaba que unicamente as salas de exhibición cinematográficas con autorización do Ministerio de Cultura tiñan dereitos para proxectar filmes.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. A promulgación deste decreto viña motivado pola proliferación de vídeos que se instalaban en locais de hostalería.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-33, AGC-83, AGC-114, AGC-177

IV. Comentario:

Ao falar do cine en Salvaterra do Miño temos que referirnos á única sala do concello, o *Coliseo*. Mais isto non resulta nada fácil porque nos atopamos con problemas á hora de datar os seus comezos. Segundo a documentación referida no Arquivo do Goberno Civil atopámonos cun expediente sobre a autorización de dito cine con dúas datas de autorización con cinco anos de diferenza, 1943 e 1948 (AGC-114). As hipóteses sobre o que puido ocorrer son variadas mais este estudio prefere non decantarse por ningunha e aportar a existencia de ámbalas dúas. Malia todo, no informe sobre os locais de espectáculos sitos no concello (AGC-177) apóstase por un ano, o 1948. O *Coliseo* tamén é o protagonista dun historial administrativo (AGC-33), máis este non é claramente resolutivo no contencioso xa que comeza a recoller incidencias apartir do ano 1954.

Das últimas etapas do cine da conta a documentación atopada no Arquivo Municipal de Salvaterra do Miño e que servía de base para facer a relación de locais de espectáculos aportado polo concello ao Goberno Civil (AMSM-1). A outra referencia fai alusión a unha orde do Ministerio de Cultura onde se quere controlar a venta e distribución de material audiovisual (AMSM-2). Esta fonte, que podía ser catalogada de secundaria, di moito sobre as medidas a tomar e sobre os estragos que estaba a causar a aparición dos chamados “videogramas” (sic.) e dicir, o vídeo. Circunstancia esta da que xa había reiteración como consta na documentación secundaria (AMSM-1). Por último compre facernos eco da excepcionalidade de que unha vila tan pequena como Salvaterra do Miño tivera unha agrupación cinéfila, o cineclub *Xas*, inaugurado no ano 1977 baixo o abrigo da Sociedade Cultural do Condado (AGC-83).

comarca



4. DEZA

4.1 Dozón

4.2 AGolada

4.3 Lalín

4.4 Rodeiro

4.5 Silleda

4.6 Vila de Cruces

comarca:

DEZA

4.1 Agolada

Datos xeográficos:

Extensión: 147, 4 km²

Poboación: 3.875 hab.

Freguesías: 25

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Agolada

Praza Consistorial, 1

36520, Agolada

Tlf: 986 788 063

Responsábel:



Agolada

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Cinema Golada	Ramón Barrio Negro	1969

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMAG-1

SINATURA: 163/31

DATA: 1969

TÍTULO: *Obra: solicitud de licencia de obras para ampliación e sala de proyección de cine. Propietario: Ramiro Barrio Negro. Lugar: Ventosa.*

DESCRICIÓN: Instancia presentado por Ramiro Barrio Negro para que o concello lle dea autorización para a construción do *Cinema Golada*.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77, AGC-186

IV. Comentario:

Grazas á única fonte documental atopada no Arquivo Municipal do Concello da Agolada sabemos que houbo unha sala cinematográfica, o *Cinema Golada* (AMAG-1). A verdade é que atopar este dato foi bastante sorprendente porque Agolada é un concello moi grande, con pouca poboación e

repartida nun número elevado de freguesías e de marcado carácter rural e secundario porque está á sombra do nodo neurálxico da comarca do Deza que é Lalín. Mais estas condicións xeográficas hai que analizalas na súa xusta medida, xa que a comarca do Deza é unha das máis grandes de Pontevedra polo que a organización administrativa e de servizos necesita destes centros secundarios para atender a poboación espaxada.

Mais hai que volver a esta excepcionalidade e analizala polo miúdo, e así tamén sabemos que o cine na Agolada chegou moi tarde a finais da década dos sesenta. Un dato que volve a subscribir a opinión preconcebida que tiñanos sobre as condicións deste concello para acoller un cine. Esta observación volve a estar de manifesto se revisamos o expediente atopado no Goberno Civil onde se fai unha relación dos locais de espectáculos da Agolada (AGC-186). Como xa sabemos, a natureza destes informes procede de dar resposta a unha orde do goberno para controlar a solidez e a seguridade dos edificios que acollen público. Esta orde foi dictada no ano 1971 e, curiosamente, se revisamos este informe non atopamos ningunha referencia ao *Cinema Golada*. Mais información sobre este cine, concretamente a carpeta xerada polo Sindicato Provincial de Espectáculos, a temos a nivel provincial, no AHP-77.

comarca:

DEZA


4.2 Dozón

Datos xeográficos:

Extensión: 74,6 km²
Poboación: 2.059 hab.
Freguesías: 8

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Dozón
Avenida Médico F. Martínez Iglesias, 1
36518, Dozón
Tlf: 986 780 471
Responsábel:



Dozón

I. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMD-1

SINATURA: 169/2

DATA: 1991

TÍTULO: *Subvención con destino al ciclo de cine, concurso periodístico.*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-173

IV. Comentario:

Toda as características comentadas respecto a Agolada increméntanse á hora de falar de Dozón. Un concello que pasa por ser o de dimensións máis reducidas da comarca (aínda así ten unha extensión considerábel), o que ten menos poboación e, aínda por riba, é o máis montañoso polo que supón que os seus habitantes estean repartidos ata en 53 núcleos de poboación. Sen dúbida, Dozón resulta o concello máis paradigmático da provincia sobre a imposibilidade de establecer permanentemente unha sala comercial de cine. O certificado oficial da non existencia de cines no concello o da o informe atopado no goberno civil onde se fai unha relación dos locais de espectáculos que existían en Dozón (AGC-173). Esta incompatibilidade inténtase amañar en épocas recentes con sesións de cine ocasionais con ciclos programados polo concello (AMD-1).

comarca:

DEZA

4.3 Lalín

Datos xeográficos:

Extensión: 325,6 km²

Poboación: 20.684 hab.

Freguesías: 52

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Lalín

Praza do Concello, 1

36500, Lalín

Tlf: 986 787 060

Responsábel:



Lalín

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Lalín</i>	Gustavo Pérez	1942*
<i>Español</i>	Celso Taboada Gómez**	1944
<i>Corpiño</i> ***	Perfecto Montoto Taboada	1962
<i>Campos</i>	Adolfo Campos Panadeiros	1968
<i>Multicines do Deza</i>	-	2001
<i>Pontiñas</i>	Filmax	2003

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AML-1

SINATURA: 147/13

DATA: 1944

TÍTULO: *Propietario: Celso Taboada Gómez. Obra: solicitud de licencia para un cinematógrafo. Lugar: Calle Joaquín Loriga-Lalín.*

DESCRICIÓN: Contén proxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto Enrique Álvarez-Sala y Moris.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

* Este cine ven recollido en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Hispanoamericano 1950-1951*, Sindicato Nacional del Espectáculo, Madrid, 1951, p. 476. Este cine sería comprado polos Irmáns Taboada que construírían un novo cine Lalín no ano 1957, tal como ven recollido en Cabo Villaverde, José Luis, Sánchez García, Jesús Ángel e Etchevarría Marchesi, Marta (coords.): *Cinematógrafos de Galicia 1896-2002*, (catálogo), A Coruña, Xunta de Galicia, 2004, sp.

** Segundo AML-3, en 1954 este cine sería motivo dun traspaso pasando a ser propiedade de Manuel Balado.

*** Este cine ven recollido en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español 1962*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1962, p. 964.

REFERENCIA: AML-2

SINATURA: 150/9

DATA: 1960

TÍTULO: *Propietario: Manuel Balado González. Obra: solicitud licencia de obra para construcción de un cine. Lugar: Calle Observatorio-Lalín.*

DESCRICIÓN: Contén proxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto Emilio Quiroga Losada.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Segundo consta na documentación, trátase dunha reconstrucción no solar resultante da demolición do cine que xa existía.

REFERENCIA: AML-3

SINATURA: 313/1

DATA: 1954

TÍTULO: *Solicitud de licencia de Manuel Balado González para instalación de cinematógrafo en la Calle General Franco de Lalín, local adquirido por traspaso a Celso Taboada Gómez, el antiguo "Cine Español".*

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecimientos.

REFERENCIA: AML-4

SINATURA: 313/10

DATA: 1966

TÍTULO: *Solicitud de licencia de obra de Adolfo Campos Panadeiros para construcción de un edificio en la calle "A" de Lalín con destino a cine, cafetería e vivendas.*

DESCRICIÓN: Contén proxecto con memoria e planos.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecimientos.

REFERENCIA: AML-5

SINATURA: 993/3

DATA: 1945-1956

TÍTULO: *Declaraciones de alta en la matrícula industrial por actividades de espectáculos públicos.*

DESCRICIÓN: Contén as declaracións da alta industrial polo cine *Español*, sito na rúa Joaquín Loriga e correspondentes aos anos 1945, 1949, 1950, 1951, 1953, 1954 e 1956.

OBSERVACIÓNS: Impostos.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77, AGC-98, AGC-154, AGC-174, AGC-210, AGC-222

IV. Comentario:

Falar do cine en Lalín resulta bastante complicado e, ademais as fontes documentais atopadas non aclaran moito. Neste espazo imos a enumerar unha serie de aspectos que quedan no aire ou que están pouco definidos.

Primeiro: Lalín é a capital da comarca do Deza polo que, desde comezos de século, converteuse nunha entidade de poboación importante, porén, sorprende que teña un número de cinemas tan baixo.

Segundo: os primeiros cines dos que temos constancia son os que irrumpen na posguerra, a mediados dos anos corenta, en plena efervescencia cinematográfica, estamos a falar do cine *Lalín* e do *Español* (AML-1 e AGC-98). Esta tardanza resúltanos moi sospeitosa polo que nos leva a soste que estamos obviando algunha sala anterior, por exemplo, algún cine con actividade durante o período silente.

Terceiro: o devir destas dúas salas nos falan de que o cine era un negocio en auxe; ampliación do anfiteatro do cine *Lalín* (AGC-222), as renovacións anuais das altas industriais do *Español* (AML-5), o cambio de propietario debido ao traspaso do negocio do cine *Español* (AML-3) e derrube do edificio do cine *Lalín* e construción dun novo (AML-2).

Cuarto: aquí atópase o verdadeiro problema, xa que este derrube está datado no ano 1960, máis sabemos que o novo edificio constrúise no ano 1957.

Quinto: A multitude de nomes que acompañan ao apelido Taboada (Julio, Luis e Manuel) como propietario do *Español* e do *Lalín*. Isto débese a que, nos anos cincuenta, quen dirixía os dous negocios era a empresa Irmáns Taboada, aínda que isto cambiará a finais da década dos sesenta, cando os cines pasen a mans da empresa Gallega del Cine S. L..

Sexto: a principios dos sesenta aparecen salas periféricas, aos arredores de Lalín, en Losón, como a do *Corpiño* (AHP-77) e a finais dos sesenta aparecerá o próximo cine, o *Campos*, englobado, segundo o proxecto, no baixo dunhas vivendas (AML-4).

Sétimo: apesares de que este estudio non ten posibilidade de acceder a documentación con menor idade dun lustro, sabemos que co cambio de século se instalaron dous multisalas: os *Multicines do Deza* e o *Pontiñas*. Deste modo, despois de desaparecer o cine en Lalín, esta localidade en plena expansión económica volve a contar co cine como peza clave para canalizar o tempo libre dos seus habitantes, sendo un dos núcleos urbanos con maior oferta cinematográfica da provincia.

comarca:

DEZA


4.4 Rodeiro

Datos xeográficos:

Extensión: 154,2 km²
Poboación: 3.734 hab.
Freguesías: 19

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Rodeiro
Praza da Fonte, s/n
36530, Rodeiro
Tlf: 986 790 009
Responsábel:



Rodeiro

I. Comentario:

Rodeiro participa dalgunhas das características do concello veciño de Dozón. É un territorio de amplas dimensións, cunha xeografía agreste o que fai que a pouca poboación que ten este moi diseminadas e a dependencia de servizos de Lalín fai que Rodeiro tampouco teña un hábitat aconsellábel para a emprazar unha sala de cine permanente.

comarca:

DEZA


4.5 Silleda

Datos xeográficos:

Extensión: 85,8 km²
Poboación: 9.092 hab.
Freguesías: 33

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Mondariz
Xeneral Franco, 55
36540, Silleda
Tlf: 986 580 346
Responsábel:



Silleda

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Victoria</i>	Luis Lázaro Orrea*	1945
<i>Salgar/Bandeira</i> **	José Salgueiro Gómez***	1958

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMSI-1

SINATURA: 1552/19

DATA: 1985

TÍTULO: Programación de "Noites de cine".

DESCRICIÓN: Non se atopa o expediente.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMSI-2

SINATURA: 1643/1

DATA: 1988-1991

TÍTULO: *Albúm de fotos: Visita de Cuiña (1990), votadura con salmón, expropiación de cine, Día da Música, Festas patronais de Silleda, visita Expo-92, campo de tiro, Concello de Barcelos, ruta cabalar.*

DESCRICIÓN: Contén fotos do cine *Victoria* datadas en 1990.

* Por medio de AGC-30 sábese que a principios da década dos cincuenta este cine cambiou de propietario, pasou a ser dirixido por Cesáreo Sánchez Alonso.

** Segundo as fontes que se consultaron, a denominación deste cine sofre certa confusión. Este cine tanto era coñecido polo o seu nome *Salgar*, como o nome da freguesía do concello de Silleda onde estaba emprazado, *Bandeira*. Nos optamos por incorporar os dous termos máis, para saír de dúbidas, suxerimos ler as observacións de AGC-30.

*** Segundo a descrición do AGC-187, sabemos que nos últimos anos de actividade o cine *Salgar*, ou tamén chamado *Bandeira*, estivo baixo a tutela de José Pena Lázaro.

OBSERVACIÓNS: Alcalde. Hai unha docena de fotos.

REFERENCIA: AMSI-3

SINATURA: 1470/7

DATA: 1995

TÍTULO: *Expediente de colaboración coa rodaxe da película "La ley de la frontera".*

DESCRICIÓN: Inclúe solicitude e concesión de permisos para a rodaxe nos seguintes lugares: entorno de Carboeiro, entorno das cataratas do río Toxa e das canteiras de Campomarzo. A rodaxe (segundo o plan que figura) tivo lugar entre o 22 de maio e o 1 de xuño.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77, AHP-93, AGC-30, AGC-34, AGC-187

IV. Comentario:

Silleda é un concello marcado pola súa situación a medio camiño entre Santiago e Ourense e porque é a sede dunha afamada feira agropecuaria. Así é todo, entre as fontes documentais destacadas do Arquivo Municipal de Silleda vemos que ningunha fai referencia directa aos cines que se instalaron no concello. Así sabemos que houbo un expediente (non se atopa) no que o concello realizaba unha actividade cultural relacionada co cine (AMSI-1). Tamén temos coñecemento de que Silleda foi elaborando un álbum de fotos (AMSI-2), revisando este material gráfico atopamos varias fotos sobre o cine *Victoria* datadas en 1990. E por último facemos notar o papel desempeñado polas autoridades locais no tocante da colaboracións nos procesos de rodaxes das distintas produción do audiovisual galego, neste caso o filme que requiría a colaboración do Concello de Silleda foi *La ley de la frontera* do director arxentino Adolfo Aristarain.

Se revisamos a información do Arquivo do Goberno Civil poderemos seguir a vida do cine *Victoria* (AGC-30). Polo contrario, no expediente aberto ao cine *Salgar/Bandeira* apenas contamos cunha petición do Ministerio de Cultura pedindo información sobre dita sala á comandancia de Silleda (AGC-34). Por el contrario si que contamos con varias carpetas singularizadas procedente do Sindicato Provincial de Espectáculos (AHP-77 e AHP-93). Máis información atopamos no informe redactado sobre os locais de espectáculos emprazados no Concello de Silleda (AGC-187), sinalándonos o seu último propietario e a data no que se deu de baixa.

comarca:

DEZA


4.6 Vila de Cruces

Datos xeográficos:

Extensión: 154,5 km²
Poboación: 6.953 hab.
Freguesías: 28

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Vila de Cruces
Praza Juan Carlos I, 1
36590, Vila de Cruces
Tlf: 986 582 095
Responsábel:



Vila de Cruces

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Mary</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns*	1958
<i>Minas de Fontao</i>	Maximino Rodríguez Moreira/ Fomento Hispania S.A.	1959

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMVC-1

SINATURA: 125/3

DATA: 1981

TÍTULO: Expediente de expropiación forzosa de bienes y derechos para la ejecución de las obras de apertura y urbanización de la calle del Cine.

OBSERVACIÓN: Patrimonio.

REFERENCIA: AMVC-2

SINATURA: 126/1

DATA: 1981

TÍTULO: Expediente de expropiación forzosa para la ejecución de las obras de apertura y urbanización de la calle del Cine.

OBSERVACIÓN: Patrimonio.

* Existe datos que se contradín respecto ao propietario deste cine, mentres o AGC-42 sinala que esta sala cinematográfica é do empresario Dignatario Cerdeira Señoráns, en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español* 1962, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1962, p. 966 e no AMVC-14 se sinala como propietario a Ernesto Pampín Navazas. Mais a referencia municipal ten un problema coa cronoloxía xa que, en 1961, o cine *Mary* xa levaba tres anos funcionando. Estes desacordes caben na hipótese de que o cine *Mary* fose unha intención de explotalo pola empresa de Cerdeira Señoráns, mais ao non encher de todo as expectativas creadas o cine pasase a mans de Pampín Navazas.

REFERENCIA: AMVC-3 **SINATURA:** 167/28 **DATA:** 1988

TÍTULO: *Alumbramiento de la calle del Cine. Tratamiento asfáltico y terminación de aceras de las calles: 1, 2, 3, 4, 5 y 9. Tratamiento asfáltico calles General Mola y Calle Vello. Acceso a Fonte Vella.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-4 **SINATURA:** 173/24 **DATA:** 1980

TÍTULO: *Expediente de actualización de precios del proyecto de obra de apertura y urbanización de la calle del Cine.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-5 **SINATURA:** 173/24 **DATA:** 1980

TÍTULO: *Expediente de actualización de precios del proyecto de la obra de apertura y urbanización de la calle del Cine.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-6 **SINATURA:** 174/6 **DATA:** 1985

TÍTULO: *Expediente de aprobación del proyecto técnico de alumbrado en la calle del Cine.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-7 **SINATURA:** 174/6 **DATA:** 1985

TÍTULO: *Expediente de aprobación del proyecto técnico de alumbrado en la calle del Cine.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-8 **SINATURA:** 187/3 **DATA:** 1984

TÍTULO: *Proyecto de apertura y urbanización de la calle del Cine.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-9 **SINATURA:** 195/1 **DATA:** 1984

TÍTULO: *Proyecto de alumbrado de la calle del Cine de Vila de Cruces.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-10

SINATURA: 218/2

DATA: 1979-1986

TÍTULO: *Expediente de contratación directa de las obras de apertura y urbanización de la calle del Cine.*

OBSERVACIÓNS: Contratación. Expedientes de contratación.

REFERENCIA: AMVC-11

SINATURA: 218/2

DATA: 1979-1986

TÍTULO: *Expediente para la contratación directa de las obras de apertura y urbanización de la calle del cine.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-12

SINATURA: 224/4

DATA: 1985-1992

TÍTULO: *Expediente de contratación mediante subasta de las obras de alumbrado de la calle del Cine.*

OBSERVACIÓNS: Obras municipais.

REFERENCIA: AMVC-13

SINATURA: 238/6

DATA: 1961

TÍTULO: *Obra: edificio-cine. Propietario: Otero Otero, José. Lugar: Merza.*

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares.

REFERENCIA: AMVC-14

SINATURA: 238/6

DATA: 1961

TÍTULO: *Obra: Hueco en cine. Propietario: PAMPÍN NAVAZA, ERNESTO. Lugar: As Cruces.*

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares.

REFERENCIA: AMVC-15

SINATURA: 293/49

DATA: 1961

TÍTULO: *Establecimiento: cine. Propietario: MONTOTO TABOADA, MARÍA. Lugar: Fontao.*

DESCRIPCIÓN: Instancia para solicitar a apertura dun establecemento para a instalación dun cinematógrafo por parte da propietaria María Montoto Taboada na freguesía de Fontao. Xa que construíu un edificio destinado a dar sesións de cine e tendo a autorización do Goberno Civil. Contestación afirmativa do Concello de Vila de Cruces.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecementos. A data exacta da instancia é do 11 de xaneiro de 1961.

REFERENCIA: AMVC-16

SINATURA: 293/57

DATA: 1962

TÍTULO: *Establecimiento: cine. Propietario: OTERO OTERO, JOSÉ. Lugar: Merza.*

DESCRIPCIÓN: Instancia para solicitar licencia de apertura de establecimiento dedicado á explotación cinematográfica nun edificio situado na freguesía de Merza. Contestación afirmativa do concello de Vila de Cruces.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencia de apertura de establecementos.

REFERENCIA: AMVC-17

SINATURA: 654/4

DATA: 1957

TÍTULO: *Concierto de cines.*

OBSERVACIÓNS: Recadación. Contas de recadación.

REFERENCIA: AMVC-18

SINATURA: 654/5

DATA: 1958

TÍTULO: *Concierto de usos y consumos y cines.*

OBSERVACIÓNS: Impuestos.

REFERENCIA: AMVC-19

SINATURA: 654/6

DATA: 1961

TÍTULO: *Padrón del importe de los conciertos celebrados por los industriales en este ayuntamiento dividido en los epígrafes que se citan: *Conciertos de comunes y de pasto. * Conciertos de usos y consumos. *Concierto de carnes frescas. * Conciertos de cines.*

OBSERVACIÓNS: Impuestos.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-9, AHP-77, AGC-42, AGC-47, AGC-93, AGC-222

IV. Comentario:

Vila de Cruces é un dos concellos de Pontevedra que estableceu unha peculiar a relación co cine. Como podemos observar rescatamos un bo feixe de referencias que poden causar desconcerto a quen repare nos condicionamentos xeográficos do concello. Polo tanto este comentario pide unha análise mais en detalle.

Desde o AMVC-1 ao AMCV-12 sitúanse referencias documentais que nos falan de sobre as distintas alteracións dunha vía que recibe o nome “Rúa do Cine”. Este é un dato moi significativo xa que vemos como a presenza dun cine, concretamente o *Mary*, nunha das rúas de Vila de Cruces é suficiente para reconducir a toponimia polo grao de especialidade da sociedade da zona. A presenza do cine nunha zona que aínda non recibira ningún nome e tras todas as modificacións urbanísticas sucedidas fálanos directamente da importancia do cine como motor da vila.

Por outro lado falar do sucedido en Vila de Cruces é falar da mina de volframio a ceo aberto que explotou a empresa Fomento Hispania S.A. e que alterou, de forma contundente, o devir deste concello na segunda metade do século XX. A chegada desta empresa fixo que Vila de Cruces experimentase algo parecido a unha “quentura do ouro”, onde ademais de atraer a un par de miles de traballadores coas súas familias e novas infraestructuras, tamén serviu de tirón para que se instalasen dous cines nun período breve de tres anos. Un foi instalado na localidade, o xa sinalado cine *Mary* (AGC-42), e o outro foi construído pola empresa Fomento Hispania ao carón do campamento dos seus operarios (AGC-47 e AGC-93).

Mais as cousas non quedan aí, hai outras referencias documentais do Arquivo Municipal de Vila de Cruces que nos alteran totalmente a liña do discurso dobre do cine nesta localidade. Nos estamos a referir as dúas novas tentativas para instalar, polo menos, outros dous cines, un na freguesía de Fontao (AMVC-15) e outro na de Merza (AMVC-13 e AMVC-16). Estas dúas iniciativas, segundo esta información, contaron coa resposta afirmativa do concello. No AHP-77, na documentación referente ao Sindicato Provincial de Espectáculos, fálase do cine *Catañal* emprazado en Fóntao e do cine que existía na freguesía de Merza. Malia todo isto, estes dous cines arrastran moitas dificultades para localizalos con exactitude, de aí o noso reparo a incorporalos a lista de cines que existiron no concello. Non existen fontes máis precisas que corroboren a estas dúas tentativas de instalar estas salas, mais existisen, non é de estrañar que, con tanta oferta cinematográfica, o Concello de Vila de Cruces intentase deseñar un concerto sobre os impostos a pagar por este tipo de establecementos (AMVC-17, AMVC-18 e AMVC-19).

comarca



5. MORRAZO, O

5.1 Bueu

5.2 Cangas do Morrazo

5.3 Marín

5.4 Moaña

comarca:

MORRAZO, O

5.1 Bueu

Datos xeográficos:

Extensión: 31 km²

Poboación: 12.342 hab.

Freguesías: 4

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Bueu

Eduardo Vicenti, 10

36930, Bueu

Tlf: 986 390 029

Responsábel: D. Belarmino Barreiro.



Bueu

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Victoria</i>	José Martínez Camiña*	1922
<i>Imperial</i>	R. Ameneiro	1939
<i>Avenida</i>	Antonio Soaje Jalda**	1943
<i>Guerra</i>	José Casaleiro***	1961****

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMBU-1

SINATURA: 1250/12

DATA: 1926

TÍTULO: *Circular para notificar al empresario José López Díaz para que cumpla estrictamente con su horario.*

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMBU-2

SINATURA: 1250/16

DATA: 1928

TÍTULO: *Expediente relativo a la obligatoriedad de la empresa del cinematógrafo de que se provenga de extintores*

* García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 669. Mais como podemos observar en AMBU-1 polo ano 1926 o empresario que explota o cine é José López Díaz e tal como vemos n ACG-181 pasaría a mans de Luis Carballo González.

** Este propietario tiña una cadea de cines pola zona que respondían baixo o nome da empresa Espectáculos Celta S.L.. E tal como ven especificado nas observacións de AGC-11, en 1976 o cine *Avenida* cambiaría de mans, pasando a Luis Carballo González.

*** Polos contidos de AMBU-11 sábese que, en 1972, este cine pasou a ser propiedade de Luis Carballo González, persoa que ao final acabou por posuír varios cines da zona.

**** Esta é unha data aproximativa e a elección deste ano débese que é a primeira vez que temos recollida algunha nova sobre o cine. Deste modo, aparece en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español 1962*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1962, p. 964.

de incendios.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMBU-3

SINATURA: 1250/28

DATA: 1935

TÍTULO: *Notificación a José López Díaz para que todas las instalaciones del "Cine Victoria" sean ignífugas.*

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMBU-4

SINATURA: 1365/10

DATA: 1959

TÍTULO: *Expediente sobre registro de espectadores que asisten al "Cine Avenida".*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expediente de actividade cultural.

REFERENCIA: AMBU-5

SINATURA: 1372/15

DATA: 1996

TÍTULO: *Expediente de actividades cinematográficas en la casa de cultura.*

DESCRIPCIÓN: Proxección de películas en video para rapaces.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMBU-6

SINATURA: 2464/5

DATA: 1989

TÍTULO: *Ordenanza fiscal número 12. Tasa por ocupación de puesto de barracas, caseta de venta, espectáculos o atracciones situadas en terrenos de uso público e industria callejera ambulante y rodaje cinematográfico.*

OBSERVACIÓNS: Tasas. Ordenanzas fiscais.

REFERENCIA: AMBU-7

SINATURA: 2700/3

DATA: 1945

TÍTULO: *Expediente de control de censura cinematográfica.*

DESCRIPCIÓN: Películas proxectadas nos cines *Victoria, Avenida e Imperial* ao longo da década dos 40.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMBU-8

SINATURA: 743/2

DATA: 1990

TÍTULO: *Obra: Proyecto de demolición del cine. Propietario: El Marco Inmobiliaria, S. A. Lugar: C/ Alfonso Castelao, nº 9.*

DESCRIPCIÓN: Contén proxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto técnico Benito

Castro-Estévez.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares.

REFERENCIA: AMBU-9

SINATURA: 695/9

DATA: 1985

TÍTULO: *Obra: Condiciones de edificabilidad. Propietario: Celestino García y José Loira García. Lugar: C/ Castelao (antigo cine).*

DESCRICIÓN:

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares. O cine en cuestión é o *Avenida*.

REFERENCIA: AMBU-10

SINATURA: 694/16

DATA: 1985

TÍTULO: *Obra: Cambio de cubierta, Cine Avenida. Propietario: Luis Carballo González. Lugar: A. R. Castelao- Bueu.*

DESCRICIÓN: Luis Carballo González solicita licencia para cubrir con uralita o patio posterior do cine *Avenida*.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMBU-11

SINATURA: 1115/22

DATA: 1972

TÍTULO: *Establecimiento: Cambio de titularidad de cine "Victoria". Propietario: Luis Carballo González.*

DESCRICIÓN: Luis Carballo González, que conseguiu o traspaso do cine *Victoria*, desexa continuar como empresario desta actividade polo que solicita ao concello autorización.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencia de apertura de establecementos.

REFERENCIA: AMBU-12

SINATURA: 538/73

DATA: 1963

TÍTULO: *Obra: Cambio de cubierta de edificio destinado a Cine en Beluso. Propietario: José Casaleiro Domínguez. Lugar: Montemogos, Beluso.*

DESCRICIÓN: Solicitud de licencia.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMBU-13

SINATURA: 2645/12

DATA: 1997

TÍTULO: *Expediente de adquisición de mobiliario y video para la Casa de Cultura a favor de ACUGAL.*

DESCRICIÓN:

OBSERVACIÓNS: Contratación.

REFERENCIA: AMBU-14

SINATURA: 1250/9

DATA: 1925

TÍTULO: *Circular referente a la seguridad en los espectáculos públicos.*

DESCRICIÓN: Contén circular enviada polo Goberno Civil da Provincia.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMBU-15

SINATURA: 1250/25

DATA: 1934

TÍTULO: *Expediente relativo a la obligatoriedad de los empresarios de los espectáculos públicos para que presenten su aforo, nombre del local, expresando también la clase y el número y precio de las entradas.*

DESCRICIÓN: Consta o aforo do cine *Victoria*: 183 butacas (a 1 pta.) e 130 general (0'50 cts.).

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMBU-16

SINATURA: 1327/36

DATA: 1971

TÍTULO: *Escrito circular disponiendo el reconocimiento de salubridad de locales destinados a espectáculos o recreos públicos.*

OBSERVACIÓNS: Sanidade. Expedientes de sanidade.

REFERENCIA: AMBU-17

SINATURA: 1344/46

DATA: 1937-1950

TÍTULO: *Tributo asignado a la Junta de Protección de Menores, que es un 5% del precio de espectáculos públicos. Boletines de cobro de dicho impuesto.*

DESCRICIÓN: Contén documentación correspondente a diversos períodos dos anos coarenta.

OBSERVACIÓNS: Beneficiencia e asistencia social.

REFERENCIA: AMBU-18

SINATURA: 1347/5

DATA: 1955

TÍTULO: *Tributo asignado a la Junta de Protección de Menores, que es un 5% del precio de los espectáculos públicos. Boletas de cobro de dicho impuesto.*

DESCRICIÓN: Esta documentación ven referida ao respecto do cine *Victoria* e o *Avenida*.

OBSERVACIÓNS: Beneficiencia e asistencia social.

REFERENCIA: AMBU-19

SINATURA: 2433/6

DATA: 1928-1930

TÍTULO: *Libro de Administración de contribución de vinos, alcoholes y espectáculos (de enero de 1928 a agosto de 1930).*

OBSERVACIÓN: Impuestos.

REFERENCIA: AMBU-20

SINATURA: 2443/3

DATA: 1952-1954

TÍTULO: *Expedientes del concierto de usos y consumos sobre espectáculos (1 de abril de 1952 a 31 de diciembre de 1954).*

OBSERVACIÓN: Tasas. Ordenanzas fiscais.

REFERENCIA: AMBU-21

SINATURA: 2758/17

DATA: 1959

TÍTULO: *Expediente de conciertos suscritos con el ayuntamiento por los empresarios de espectáculos para el año 1959.*

OBSERVACIÓN: Impuestos.

REFERENCIA: AMBU-22

SINATURA: 2760/12

DATA: 1995

TÍTULO: *Aprobación ordenanza fiscal reguladora del precio público por el servicio e organización de festivales y espectáculos.*

OBSERVACIÓN: Tasas. Ordenanzas fiscais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-36, AGC-10, AGC-11, AGC-181

IV. Comentario:

Temos que dicir que Bueu é un dos concellos onde máis fontes documentais permanecen nos seus arquivos. Esta observación non hai que facela unicamente en criterios de cantidade senón tamén de calidade. As referencias atopadas abranguen un período moi amplo sendo moi nutridas nas distintas etapas nas que se pode clasificar a explotación cinematográfica.

Na relación de cines de Bueu podemos ver que este concello gozou de cine desde os primeiros anos vinte coa instalación do cine *Victoria* (AGC-11). Esta presenza se corresponde con documentación do concello: circular do Goberno Civil referente á seguridade nos espectáculos (AMBU-14), control dos horarios (AMBU-1), necesidade de contar con extintores (AMBU-2),

contar cunhas instalación ignífugas (AMBU-3), necesidade de presentación do aforo co prezo das entradas (AMBU-15) e libro de construción de espectáculos (AMBU-19). A próxima sala cinematográfica en instalarse na localidade, a *Imperial*, o faría inmediatamente despois de rematar a contenda civil e, poucos anos despois, tocaríalle a quenda ao *Avenida* (AGC-11). Esta oferta xerará bastante documentación: control da censura (AMBU-7), rexistro de espectadores (AMBU-4), pagos do imposto pola protección do menor (AMBU-17 e AMBU-18), o concerto sobre o imposto de usos e consumos (AMBU-20 e AMBU-21) e filmes proxectados na vila no ano 1960 (AHP-36).

Mais a oferta cinematográfica no concello non era suficiente e chegou unha nova sala, o cine *Guerra*, sito na freguesía de Beluso (AMBU-12). Tras a información enviada despois da circular do Goberno civil onde se pedía que se informase sobre seguridade dos locais onde se fan espectáculos públicos (AMBU-16) esta institución provincial recapitula os establecementos de explotación cinematográfica en Bueu nos primeiros anos dos 70 (AGC-181).

Nas últimas décadas do pasado século chega a decadencia e a documentación atopada nos describen o triste final dos cines de Bueu; cambio de cuberta (AMBU-10), condicións de edificabilidade (AMBU-9) e demolición do cine *Avenida* (AMBU-8).

E así, coa desaparición do cine en Bueu chegaron novos tempos caracterizados por dotar de audiovisuais á Casa Cultural (AMBU-13) e así realizar proxeccións de vídeo para os rapaces (AMBU-5) e regular as actividades de rodaxes cinematográficos (AMBU-6) e os prezos das entradas dos espectáculos públicos (AMBU-22).

comarca:

MORRAZO, O


5.2 Cangas do Morrazo

Datos xeográficos:

Extensión: 38,1 km²
Poboación: 24.458 hab.
Freguesías: 5

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Cangas do Morrazo
Rúa Real, 29
36940, Cangas
Tlf: 986 300 050
Responsábel:



Cangas do Morrazo

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Principal*</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1938
<i>Cangas**</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	194?
<i>Aldán</i>	Manuel Paz Castro	1948
<i>Avenida</i>	Antonio Soage Jalda	1952***
<i>Calvar</i>	Eduardo Pérez Calvar	1953
<i>Galaxias</i>	Gaper Cines	1979
<i>Galas</i>	Manuel Núñez Fernández	1983

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMCM-1

SINATURA: B.1.9/5

DATA: 1952

TÍTULO: *Reforma de cinematógrafo y salón de baile. Antonio Soage Jalda y Eduardo Pérez Calvar.*

DESCRICIÓN: Contén proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Quiroga Losada.

OBSERVACIÓNS: Pérez Calvar, empresario cinematográfico e veciño de Moaña, posuía xa un local en Moaña chamado cine *Prado*.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

* Deste cine atopamos referencia en García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 674.

** *Ídem*, p. 690.

*** Cabe supor polo contido de AMCM-1 que este cine xa viña funcionando con antelación a esta data.

AHP-77, AGC-12, AGC-13, AGC-67, AGC-85, AGC-144, AGC-148, AGC-215

IV. Comentario:

A análise do resultado desta investigación no Concello de Cangas do Morrazo hai que atilala como moi decepcionante. Se comparamos o número de cines e a contía das referencias documentais atopadas vemos que algo non foi ben, que parece sorprendente que unha relación de cines tan grande non xere máis testemuñas documentais.

Cangas do Morrazo é unha entidade de poboación moi importante, é a capital dunha comarca, a do Morrazo, que posúe unha forte densidade de poboación. Este condicionamento demográfico explica a importante relación de cines que se estableceron alí. Polo contrario a carencia de información hai que botarlle a culpa aos diferentes atrancos –incendios e traslados-, que tivo ao longo da súa historia o material documental que compuña o arquivo.

A única información que aparece no Arquivo Municipal de Cangas do Morrazo pertence a un proxecto de reforma do cine *Avenida* (AMCM-1), polo que se queremos afondar na relación de cines do concello temos que ir ao Arquivo do Goberno Civil. Entre toda a información que atopamos alí a máis clarificadora é a que fai unha relación sobre os locais de espectáculos de Cangas do Morrazo (AGC-215). Nesta fonte documental atopamos a relación de cines que funcionaban a comezos da década dos setenta; o *Aldán*, o *Avenida* (do que temos máis información en AGC-67), o *Calvar* e o *Galaxias* (protagonista do AGC-144). Mais aínda faltaría por chegar a principios dos oitenta, o cine *Galas* (AGC-12). Por último tamén hai que sinalar como este concello tamén practicou o asociacionismo cinematográfico, contando co cineclub *Cangas* apartires do ano 1977 (AGC-85).

comarca:

MORRAZO, O

5.3 Marín

Datos xeográficos:

Extensión: 35, 9 km²

Poboación: 24.825 hab.

Freguesías: 7

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Marín

Avda. Ourense, 1

36900, Marín

Tlf: 986 880 300

Responsábel:



Marín

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Salón Fénix*	-	1906
Salón Veiga**	Sánchez Palma	1915
Cinema X***	Liceo-Casino	1915
Quiroga****	Francisco Salazar	1918
Seijo	José Carballo García	1940
Avenida	Francisco Salazar	1948
Sala de proxeccións*****	Escuela Naval Militar	1961

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMMA-1

SINATURA: 108/39

DATA: 1939

TÍTULO: *Licencia para reforma de Salón Quiroga. Solicita: Amalia Méndez.*

DESCRICIÓN: A solicitude é cursada o 3 de outubro de 1939 e concedida en xuño de 1940.

OBSERVACIÓNS:

REFERENCIA: AMMA-2

SINATURA: 301/54

DATA: 1954

* Acuña, Xosé Enrique: *Da historia do cine en Pontevedra 1897-1936*, Vigo, A Nosa Terra, 1996, p. 66.

** Tamén era coñecido como cine *Palma* en *Ídem*, p. 103.

*** *Ídem*, p. 104.

**** Tal como ven reflectido en AGC-195, na década dos setenta tanto este cine como o *Avenida* pasarían a mans de Carmen Martínez Méndez.

***** Esta sala non tiña carácter comercial, nela tiña a súa sede o cineclub da *Escuela Naval de Marín* desde o ano da súa fundación, 1961.

TÍTULO: *Conciertos sobre impuestos de consumo de lujo para las salas "Quiroga" e "Avenida".*

DESCRICIÓN: Instancia de Francisco Salazar Pérez rogando deixen sin efecto o aumento do Concerto de Imposto de Consumo de Luxo con cargo as salas *Quiroga* e *Avenida* deste concello con data febreiro de 1954.

REFERENCIA: AMMA-3

SINATURA: 191/59

DATA: 1959

TÍTULO: *Solicitud de permiso para limpieza, blanqueo y pintado del cine "Quiroga".*

DESCRICIÓN: Francisco Salazar Pérez solicita permiso para levar a cabo a limpeza, branqueo e pintado do cine *Quiroga* situado na rúa General Mola (abril 1959).

REFERENCIA: AMMA-4

SINATURA: 284/57

DATA: 1957

TÍTULO: *Licencia para pintar. Solicita Francisco Salazar Pérez.*

DESCRICIÓN: Francisco Salazar Pérez solicita permiso para o pintado exterior das portas do cine *Avenida* así como da sala de espera.

REFERENCIA: AMMA-5

SINATURA: 406/57

DATA: 1957

TÍTULO: *Concierto impuestos cos cines Avenida y Quiroga.*

REFERENCIA: AMMA-6

SINATURA: 335/69

DATA: 1969

TÍTULO: *Licencia para obras de reposición de baldosas en el suelo del cine Avenida.*

REFERENCIA: AMMA-7

SINATURA: 1186/72

DATA: 1972

TÍTULO: *Rentas y exacciones.*

DESCRICIÓN: Francisco Salazar Pérez suplica rebaja por concerto de publicidade en cines. O concerto aprobado en Comisión Permanente de novembro de 1972 o fixaba en 10.000 ptas/ano.

REFERENCIA: AMMA-8

SINATURA: 378/73

DATA: 1973

TÍTULO: *Cine Quiroga, documentación diversa.*

DESCRICIÓN: Contén porxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto Ricardo Aguilar Argenti. Tamén unha serie de documentación xerada polo feito de que o propietario levava a cabo unha serie de obras sin licencia.

REFERENCIA: AMMA-9

SINATURA: 904/73

DATA: 1973

TÍTULO: *Rentas y exacciones*

DESCRIPCIÓN: Francisco Salazar Pérez suplica rebaixa no concerto pola publicidade nos cines.

REFERENCIA: AMMA-10

SINATURA: 1117/73

DATA: 1973

TÍTULO: *Instancia instalación de un rótulo luminoso en cine "Avenida".*

DESCRIPCIÓN: Francisco Salazar Pérez solicita licencia para colocar un rótulo luminoso no cine *Avenida* situada na rúa Jaime Janes nº 4 con data 28 de novembro de 1973.

REFERENCIA: AMMA-11

SINATURA: 280/75

DATA: 1975

TÍTULO: *Denuncia por demolición sin licencia.*

DESCRIPCIÓN: Denuncia por demolición sin licencia do patio de butacas do cine *Avenida* levada a cabo por Francisco Salazar Pérez.

REFERENCIA: AMMA-12

SINATURA: 492/63

DATA: 1963

TÍTULO: *Documentación cine Seixo.*

DESCRIPCIÓN: Contén documentación correspondente ao cine *Seixo*, entre outras, un certificado que acredita a José Carballo García como titular do mesmo (xaneiro 1943). Testamento de José Carballo García a favor do seu fillo Perfecto Carballo González, e unha solicitude de licencia para ampliación do patio de butacas (1963) con planimetría. Parece ser que empresario acomete irregularidades en canto a licencia de reformas e demais polo que hai documentación ao respecto (denuncias, sancións, etc.).

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-13, AHP-27, AHP-39, AGC-3, AGC-6, AGC-63, AGC-80, AGC-81, AGC-155, AGC-195, AGC-226

IV. Comentario:

Marín é outro dos concellos da Península do Morrazo que tamén coidou con esmero a súa relación co cine. Isto o certifica o bo número de referencias atopadas no Arquivo Municipal, a isto hai que

sumar outro bo feixe de documentación espaxada polos arquivos provinciais polo que podemos facer un certo percorrido pola historia do cinema en Marín.

A única mancha que se lle pode criticar a esta boa situación é a falta documentación dos primeiros cines que se instalaram nesta localidade (*Fénix*, *Veiga* e *Cinema X*). A razón deste feito pode deberse a que estes establecementos estaban emprazados en locais dedicados a outras cousas (teatro, variedades, liceo,...). A primeira sala neste concello da que temos referencias documentais é o *Quiroga* (AGC-3 e AGC-226), fundado no ano 1918, mais non atopamos material documental da súa presenza ata 1939, debido a unhas obras de reforma (AMMA-1). A seguinte sala aparecerá no 1940, o cine *Seijo*. O mais importante é que tiña un carácter periférico debido a que estaba emprazado no lugar de Seixo, na freguesía de Santo Tomás de Piñeiro (AGC-63 e AGC-155). En 1948 aparecería outro cine no que é o núcleo urbano de Marín, o cine *Avenida*.

Serán tanto o *Quiroga* como o *Avenida* quen enchan de documentación o Arquivo Municipal, a razón pode buscarse en que pertencían ao mesmo propietario. Así de maneira conxunta temos referencias destes cines nos concertos de impostos tanto por luxo (AMMA-2) como de publicidade (AMMA-7 e AMM-9). A documentación por separado ven referida a reformas practicadas tanto nun como noutro; limpeza (AMMA-3) e obras sen licencia (AMMA-8) do *Quiroga* e pintar (AMMA-4), instalación de rótulo (AMMA-10) e demolición de patio de butacas (AMMA-11) do *Avenida*. Deste último tamén temos novas da realización de espectáculos e concursos de variedades (AHP-13 e AHP-27).

Mais a relación do cine con Marín non fica aquí. Sabemos que no seu territorio houbo un gran auxe de cineclubs; o máis antigo estaba dentro das dependencias das instalación militares que a Marina ten na localidade, o cineclub da *Escuela Naval* (AGC-81), outro foi o cineclub *Marín* dependente do Colexio San Narciso (AHP-39), o máis recente, fundado nos primeiros anos da democracia, foi o cineclub *Marín Uno* (AGC-80).

comarca:

MORRAZO, O


5.4 Moaña

Datos xeográficos:

Extensión: 35,1 km²
Poboación: 18.165 hab.
Freguesías: 5

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Moaña
Ramón Cabanillas, 108
36950, Moaña
Tlf: 986 310 850
Responsábel: D. Francisco Javier Casás Mariño



Moaña

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Maravillas*</i>	Celso Lazos Lazos	1944
<i>Prado</i>	Eduardo Pérez	1950**
<i>Montefaro</i>	Antonio Ferradás Ferradás	1961
<i>Veiga</i>	Manuel Veiga Calvar	1969

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMMOA-1

SINATURA: 51/1

DATA: 1989

TÍTULO: *Mociones: PP sobre adecentamiento de la playa de la Xunqueira e varios sobre cine Prado y modificación puntual de la norma.*

OBSERVACIÓNS: Concello/pleno.

REFERENCIA: AMMOA-2

SINATURA: 294/1

DATA: 1988

TÍTULO: *Expediente de adquisición del cine Prado de Moaña.*

DESCRICIÓNS: Proposta da Alcaldía para a adquisición do cine *Prado*.

OBSERVACIÓNS: Patrimonio. Non prosperou.

* Este cine ven recollido en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español 1962*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1962, p. 944.

** Esta data aparece en García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 680.

REFERENCIA: AMMOA-3 **SINATURA:** 455/1 **DATA:** 1955
TÍTULO: *Pavimentación de la travesía del cine.*
OBSERVACIÓN: Obras municipais.

REFERENCIA: AMMOA-4 **SINATURA:** 1133/29 **DATA:** 1969
TÍTULO: *Apertura sala Veiga solicitada por Manuel Veiga Calvar en carretera de Cangas a Vilaboa.*
DESCRIPCIÓN: Contén solicitude de licencia e resposta afirmativa.

REFERENCIA: AMMOA-5 **SINATURA:** 1074/6 **DATA:** 1945-1961
TÍTULO: *Solicitud licencia para construcción de cine Prado. Eduardo Pérez Calvar.*
DESCRIPCIÓN: Contén proxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto M. Gomez Román.
OBSERVACIÓN: Parece ser que completouse todo o proceso pero a obra non se realizou.

REFERENCIA: AMMOA-6 **SINATURA:** 1074/13 **DATA:** 1958
TÍTULO: *Solicitud licencia para construcción de cine Prado. Eduardo Pérez Calvar.*
DESCRIPCIÓN: Contén proxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto M. Gomez Román.
OBSERVACIÓN: Esta vez sí prosperou, mais seguindo os planos que presentara no ano 1945.

REFERENCIA: AMMOA-7 **SINATURA:** 976/13 **DATA:** 1990
TÍTULO: *Demolición cine Prado. Solicita Prado e Rivera.*
DESCRIPCIÓN: Contén proxecto de demolición.

REFERENCIA: AMMOA-8 **SINATURA:** 1074/17 **DATA:** 1961
TÍTULO: *Solicitud licencia de obra para construcción de un cinematógrafo. Antonio Ferradas Ferradas. Domaio.*
DESCRIPCIÓN: Contén proxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto A. Román Conde. Trátase do cine *Montefaro*.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-4, AGC-5, AGC-158

IV. Comentario:

A verdade é que, salvo no Concello de Cangas, en todos os concellos da comarca do Morrazo atopamos moitas mostras documentais relacionadas co cine e, polo tanto, Moaña non vai a ser unha excepción. Máis a igual que nos outros casos sempre hai unha sombra que achacarlle, en Moaña é o excesivo protagonismo que ten unha das súas salas, concretamente a *Prado* (AGC-5), o que fai que a información sobre o resto se resinta obtensibelmente. Outra rémora que lle vexo é que as fontes documentais atopadas non din nada do cine *Maravillas*, o primeiro en estar documentando, ou doutros, que, de seguro, estaban instalados na vila.

Da información referente ao *Prado* atopamos algunha incongruencia, como os varios intentos de conseguir a “licencia para construír el cine” (AMMOA-5 e AMMOA-6) cando xa levaba varios anos en funcionamento (AGC-5). Mais a maioría dos documento céntrase na súa etapa final: proposta da Alcaldía para adquirir o inmóbel (AMMOA-2), aspectos varios (AMMOA-1) e o seu derrube (AMMOA-7).

Mais o oferta cinematográfica non finou aí; aparece unha sala periférica, o *Montefaro*, situado na freguesía de Domaio (AGC-4 e AMMOA-8) e, por último, aparece outra en Moaña, o cine *Veiga* (AGC-158 e AMMOA-4). Por último sinalar como, a igual que sucedía en Vila de Cruces, en Moaña tamén se denominaba a unha vía adxacente ao cine como a “Travesía do Cine” (AMMOA-3), detalle que ven a reforzar o papel xogado polo cine a nivel social.

comarca



6. PARADANTA, A

6.1 Arbo

6.2 Cañiza, A

6.3 Covelo

6.4 Crecente

comarca:

PARADANTA, A


6.1 Arbo

Datos xeográficos:

Extensión: 43,3 km²
Poboación: 4.121 hab.
Freguesías: 6

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Arbo
Praza Consistorial, 1
36430, Arbo
Tlf: 986 665 000
Responsábel:



Arbo

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Arbo	Concello de Arbo*	1942

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMA-1 **SINATURA:** 196/21 **DATA:** 1942-1954

TÍTULO: *Contrato de arrendamento de local para cinematógrafo.*

OBSERVACIÓNS: Patrimonio. No aparecen na localización da sinatura.

REFERENCIA: AMA-2 **SINATURA:** 196/21 **DATA:** 1954

TÍTULO: *Contratos de arrendamentos entre José Torres Sánchez y el Ayuntamiento del local para cinematógrafo. (Cambio de arrendatario).*

OBSERVACIÓNS: Patrimonio. O documento non aparece na localización da sinatura.

REFERENCIA: AMA-3 **SINATURA:** 197/3 **DATA:** 1961

TÍTULO: *Rescisión de contrato de arrendamiento del local de Cinematógrafo y nuevo contrato a favor de Gabino*

* Como poderemos observar nos comentarios da documentación atopada o propietario do local, unhas antigas escolas, era o Concello de Arbo que establecía contratos de alugamento as persoas interesadas en explotar nel o negocio dun cine, como José Torres Sánchez e Gabino Álvarez Fernández.

Álvarez Fernández.

DESCRICIÓN: Recurso sobre o convenio do arrendamento do local propiedade do concello ten no barrio de Turbela, onde ten instalado un cine, e o novo contrato do arrendatario a favor de Gabino Álvarez Fernández.

OBSERVACIÓNS: Patrimonio. Actualmente este edificio está destinado ao Centro de Interpretación do viño do Condado.

REFERENCIA: AMA-4

SINATURA: 197/5

DATA: 1964

TÍTULO: *Contrato de arrendamiento del local de cinematógrafo a favor de Gabino Álvarez Fernández.*

DESCRICIÓN: Contrato de arrendamento do local para propiedade deste concello situado no barrio de Turbela, onde hai instalado un cine, a favor e Gabino Álvarez Fernández, polo prazo de 5 anos prorrogábel. Tamén aparece unha instancia para solicitar obras para a súa reforma e a acta de aprobación das mesmas por parte do concello.

OBSERVACIÓNS: Patrimonio.

REFERENCIA: AMA-5

SINATURA: 395/9

DATA: 1971

TÍTULO: *Reconocemento de locales de espectáculos públicos.*

DESCRICIÓN: Recoñecemento dos locais destinados a espectáculos públicos emprazados neste termo municipal, segundo o cumprimento no disposto polo Gobernador Civil nun escrito con data do 16 de marzo e o 4 de outubro de 1971. Nel aparece recollido o informe sobre cine *Arbo* que sinala como propietario a Gabino Álvarez Fernández e o correspondente informe do arquitecto sobre a seguridade do edificio.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-2, AGC-181

IV. Comentario:

A curiosidade que presenta as fontes documentais relacionadas co cine en Arbo é que grazas a elas podemos establecer o forte grao de implicación que tiña o concello neste asunto. Isto convén explicalo adecuadamente, o concello tiña na súa propiedade unha enorme casa indiana doada por un veciño. Nun primeiro momento dedicáronna a acoller unhas escolas, mais ao conseguir instalacións máis axeitadas para ese uso pensouse en dedicar esta construción para que albergara

no seu interior un cine, o *Arbo* (AGC-2). Deste modo o Concello de Arbo alugaba este recinto a persoas interesadas en explotar este negocio.

Deste xeito, entre a documentación atopada nos atopamos papeis referentes ao establecemento deste tipo de relación contractual (AMA-1, AMA-2, AMA-3 e AMA-4). Estas referencias documentais marcan as distintas etapas que tivo o cine con distintos encargados e a duración das mesmas. Por último tamén encontramos o informe sobre os locais de espectáculos de Arbo; o tramitado polo propio concello (AMA-5) e o que despois foi elaborado polo Goberno Civil (AGC-181). Neste último expediente se incorpora información sobre a autorización governativa do cine, nela sinalase ao concello como propietario.

comarca:

PARADANTA, A


6.2 Cañiza, A

Datos xeográficos:

Extensión: 108,1 km²
Poboación: 6.719 hab.
Freguesías: 9

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello da Cañiza
Rúa de Oriente, 11
36880, A Cañiza
Tlf: 986 651 000
Responsábel:



A Cañiza

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Faro Cinema</i>	César Mera González	1936
<i>Veleije</i> *	César Mera González**	1942
<i>Bacelar</i> ***	Luis Bacelar Lucimade	1946
<i>Reveca</i>	Reveca S.A	1957
<i>Paradanta</i>	Concello da Cañiza	1995

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMAC-1

SINATURA: 534/10

DATA: 1970-1976

TÍTULO: *Expediente de inspección y reconocimiento de locales de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Circular do Goberno Civil do 15 de maio de 1971 na que se insta ao concello a recoñecer e a inspeccionar os locais destinados a espectáculos, B.O.P. nº 60, 13 de marzo de 1971 e informe redactado polo concello onde se recolle unha lista de locais destinados a albergar espectáculos. En dita lista aparecen dous cines pertencentes a un mesmo propietario, a Delmiro Giráldez Paz: o cine *Veleije*, sito na Miñoteira, na freguesía de Valeixe, e o cine *Reveca* con sede na Residencia Veraniega Cañicense, Reveca S.A., na rúa Progreso da Cañiza. A seguridade destes cines ven avalada por un informe dun arquitecto vigués chamado Fernando Araujo Rodríguez. Neste

* Tal como se comenta nas observacións de AGC-91, nun principio, a denominación era o *Cineclub de Veleije*.

** Debido a morte de César Mera González tanto este cine como o *Faro Cinema* foron dirixidos pola súa viúva Plácida González. Este cine estaría en réxime de alugamento primeiro a José Lorenzo Pérez e, despois, a Delmiro Giráldez Paz.

*** Este cine é o antigo *Faro Cinema* que foi traspasado por Plácida González, viúva do primeiro propietario do cine.

mesmo expediente tamén aparece outra circular do Goberno Civil, nº 259/12-2, con data do 19 xaneiro de 1976, onde se recolle o regulamento da Policía de Espectáculos.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Segundo a información que aparece nestes informes sábese que o cine *Valeije* ten autorización desde o 6 de febreiro de 1954 e o cine *Reveca* está en réxime de arrendo do local por parte de Delmiro Giráldez Paz, dita actividade vense facendo desde o 6 de outubro de 1963.

REFERENCIA: AMAC-2

SINATURA: 536/1

DATA: 1975

TÍTULO: *Orden del Ministerio de la Gobernación sobre horario de espectáculos y establecimientos.*

DESCRICIÓN: Fotocopia do B.O.E, 13 de xuño de 1975, no que aparece a regulamentación nacional dos horarios dos establecementos para atender ao público. Aparece unha táboa no que os cinematógrafos teñen a obriga de pechar ás 24:00 de outubro a maio e a 01:00, de xullo a setembro.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMAC-3

SINATURA: 1602/1

DATA: 1967-1970

TÍTULO: *Documentación relacionada con el teleclub de As Achas.*

DESCRICIÓN: Instancia da Presidenta do teleclub das Achas suxerindo que xa non fai falta a instalación dun repetidor das sinais de televisión porque o Ministerio de Cultura concedeulles cartos para conquistar unha antena e un estabilizador. Documentación variada (estatutos, lista de socios, planos,...) do teleclub de Folgoso. Documentación do teleclub de Luneda: acta de fundación, lista de socios, fotografías,... Documentación dos teleclubs de Areas, de Parada do Folgoso e do Cebreiro. Información sobre a *I Semana Cultural da Primavera*, con memoria, programas e presuposto,...

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. Dentro do programa da *I Semana Cultural da Primavera* había un día dedicado ao teatro cunha función no cine *Reveca* e un día do cine coa proxección do filme: *España insólita*.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-14, AGC-90, AGC-91, AGC-145, AGC-193

IV. Comentario:

A Cañiza é un importante núcleo de poboación que supón a concentración urbana máis importante da comarca e, por iso, é coñecida como a capital da Paradanta. A pesar de ser un concello de gran

extensión e de complicacións orográficas, A Cañiza mantívose como un centro económico e social dinamizado por pasar por ela a vía de comunicación máis importante de Pontevedra cara Ourense.

A singularidade que caracteriza o cine na Cañiza é que ao longo desta relación case sempre se baseou en que as salas cinematográficas era dun propietario que as alugaba a quen quería explotalas. O primeiro cine do que temos referencias foi o *Faro Cinema* fundado por César Mera González meses antes do estalido da Guerra Civil. Poucos anos despois, este mesmo propietario vai a fundar o *Veleije* (AGC-91) na segunda maior concentración de poboación, na freguesía de Valeixe. Mais este empresario fina e os cines pasan a mans da viúva, Plácida González. Ante as dificultades de levalo de primeira man decide traspasar o *Faro Cinema* (AGC-90) -que se converterá no cine *Bacelar*-, e alugar o *Veleije*. Mais os problemas do segundo, materializadas nunha serie de denuncias, levou a antiga propietaria a vendelo a Delmiro Giráldez Paz (AGC-145).

Outra sala que se vai a instalar na Cañiza a mediados dos cincuenta vai a ser o cine *Reveca* (AGC-14), situado nas dependencias da residencia de verán que levaba o mesmo nome. Esta sala será proposta para o seu alugamento e será Delmiro Giráldez Paz tamén quen a explote. A última información sobre as salas da Cañiza a temos no informe sobre os locais de espectáculos do concello (AMAC-1 e AGC-193). Como observamos a maioría das fontes veñen do Arquivo do Goberno Civil, no Arquivo Municipal da Cañiza atopamos información indirecta; como unha ordenanza ministerial sobre os horarios que tiñan que cumprir os espectáculos (AMAC-2) e o cine programado na *I Semana Cultural da Primavera* organizada polo concello (AMMA-3). Por último tamén nos facemos eco da documentación existente na secretaría do concello sobre a sala de cine *Paradanta* promovida pola propia administración local.

comarca:

PARADANTA, A


6.3 Covelo

Datos xeográficos:

Extensión: 124,0 km²
Poboación: 3.751 hab.
Freguesías: 14

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello do Covelo
Praza Mestre Cerveño, 2
36872, Covelo
Tlf: 986 650 027
Responsábel:



Covelo

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-193

IV. Comentario:

Covelo está caracterizado por posuír unha enorme superficie cunha poboación moi diseminada. A este problema sobe a densidade hai que sumala a contundencia montañosa da súa paisaxe. Polo tanto, e tal como sinala o informe realizado desde o Goberno Civil sobre os locais de espectáculos do Concello de Covelo (AGC-193), non houbo ningunha sala de cine instalada permanentemente no seu territorio.

comarca:

PARADANTA, A


6.4 Crecente

Datos xeográficos:

Extensión: 57,1 km²
Poboación: 2.779 hab.
Freguesías: 11

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Crecente
Solís Ruíz, 5
36420, Crecente
Tlf: 986 666 300
Responsábel:



Crecente


I. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-193

II. Comentario:

A pesar da súa condición fronteiriza, Crecente é un concello que ven determinado pola súa condición estratéxica moi periférica, nunha esquina da provincia. É un concello dun tamaño medio mais cunha poboación moi pequena, isto, sumado as súas características físicas montañosas, fai de Crecente un dos concellos pontevedreses nos que non se instalou ningún cine de carácter permanente. Esta tamén é a resolución sacada do informe realizado polo Goberno Civil intentando analizar a natureza dos locais de espectáculos que posuía este concello (AGC-193).

comarca



7. PONTEVEDRA

7.1 Barro

7.2 Campo Lameiro

7.3 Cotobade

7.3 Lama, A

7.4 Poio

7.5 Ponte Caldelas

7.6 Pontevedra

7.7 Vilaboa

comarca:

PONTEVEDRA

7.1 Barro

Datos xeográficos:

Extensión: 37, 9 km²

Poboación: 3.418 hab.

Freguesías: 6

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Barro

San Antoniño, Perdecanaí, 1

36194, Barro

Tlf: 986 711 001

Responsábel:



Barro

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Barro</i>	Juan Fontán Rodríguez	1941
<i>Carballal</i>	Juan Fontán Rodríguez	1944

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMB-1

SINATURA: 367/19

DATA: 1965, 1966

TÍTULO: *Solicitudes de aprobación por la delegación provincial de proyección de películas.*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMB-2

SINATURA: 348/4

DATA: 1983

TÍTULO: *Reglamento General de Policía y Espectáculos Públicos.*

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá.

REFERENCIA: AMB-3

SINATURA: 873/14

DATA: 1983

TÍTULO: *Ordenanza fiscal sobre licencias para la celebración de espectáculos públicos y actividades recreativas.*

OBSERVACIÓNS: Taxas. Ordenanzas fiscais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-181

IV. Comentario:

Tras revisar os datos ofrecidos na ficha de Barro pódese comprobar como o elemento desautomatizador na relación de cines que houbo neste concello é saber se, o propietario que se sinala posuía as dúas salas, realizou dous proxectos de cines distintos ou se o segundo é o cambio de denominación do primeiro. Anticipamos aquí a nosa cautela porque, segundo os datos que temos, esta cuestión non está demasiado clara e existen algúns elementos distorsionadores.

Comezamos a explicalo. Este estudio decantouse pola situación máis fácil e, deste xeito, seguiu ao catálogo presentado nos anexos do libro de Emilio Carlos García Fernández, *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, no que diferencia dous cines; o *Barro* fundado en 1941 e o *Carballal* aberto en 1944. Seguindo este mesmo autor, tamén existe un elemento que os diferencia rotundamente, o seu emprazamento xeográfico, a segunda sala está emprazada na freguesía de Porrás.

Mais a cousa non parece así de sinxela e imos a expoñer a outra opción xa que existen fontes contradictorias. A outra posibilidade consiste en que o cine *Barro*, fundado en 1944*, foi a primeira sala de cine e despois chegou o *Carballal*, sendo esta a anterior, co mesmo propietario e coa denominación cambiada**. Esta transformación produciuse no ano 1948 e haberá que vela como un intento de impulsar o negocio por parte do seu amo. Mais en AGC-181, no informe sobre os locais de espectáculos de Barro, atópase como único cine do concello ao *Carballal*, un proxecto datado en 1944. A pregunta queda aí, Barro é un concello con poboacións suficiente para manter dous cines ou pola contra este foi un sistema para abaratar os custes repetindo a programación en dúas salas?

A intención de deixar notar esta confusión é para amosar a utilidade das fontes documentais en intentar dar fiabilidade a unha hipótese ou a outra. No caso de Barro vemos como as fontes documentais atopadas no Arquivo Municipal non son de moita axuda xa que se refiren a cuestións secundarias como a aprobación de filmes para exhibir (AMB-1), o regulamento da policía respecto aos espectáculos públicos (AMB-2) e as ordenanzas sobre a celebración de licencias para espectáculos no concello (AMB-3).

* Esta data ven recollida en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Hispanoamericano, 1950-51*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1951, p. 541.

** Ante esta ambigüidade decidimos contalos como dúas salas diferentes, xa que, no que levamos de estudio, houbo outros casos precedidos –cambios de nome por trasposos de cines, construcións sobre solares onde estaban outros cines, reformas de cines–, e os contamos como distintos. Neste caso habería que contemplalo como un caso de *marketing*.

comarca:

PONTEVEDRA

7.2 Campo Lameiro

Datos xeográficos:

Extensión: 63,9 km²

Poboación: 2.213 hab.

Freguesías: 6

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Campo Lameiro

Praza Provincia de Pontevedra, 1, A Lagoa

36110, Campo Lameiro

Tlf: 986 752 034

Responsábel:



Campo Lameiro

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Salón Caeiro</i>	Jesús Fontenla Silva	1943
<i>Ismaela</i>	Ismaela López López	1944

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-191

III. Comentario:

A igual que no caso anterior de Barro, no Concello de Campo Lameiro sorprende de que houbera dous cines. As condicións demográficas que se dan son pouco propicias para tanta oferta. A isto hai que sumar a súa situación ao carón dunha cidade tan importante como Pontevedra. Mais o sorprendente é que esta profusión de locais de exhibición cinematográfica non xerasen ningunha pegada no Arquivo Municipal.

Polo tanto imos a intentar comprender a presenza destes cines en Campo Lameiro. Os dous cines xorden durante a profusión de cines en Galicia, nos anos da posguerra onde non había moitos elementos de espallamento. O primeiro en aparecer foi o *Salón Caeiro* do que unicamente

temos unha referencia bibliográfica que testemuñe a súa presenza*. Neste caso, García Fernández, tamén nos ofrece outro dato significativo: o aforo. O número de localidades era moi reducido pasando exiguamente do centenar. Con estes números é fácil adiviñar de que se trataban de salas moi pequenas, coas dimensións adaptadas ao rural. O segundo cine, o *Ismuela*, tamén debería participar das mesmas características. Mais desta segunda sala si temos respaldo documental, no informe do Goberno Civil sobre os locais dedicados a acoller espectáculos en Campo Lameiro (AGC-191). A información que nos ofrece esta referencia tamén dilucidamos que tiveron unha vida moi reducida xa que foron estes pequenos cines rurais os primeiros en sufrir os síntomas iniciais da crise do sector.

* García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 675.

comarca:

PONTEVEDRA


7.3 Cotobade

Datos xeográficos:

Extensión: 135,2 km²
Poboación: 4.610 hab.
Freguesías: 13

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Cotobade
A Chan-Carballo, 11
36856, Cotobade
Tlf: 986 760 001
Responsábel:



Cotobade

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Carballo	Antonio Lombos Vidal	1945

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-193

III. Comentario:

Cotobade tamén tivo un cine, o *Carballo*, que xurdiu non período onde se produciu unha maior expansión de salas cinematográficas, na década dos corenta. Mais polas características do concello e pola proximidade da cidade de Pontevedra, este cine debeu ser unha sala rural e ter unha vida de funcionamento moi breve xa que só temos como referencia documental a procedente do Arquivo do Goberno Civil (AGC-193).

comarca:

PONTEVEDRA


7.4 Lama, A

Datos xeográficos:

Extensión: 112,2 km²
Poboación: 2.957 hab.
Freguesías: 10

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello da Lama
Avenida José Antonio, 1
36830, A Lama
Tlf: 986 768 238
Responsábel:



A Lama

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Radial</i>	Almaro Moreira Pardo	1960?*

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMLA-1

SINATURA: 222/3

DATA: 1965

TÍTULO: *Cine "Radial". Relación de películas exhibidas.*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77, AGC-195

IV. Comentario:

En liñas xerais, A Lama tamén participa das características expostas ata o de agora nos concellos que levamos analizados da comarca de Pontevedra. Sen dúbida a presenza acaparadora dun núcleo urbano das dimensións da capital de provincia condiciona a oferta cultural do resto de concellos. A

* A primeira posíbel datación a atopamos na recollida que se fai do nome deste cine en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español 1962*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1962, p. 964.

presenza dun cine hai que situala dentro do parámetro onde se clasificaron as situadas en Campo Lameiro, salas rurais cun aforo moi limitado.

O cine en cuestión chamábase *Radial* do que recollemos no Arquivo Municipal unha única fonte documental onde se rexistran a aprobación da proxección de filmes (AMLA-1). Sobre esta sala tamén hai unha carpetiña coa documentación xerada polo Sindicato Provincial de Espectáculos (AHP-77). Mais con esta sala cinematográfica temos un punto negro e é que non sabemos con exactitude o ano do comezo da súa construción. Por medio dalgunhas referencias bibliográficas podemos acoutar esta data a finais da década dos cincuenta ou a principios dos sesenta. Quizais unha revisión máis exhaustiva da información que ven do *Radial* no informe gardado no Goberno Civil sobre os locais de espectáculos do concello da Lama (AGC-195) podería servírnos para concretar máis o ano exacto de surximento, pois, por outra parte infórmase que deixou de funcionar en 1971.

comarca:

PONTEVEDRA

7.5 Poio

Datos xeográficos:

Extensión: 33,6 km²

Poboación: 14.588 hab.

Freguesías: 5

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Poio

Convento, s/n

36995, Poio

Tlf: 986 770 001

Responsábel:



Poio

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Ideal Cinema*</i>	Fernando Macías Fernández	1942
<i>Salón parroquial</i>	Junta de Acción Católica/ Freguesía de Combarro	195?

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMPOI-1

SINATURA: 1691

DATA: 1994

TÍTULO: *Listado de cines, teatros, discotecas, pabellones polideportivos en el Municipio.*

OBSERVACIÓNS: No traballo de campo non se atopou este documento senón unha escaleta do programa da TVG *Galicia para el mundo* que foi rodado neste concello o 11 de xaneiro de 1995.

REFERENCIA: AMPOI-2

SINATURA: 257

DATA: 1967-1969

TÍTULO: *Padrón de contribuyentes sujetos al pago de impuesto por Vigilancia de Establecimientos y Espectáculos en el término municipal de Poio.*

OBSERVACIÓNS: Taxas. Ordenanzas fiscais.

* Esta sala ven recollida en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Hispanoamericano, 1950-51*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1951, p. 476.

REFERENCIA: AMPOI-3

SINATURA: 258

DATA: 1928, 1929

TÍTULO: *Expediente de subasta del Arbitrio sobre espectáculos Públicos del Ayuntamiento de Poio, para el año económico.*

OBSERVACIÓNS: Recadación. Contas de recadación.

REFERENCIA: AMPOI-4

SINATURA: 3551

DATA: 2002

TÍTULO: *Comisiones de cultura. Feria del hombre artesano. Propuestas de la Real Academia Gallega al gobierno y al Parlamento de Galicia. Sociedad cultural Na Virada. Campaña de alumbrado navidad.*

DESCRICIÓN: Contén solicitude de axuda económica para levar a cabo unha película sobre Alexandre Bóveda que dirixirá Xan Leira. Inclúe material de prensa de *Castelao e os irmáns da liberdade* (2000).

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-190

IV. Comentario:

A proximidade de Poio coa área urbana Pontevedra tórnase determinante. Neste concello houbo un cine comercial mais situado nunha entidade de poboación secundaria de Raxó, o *Ideal Cinema*, do que non temos ningunha referencia documental. De todos os xeitos o interesante de Poio é que sae a relucir unha fórmula de exhibición cinematográfica nova, a dos cines parroquiais, neste caso, a do *Salón Parroquial* de Combarro. Para saber mais das peculiaridades deste cine hai que dirixirse a única fonte documental que nos transmite información, ou sexa ao expediente no que se xunta toda a información relativa aos locais de espectáculos existentes en Poio (AGC-190). Nel, a pesar de non facer ningunha fixación cronolóxica sobre o seu comezo, sí nos di que este cine estaba baixo a tutela da Junta de Acción Católica.

No Arquivo Municipal non atopamos nada singularizado propiamente cos cines que houbo no concello, mais sí atopamos títulos de expedientes -que non cos contidos que debería ter-, onde debería haber un listado de cines, teatros e discotecas do concello (AMPO-1), outro coa fixación sobre un imposto de vixilancia e de espectáculos por parte do concello (AMPOI-2), unha poxa de arbitrios sobre espectáculos (AMPOI-3) e a solicitude para a axuda para a realización dun filme galego (AMPOI-4).

comarca:

PONTEVEDRA


7.6 Ponte Caldelas

Datos xeográficos:

Extensión: 87,0 km²
Poboación: 6.390 hab.
Freguesías: 9

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Ponte Caldelas
Avenida de Galicia, s/n
36828, Ponte Caldelas
Tlf: 986 750 013
Responsábel:



Ponte Caldelas

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Capitol</i>	Francisco Solanas Pérez	1941
<i>Vicitez</i>	José Rodríguez Sieiro	1948
<i>Ambulante</i>	Valentín Tombo Oubiña	1972

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMPC-1

SINATURA: 1128/11

DATA: 2000

TÍTULO: *Subvención para actividades culturales: "Cine na rúa" e "Edición de libros-guía da 34ª edición da Festa da Troita".*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMPC-2

SINATURA: 192/12

DATA: 1982

TÍTULO: *Informe de proyección de películas.*

OBSERVACIÓNS: Educación.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77, AGC-22, AGC-43, AGC-105, AGC-175

IV. Comentario:

Ponte Caldelas participa dunha situación estratéxica, no camiño entre as dúas grandes cidades da provincia: Pontevedra e Vigo. As salas de cine que tivo o Concello de Ponte Caldelas foron dúas: o *Capitol* (AGC-43 e AHP-77) e o *Vicítez* (AGC-105). Dous cines xurdidos na década dos corenta e que, tendo en conta as condicións demográficas de Ponte Caldelas, terían unha morfoloxía definida por unha adaptación ao medio rural. Malia todo, a análise da situación neste concello non ven definida por estas salas das que xa, máis ou menos, sabemos as raíces que as sustentan, senón pola aparición dun elemento novo no mundo cinematográfico: o cine ambulante.

É un contrasentido, se é ambulante porque o situamos nun concello determinado. A razón hai vela revisando a información atopada no Goberno Civil (AGC-43) onde nos di que o seu enderezo administrativo estaba na freguesía de Vilachán, en Pontecaldelas. Porén, a análise desta documentación non nos ofrece outros datos que tamén serían reveladores, como a súa denominación e a data do seu funcionamento. Este último dato pódese entrever xa que este material documental consiste nunha petición de rexistro no ano 1972. E, polo que se sabe, é moi difícil que un cine ambulante andara sen todos os papeis en regra xa que era observados minuciosamente polas autoridades daqueles tempos.

A documentación que aparece no Arquivo Municipal non apoia moito na investigación xa que so se atopa documentación relativamente recente sobre actividades de promocións cinematográficas (AMPC-1 e AMPC-2).

comarca:

PONTEVEDRA

7.7 Pontevedra

Datos xeográficos:

Extensión: 117,6 km²

Poboación: 77.993 hab.

Freguesías: 16

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Pontevedra

Praza de España,1

36071, Pontevedra

Tlf: 986 804300

Responsábel: D. Enrique Sotelo Resurrección



Pontevedra

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Teatro Principal*</i>	-	1897
<i>Circo-teatro**</i>	-	1902
<i>Petit Palais</i>	Gonzalo Mucientes Vigo	1911
<i>Café Moderno</i>	García Prieto Fabelo	1913
<i>Círculo Antoniano</i>	Juventud Antoniana	1915
<i>Café Méndez Núñez</i>	García Temes	1916
<i>Ideal Cinema***</i>	Manuel Pereira Pintes	1919
<i>Olmos</i>	Vicente Olmos Muiños	1924
<i>Coliseum</i>	Eugenio González de Haz	1931
<i>Victoria</i>	Fraga Espectáculos	1943
<i>Malvar</i>	Fraga Espectáculos	1948
<i>Acción Católica</i>	Parroquia de San Bartolomé	1959
<i>Gonviz</i>	Fraga Espectáculos	1965
<i>Etribela****</i>	José Carballo García	1968
<i>Fylcine</i>	Cines Galicia	1983
<i>Multicines ABC</i>	Cines Galicia	1988
<i>Multicines Pontevedra</i>	Cines Galicia	1988
<i>Lauren Pontevedra</i>	Grup Lauren Exhibició	2002

* Este teatro-cine foi explotado comercialmente durante a maior parte do século XX polo empresario Isaac Fraga mais logo do incendio e da súa restauración pasou a mans do Concello de Pontevedra.

** Este cine era un pavillón que acollía distintos cinematógrafos itinerantes, mais debido a súa localización e ao papel xogado na difusión da nova arte consideramos oportuno incluílo como se fora unha sala permanente.

*** Tamén coñecido como o cine *dos Exploradores*. Acuña, Xosé Enrique: *Da historia do cine en Pontevedra, 1897-1936*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1996, p. 127.

**** Este cine é a reapertura do cine *Olmos*.

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMPV-1

SINATURA: C 2327/1

DATA: 1941

TÍTULO: *Expediente de obras menores. Obras exteriores en Benito Corbal (Cine Victoria) solicitado por Agustín Nores Patiño.*

DESCRICIÓN: Instancias solicitando licencia para obras, respostas municipais, certificados de revisión dos proxectos: proxecto para a construción dun teatro-cine *Victoria* (1941), con memoria e planos, proxecto para peche do solar para entrada do teatro-cine *Victoria* (1943), con memoria e planos, e proxecto de distribución da casa do conserxe do cine *Victoria* (1943), todos estes proxectos foron asinados polo arquitecto Juan Argenti y Navajas.

OBSERVACIÓNS: En este expediente están unidos o 834/41, o 705/42 e o 3319/43.

REFERENCIA: AMPV-2

SINATURA: C 2338/55

DATA: 1943

TÍTULO: *Expediente de apertura do cine Victoria. Licencia de apertura de local en Benito Corbal solicitada por Dolores Vázquez Fernández.*

DESCRICIÓN: Instancia ao concello solicitando a apertura do cine *Victoria* e resolución municipal afirmativa.

OBSERVACIÓNS: Na instancia a solicitante revela a súa condición de viúva, polo que Agustín Nores Patiño debeu finar nese ano e de aí que a súa muller seguira coa idea da explotación do cine.

REFERENCIA: AMPV-3

SINATURA: C 2343/22

DATA: 1944

TÍTULO: *Expediente de cambio de titularidad do cine Victoria. Cambio de titularidad e apertura en Benito Corbal solicitada por Isaac Fraga Penedo.*

DESCRICIÓN: Instancia ao concello sobre o cambio de titularidade e resposta municipal dando a súa conformidade ao traspaso do cine.

OBSERVACIÓNS: Segundo a instancia a anterior propietaria Dolores Vázquez debido a problemas económicos decidiuse polo traspaso do negocio.

REFERENCIA: AMPV-4

SINATURA: C 2280/1

DATA: 1902

TÍTULO: *Expediente de obras municipais. Obras de urbanización en los Jardines Vicenti para la instalación del Teatro-Circo por parte del Ayuntamiento.*

DESCRICIÓN: Proxecto de ornamentación da Praza de Vicenti (sic.) con memoria orzamento e planos e onde se fai referencia ao *Teatro-Circo*.

REFERENCIA: AMPV-5

SINATURA: C 1959/19

DATA: 1924

TÍTULO: *Expediente de obras mayores. Licencia de construcción edificio en Estribela-Lourizán.*

DESCRICIÓN: Instancia ao concello para a construción dun un cinematógrafo, resposta afirmativa do concello, informes periciais e un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Juan Argenti y Navajas.

REFERENCIA: AMPV-6

SINATURA: C 28/29

DATA: 1931

TÍTULO: *Licencia para construcción de edificio para el cine Coliseum en la calle García Camba solicitada por Valentín García Prieto.*

DESCRICIÓN: Instancia ao concello para solicitar licencia para a construción do cine *Coliseum*, resposta municipal solicitando máis información sobre o proxecto, informe de inspección do edificio unha vez xa construído informe de sanidade e proxecto con memoria e planos asinado polo arquitecto Antonio López Hernández. Na instancia os solicitantes son dous; por unha banda está Valentín García Prieto e por outra José Fabelo Mariño. Nos planos aparece o cine coa denominación de *Moderno* que despois pasaría a chamarse *Coliseum*.

REFERENCIA: AMPV-7

SINATURA: C 2324/49

DATA: 1940

TÍTULO: *Expediente de tributación con altas de impuestos do Ideal Cinema.*

DESCRICIÓN: Instancia de Joaquín Carpintero, empresario do *Ideal Cinema*, pedindo a exacción do imposto establecido por manter diversas carteleiras diseminadas pola cidade e resposta do concello fixando a cantidade coa que debe satisfacer o imposto.

REFERENCIA: AMPV-8

SINATURA: C 2/1

DATA: 1963

TÍTULO: *Línea, rasante y volumen en c/ Fray Juan de Navarrete, 3-5 y 7.*

DESCRICIÓN: Instancia do empresario Eugenio González de Haz desexando construír un edificio para cine necesite que lle proporcionen medidas para a futura construción, contestación municipal con informe do arquitecto municipal, na mesma folla da instancia do empresario, cos datos pedidos.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está na caixa 2 que está dedicada a recoller os expedientes relacionados co cine *Gomiz*.

REFERENCIA: AMPV-9

SINATURA: C 2/2

DATA: 1964

TÍTULO: *Expediente de obras mayores y licencia para construcción do edificio do Cine Gorniz en la calle Fray Juan de Navarrete, 3-5 y 7.*

DESCRICIÓN: Instancia de Eugenio González de Haz para a construción dun edificio destinado a cinematógrafo, resposta municipal dando permiso para a construción do edificio, informe do concello, permiso de Obras Públicas, da Dirección de Vías e Augas e un proxecto con memoria e planos asinados polos arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está na caixa 2 que está dedicada a recoller os expedientes relacionados co cine *Gorniz*.

REFERENCIA: AMPV-10

SINATURA: C 2/3

DATA: 1966

TÍTULO: *Ampliación edificio destinado para el cine Gorniz en calle Fray Juan de Navarrete, 3-5 y 7.*

DESCRICIÓN: Instancia do empresario Eugenio González de Haz cun proxecto con memoria e planos asinados polos arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está na caixa 2 que está dedicada a recoller os expedientes relacionados co cine *Gorniz*.

REFERENCIA: AMPV-11

SINATURA: C 2/4

DATA: 1968

TÍTULO: *Eugenio González de Haz presenta recurso de reposición por paralización de obras en la calle Fray Juan de Navarrete.*

DESCRICIÓN: Folla de impulsión do concello co rexistro da contestación do arquitecto municipal sobre a suspensión das obras, informe do arquitecto municipal, instancia onde o empresario recorre a suspensión das obras, planos do proxecto, dilixencia da Comisión de Goberno do Concello, informe da comisión de Vías e Obras, informe da Comisión de Urbanismo, moción de anulación de licencia para a construción do edificio, apertura de expediente e resolución do concello.

OBSERVACIÓNS: Este expediente está na caixa 2 que está dedicada a recoller os expedientes relacionados co cine *Gorniz*.

REFERENCIA: AMPV-12

SINATURA: C 8636/68

DATA: 1968

TÍTULO: *Expediente de obras mayores. Reforma de edificación en la calle de Fray Juan de Navarrete solicitada por Eugenio González de Haz.*

DESCRICIÓN: Instancia ao concello onde González de Haz pide que se aproben as reformas do proxecto para que se lle de a licencia para a construción do edificio no que, nas primeiras plantas, vanse dedicar a actividades cinematográficas, un proxecto con memoria e planos asinados

conxuntamente polos arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez e contestación municipal, con informe do arquitecto do concello, parando outra vez as obras.

REFERENCIA: AMPV-13

SINATURA: C 894/11

DATA: 1971

TÍTULO: *Expediente instruído a instancia de D. Eugenio González de Haz que interesa licencia para apertura de una industria de cinematógrafo en la calle Fray Juan de Navarrete de esta capital. Espectáculos Gonviz S.A..*

DESCRIPCIÓN: Instancia ao concello de Eugenio González de Haz solicitando la licencia de apertura, proxecto e informe da instalación eléctrica, con memoria, planos e orzamento, asinados polo enxeñeiro técnico Antonio María Vázquez Villot e un proxecto con memoria e planos asinados polos arquitectos Francisco Castro Represas e Pedro Alonso Pérez. Licencia de apertura de cinematógrafo, comunicación a veciños, providencia para a autorización, anuncio no B.O.P., informe de sanidade, informe do Goberno Civil e dilixencia do concello.

REFERENCIA: AMPV-14

SINATURA: B 2ª 1754

DATA: 1983

TÍTULO: *Instruído en virtud de petición de D. Luis del Burgo Pousa, interesado en realizar obras de reforma en el bajo nº 11 de la c/ Blanco Porto para adaptalo a sala de cine (Fylcine).*

DESCRIPCIÓN: Instancia ao concello por parte do propietario pedindo a licencia de obras, oficios de dirección facultativa, cun proxecto con memoria e planos asinados por Iago Seara Morales, informe do arquitecto municipal, informe da Comisión de Obras e Urbanismo, decreto da alcaldía, minuta e notificación ao interesado.

OBSERVACIÓNS: Ten una segunda sinatura: C 283.

REFERENCIA: AMPV-15

SINATURA: B 2ª 1755

DATA: 1983

TÍTULO: *Instruído en virtud de petición de D. Luis del Burgo Pousa, interesado na apertura da sala de cine Fylcine.*

DESCRIPCIÓN: Instancia do empresario para solicitar a apertura do cine, fotocopia da licencia fiscal, proxecto con memoria, prego de condicións e planos, asinado polo arquitecto Iago Seara Morales, informes do enxeñeiro municipal, notificacións aos veciños, oficio da alcaldía para remisión do edicto, edicto, anuncio no B.O.P., providencia da Alcaldía e dilixencia do Rexistro Xeral, informe de sanidade, informe da Comisión de Acción Social, Policía e Transportes, dilixencia do Xefe de Negociado, proposta de acordo, certificación de acordo, oficio da alcaldía, oficio do Colexio de Arquitectos, cualificación da Comisión Provincial de Sanidade, decreto da Alcaldía, notificación do Decreto da Alcaldía, minuta do Decreto da Alcaldía, oficio da Alcaldía dirixido ao Goberno Civil e ao Delegado Provincial de Xustiza.

OBSERVACIÓNS: Ten unha segunda sinatura: C 283.

REFERENCIA: AMPV-16

SINATURA: C 701 P3^a

DATA: 1988

TÍTULO: *Obras y apertura de local para Salas de Proyección cinematográfica sito en c/ Blanco Porto, 10-bajo.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar licencia de obras, licencia de obras, dilixencia da alcaldía, copia da escritura da constitución da sociedade Procin Pontevedra S.L., informes do arquitecto municipal e de sanidade, de actividades molestas, edicto, anuncio no B.O.P. e proxecto con memoria, prego de condicións, orzamento e planos asinado polo arquitecto Gumersindo Vázquez Gómez.

OBSERVACIÓNS: No interior contéplase outras sinaturas: 3852/88 e 3.895/88.

REFERENCIA: AMPV-17

SINATURA: C 32/7

DATA: 1943

TÍTULO: *Expediente de obras mayores. Acondicionamiento local en calle García Camba (Cine Malvar) solicitado por José Malvar Corbal.*

DESCRICIÓN: Instancia do propietario para a construción dun cine-teatro e proxecto con memoria e planos asinados polos arquitectos Robustiano Fernández Cochón e José Barreiro Vázquez.

REFERENCIA: AMPV-18

SINATURA: C 2557/35

DATA: 1943

TÍTULO: *Expedientes de obras menores. Obras interiores en el Café Méndez Núñez sito la Plaza de la Ferrería solicitada por José Lino Sánchez.*

DESCRICIÓN: Instancia de José Lino para solicitar permiso para branquear a cociña do café e autorización municipal.

OBSERVACIÓNS: Recóllese información sobre este café porque nel foron famosas as proxeccións cinematográficas a pesar de que, por esta época, facía tempo que se deixaran de exhibir filmes.

REFERENCIA: AMPV-19

SINATURA: C 2604/29

DATA: 1949

TÍTULO: *Expediente de obras menores. Obras interiores en el Café Méndez Núñez sito en la calle Antonio Odriozola Pietás.*

DESCRICIÓN: Instancia de Lisardo Álvarez López pedindo permiso para realizar obras de pintura e lucimento do interior do café e autorización municipal.

OBSERVACIÓNS: Recóllese información sobre este café porque nel foron famosas as

proxeccións cinematográficas a pesar de que, por esta época, facía tempo que se deixaran de exhibir filmes.

REFERENCIA: AMPV-20

SINATURA: C 2598/19

DATA: 1949

TÍTULO: *Expediente de obras menores. Obras exteriores en Praza da Peregrina solicitado por Guillermo Saez Montero.*

DESCRICIÓN: O propietario solicita nunha instancia proceder a realizar un lavado da fachada e pintas as fiestras da mesma e resposta municipal dando a súa conformidade.

OBSERVACIÓNS: Recóllese información sobre este café porque nel foron famosas as proxeccións cinematográficas a pesar de que, por esta época, facía tempo que se deixaran de exhibir filmes.

REFERENCIA: AMPV-21

SINATURA: C 2900/4

DATA: 1952

TÍTULO: *Expediente de obras mayores. Acondicionamiento del local sito en la calle Peregrino, 1 solicitado por Guillermo Saez Montero.*

DESCRICIÓN: Instancia do propietario solicitando proceder a reformar a fachada do edificio, conformidade municipal, resposta afirmativa de Obras Públicas e dúas copias dun proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Emilio Quiroga Losada (1952).

OBSERVACIÓNS: Recóllese información sobre este café porque nel foron famosas as proxeccións cinematográficas a pesar de que, por esta época, facía tempo que se deixaran de exhibir filmes.

REFERENCIA: AMPV-22

SINATURA: C 2598/9

DATA: 1949

TÍTULO: *Expediente de obras menores. Obras interiores en la calle San Nicolás en el local denominado "Cine los Exploradores" solicitado por José Tilve Fontán.*

DESCRICIÓN: Instancia de José Tilve Fontán solicitando a licencia de obras para a reparación do local denominado cine *Los Exploradores* consistente na reparación dos pisos, retellar e branqueo interior sen modificar a antiga estrutura, resposta municipal afirmativa e decreto e notificación da Alcaldía.

REFERENCIA: AMPV-23

SINATURA: C 261

DATA: 1983

TÍTULO: *Reforma del Teatro Principal.*

DESCRICIÓN: Este expediente ten moita documentación polo que está gardado en dúas caixas.

Na primeira se garda o proxecto con memoria, prego de condicións, documentos e planos. Na segunda a documentación é máis variada: proxecto de reforma adicional de rehabilitación e reconstrucción do *Teatro Principal*, honorarios do Colexio de Arquitectos, cafetería do *Teatro Principal*, adquisición de tarima de orquestra, adquisición de cadeiras, adquisición de pianos, instalación de teléfono, acordo coa Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, acometidas de enerxía eléctrica, informe de control dos subsolos e solicitude da empresa de Dragados y Construccions.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-1, AHP-2, AHP-25, AHP-27, AHP-30, AGC-20, AGC-21, AGC-60, AGC-64, AGC-70, AGC-72, AGC-89, AGC-137, AGC-138, AGC-172, AGC-188, AGC-189, AGC-197, AGC-198, AGC-199, AGC-200, AGC-201, AGC-220, AGC-224

IV. Comentario:

Ao comezar a análise das documentacións cinematográficas procedentes do Concello de Pontevedra o primeiro que nos damos conta é de que se agardaba maiores resultados do Arquivo Municipal. Como vemos na relación de cines houbo unha oferta moi considerábel, un feito que non se reflicte en pegadas no arquivo do concello. A razón hai que buscala na presenza próxima dos arquivos provinciais, o Arquivo Histórico Provincial e o Arquivo do Goberno Civil, que fan que esta información estea moi repartida. Deste xeito, analizando o conxunto, atopamos unha cantidade bastante óptima para unha capital de provincia e cunha variedade estimábel, grazas a cal, vemos como a maioría dos cines de Pontevedra deixaron testemuños documentais.

Se nos interesamos polas primeiras sesións en establecementos cinematográficos permanentes* temos que recorrer ao material atopado, a maioría sen clasificar, no Arquivo Histórico Provincial. Nel hai material, sobre todo altas industriais e programas de man, do *Teatro Principal*, do *Petit Palais* e do *Circo-Teatro* (AHP-1 e AHP-2). No Arquivo Municipal atopamos documentación referente ao *Circo-Teatro* (AMPV-4) e sobre posteriores modificacións do *Café Méndez Núñez* (AMPV-18, AMPV-19, AMPV-20 e AMPV-21). Mentres que hai locais como o *Café Moderno* e o *Círculo Antoniano* dos que non apareceu ningunha documentación, do *Teatro Principal* atopamos bastante información que nos permiten facer un seguimento desde as sesións pioneiras ata a súa recente remodelación (AGC-21, AGC-220, AMPV-23), tamén temos referencias doutros cinemas que xurdiron no mudo como é o *Ideal Cinema*, popularmente chamado como *dos*

* Ao longo do libro de Xosé Enrique Acuña, *Da historia do cine en Pontevedra 1897-1936*, aparecen referencias a distintos pabellóns de carácter provisorio: o da *Ferrería*, o de *Conxo*, o do *Liceo*, *Teucro*,...

Exploradores (AMPV-7) e do que o seu estado final da conta o AMPV-22 e o cine *Olmos* (AGC-64), xa nas aforas da cidade. Coa incorporación do son se procedeu a unha remodelación da oferta cinematográfica co chegada do cine *Coliseum* (AMPV-6). Mais é dos cines dos anos da posguerra dos que temos máis referencias; do *Victoria* (AMPV-1, AMPV-2, AMPV-3, AGC-60 e AGC-199) e, sobre todo, do *Malvar* (AMPV-17, AHP-27, AHP-30 e AGC-200). Mais co tempo, na década dos cincuenta e sesenta, as fórmulas van mudando e diversificando, aparecen salas de barrio como o *Estribela* (AMPV-5 e AGC-20), antigo *Olmos*, cines parroquiais como o de *Acción Católica* na freguesía de San Bartolomé (AGC-138) ou ambiciosos complexos nos que se combinan cine, vivendas e baixos comerciais como é o problemático *Gonviç* (AMPV-8, AMPV-9, AMPV-10, AMPV-11, AMPV-12, AMPV-13 e AGC-201). Cos oitenta, a exhibición cinematográfica en Pontevedra se transforma coa chegada dos minicines: o *Fylcine* (AMPV-14, AMPV-15 e AGC-224), o *ABC* (AGC-197) e os *Pontevedra* (AMPV-16). Mais aínda así, o tempo foi deixando obsoletas a maioría destas salas e agora unicamente teñen cabida as multisalas situadas nos centros comerciais, como son os novísimos *Lauren Pontevedra*.

Asemade, no material documental relacionado coa capital do Lérez tamén atopamos información sobre o asociacionismo cinéfilo. Entre ela cabe destacar o papel desempeñado polo decano dos cineclubs de Galicia, o cineclub *Pontevedra* (AGC-89 e, especialmente, o AGC-70). Esta institución cinematográfica galega foi quen organizou unha *Semana de estudio sobre el Nuevo Cine español* no ano 1967 e, a principios dos oitenta, a exposición sobre *Libros de Cine*. Malia este protagonismo non sería o único cineclub en aparecer e, así, ainicios dos oitenta tamén se creou o cineclub *Juan Antonio Suances* (AGC-72) que tiña como sede o colexio co mesmo nome sito no lugar de Lourenzán.

V. Referencias bibliográficas:

- Acuña, Xosé Enrique: *Da historia do cine en Pontevedra, 1897-1936*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1996.
- López Piñeiro, Carlos Aurelio: *O nacemento dunha cidade. A implantación do cine en Pontevedra*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1999.
- Martín Sánchez, Rita: *O cinematógrafo en Pontevedra: documentos (1897-1910)*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1997.

comarca:

PONTEVEDRA


7.8 Vilaboa

Datos xeográficos:

Extensión: 37,5 km²
Poboación: 5.806 hab.
Freguesías: 5

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Vilaboa
Toural, 1
36141, Vilaboa
Tlf: 986 708 215
Responsábel: D. Delio Fernández González



Vilaboa

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
-	Lino Meira Martínez Jesús Martínez Pintos	1970

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMVL-1

SINATURA: 956/5

DATA: 1970

TÍTULO: *Obra: Construcción de edificio para cine. Propietario: Lino Meira Martínez, Jesús Martínez Pintos.*
Lugar: O Muíño-Santa Cristina de Cobres.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares.

REFERENCIA: AMVL-2

SINATURA: 530/20

DATA: 1993

TÍTULO: *Solicitud de subvenciones para actividades juveniles, jornadas de vídeo y cine y fiestas de los mayos.*


OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-217

IV. Comentario:

O estudo das fontes documentais en Vilaboa nos van a proporcionar un caso práctico de contradicción de fontes. No xeneralizado informe sobre as condicións dos locais de espectáculos feito polo Goberno Civil, cando realizou o de Vilaboa (AGC-217) non indica a existencia de ningún cine neste concello. Mais, se botamos conta da fonte documental aparecida no Arquivo Municipal (AMVL-1), sorpréndenos que se faga mención da construción dun cine. E isto non é todo, hai que fixarse na data, aparte de ser un ano excepcionalmente tardío para que aparecera unha sala cinematográfica nun concello das características de Vilaboa, pode que se cheguen a solapar entre si as dúas documentacións ata agora referidas. Vexamos, no ano 1970 pídese licencia para a construción do cine, pode ser que no ano 1971, por diversos motivos, non se concluíse e, ante isto, se optara a non facer referencia no informe que tiña que enviar cada concello en resposta da petición ministerial. Aínda así esta hipótese tampouco se sustenta xa que para iniciar a construción dun cine se tiña que por en coñecemento do Goberno Civil. Como vemos, as fontes documentais as veces producen atrancos que, inconscientemente, abren novas variantes na investigación.



8. SALNÉS, O

8.1 Cambados

8.2 Grove, O

8.3 Illa de Arousa

8.4 Meaño

8.5 Meis

8.6 Ribadumia

8.7 Sanxenxo

8.8 Vilagarcía

8.9 Vilanova

comarca:

SALNÉS, O


8.1 Cambados

Datos xeográficos:

Extensión: 23,5 km²
Poboación: 13.524 hab.
Freguesías: 5

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Cambados
Praza do Concello, 1
36630, Cambados
Tlf: 986 520 902
Responsábel:



Cambados

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Salón Variedades	Pío Vigo Domínguez Emilio Cid Arias Manuel Silva Núñez*	1909
Juventud Católica**	Acción Católica	1933
Cervantes	José González Méndez	1942
Avenida (I)	M ^a Josefa Ameijeiras Silva	1960
Avenida (II)***	Gonzalo González Castro	1993

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMC-1

SINATURA: 346/5

DATA: 1940

TÍTULO: Expedientes de subasta y venta del Salón de Variedades o del cine a José González Méndez.

DESCRICIÓN: Contén documentación pola que José Fariña Castro, representante e sucesor legal do seu sogro José López Rodríguez, cede os dereitos do citado local ao Concello. Inclúe un

* Estes foron os socios fundadores do cine. Unha primeira etapa que durou ata 1920. Dous anos despois volvería a reabrir as súas portas cun novo propietario José López Rodríguez. Finalmente pecharía as súas portas no ano 1940. Pillado Vilaronga, Sabela; *Historia do cine en Cambados*. Tese de Licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 2004, p. 163.

** Esta sala ven recollida en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Hispanoamericano, 1950-51*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1951, p. 964.

*** Este cine non tiña nada que ver co anterior, apesares de que coincidían na denominación non tiñan nada que ver nin en propietarios, nin coa emprazamento e menos cronoloxicamente, posto que o primeiro *Avenida* estivo en activo ata 1988 e o segundo *Avenida* tivo unha vida efémera de a penas 5 anos. Pillado Vilaronga, Sabela; *Historia do cine en Cambados*. Tese de Licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 2004, p. 166.

exemplar do Boletín Oficial da Provincia do 8 de maio de 1940, no que se anunciaba a subasta que resultou deserta.

OBSERVACIÓNS: Patrimonio.

REFERENCIA: AMC-2

SINATURA: 470/3

DATA: 1960

TÍTULO: *Obra: Cine Avenida. Propietario: María Jesús Otero Sarmiento. Lugar: Avenida del muelle.*

DESCRICIÓN: Construcción dun edificio destinado a cinematógrafo na Rúa Nova propiedade de María Josefa Otero Sarmiento. Inclúe un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Alfonso Barreiro Buján.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMC-3

SINATURA: 2790/1

DATA: 1970-1974

TÍTULO: *Expediente de aprobación de la programación de cine.*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMC-4

SINATURA: 1236/5

DATA: 1984

TÍTULO: *Revisión de establecimientos: Discoteca Beylu, Cine Avenida, Sociedad cultural y Cofradía de Pescadores.*

DESCRICIÓN: Contén documentación correspondente á inspección das instalacións do cine *Avenida*.

OBSERVACIÓNS: Obras de particulares.

REFERENCIA: AMC-5

SINATURA: 755/2

DATA: 1986

TÍTULO: *Obra nº 14: Derribo del edificio del cine viejo. Propietario: Ramón Otero Blanco. Lugar: Rúa Nova.*

DESCRICIÓN: Contén proxecto asinado polo arquitecto Jesús María Diéguez Pazos (decembro 1985).

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. O cine en cuestión é o *Avenida*.

REFERENCIA: AMC-6

SINATURA: 2771/6

DATA: 1990

TÍTULO: *Solicitud de subvención para actividades en el campo de la imagen, cine, vídeo, fotografía.*

DESCRICIÓN: Copia do impreso cuberto para pedir subvención á Consellería de Cultura.

REFERENCIA: AMC-7

SINATURA: 952/18

DATA: 1993

TÍTULO: *Obra: nº 378 Acondicionamiento local (cine). Propietario: Gonzalo González Castro. Lugar: R/ Ourense, 5.*

OBSERVACIÓNS: Obras de particulares

REFERENCIA: AMC-8

SINATURA: 1193/1

DATA: 1993

TÍTULO: *Actividade nº 13/93: Sala de cine. Propietario: Gonzalo González Castro. Lugar: R/ Ourense, 5*

DESCRICIÓN: Contén un proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto Alfredo Freixedo Alemparte.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMC-9

SINATURA: 1344/17

DATA: 1994

TÍTULO: *Vídeo documental de Cambados "Logavideo".*

DESCRICIÓN:

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMC-10

SINATURA: 2770/3

DATA: 1989

TÍTULO: *Muestra de vídeo e imagen; solicitud de subvención a la Consellería de Cultura.*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-191

IV. Comentario:

É interesante destacar como o cine callou rapidamente en Cambados. A primeira sala cinematográfica permanente en establecerse foi o *Salón Variedades* no ano 1909, sendo dos primeiros cines de Galicia construídos a propósito para desempeñar esta actividade. Para reducir os riscos da novidade a fundación deste negocio correu por conta de varios socios que apostaron polo proxecto. Mais pronto viuse interrompido na década dos vinte para coller o testemuño un so propietario que o conduciría ata principios da década dos corenta.

Nos anos trinta lle saíra un competidor co cine *Juventud Católica* que estaba en mans do grupo relixioso Acción Católica e que, como xa vimos noutros concellos próximos (Poio), estaba estendendo o emprego do cine para secundar as súas proclamas educadoras e moralizantes en tempos de incerteza como eran os anos da República.

Despois do conflito bélico da Guerra Civil realizase a poxa do edificio onde estaba situado o *Salón Variedades* (AMC-1). Mais tal como vemos se analizamos o contido desta fonte documental esta sala contempla máis variantes; que os antigos propietarios fixeron unha poxa que quedou deserta cedendo os dereitos do inmóbel a mans do Concello de Cambados. Este venderíao a un novo propietario, pasando a chamarse o cine *Cervantes*.

Para saber cal foi a seguinte sala de cine que se emprazou nesta localidade hai que agardar ata os anos sesenta, concretamente foi o *Avenida (I)* (AMC-2). Este cine sería o protagonista dun derrube a mediados dos oitenta (AMC-5). E, por último, hai que destacar o tardío intento de instalar outro cine, o *Avenida (II)* (AMC-7 e AMC-8) sen que tivera nada que ver co anterior.

Ao longo destes anos son varios os elementos documentais que denotan as existencias destes cines; unha aprobación da programación (AMC-3), unha revisión de establecementos que albergaban espectáculos (AMC-4), unha subvención á Xunta de Galicia para realizar actividades (AMC-6), a realización dunha mostra de vídeo (AMC-10) e a realización dun vídeo de propaganda sobre as excelencias turísticas de Cambados (AMC-9).

V. Referencias bibliográficas:

Pillado Vilaronga, Sabela: *Historia do cine en Cambados*, Tese de Licenciatura (Inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 2004.

comarca:

SALNÉS, O


8.2 Grove, O

Datos xeográficos:

Extensión: 21,2 km²
Poboación: 11.135 hab.
Freguesías: 2

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello do Grove
Praza do Corgo, s/n
36980, O Grove
Tlf: 986 730 975
Responsábel:



O Grove

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Besada</i>	José Besada Domínguez	1921*
<i>Centro Radical</i>	Centro Radical	1932
<i>El Marino</i>	Francisco Lores Fernández	1943
<i>Anduriña**</i>	Francisco Bouzas	1949
<i>Salón de Conferencias del Hotel de La Toja</i>	Antonio Uría y Valledor	1949

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMOG-1

SINATURA: 364/10

DATA: 1943

TÍTULO: *Obra: Cine. Propietario: Francisco Lores Fernández y esposa. Lugar: carretera de O Grove a la Illa da Toxa.*

DESCRICIÓN: Contén proxecto con memoria, planos e presuposto.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. O cine do que se está a falar é *El Marino*.

REFERENCIA: AMOG-2

SINATURA: 1796/7

DATA: 1990

* García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 669.

** A única referencia deste cine é que aparece sinalado no Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español 1956*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1956, p. 680. Aínda que tal como di o AGC-150 deixou de funcionar no ano 1951.

TÍTULO: *Infracción urbanística de Jesús González Otero por construción pilares en el interior del antiguo Cine Besada, C/ Luis Seoane, 7.*

DESCRICIÓN: Expediente de infracción urbanística instruído contra o promotor Jesús González Otero por construción de piares no interior do cine *Besada* sen contar con licencia municipal.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMOG-3

SINATURA: 1976/7

DATA: 1976

AGC-44, AGC-45, AGC-46, AGC-48, AGC-60, AGC-111, AGC-128, AGC-176

IV. Comentario:

Antes de entrar a comentar o caso do cine en Vilanova de Arousa hai que volver a repetir que na relación de cines que acompañan a esta ficha non se engadiu os cines que se situaron na Illa de Arousa, antigo territorio separado deste concello desde 1995. Mais nós, aquí, temos que facer referencia a todo dunha forma unitaria e así podemos considerar que, sumando os tres cines da Illa de Arousa, a oferta cinematográfica neste concello foi moi abondosa, mais, tamén, moi dispersa. Aos da Illa de Arousa hai que sumar o que existía en Baión, o *Ideal-Cinema* (AGC-48), ao *Salón Novedades* e ao *Coliseo* (AGC-44, AGC-128 e AMVN-6) de Vilanova de Arousa e ao *Puente Arnelas* (AGC-111), na freguesía de Ponte Arnelas. A estes catro hai que sumar a presenza dun cine serodio, xurdido nos anos oitenta, e que o temos recollido na documentación atopada no Arquivo Municipal (AMVN-3 e AMV-5) mais non temos a súa denominación.

comarca



9. TABEIRÓS-TERRA DE MONTES

9.1 Cerdedo

9.2 Estrada, A

9.3 Forcarei

comarca:

TABEIRÓS-TERRA DE MONTES

9.1 Cerdedo

Datos xeográficos:

Extensión: 79,9 km²

Poboación: 2.213 hab.

Freguesías: 8

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Cerdedo

Praza do Concello, 1

36130, Cerdedo

Tlf: 986 753 006

Responsábel:



Cerdedo

I. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-193

II. Comentario:

O Concello de Cerdedo é unha clara mostra da dificultade que tivo o cine para arraigar na zona oriental da provincia de Pontevedra. Son concellos con moita superficie e cunha escasa poboación e, aínda por riba, moi espallada debido aos accidentes xeográficos da súa orografía. A todos estes elementos contraproducentes hai que falar da súa situación entre concellos de maior entidade e cunha ampla oferta cinematográfica. Da imposibilidade de fixar en Cerdedo unha sala de cine permanente o da o informe do Goberno Civil sobre o estado dos locais que acollían espectáculos no concello (AGC-193).

comarca:

TABEIRÓS-TERRA DE MONTES

9.2 Estrada, A

Datos xeográficos:

Extensión: 281,8 km²

Poboación: 22.362 hab.

Freguesías: 51

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello da Estrada

Praza da Constitución, 1

36680, A Estrada

Tlf: 986 570 141

Responsábel: Dña. María Jesús Fernández Bascuas



A Estrada

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Novedades</i>	Espectáculos Celta	1924
<i>Principal</i>	Leonardo Bamio Moldes	1947
<i>Progreso</i>	Manuel Constenla Magán	1953
<i>Multicines Central</i>	-	2002

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AME-1

SINATURA: 338/7

DATA: 1959

TÍTULO: *Listas cobratorias sobre bebidas, bailes e cines.*

DESCRICIÓN: Nada correspondente coas salas cinematográficas.

OBSERVACIÓNS: Taxas. Ordenanzas fiscais. A pesar de non posuír información de interese decidímonos por incorporalo porque é unha fonte administrativa que, apesares do seu defecto, contaba coa intención de recibir información sobre os cines tal como pasa tamén no AMAE-2.

REFERENCIA: AME-2

SINATURA: 338/9

DATA: 1962

TÍTULO: *Listas cobratorias. (Bebidas, bailes, cine; exportación de madeira).*

DESCRICIÓN: Contén recibos correspondentes ao *Teatro Principal* e ao *Salón Novedades*.

OBSERVACIÓNS: Taxas. Ordenanzas fiscais.

REFERENCIA: AME-3

SINATURA: 1375/5

DATA: 1958

TÍTULO: *Denuncia de los cines Novedades y Principal. Masa Coral: solicitud de subvención.*

DESCRICIÓN:

OBSERVACIÓNS: Cultura. Actividades culturais.

REFERENCIA: AME-4

SINATURA: 1385/3

DATA: 1946

TÍTULO: *Pérez Lafuente, Antonio. Villagarcía de Arosa. Construcción de un cine en la calle Serafín Pazo.*

DESCRICIÓN: Instancia de Antonio Pérez Lafuente, veciño de Vilanova de Arousa, ao alcalde da Estrada para construír un cine na rúa Serafín Pazo. Presenta proxecto asinado polo arquitecto Emilio Quiroga Losada (memoria e planos).

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. O cine en cuestión é o *Principal*.

REFERENCIA: AME-5

SINATURA: 1387/18

DATA: 1952

TÍTULO: *Costa Constela, José. A Estrada. Reformas en el interior del cine de Espectáculos Celta.*

DESCRICIÓN: Contén instancia de José Costa Constenla como representante de "Espectáculos Celta" de Vigo, solicitando autorización para obras de reforma hixiénica no *Salón Novedades*, obras que lle foron ordeadas pola superioridade.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AME-6

SINATURA: 1437/3

DATA: 1971

TÍTULO: *Constela Otero, Josefa. Remitiendo al Gobierno Civil, para su aprobación, el proyecto de reforma de local sito en la calle Don Nicolás, destinado a cine.*

DESCRICIÓN: Contén notificación do Goberno Civil á solicitante pedíndolle puntualizacións acerca da obra (marzo 1972). Non está o proxecto pero sí a notificación con data 7 de decembro de 1971. Solicitud de información por parte do alcalde ao Goberno Civil (10 xaneiro de 1973). Notificación do alcalde ao interesado coa mesma data, comunicándolle que non pode facer obra porque aínda non ten a licencia.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AME-7

SINATURA: 1755/120

DATA: 1953

TÍTULO: *Establecimiento: Cine. Propietario: Constenla Magán, Manuel. Lugar: Codeseda.*

DESCRICIÓN: Solicitud de licencia de apertura dun cine nun local de Jesús Valladares Salgado. Concedida.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecimientos.

REFERENCIA: AME-8

SINATURA: 1755/75

DATA: 1947

TÍTULO: *Establecimiento: Cinematógrafo. Propietario: Pérez Lafuente, Antonio. Lugar: A Estrada.*

DESCRICIÓN: Contén notificación do Delegado Sindical Comarcal (Antonio Barros Gómez) informando positivamente sobre a autorización solicitada por Antonio Pérez Lafuente con data 9 de abril de 1946.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecimientos. O cine en cuestión é o *Principal*.

REFERENCIA: AME-9

SINATURA: 4182/9

DATA: 1984

TÍTULO: *Lamiño Prado, José Antonio. Licencia para la reproducción de material audiovisual en el Bar American.*

OBSERVACIÓNS: Industrias. Este permiso era indispensable para exhibir material videográfico.

REFERENCIA: AME-10

SINATURA: 2354/19

DATA: 1966

TÍTULO: *Regulación para instalación y explotación de Kioskos y Locales de Sociedad, colegios, Asociaciones para exhibiciones de películas.*

DESCRICIÓN: Notificación do Ministerio de Información y Turismo ao Concello da Estrada de que teñen coñecemento de que en sociedades, colexios, asociacións, etc, funcionan locais que utilizan proxectores de 16 mm para exhibir noticiarios, reportaxes, películas non controladas nin autorizadas polo que agardan do alcalde que controle esta situación. Asina o delegado provincial, Eduardo López Merino (11 de xaneiro de 1966).

OBSERVACIÓNS: Servizos agropecuarios e industriais.

REFERENCIA: AME-11

SINATURA: 3507/56

DATA: 1963

TÍTULO: *Revisión de usos y consumos de "Espectáculos Celta", representados por Edmundo Blanco Fuentes.*

DESCRICIÓN: Contén solicitude de revisión no que alegan que o local ten menos aforo que o teatro *Principal* e que, polo tanto, deberían pagar menos.

OBSERVACIÓNS: Recadación. Contas de recadación.

REFERENCIA: AME-12

SINATURA: 2354/17

DATA: 1964

TÍTULO: *Permiso de rodaje tramitado a través de la Delegación Provincial de Información y Turismo.*

DESCRIPCIÓN: Do Goberno Civil da provincia ao alcalde da Estrada: "Dado que proliferan en esta época usuarios de tomavistas y técnicos de cine y televisión extranjeros captando imágenes móviles de nuestra provincia, sírvase ordenar que los agentes -con la especial amabilidad que conviene en estos casos- recaben permiso de rodaje que otorga la Dirección General de Cinematografía y Teatro", (agosto 1964).

OBSERVACIONES: Servizos agropecuarios e industriais. Expedientes de fomento turístico.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-14, AHP-77, AGC-15, AGC-16, AGC-61, AGC-95, AGC-96, AGC-149, AGC-173

IV. Comentario:

Como podemos comprobar da Estrada existen moitas e variadas fontes documentais cinematográficas. O máis salientábel deste conxunto é que algunhas referencias do Arquivo Municipal, sobre todo a concesión de licencias, falaban da construcións de cines e non dicían de cales se trataba. Por contexto, por coherencia discursiva e por alusións secundarias fomos deseñando un decorrer coherente na historia do cine neste concello.

Como capital da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, A Estrada aproveitouse das vantaxes de ser o centro administrativo e de servizos a unha poboación espallada por un territorio moi amplo. Lembremos sobre este aspecto que A Estrada é o concello máis grande da provincia de Pontevedra. Deste modo, vemos como esta localidade gozou de ter unha sala cinematográfica desde moi cedo, desde mediados da década dos vinte, coa instalación do cine *Novedades*. Mais a primeira documentación sobre este cine pioneiro a temos moi tarde, despois dunha reforma no ano 1952 (AME-5); unha nova organización governamental (AGC-96), autorización de filmes (AHP-14), listas cobradoras de distintos anos (AME-1 e AME-2), documentación xerada por parte do Sindicato Provincial de Espectáculos (AHP-77) e denuncias (AME-3). Destas últimas tamén participaban o seguinte cine en instalarse na Estrada a mediados do século XX, o *Principal* (AME-4, AME-8, AME-11, AGC-45 e AGC-149), información que nos dan contan de autorizacións, reformas, impostos,... Unha década despois chegaría a terceira sala, o cine *Progreso* (AME-7, AME-6 e AGC-15), máis desta vez non no núcleo urbano da Estrada senón sito no lugar de Codesada. A recompilación da historia dos cines se poden seguir nos informes que tiñan arquivados o Goberno Civil sobre os locais de espectáculos da Estrada (AGC-16 e AGC-173).

Mais as cousas non quedan aí, no resto de referencias documentais podemos facernos unha idea do decorrer da sorte do cine nos últimos anos; como a regulación da exhibición de filmes en

asociacións (AME-10), a irrupción do vídeo (AME-9 e AGC-16) e os permisos de rodaxes de producións cinematográficas que ían a filmar no concello (AME-12).

Por último é oportuno sinalar como, ao día de hoxe, o cine na Estrada sobrevive a través das novas fórmulas de exhibición consistentes nas multisalas, nos *Multicines Central*. Uns cines dos que aínda non podemos contar coa información que xeraron administrativamente porque hai que agardar un tempo prudencial para que sexa pasada da Secretaría do concello ao Arquivo Municipal.

comarca:

TABEIRÓS-TERRA DE MONTES


9.3 Forcarei

Datos xeográficos:

Extensión: 168,4 km²
Poboación: 4.704 hab.
Freguesías: 13

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Forcarei
Praza da Igrexa, 1
36550, Forcarei
Tlf: 986 755 036
Responsábel:



Forcarei

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Colón	Gumersindo Pichel	1948
Chagüy*	Avelino Cachafeiro Bugal**	1948

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMF-1

SINATURA: 281/36

DATA: 1948

TÍTULO: Obra: *Proyecto e adaptación de un salón de baile para cinematógrafo*. Propietario: *Castor Cachafeiro*.
Lugar: *Soutelo de Montes*.

DESCRICIÓN: Inclúe proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras particulares.

REFERENCIA: AMF-2

SINATURA: 281/37

DATA: 1948

TÍTULO: Obra: *Proyecto de adaptación de una casa para cine*. Propietario: *Gumersindo Pichel*. Lugar: *Forcarei*.

DESCRICIÓN: Inclúe planos.

* Resulta curioso a denominación deste cine, a verba galega “changüi” ven a significar como unha “paga”, unhas moedas que se dan como paga para gastar os domingos para comprar algunha larpeirada ou para asistir algún espectáculo dominical.

** Tamén resulta interesante comentar quen era a figura de Avelino Cachafeiro, o afamado “Gaiteiro de Soutelo de Montes”, que primeiro rexentou unha sala de baile e logo transformouna para dar sesións cinematográficas.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras particulares.

REFERENCIA: AMF-3

SINATURA: 361/13

DATA: 1964

TÍTULO: *Expediente de actividades molestas, nocivas insalubres y peligrosas de sala de cine de Avelino Cachafeiro Bugallo, en Soutelo.*

OBSERVACIÓNS: Industrias. Actividades molestas, nocivas, insalubres e peligrosas. O cine en cuestión é o *Changüy*.

REFERENCIA: AMF-4

SINATURA: 361/15

DATA: 1964

TÍTULO: *Expediente de actividades molestas, nocivas insalubres y peligrosas de una sala de cine, de Esperanza Campo García en la C/ Progreso de Forcarei.*

OBSERVACIÓNS: Industrias. Actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas. O cine do que se fala é o *Colón*.

REFERENCIA: AMF-5

SINATURA: 930/10

DATA: 1989

TÍTULO: *Solicitud de subvención para ciclo de cine.*

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividade culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-17, AGC-186

IV. Comentario:

Forcarei atópase situado na franxa oriental da provincia de Pontevedra, unha zona normalmente pouco propicia por condicións demográficas para instalar un cine comercial de carácter permanente. Unha vez comprobado esta observación sorprende que no Concello de Forcarei houbera cines, e non unha sala, senón dúas; o cine *Colón* (AMF-2) e o *Changüy* (AMF-1). O primeiro esta sito en Forcarei e o segundo na freguesía de Soutelo de Montes.

Esta vai ser case a diferenza máis sinalábel porque entre as dúas salas existe unha paridade curiosa da que imos dar conta. Os dous cines comezaron a súa actividade no ano 1948, os dous cines foron proxecto do mesmo arquitecto, Robustiano Fernández Cochón, e os dous presentaron un informe sobre as actividades molestas e condicións de salubridade (AMF-3 e AMF-4). Todo isto

se temos en conta o Arquivo Municipal, mais se revisamos o do Goberno Civil atopamos máis información sobre estes cines. No AGC-17 o protagonista é o *Colón* mais tamén se fala do *Changjiy* e no AGC-186, onde se fai un informe sobre os locais dedicados a espectáculos, aparecen unha información moi completa sobre os dous cines, incluíndo os seus respectivos proxectos.

Por último sinalar como interesante, cómo trala desaparición destes dous cines a finais dos setenta e principios dos oitenta, o Concello de Forcarei recuperou o cine como actividade cultural organizando ciclos (AMF-5). Este intento de intentar manter esta relación débese a que Forcarei foi o concello onde foi nado unha das figuras máis salientábeis da Historia do Audiovisual Galego, Chano Piñeiro.

comarcas



10. VIGO

10.1 Baiona

10.2 Fornelos de Montes

10.3 Gondomar

10.4 Mos

10.5 Nigrán

10.6 Porriño, O

10.7 Pazos de Borbén

10.8 Redondela

10.9 Salceda de Caselas

10.10 Soutomaior

10.11 Vigo

comarca:

VIGO

10.1 Baiona

Datos xeográficos:

Extensión: 34,26 km²

Poboación: 11.153 hab.

Freguesías: 5

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Baiona

Rúa Lorenzo Carrera, 17

36300, Baiona

Tlf: 986 385050

Responsábel: Dña. Delia Pérez



Baiona

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
-	Ramón Costas	1925
-	Vicente Vázquez	1935
Salón Teatro	-	-
Avenida	Jaime Lago Maslloréns	-
Ideal Bayona*	-	1968
Miramar	Jaime Lago Maslloréns	1982

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMBA-1

SINATURA: 1597/3

DATA: 1990

TÍTULO: *Adquisición de cines de Baiona a la Caja de Ahorros Municipal de Vigo (Caixavigo).*

DESCRICIÓN: Este expediente contén: a resolución de xulgado no que se certifica o vencemento da hipoteca que Explotaciones Cinematográficas, S. A. (Excinsa) tiña contraída con Caixa Vigo, a presentación da nova escritura no concello por parte da entidade bancaria, informe de xerencia territorial, a moción do concello para a adquisición dos minicines *Miramar* para convertelo no Auditorio Municipal, tamén contén un anexo onde se describe o inmóbel, un informe da secretaría do concello, un informe técnico do arquitecto municipal (escrito a bolígrafo) e presuposto de reforma.

OBSERVACIÓNS: Patrimonio. Compras. A hipoteca vencida tiña un valor de 23.500.000 pts. e a adquisición do inmóbel por parte do concello cifrouse nunhas 26.000.000 pts. A entrega da obra

* Este cine estaba na freguesía de Vilanova segundo o inventario de cines que aparecía en Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español 1969*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1969, p. 948.

estaba fixada no 1992.

REFERENCIA: AMBA-2 **SINATURA:** 1672/1 **DATA:** 1990

TÍTULO: *Proyecto de reforma de cines para auditorio municipal.*

DESCRICIÓN: Estudio previo con planos, memoria, medicións, presupostos e planos do arquitecto, con residencia en Vigo, José Romero Amich.

OBSERVACIÓN: Obras municipais. Toda esta documentación está nunha carpeta.

REFERENCIA: AMBA-3 **SINATURA:** 2349/2 **DATA:** 1991, 1992

TÍTULO: *Reforma de cines para auditorio, sala de exposiciones y salón de congresos. CONSTRUCCIONES ANTONIO VARELA VILLAMOR, S.L.*

DESCRICIÓN: Contén: fotocopia do anuncio do concurso publicado no D.O.G., presuposto, solicitude de subvención a Xunta, contrato das obras, documentación da empresa constructora Villamaior, convenio de financiamento da obra coa Xunta e certificados de avance da obra.

OBSERVACIÓN: Obras municipais. A subvención de la Xunta constou foi dunhas 30.000.000 pts. e foi outorgada co propósito de remarcar o acontecemento da Arribada, do V Centenario do Descubrimiento de América.

REFERENCIA: AMBA-4 **SINATURA:** 2350/1 **DATA:** 1991, 1992

TÍTULO: *Proyecto básico de reforma de cines para auditorio, sala de exposiciones y salón de congresos. CONSTRUCCIONES ANTONIO VARELA VILLAMOR, S.L.*

DESCRICIÓN: O expediente contén dúas copias do proxecto básico: planos, anexos, presuposto, pregue de condicións, medicións e normas de obrigado cumprimento. Este proxecto básico foi deseñado polo arquitecto, residente en Vigo, José Romero Amich.

OBSERVACIÓN: Obras municipais. Este expediente está resgardado nunha carpeta deseñada para á ocasión.

REFERENCIA: AMBA-5 **SINATURA:** 367/3 **DATA:** 1925

TÍTULO: *Obra: instalación de máquina de cinematógrafo. Propietario: Ramón Costas. Lugar: A Igrexa- Santa Cristina da Ramalloza.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar ao alcalde a autorización de instalación do cinematógrafo, solicitude de construción do edificio, esbozo feito a lapis, da construción proxectada a unha escala de 1:100 e, finalmente, un informe da policía municipal dando conta de que o propietario

decidiuse por cambiar as condición de construción do pavillón pasando da pedra ao ladrillo.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. O presuposto para obra alcanzaba as 2.500 pts.

REFERENCIA: AMBA-6

SINATURA: 755/4

DATA: 1971

TÍTULO: *Relación de locales de espectáculos.*

DESCRIPCIÓN: Contén unha fotocopia do pedimento da Gobernación Civil no B.O.P., no nº 60, no 13 de marzo de 1971, polo cal se pide aos concellos unha relación dos establecementos dedicados aos espectáculos. Tal como ven recollido neste informe podemos saber da existencia dos cines: Jaime Lago Maslloréns era propietario do *Avenida* e do *Salón Miramar*, neste último tamén se organizaban bailes. O arquitecto que validou a súa seguridade foi Agustín Pérez Vidal.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

III. Referencias dos arquivos provinciais.

AHP-13, AHP-27, AHP-60, AHP-77, AGC-8, AGC-9, AGC-141, AGC-142, AGC-143, AGC-153, AGC-181, AGC-219, AGC-222

IV. Comentario:

A vila de Baiona destaca por ser un enclave turístico de grande tradición. Isto fai que o sector sevizos atopase nesta localidade un especial auxe. Dentro de estes sector cabe destacar os cines como elementos canalizadores do ocio da xente. Así dentro da información acadada podemos sinalar como a mediados dos anos vinte xa hai constancia documental do intento de construír un pavillón cinematográfico (AMB-5). Xusto unha década despois, nos anos trinta, atopámonos con indicios, unha alta industrial, que nos levan a outra sala de cine (AHP-60). Destes cines non sabemos a súa denominación mais si coñecemos quen era o seu propietario e o ano nos que se puxeron en marcha.

Información máis abundosa atopamos das dúas salas que pertencían ao propietario Jaime Lago Maslloréns, o cine *Avenida* e o cine *Miramar*. O primeiro é o protagonista do AGC-9 e con información no AHP-77, e o segundo da información clasificada no AGC-8 e, erroneamente, parte do AGC-153 e ámbolos dous no AGC-145. Sería o *Miramar* a única sala quen correría o risco de adaptarse as novas esixencias do público na década dos 80, co intento de transformarse nunha multisala (AGC-219, AGC-141 e AGC-142). A pesar disto, o *Miramar* sucumbiu ante a pouco afluencia de público sendo embargado por unha entidade bancaria (AMB-1). Mais aos poucos anos

o cine renacería ante un proxecto de reforma para convertelo nun auditorio, sala de exposicións e salón de concertos (AMB-2, AMB-3 e AMB-4).

Entre o resto da documentación atopada cabe destacar as distintos actos benéficos celebrados durante os anos 50 tanto no *Avenida* como no *Miramar*, constancia disto se atopa espallada pola distinta documentación do Arquivo Histórico Provincial (AHP-13 e AHP-27). E por último, facer mención ao informe onde se fai unha relación de establecementos onde se fan espectáculos feito polo concello en 1971 (AMB-6) e remitido ao Goberno Civil para certificar a información ao respecto e que progresivamente foi atesourando este organismo sobre este concello (AGC-181).

comarca:

VIGO

10.2 Fornelos de Montes

Datos xeográficos:

Extensión: 83, 8 km²

Poboación: 3.875 hab.

Freguesías: 10

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Fornelos de Montes

Praza da Igrexa, 1

36847, Fornelos de Montes

Tlf: 986 768 409

Responsábel:



Fornelos de Montes

I. Referencias do arquivo provincial:

AGC-186

II. Comentario:

A única documentación que temos deste concello é o informe remitido por este ao Goberno Civil facendo efectiva unha orde ministerial do 1971 na que se tiña que facer un balance de todos os establecementos do concello dedicados a espectáculos (AGC-186). Nesta relación sérvenos para certificar como en Fornelos de Montes dábanse unhas condicións pouco propicias para instalar unha empresa de exhibición cinematográfica permanente.

comarca:

VIGO

10.3 Gondomar

Datos xeográficos:

Extensión: 74,18 km²

Poboación: 11.987 hab.

Freguesías: 10

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Gondomar

Praza Doutor Latino Salgueiro, 1

36380, Gondomar

Tlf: 986 651 000

Responsábel: D. Santiago Signo



Gondomar

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Capitol</i>	Jaime Lago Maslloréns	1944
<i>Rialto</i>	Joaquín Bravo Quintas	1957
<i>Gondomar</i>	Alfonso Sestelo Amorín Asier Gómez Rodríguez	1968

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMGO-1

SINATURA: 406/13

DATA: 1957

TÍTULO: *Obra: cine. Propietario: Bravo Quintas, Joaquín. Lugar: Gondomar.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar a construción dun cine e o proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Antonio Ramón Conde.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecementos.

REFERENCIA: AMGO-2

SINATURA: 450/4

DATA: 1983

TÍTULO: *Establecemento: Reforma en el cine. Propietario: Casas Pajariño, Manuel Ángel (de profesión profesor mercantil). Lugar: Gondomar.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar unha apertura dunha terraza no aparcamento privado do cine durante os meses de verán.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecementos.

REFERENCIA: AMGO-3 **SINATURA:** 407/4 **DATA:** 1967

TÍTULO: *Obra: Cine. Propietario: Sestelo Amorín, Alfonso. Lugar: Gondomar.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar a construción dun local para cinematógrafo, dictame do concello, solicitude de apertura, anuncio no B.O.P. nº 243 do 23 de outubro de 1967, avisos a veciños e aprobación de licencia de apertura. Neste expediente tamén se inclúe unha carta do Ministerio de Cultura pedindo que se fixera unha relación das empresas cinematográficas existentes no concello no ano 1985, acompañando a esta carta está a notificación do alcalde onde sinala que o cine que hai en funcionamento nese ano é o cine *Gondomar* que ten como propietario Alfonso Sestelo Amorín e Asier Gómez Rodríguez e que tiña como data de autorización o 22 de outubro de 1968.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecementos. No expediente tamén figura como copropietario Asier Gómez Rodríguez.

REFERENCIA: AMGO-4 **SINATURA:** 409/1 **DATA:** 1972

TÍTULO: *Obra: reforma del Cine Rialto. Propietario: Bravo Quintas, Manuel. Lugar: Gondomar.*

DESCRICIÓN: Instancia para reforma da fachada do antigo cine *Rialto* e un proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto José Garrido Rodríguez. No expediente tamén existe un informe, escrito a bolígrafo por parte do aparelador municipal onde denuncia que a viseira do cine non se axusta as medidas do proxecto.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias a obras particulares.

REFERENCIA: AMGO-5 **SINATURA:** 484/17 **DATA:** 1955

TÍTULO: *Expediente instruido con motivo del siniestro en la cabina del cine Capitol el 13-02-1955.*

DESCRICIÓN: O propietario do cine *Capitol*, Diego Virual Jiménez, pon en coñecemento do concello os feitos ocorridos as 13:00 horas do día 1 de febreiro de 1955 na cabina de proxección do cine. Unha gran descarga eléctrica queimou o reductor elevador e o transformador amplificador quedando en mal estado a cabina. Uns danos valorados en 10.000 pts.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Nesta notificación se sinala como culpábel a Compañía Eléctrica de la Sociedad General Gallega e a finalidade deste expediente é tramitar canto antes o diñeiro do seguro da compañía Seguridade Alianza.

REFERENCIA: AMGO-6 **SINATURA:** 519/2 **DATA:** 1936

TÍTULO: *Circular a los propietarios de cines para que paguen sus cuotas a la Junta de Protección de Menores.*

DESCRICIÓN: Circular da Junta de Protección de Menores para que os propietarios dos cines e doutros espectáculos se poñan ao día nos pagos a esta institución. Nunha nota anexa insta ao Concello a que faga chegar a institución unha cantidade mínima, un 2 por mil do total debido.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. Esta nota está datada o 20 de outubro de 1936, meses despois do alzamento nacional, polo tanto é natural que na despedida da carta se insira un "¡Viva a España!". Este detalle da conta da rapidez con que as forzas do Alzamento intentaron controlar o medio cinematográfico.

REFERENCIA: AMGO-7 **SINATURA:** 519/8 **DATA:** 1950

TÍTULO: *Solicitud de un certificado acreditativo de renta declarada al Ayuntamiento sobre el cine Capitol.*

DESCRICIÓN: Jaime Lago Maslloréns necesita un certificado acreditativo da declaración da renda presentada no Concello. O expediente tamén incorpora unha notificación do Goberno Civil onde o médico Celso Velázquez Martínez fai unha denuncia sobre as condición do cine *Capitol*.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMGO-8 **SINATURA:** 519/10 **DATA:** 1957

TÍTULO: *Expediente instruido a instancia de Joaquín Bravo Quintas para solicitar la instalación de un cine en la calle de Elduayen.*

DESCRICIÓN: Solicítanse do concello unha declaración para apoiar a decisión dun cine en como é un establecemento que contribúe ao coidado e ao embelecemento do pobo, representando unha melloría técnica na práctica cinematográfica e aumentando o nivel de vida da xente do pobo. Neste expediente inclúese unha copia da devandita declaración.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMGO-9 **SINATURA:** 519/11 **DATA:** 1962-1969

TÍTULO: *Autorizaciones diversas de la delegación local del Ministerio de Información y Turismo al cine Rialto de Gondomar para la proyección de películas.*

DESCRICIÓN: Existen aproximadamente cerca de 300 fichas de autorizacións de proxeccións de filmes por parte da Delegación Local do Ministerio de Información e Turismo. O abano temporal das fichas van desde 1954 a 1969 e a ficha ven desagregada no título do filme, metrxaxe, nacionalidade e cualificación.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMGO-10 **SINATURA:** 519/14 **DATA:** 1971

TÍTULO: *Declaración de rentas obtenidas por el cine Capitol.*

DESCRICIÓN: Ficha do da Comisión Superior de Protección do Menor pertencente ao Ministerio de Xustiza, cuberta por Alfonso Sestelo Amorín, dono do cine *Gondomar*.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. Segundo esta ficha o cine *Capitol* ten un aforo de 492 butacas.

REFERENCIA: AMGO-11 **SINATURA:** 519/16 **DATA:** 1978

TÍTULO: *Oficio que acompaña a una multa impuesta por el cine Capitol en 1978.*

DESCRICIÓN: Recibo do Ministerio de Cultura polo pago da multa derivada das sancións impostas pola Dirección General de Cinematografía.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMGO-12 **SINATURA:** 522/9 **DATA:** 1982

TÍTULO: *Solicitud de ayuda económica para realizar cortometraje cinematográfico.*

DESCRICIÓN: Instancia de solicitude de subvención a Antonio Caeiro Rodríguez para a realización dunha curtametraxe en Súper 8-Cor-Son. Acompáñese, en forma de anexo, unha pequena memoria do proxecto. A resolución do concello foi deixar sobre a mesa o asunto para discutilo en próximas sesións.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais. No anexo pódese saber que o proxecto desta curtametraxe era facelo en galego, dunha media hora, con son directo, con 5 escenarios (3 exteriores e 2 interiores) e no que se baralla un presuposto de 60.000 pts. Estaba baseado nun relato curto de Manuel Suárez Fernández titulado *Unha caixiña branca*, que falaba da loucura dun home de avanzada idade tras a morte do seu único fillo, o último ser querido que lle quedaba. O destino do curto era que concorrera a concursos e a festivais cinematográficos.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-13, AGC-18, AGC-186, AGC-221

IV. Comentario:

Gondomar sería unha das vilas onde o empresario dedicado a exhibición cinematográfica, Jaime Lago Maslloréns, situaría unha das moitas salas que espallou pola provincia de Pontevedra. Concretamente, sería o cine *Capitol*. Ao longo da historia este cine vai ser quen deixe máis indicios

documentais da súa existencia; documentación en trámite (AGC-221) o accidente que aconteceu na súa cabina de proxección (AMGO-1), a realización dun acto benéfico (AHP-29), a imposición dunha multa por parte da Dirección Xeneral de Cinematografía (AMGO-11) e declaración das rendas (AMGO-7 e AMGO-10).

Apesares que o *Capitol* é o primeiro cine do que temos constancia sabemos que en Gondomar houbo outros cines con anterioridade. Disto da conta o porque de atoparnos cunha copia dunha circular procedente da Junta de Protección de Menores solicitando aos cines asentados na localidade que paguen a cota do imposto de protección ao menor (AMGO-6). Outros cines de Gondomar dos que temos constancia documental é o cine *Rialto* e o cine *Gondomar*. Do primeiro temos a petición dun curioso informe onde se fala das excelencias de ter un cine na vila (AMGO-7), a solicitude para a súa construción (AMGO-1), unha abondosa colección de fichas de visados autorizando a proxección de filmes (AMGO-9) e unha reforma da fachada (AMGO-4). Do segundo temos a instancia onde se solicita autorización para a súa construción (AMGO-3) e unha tardía reforma do cine (AMGO-2). Entre a documentación sobre os cines de Gondomar cabe destacar os completos expedientes, con planos incluídos, que estaban no arquivo do Goberno Civil (AGC-186).

E por último, como curiosidade digna de sinalar, entre a información que analizamos nos atopamos coa petición ao Concello de Gondomar dunha axuda para a realización dunha curtametraxe. Dita instancia se acompañaba cunha especie de memoria do proxecto onde, de maneira esquemática, se nos da conta das características deste proxecto cinematográfico.

comarca:

VIGO


10.4 Mos

Datos xeográficos:

Extensión: 53,3 km²
Poboación: 14.114 hab.
Freguesías: 10

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Mos
Reguengo, 1, Petelos
36416, Mos
Tlf: 986 331 200
Responsábel: Dna. Diana Lago Álvarez.



Mos

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Pereiras</i>	Aniceto Rodríguez Táboas	1964

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77

III. Comentario:

Nos anuarios e inventarios cinematográficos consultados para intentar situar dentro da xeografía e e cronoloxía os cines da provincia de Pontevedra non se atopou ningún cine no concello de Mos. Esta carencia estaba apoiada incluso pola carencia no Goberno Civil dunha carpeta expresa que trataba en termos xerais os espectáculos do concello*. Mais, despois da nosa investigación, na documentación existente entre a correspondencia do antigo Sindicato Provincial de Espectáculos (AHP-77) localizamos unha serie de expedientes con asuntos xerais de cines da provincia. Entre eles atopamos un cine sito en Mos, o *Pereiras*, denominación que coincide co nome dunha freguesía polo que, con toda seguridade, cabe pensar que é alí onde podía estar emprazado.

* O que si apareceu foi unha voluminosa carpeta na que se recollía toda a documentación ao respecto dunha famosa discoteca situada na freguesía de Sanguñeda en Mos.

comarca:

VIGO


10.5 Nigrán

Datos xeográficos:

Extensión: 34,9 km²
Poboación: 16.806 hab.
Freguesías: 7

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Gondomar
Praza da Constitución, 1
36350, Nigrán
Tlf: 986 365 000
Responsábel: Dna. Cristina Abelle Román



Nigrán

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
-	José Vilariño Viña	1918
<i>Teatro Miramar</i>	-	-
<i>Imperial</i>	Latino Salgueiro Espinosa	1948
<i>Nigrán</i>	Josefa Álvarez Pereira	1967
<i>Starcine</i>	Starcine S.L.	2002

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMN-1

SINATURA: 168/11

DATA: 1950

TÍTULO: Expediente instruído para el concierto del pago del impuesto de usos y consumos (epígrafe 27, tarifa 5ª) por el Cine Imperial de Ramalloso de Latino Salgueiro Espinosa.

DESCRICIÓN: Artellamento do expediente en artigos onde se redacta o convenio sobre o imposto de usos e consumos, a periodicidade dos pagamentos e a duración do convenio.

OBSERVACIÓNS: Impostos.

REFERENCIA: AMN-2

SINATURA: 168/12

DATA: 1951

TÍTULO: Expediente instruído para el concierto del pago del impuesto de usos y consumos (epígrafe 27, tarifa 5ª) por el Cine Imperial de Ramalloso de Latino Salgueiro Espinosa.

DESCRICIÓN: Artellamento do expediente en artigos onde se redacta o convenio sobre o imposto de usos e consumos, a periodicidade dos pagamentos e a duración do convenio.

OBSERVACIÓNS: Impostos. É a continuación do expediente 168/11, a renovación do concerto un ano despois.

REFERENCIA: AMN-3

SINATURA: 2504/3

DATA: 1991

TÍTULO: *Obra: acondicionamento de bajo comercial en edificio "Cine Nigrán" para bar. Propietario: Elisa Licer Rodríguez. Lugar: C/ Otero Pedraio (Nigrán)*

DESCRICIÓN: Instancia de solicitude de obras, concesión de licencias de obras e proxecto de obras, con memoria e planos (duplicados), deseñado polo arquitecto Luis Carballeira Flórez.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMN-4

SINATURA: 2654/11

DATA: 2000

TÍTULO: *Solicitud de permiso de rodaje para largometraje "Lena".*

DESCRICIÓN: Carta da productora Tráfico de Ideas para solicitar a colaboración do concello durante a rodaxe do filme a realizar desde o 21 de setembro ata o 2 de outubro.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

REFERENCIA: AMN-5

SINATURA: 307/54

DATA: 1948

TÍTULO: *Venta de butacas en el "Cine Imperial" de la Ramallosa, del propietario Latino Salgueiro Espinosa, durante el mes de febrero de 1948.*

DESCRICIÓN: Procedemento para a liquidación do imposto de usos e consumos.

OBSERVACIÓNS: Impostos.

REFERENCIA: AMN-6

SINATURA: 585/10

DATA: 1948

TÍTULO: *Licencia para la construcción de edificios destinado a un cine sito en Ramallosa, "Cine Imperial".*

DESCRICIÓN: Este expediente contén o proxecto asinado polo arquitecto Robustiano Fernández Cochón, incluíndo memoria e planos.

OBSERVACIÓNS: Licencia de obras particulares.

REFERENCIA: AMN-7

SINATURA: 602/58

DATA: 1966

TÍTULO: *Licencia para la construcción de local destinado a cine sito en Nigrán.*

DESCRICIÓN: Josefina Álvarez Pereira pretende construír un cine no barrio das Angustias en Nigrán. Permiso da empresa de ferrocarrís españois (estaba na estrada de paso de tranvías), permiso

do Goberno Civil, instancia ao concello para a construción do edificio, informe de sanidade, planos de situación do cine e proxecto de construción (por duplicado) onde se inclúen memoria e planos realizados polos arquitectos vigueses Tomás Pérez Lorente e Francisco Yáñez Ulloa. Tamén aparece un recorte do anuncio do permiso de construción no B.O.P., nº 255, do 7 de novembro de 1967.

OBSERVACIÓNS: Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

REFERENCIA: AMN-8

SINATURA: 592/22

DATA: 1962

TÍTULO: *Solicitud de licencia para adaptación de local para cine sito en Angustias-Nigrán.*

DESCRICIÓN: Instancia ao concello para solicitar permiso para facer reformas no cine e o proxecto do arquitecto Antonio Román Conde incluíndo memoria e planos.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares.

REFERENCIA: AMN-9

SINATURA: 3770/1

DATA: 2002

TÍTULO: *Licencia de apertura de local destinado a minicines en Avda. Manuel Lemos, barrio da Ramallosa, propiedad de San Pablo (Starcine S.L.).*

DESCRICIÓN: Instancia de solicitude de obras, licencia de obras, informe de actividades molestas, nocivas e perigosas, planos do centro comercial S. XXI dos arquitectos Roberto Laguna Fondela e Julian Laguna Comi, comunicación aos veciños, anuncio no B.O.P., nº 75, 21 de abril de 2003 e proxecto dos cines, por triplicado, onde inclúe memoria, planos e presuposto realizados polo arquitecto José Jesús Rodríguez Muñiz.

OBSERVACIÓNS: Urbanismo.

REFERENCIA: AMN-10

SINATURA: 282/66

DATA: 1947

TÍTULO: *Licencia para construir el Cine Imperial del Sr. Latino Salgueiro Espinosa.*

DESCRICIÓN: Autorización do concello para construír e aparece tamén unha constancia onde, un ano despois, no cine *Imperial*, no día 29 de xuño de 1948, non se puido proxectar o filme que levaba por título *Unión Pacífico* por falta de abastecemento de enerxía eléctrica.

OBSERVACIÓNS: Licencias de obras particulares. Urbanismo.

REFERENCIA: AMN-11

SINATURA: 282/34

DATA: 1918

TÍTULO: *Autorización a José Vilarinho Viña para apertura de local destinado a cinematógrafo y baile en la parroquia de San Pedro de La Ramallosa.*

DESCRICIÓN: Instancia e autorización para a construción dun cine.

OBSERVACIÓNS: Industria. Licencia de apertura de establecementos.

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-100, AGC-101, AGC-102, AGC-160, AGC-182, AGC-222

III. Comentario:

Dentro da información analizada destaca o importante descubrimento cunha documentación que nos fala da sala cinematográfica que debeu ser a pioneira en Nigrán (AMN-11). Non sabemos a súa denominación máis si o nome do propietario, o lugar onde se emprazou e o ano, este último dato lévanos ao 1918. Por contra, pouco sabemos do teatro *Miramar*, só que estaba emprazado na freguesía de Santa Marta da Ramallosa*.

Mais o cine chamado a vertebrar a historia do cine neste concello é o *Imperial* que a través da súa longa existencia, desde 1948 ata actualidade, convértese na sala cinematográfica máis veterana da provincia. O ronsel documental deixado por este cine é numeroso; ao expediente aberto atopado no Goberno Civil (AGC-160) hai que sumar a solicitude de construción (AMN-6), a autorización do concello (AMN-10 e AGC-101) e un concerto sobre impostos co concello (AMN-1, AMN-2 e AMN-5). Esta capacidade de supervivencia contrasta cos números problemas que tivo a vida do cine *Nigrán*, sobre todo no seu comezo xa que existe un primeiro proxecto de construción no ano 1962 (AMN-8 e AGC-100) e outro no ano 1966 (AMN-7 e AGC-102). Entre a documentación conseguida tamén se da conta do seu final convertido nun bar (AMN-3). Esta investigación tamén tivo acceso a documentación relacionada cos minicines *Starvine* (AMN-9), unhas das máis novas multisalas da provincia, do 2002**.

Por último, cabe facer mención a como o desenvolvemento actual da industria do audiovisual galego está repercutindo positivamente nos concellos xa que a eles se acoden para a localización de exteriores para as rodaxes. Así, nos últimos anos, Nigrán albergou a realización dun proxecto importante como é o filme *Lena* (AMN-4) produción que contou co apoio do concello en cuestións de loxística.

* A existencia deste cine ven recollida en García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 690.

** Localizar estas salas *Starvine* foi toda unha sorpresa xa que nin sequera estaban recollida no listado de cines operativos que se realizou en Varela Ramos, Ignacio, Cabo Villaverde, José Luis e Pena Pérez, Jaime (dirs.); *Audiovísual galego*, 2003, A Coruña, Xunta de Galicia, 2003, p. 68.

comarca:

VIGO


10.6 Pazos de Borbén

Datos xeográficos:

Extensión: 49,9 km²
Poboación: 3.034 hab.
Freguesías: 8

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Pazos de Borbén
Pazos, 52
36841, Pazos de Borben
Tlf: 986 497 037
Responsábel:



Pazos de Borben

I. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-179

II. Comentario:

Dentro da documentación do Goberno Civil onde se clasificaba a información procedente dos locais de espectáculos da provincia, hai unha caixa onde se recolle a información xerada por ditos establecementos en Pazos de Borbén (AGC-179), mais non se fai referencia a existencia de ningún cine. As condicións xeográficas de Pazos de Borbén fixo impensábel a localización no seu territorio dunha sala de cine con carácter permanente.

comarca:

VIGO


10.7 Porriño, O

Datos xeográficos:

Extensión: 61,3 km²
Poboación: 16.511 hab.
Freguesías: 8

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello do Porriño
Rúa Antonio Palacios, 1
36400, O Porriño
Tlf: 986 651 000
Responsábel: Dna. Carmen Vaquero



O Porriño

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Diz*</i>	Servando Diz	1920
<i>Roxy</i>	Jaime Lago Maslloréns	1946
<i>Pereiro</i>	Cándido Pereiro	194?
<i>Coliseo</i>	José Piñeiro	1956
<i>Capitol</i>	António González	1959
<i>Palacios</i>	Gallega del Cine S. L.	1966

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMP-1

SINATURA: 95/2

DATA: 1967-1975

TÍTULO: Expediente sobre recurso contencioso-administrativo impuesto por D. Jaime Lago Maslloréns contra acuerdo del Ayuntamiento de Porriño sobre autorización al recurrente, para efectuar obras de reforma en el cine Roxy.

DESCRICIÓN: Resolución da acta de goberno contra as reformas que se pretenderon facer no cine *Roxy* porque supuñan unha infracción contra o Plan de Ordenación Municipal do Porriño. Neste expediente atópanse notas informativas, informes legais e actas da sesión extraordinaria do Concello do Porriño. Nesta acta recóllese informes da Deputación e do arquitecto Agustín Pérez. O expediente contemplase coa aprobación da Junta de Espectáculos, co permiso de obras e coa sentenza do contencioso que aprobou a realización das obras.

* Sábese que este cine cambiou de propietario en 1932, pasando de Servando Diz a Manuel Carballeiro. Este troco debeu producirse pola redimensión do negocio para adaptalo á chegada do son. Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Español 1956*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1956, p. 681.

OBSERVACIÓNS: Servizos xurídicos. Este conflito entre o propietario do cine Roxy e o Concello comezou en 1967 e rematou coa sentenza en 1975. No expediente hai unha nota que di que se levaron os planos.

REFERENCIA: AMP-2

SINATURA:1753/7

DATA: 1994

TÍTULO: *Obra nº L.U. 119/94: acondicionamento del local (antiguo cine Roxy). Propietario: José Manuel Silva González. Lugar: Calle Antonio Palacios.*

DESCRICIÓN: Licencia para acondicionamento do interior do cine, petición de informes relacionados co arquitecto, informe do arquitecto municipal, presuposto das obras e liquidación de taxas.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Estas obras deben contemplarse dentro da nova traxectoria do cine xa que aparece un novo propietario. Estas reformas estarían orientadas a proseguir coa actividade cinematográfica.

REFERENCIA: AMP-3

SINATURA: 3087/6

DATA: 1989

TÍTULO: *Expediente de ordenanzas fiscais sobre: construcciones, instalaciones y obras; incremento del valor de los terrenos; bienes inmuebles; ocupación de puestos, barracas, casetas, espectáculos, industrias callejeras y rodaje cinematográfico en terrenos de uso público, pavimentos y aceras; ocupación de terreno público por mesas.*

DESCRICIÓN: Este expediente está constituído por unha serie de articulado co fin de rexer as actividades comerciais destinadas a espectáculos.

OBSERVACIÓNS: Taxas. Ordenanzas fiscais. Esta regulamentación ven causada pola necesidade de adaptar os artigos 48 e 117 da lei 39/88, do 28 de decembro.

REFERENCIA: AMP-4

SINATURA: 2277/6

DATA: 1994

TÍTULO: *Expediente de solicitud de subvenciones para la realización de los servicios turísticos de: señalización y acondicionamiento del sendero Dos Penedos, Acondicionamiento del paraje natural del castillo de Mirabel y realización de un vídeo turístico sobre O Porriño.*

DESCRICIÓN: Na documentación relacionada coa realización do vídeo hai unha instancia para que se lle conceda ao concello unha subvención para a realización do vídeo, notificación dunha axuda de 1.000.000 pts. por parte da Secretaría Xeral de Turismo da Xunta de Galicia memoria do proxecto de realización do vídeo onde se explican os obxectivos do proxecto, un curriculum da productora seleccionada A&A (Atland&Asociados), un guión de 5 páxinas e un presuposto de pre-producción, gravación e post-producción de 1.450.000 pts.

OBSERVACIÓNS: Servizos agropecuarios e industriais. Segundo a memoria do proxecto se

editaron 100 copias do vídeo.

REFERENCIA: AMP-5

SINATURA:435/2

DATA: 1971

TÍTULO: *Expediente sobre reconocimiento de espectáculos públicos.*

DESCRICIÓN: Copia da comunicación que lle fai o concello aos establecementos públicos para que entreguen a oportuna documentación solicitada pola Deputación. Listado de establecementos onde se recollen ata catro cines: cine *Palacios* de Enrique Sequeiros, cine *Roxy* de Jaime Lago Maslloréns, cine *Capitol* de Antonio González Sequeiros e o cine *Coliseum* de José Piñeiro González. Este último estaba localizado na parroquia de Mosende e tamén podía actuar como salón de baile.

OBSERVACIÓNS: Seguridade cidadá. Este expediente foi realizado debido a esixencia da circular nº 7, do 13 de marzo publicada no B.O.P.. Segundo as observacións deste informe o *Capitol* carecía de autorización gubernativa debido a súa antigüidade, no *Palacios* se instalara un depósito de fuel óleo para a calefacción en 1968 e o *Roxy* procedeu a facer unha reforma en 1967. O *Roxy* e o *Palacios* foron os únicos que presentaron os informes dos arquitectos a través do concello.

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77, AGC-25, AGC-26, AGC-71, AGC-179, AGC-202, AGC-209, AGC-221

III. Comentario:

O Porriño é un concello que, no último século, caracterizouse polo seu desenvolvemento e pola súa capacidade de progreso debido a instalación de industrias e pola súa condición estratéxica como importante no de comunicacións. Esta dinámica motivou que estivera secundadaa por un importante continxente de poboación. Ante esta confluencia non é de estrañar que, desde moi cedo, este concello mantivese unha densa relación co cine concretada en numerosas salas de exhibición.

O primeiro cine do que sabemos a súa existencia é o cine *Diz* que se fundou no ano 1920. Este cine sufriu a incerteza da chegada do son, deste xeito cambiou de propietario abrindo de novo a inicios da década dos anos 30. Mais para ter documentación dun cine no Porriño temos que agardar pola chegada do cine *Roxy*, unha das delegacións da empresa cinematográfica que dirixía o magnate da exhibición, Jaime Lago Maslloréns. Mais, despois, atopámonos coa documentación de cado estivo en trámites (AGC-221), o seu expediente no Goberno Civil (AGC-202), o longo contencioso xudicial que tivo co concello por facer unhas reformas non autorizadas (AMP-1) e o acondicionamento interior nunha última reforma antes da súa desaparición (AMP-2). A existencia

do resto da maioría das salas cinematográficas do Porriño se poden seguir con máis detalle coa documentación que se atopan nos expedientes abertos no Goberno Civil; o cine *Palacios* (AGC-25), o cine *Capitol* (AGC-26) e o cine *Palacios* (AGC-209). A esta relación de cines tamén hai que sumar outra sala máis periférica, o cine *Coliseo* (AHP-77), situado na freguesía de Mosende. Dentro deste arquivo provincial tamén se atesourou información exhaustiva sobre os cines a través do apartado onde se seguían as incidencias dos locais do concello dedicados a actividade de espectáculos (AGC-179). En 1971 estes datos foron confirmados co informe emitido polo concello (AMP-5).

A parte da información relacionadas cos cines tamén a nosa atención caeu sobre o expediente sobre o cineclub *Círculo Recreativo Cultural* (AGC-71), sobre as ordenanzas fiscais que o concello estableceu sobre actividades diversas entre as que destacan as rodaxes cinematográficas (AMP-3) e a petición de subvencións á Xunta de Galicia por parte do concello para realizar un vídeo de promoción turística (AMP-4).

comarca:

VIGO

10.8 Redondela

Datos xeográficos:

Extensión: 351,9 km²

Poboación: 29.415 hab.

Freguesías: 13

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2

36800, Redondela

Tlf: 986 651 000

Responsábel: D. Juan Ángel Tornero López



Redondela

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Redondela Viejo</i>	Gonzalo Figueiral Caride	1941
<i>Coca</i>	Jaime Lago Maslloréns	1944
<i>Redondela Nuevo</i>	Gonzalo Figueiral Caride*	1945
<i>Fantasio</i>	Buhigas Arizcun**	1953
<i>Palermo</i>	José Godoy Rivero	1958
<i>Artístico***</i>	N. Campuzano	-
<i>San Simón</i>	Fermín Hortas Esteiro	1960
<i>Cines Dos R</i>	-	198?

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMRE-1

SINATURA: 428/4

DATA: 1946-1965

TÍTULO: *Conciertos sobre cines.*

DESCRIPCIÓN: Actas de fixación do convenio sobre o imposto de luxo aos cines e recibo de pagos do mesmo. Aparecen papeis relacionados co cine *Palermo*, de José Godoy Rivero, durante o ano 1958, do cine *Coca* de Jaime Lago Maslloréns nos anos 1946, 1950 e 1954, sobre o cine *Fantasio*,

* Tal como sinala AMRE-1 en 1953 o cine *Redondela Nuevo* cambiara de dono pasando a mans de Buhigas Arizcun. Este persoeiro ten unha voz en Cabo Villaverde, José Luis, Coira Nieto, José Antonio e Pena Pérez, Jaime (coords.): *Diccionario do cine en Galicia (1896-2000)*, A Coruña, CGAI/Xunta de Galicia, 2002, p. 62-63.

** Volvendo a descrición da entrada de AMRE-1 tamén observamos que o cine *Fantasio* que foi construído pola empresa Buhigas Arizcun cambiaría de dono ao arredor de 1958, pasando a ser propiedade de José Godoy Rivero.

*** A existencia deste cine ven recollida en García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985, p. 690.

tamén de José Godoy Rivero durante os anos 1958, 1959, 1960 e 1961, do *Redondela Nuevo* e o *Redondela Viejo*, de Gonzalo Figueiral Caride, nos anos 1952 e 1951 e do cine *Fantasio* e *Redondela Nuevo*, baixo a propiedade de Buhigas Arizcun, durante os anos 1954 e 1953.

OBSERVACIÓNS: Recadación. Contas de recadación.

REFERENCIA: AMRE-2

SINATURA: 447/4

DATA: 1947-1952

TÍTULO: *Expediente sobre liquidaciones de consumos de lujo. Cine.*

DESCRICIÓN: Expedientes de liquidacións sobre o imposto de luxo de distintos cines en distintos anos, acta do concello fixando a contía do imposto de luxo, acta de aprobación da suma do imposto, informes da Comisión de Facenda e sentenza xudicial sobre o contencioso sobre o concerto.

OBSERVACIÓNS: Impostos.

REFERENCIA: AMRE-3

SINATURA: 453/19

DATA: 1944

TÍTULO: *Obra: Local para cinematógrafo, solar interior. Propietario: Gonzalo Figueiral Caride. Lugar: C/ General Mola, Redondela.*

DESCRICIÓN: Licencia para a construción dun local para un cine. Para tal efecto solicitouse o correspondente permiso da Xunta Provincial de Espectáculos Públicos. No expediente aparece a instancia para solicitar a licencia de obras, a acta do concello onde se posiciona a favor e unha copia do proxecto onde se contempla a memoria e os planos asinados polo arquitecto Emilio Quiroga Losada.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras particulares.

REFERENCIA: AMRE-4

SINATURA: 450/12

DATA: 1940

TÍTULO: *Obra: Sala cinematográfica. Propietario: Gonzalo Filgueira Caride. Lugar: Redondela.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar unha licencia de obras, conformidade do Goberno Civil, aprobación da licencia por parte do concello e un duplicado do proxecto con memoria e planos asinados polo arquitecto vigués Francisco Castro.

OBSERVACIÓNS: Obras particulares. Licencias de obras a particulares.

REFERENCIA: AMRE-5

SINATURA: 850/4

DATA: 1964

TÍTULO: *Obra: construcción de edificio destinado a cine. Propietario. Fermín Hortas Esteiro. Lugar: Outeiro das Penas- Cesantes.*

DESCRICIÓN: Instancia para adquirir unha licencia de obras que permitan a elevación da fachada e da cuberta do cine de Cesantes. O expediente ven acompañado polo proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Quiroga Losada.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecementos.

REFERENCIA: AMRE-6

SINATURA: 829/65

DATA: 1953

TÍTULO: *Establecemento: Cine Fantasio. Propietario: Empresa "Buhigas-Arizcun". Lugar: calle General Mola-Redondela.*

DESCRICIÓN: Instancia para solicitar unha licencia de obras que permitan dotar ao cine *Fantasio* dunha nova organización das butacas e branquear as súas paredes. Acta de aprobación das obras por parte do concello.

OBSERVACIÓNS: Industrias. Licencias de apertura de establecementos.

REFERENCIA: AMRE-7

SINATURA: 4809/3

DATA: 1998

TÍTULO: *Cine Forum.*

DESCRICIÓN: Memoria da actividade de *Cine Forum '98*, cine ao aire libre, organizada polo Servizo de Benestar do concello. Aprobación dunha partida de cartos de 528.000 pts. para a Comisión de Información de Benestar Social, Muller e Xuventude.

OBSERVACIÓNS: Beneficencia. Asistencia social.

REFERENCIA: AMRE-8

SINATURA: 4961/11

DATA: 1995

TÍTULO: *Solicitud de subvención "Cine Club Claqueta".*

DESCRICIÓN: Instancia de D. José Ángel Alen Azul, solicitando unha subvención para o cineclub *Claqueta* para a súa campaña de divulgación sobre o cine coincidindo coa data do centenario, memoria da campaña de divulgación, presuposto, acta de concesión dunha axuda de 60.000 pts., resolución, factura e informe da secretaría sobre problemas de forma da adxudicación da subvención xa que non tiña que ir pola conta de Benestar Social senón de Cultura.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expediente de actividades culturais.

REFERENCIA: AMRE-9

SINATURA: 1592/5

DATA: 1942

TÍTULO: *Títulos de películas que deben ser intervenidas por la Sociedad de Autores de Variedades.*

DESCRICIÓN: Catro follas escritas a máquina cos títulos do filmes (en español e no seu orixinal) que deben ser intervidas pola Sociedade de Autores.

OBSERVACIÓNS: Cultura. Expedientes de actividades culturais.

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AGC-28, AGC-77, AGC-107, AGC-108, AGC-109, AGC-110, AGC-177, AGC-204, AGC-205

III. Comentario:

Redondela é o concello da área metropolitana de Vigo máis favorecido polas relacións desta veciñanza. Deste modo, a expansión da cidade olívica marcou fortemente a evolución deste concello, sobre todo en cuestións de entidade de “poboación dormitorio”, de lugar de residencia de traballadores en Vigo.

Esta análise xa foi feita no seu tempo por Jaime Lago Maslloréns, empresario cinematográfico que tiña unha tupida rede de cines estendida pola maioría dos concellos situados ao arredor de Vigo. Polo tanto, non é de estrañar que, sendo Redondela a poboación máis atractiva neste aspecto, este afamado exhibidor fundara un cine neste concello: o cine *Coca* (AGC-108 e AGC-205). As virtudes e vantaxes desta análise atraeu a outros “homes de cines”, o máis importante en Redondela sería Gonzalo Figueiral Caride, empresario que explotou estas boas posibilidades con dúas salas: o cine *Redondela Viejo* (AMR-4 e AGC-109) e o *Redondela Nuevo* (AMR-3 e AGC-110). Os outros cines dos que temos constancia son; o cine *Fantasio* (AGC-204, AMR-6 e AMR-8) do que destaca o seu cambio de titularidade, o cine *San Simón* (AGC-28, AGC-107 e AMR-5) situado en Cesantes, un núcleo de poboación menor, e o cine *Palermo* do que só temos novas na documentación sobre a configuración (AMR-1) e liquidación (AMR-2) do convenio sobre o pago do imposto de luxo dos cines ao concello. Completando informacións algúns destes cines se poden atopar no expediente do Goberno Civil sobre os locais de espectáculos de Redondela (AG-177).

Mais a información sobre cine relacionada con Redondela non se limita aos edificios. Así atopamos unha gran variedade de documentación sobre distintos asuntos: un expediente sobre o cineclub *Barbida* (AGC-77), solicitudes de subvención do cineclub *Claqueta* (AMR-8), unha memoria sobre a realización dun cine fórum (AMR-7) e un listado de títulos de filmes intervidos pola S.G.A.E. (AMR-9).

comarca:

VIGO

10.9 Salceda de Caselas

Datos xeográficos:

Extensión: 34,9 km²

Poboación: 6.710 hab.

Freguesías: 7

Datos do arquivo:


Arquivo Municipal do Concello de Salceda de Caselas

Rúa Doutor Zunzunegui, 7

36470, Salceda de Caselas

Tlf: 986 651 000

Responsábel:



Salceda de Caselas

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
Caselas	Florencio Pérez	1954

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-77, AGC-177

III. Comentario:

A información localizada sobre o mundo do cine en Salceda de Caselas é moi pouca. Temos unha referencia que sinala a documentación xerada polo Sindicato Provincial de Espectáculos (AHP-77), e outra relacionada co expediente sobre os locais de espectáculos do concello que se atopou nas dependencias do arquivo no Goberno Civil (AGC-177). Nel atopamos material documental sobre a única sala de cine que existiu no concello: o *Caselas*. Concretamente trátase o expediente sobre a autorización gubernativa, contendo datos interesantes, como o nome do propietario, o aforo, a data na que comezou a súa andaina e a da súa baixa.

comarca:

VIGO


10.10 Soutomaior

Datos xeográficos:

Extensión: 24,9 km²
Poboación: 5.603 hab.
Freguesías: 2

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Soutomaior
Rúa Alexandre Bóveda, s/n
36691, Soutomaior
Tlf: 986 651 000
Responsábel:



Soutomaior

I. Táboa de cines:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Ideal</i>	Benedicto Vidal Balea	1948
<i>Sotomayor</i>	Ramón Lourido Troiteiro	1950

II. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-93, AGC-31, AGC-35, AGC-118, AGC-119

III. Comentario:

Como podemos observar só existen referencias documentais procedentes do Arquivo Histórico Provincial e o arquivo do Goberno Civil. Non se atopou nada no arquivo municipal máis esta conclusión pode cambiar nun futuro próximo xa que no momento de realizar esta investigación este arquivo esta nunha fase moi incipiente de inventariado por parte dos servizos da Deputación Provincial. Esta carestía de documentación no concello resulta máis flagrante se temos en conta de que en Soutomaior houbo dous cines cunha vida en competencia moi parella, o cine *Ideal* e o *Sotomayor*. As dúas salas estaban sitas na localidade de Arcade, o núcleo de poboación do concello máis axeitado para o seu emprazamento pola cantidade de poboación e pola súa situación estratéxica. Entre a documentación atopada no Goberno Civil sobre o cine *Ideal* podemos sinalar o expediente (AGC-31) e a autorización gubernativa (AGC-118), sobre a outra sala, a *Sotomayor*, localizouse o expediente (AGC-35), autorización gubernativa (AGC-119) e a documentación xerada polo Sindicato Provincial do Espectáculo (AHP-93).

comarca:

VIGO

10.11 Vigo

Datos xeográficos:

Extensión: 109,4 km²

Poboación: 292.566 hab.

Freguesías: 17

Datos do arquivo:

Arquivo Municipal do Concello de Vigo

Praza dos Reis, s/n

36202, Vigo

Tlf: 986 651 000

E-mail: ofi.arquioxeral@vigo.org

Responsábel:



I. Táboa de cinemas:

NOME	PROPIETARIO	FUNDACIÓN
<i>Tamberlick</i> *	Sociedade Bárcena, Martínez e Pérez	1897
<i>Teatro Rosalía de Castro</i>	-	1900
<i>Salón Pinacho/Palacio de la Ilusión</i>	Isidro Pinacho	1907
<i>Salón Apolo/Trianón</i>	Evelio Gardeazábal	1913
<i>Odeón (I)</i>	Ángel Núñez García	1916
<i>Royalty/Cinema Vigo</i>	Antonio Méndez Laserna	1916
<i>Ideal Cinema</i>	Antonio Méndez Laserna	1918
<i>Cine Rosalía de Castro</i> **	-	1926
<i>Teatro García Barbón</i>	Herdeiros de García Barbón	1927
<i>Parque Rosales</i> ***	Manuel Carvalhido Estévez	1930
<i>Capitol</i> ****	-	1941
<i>Radio</i>	Eugenio González de Haz	1943
<i>La Barxa</i>	Enrique Cons Martínez	1946
<i>Maravillas</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1946
<i>Avenida</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1946
<i>Palermo</i>	José Godoy Rivero	1946

* Neste teatro-circo acolleu as primeiras proxeccións cineatográfica na cidade. Folgar de la Calle, J. M^º: *El espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 23-26. Tamén se sabe que este recinto tivo moitas reformas e que cambou de titularidade en varias ocasións. Nogueira, Xosé: *O cine en Galicia*, Vigo, A Nosa Terra, 1997, p. 118.

** Cine construído no solar onde estaba o *Teatro Rosalía de Castro*, incendiado en 1910. Martín Curty, J. A.: *Cines de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2004, p. 235.

*** Cine de verán, segundo Martín Curty, J. A.: *Op. Cit.* p. 303.

**** Cine de breve existencia, apenas un par de anos. No se solar construíuse o ambicioso -debido ao seu deseño arquitectónico-, cine *Radio*.

Niza	Francisco Clemente Campillo	1947
Gran Vía	Dignatario Cerdeira Señoráns	1947
Roxy (I)*	Dignatario Cerdeira Señoráns	1947
Fraga	Fraga espectáculos	1948
Casablanca	Tobirio Berengua	1948
Camaruxo	José Godoy Rivero	1950
Bellamar	Joaquín Riera Fernández	1954
Mary	Eulogio Fernández Alonso	1957
Ronsel**	Fraga espectáculos	1955
Roxy (II)	Fraga espectáculos	1956
Parroquial	P.P. Xesuítas	1957
Parroquial	P.P. Carmelitas Descalzos	1958
Parroquial	P.P. Franciscanos	1959
Parroquial	Freguesía de Santiago O Maior	1960
Vigo	Fraga espectáculos	1960
Dísol	Dignatario Cerdeira Señoráns	1962
Plata	Fraga espectáculos	1963
Goya	Josefa Álvarez Pereiro	1964
Delicias	José Ferrer Estevez***	1964
Odeón (II)	Fraga espectáculos	1968
Salesianos	P.P. Salesianos	1974
Norte	Antonio Vázquez Gómez	1981
Minicine	Manuel Díaz Rial	1982
Centro	Magallanes-Multicines Centro	1983
Centro Cultural Gacía Barbón****	Caixa Vigo	-
Box Plaza Elíptica	Circuito Español de Cine	1999
Yelmo Cineplex	-	2003

II. Entradas de información no arquivo municipal:

REFERENCIA: AMVI-1

SINATURA: IND/1 40

DATA: 1882

TÍTULO: Expediente para construir el circo-teatro (*Tamberlicke*) de la c/ del circo, a instancia de Augusto Bárcena Franco gerente de la Sociedad Bárcena, Martínez y Pérez.

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Domingo Rodríguez Sesmero. Autorización posterior para variar a fachada do *Circo-Teatro* (con planos) e unha licencia, en 1883, para mellorar as condicións de entrada ao edificio (con planos).

OBSERVACIÓNS: Con data do 22 de febreiro de 1882. Explicación da sinatura: as tres primeiras siglas pertencen a industria, a seguinte relación de números á categoría do documento e os últimos números corresponde ao expediente barra ano.

* Este cine estivo en activo ata que se construíu o *Roxy (II)*.

** Este cine es la remodelación del cine *Casablanca*.

*** Este cine pasou a man de Ignacio Bugarín Correa.

**** Esta sala atópase nos baixos do *Teatro García Barbón* e, as veces, alberga sesións cinematográficas xa que, por exemplo, durante algúns anos foi a sede do cineclub *Lumière*.

REFERENCIA: AMVI-4 **SINATURA:** IND/3 41 **DATA:** 1906

TÍTULO: *Cinematógrafo de D. Julio Pradera na rúa Policarpo Sanz.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con planos e memoria, asinado polo enxeñeiro industrial Enrique Murrieta. O concello, na concesión da autorización, lémbrralle ao propietario a prohibición de usalo órgano ou timbres como reclamo para o público, coa fin de evitar molestias a veciñanza.

OBSERVACIÓNS: Con data do 28 de marzo de 1906.

REFERENCIA: AMVI-5 **SINATURA:** IND/3 45 **DATA:** 1906

TÍTULO: *Solicitud de León González e González para instalar no malecón un pabellón provisional do cinematógrafo "Sánchez e González".*

DESCRICIÓN: Inclúe un proxecto, con memoria e planos, aínda que non se especifica que foi quen realizou o seu deseño.

OBSERVACIÓNS: Con data do 6 de xullo 1906.

340

tendo en conta por anticipado a lexislación municipal que prohibía o seu emprego.

OBSERVACIÓNS: Con data do 19 de setembro de 1906.

REFERENCIA: AMVI-7

SINATURA: IND/3 56

DATA: 1907

TÍTULO: *Pabellón cinematográfico no recheo do malecón para Manuel Fernández Portela.*

DESCRICIÓN: Proxecto con plano e bosquexo a lápis da fachada do establecemento. Se lle concede a autorización mais sen a instalación do órgano tamén solicitado.

OBSERVACIÓNS: Con data do 7 de setembro de 1907.

REFERENCIA: AMVI-8

SINATURA: IND/3 63

DATA: 1907

TÍTULO: *Solicitud de D. Francisco Molíns para construír unha marquesina na fachada principal do teatro Tamberlick.*

DESCRICIÓN: Instancia de solicitude e proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Manuel Felipe Quintana.

OBSERVACIÓNS: Con data do 10 de setembro de 1907.

REFERENCIA: AMVI-9

SINATURA: IND/5 39

DATA: 1913

TÍTULO: *D. Valentín Fins solicita instalar un pabellón provisional para un espectáculo de simulación de viaxes de ferrocarril por España y en el extranjero en el solar donde estuvo el salón de Variedades, en la alameda.*

DESCRICIÓN: O pavillón instalárase no predio da Alameda onde estivera instalado o *Salón Variedades*.

OBSERVACIÓNS: Con data do 30 de abril de 1913.

REFERENCIA: AMVI-10

SINATURA: IND/5 42

DATA: 1913

TÍTULO: *D. Martinho José Cerqueira solicita construír un pabellón destinado a espectáculos cinematográficos y varietés en el cruce de c/Marqués de Valladares y C/ Velázquez Moreno.*

DESCRICIÓN: Solicitud de obras e proxecto, con memoria e planos, asinado por Lino Borrajo y Montenegro. O informe incorpora o informe do Director Xeral de Obras Municipais (Jenaro de la Fuente).

OBSERVACIÓNS: Con data do 3 de setembro de 1913.

REFERENCIA: AMVI-11

SINATURA: IND/5 47

DATA: 1914

TÍTULO: *D. Serafín Rodríguez y D. Antonio Méndez solicita construír salón cinematográfico en el ángulo de C/ Pablo Murillo y C/ Victoria, en la alameda.*

DESCRICIÓN: Informe do arquitecto municipal (Jenaro de la Fuente) no que se especifica as dimensións da construción.

OBSERVACIÓNS: Con data do 23 de febreiro de 1914.

REFERENCIA: AMVI-12

SINATURA: IND/5 49

DATA: 1914

TÍTULO: *D. Enrique Rabadán solicita dar sesiones cinematográficas y construír cabina de hierro en el Café Colón.*

DESCRICIÓN: Na solicitude faise constar que se construír unha “cavina” (sic.) de ferro para garantía seguridade máis abasoluta e que, ademáis, sería gratuito.

OBSERVACIÓNS: Con data do 18 de marzo de 1914.

REFERENCIA: AMVI-13

SINATURA: IND/5 53

DATA: 1915

TÍTULO: *Mario Gardeazábal solicita licencia para obras de restauración e embelecemento do pavillón cinematográfico Apolo, sito na esquina das rúas Luis Taboada e Pablo Murillo.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Jenaro de la Fuente. Inclúe tamén Carta de Pago polo importe do arbitrio sobre construcións. Neste caso o pago efectuouno D. Evelio Gardeazábal.

OBSERVACIÓNS: Con data de comezo do expediente do 20 de maio do 1915.

REFERENCIA: AMVI-14

SINATURA: IND/5 4

DATA: 1908

TÍTULO: *Solicitud e licencia a José Priegue Romero para o traslado e posterior instalación dun cinematógrafo ao Barrio do Toural en Lavadores.*

DESCRICIÓN: O cinematógrafo recibía a denominación de *Cinematógrafo de Teis/Salón Artístico*. O da primeira denominación estaba nun predio na rúa Velázquez Moreno onde anteriormente estaba outro cine, o *Victorius Graph*.

OBSERVACIÓNS: Con data do 1 de xuño de 1908.

REFERENCIA: AMVI-15

SINATURA: IND/6 2

DATA: 1916

TÍTULO: *Solicitud de Alberto López Méndez para instalar un salón cinematográfico no baixo da casa nº1 da rúa Pablo Murillo.*

DESCRICIÓN: Solicitud ao Alcalde para que se faga o informe correspondente sobre as

condicións do local.

OBSERVACIÓNS: Con data do 12 de marzo de 1916.

REFERENCIA: AMVI-16

SINATURA: IND/6 3

DATA: 1916

TÍTULO: *Evelio Gardeazábal. Ampliación, restauración do Pavillón Apolo entre as rúas Pablo Murillo e Luis Taboada.*

DESCRICIÓN: Proxecto de acondicionamento, con memoria e planos, asinado polos arquitectos Jenaro de la Fuente e de Jacobo Esténs.

OBSERVACIÓNS: Con data do 17 de marzo de 1916.

REFERENCIA: AMVI-17

SINATURA: IND/6 4

DATA: 1916

TÍTULO: *Solicitud de Evelio Gardeazabal para verificar a apertura do antigo Salón Apolo co nome de de Trianón, sito na esquina das rúas Pablo Murillo e Luis Taboada, agora restaurado e cun novo nome.*

DESCRICIÓN:

OBSERVACIÓNS: Con data do 17 de maio de 1916.

REFERENCIA: AMVI-18

SINATURA: IND/6 5

DATA: 1916

TÍTULO: *Proxecto do cinematógrafo Royalti e solicitude de licencia, por parte de Antonio Méndez Laserna, para a súa construción no ángulo das rúas entre Marqués de Valladares e Velázquez Moreno, a carón da casa número 21 desta última.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Álvarez Reyero.

OBSERVACIÓNS: Con data do 20 de maio de 1916.

REFERENCIA: AMVI-19

SINATURA: IND/6 6

DATA: 1916

TÍTULO: *Solicitud e licencia pedida por Ángel Núñez García para construír un pavillón, dedicado a espectáculos públicos no predio situado entre as rúas Urzaiiz e Magallanes e Gil.*

DESCRICIÓN: Liquidación referente ao proxecto. A documentación está incompleta, faltan os planos.

OBSERVACIÓNS: Dito pavillón era o cine *Odeón*. Con data de comezo do 4 de xullo de 1916.

REFERENCIA: AMVI-20

SINATURA: IND/6 10

DATA: 1917

TÍTULO: *Expediente sobre a liquidación de arbitrios municipais pola contrución do teatro-cine Odeón.*

DESCRICIÓN: Inclúe unha descripción da construción a cargo do arquitecto Álvarez Reyero.

OBSERVACIÓNS: O propietario do cine *Odeón* era Ángel Núñez García. Con data do 7 de maio de 1917.

REFERENCIA: AMVI-21

SINATURA: IND/6 17

DATA: 1918

TÍTULO: *Solicitud de licencia para reformar e consolidar a estrutura dun pavillón de espectáculos.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Jenaro de la Fuente.

OBSERVACIÓNS: A solicitude foi feita por Antonio Tourón, propietario do *Ideal Cinema*, sito na esquina entre as rúas Pablo Murillo e Victoria, na Alameda. Con data do 4 de marzo de 1918.

REFERENCIA: AMVI-22

SINATURA: IND/8 11

DATA: 1920

TÍTULO: *Solicitud e concesión, a Esteban Propper, para a instalación provisional, no ángulo entre as rúas Victoria e Castelar, dun pabellón de espectáculos, o Pabellón Oriental, destinado á física, óptica, prestidixitación e ilusionismo.*

DESCRICIÓN: Instancia de solicitude firmada por Stefan Poper (sic.). Tamén esta documentación é acompañada cun prospecto publicitario que, curiosamente, corresponde a cidade de Ourense no que se anuncia un programa. Segundo este documento este espectáculo esta nunha *tournee* mundial despois de percorrer varias cortes europeas.

OBSERVACIÓNS: Con data do 22 de xuño de 1920.

REFERENCIA: AMVI-23

SINATURA: IND/8 47

DATA: 1923

TÍTULO: *Solicitud e concesión para dedicar a salón cinematográfico a planta baixa dunha casa.*

DESCRICIÓN: Na documentación consta de que se adxunta un plano asinado polo arquitecto Manuel Gómez Román, pero éste non se conserva. Sí se conserva o certificado de idoneidade (solidez e salubridade) do predio.

OBSERVACIÓNS: O propietario era Juan Suppo e casa estaba na freguesía de Coruxo. Con data do 13 de febreiro de 1923.

REFERENCIA: AMVI-24

SINATURA: IND/10 79

DATA: 1923

TÍTULO: *Expediente para colocar farolas cartelera en el arranque de las escaleras laterales do García Barbón.*

DESCRICIÓN: Contén planos das carteleiras e un debuxo da súa localización.

OBSERVACIÓNS: O *García Barbón* estaba sito en Policarpo Sanz e da propiedade da Empresa Méndez Laserna. Con data do 19 de maio de 1927.

REFERENCIA: AMVI-25

SINATURA: IND/12 19

DATA: 1930

TÍTULO: *Colocar un arco en la entrada de la puerta al Parque-cine que se instalará en el solar de los señores Prieto en c/ Príncipe.*

DESCRICIÓN: Inclúe debuxo da reforma prevista na entrada.

OBSERVACIÓNS: *Parque Rosales* estaba na rúa do Príncipe e era da propiedade de Manuel Carbalhido Estévez. Con data do 21 de xullo de 1930.

REFERENCIA: AMVI-26

SINATURA: IND/12 51

DATA: 1932

TÍTULO: *Permiso que pide D. José Gil para instalar cabina dentro de un solar vallado, en la Puerta del Sol.*

DESCRICIÓN: Solicitud e contestación. A petición foi desestimada polo concello por que en breve van a comezar unha obras nese lugar.

OBSERVACIÓNS: Con data da solicitude do 30 de xaneiro de 1932.

REFERENCIA: AMVI-27

SINATURA: IND/14 33

DATA: 1943

TÍTULO: *Documentación relativa á construción do teatro-cine Fraga.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Luis Gutiérrez Soto (1942).

OBSERVACIÓNS: O empresario era Isaac Fraga Penedo e o lugar de construción do na rúa Uruguai facendo esquina coa de Isabel II. Con data do 10 de setembro de 1941.

REFERENCIA: AMVI-28

SINATURA: IND/OB 1 E.4

DATA: 1894

TÍTULO: *Expediente construído para exigir que dicho edificio (teatro-circo Tamberlick) reúna las condiciones legales precisas para dar en él espectáculos públicos.*

DESCRICIÓN: Trátase de dous informes distintos. O primeiro é o informe do arquitecto municipal Manuel Felipe Quintana que da o seu visto e praxe a solidez da obra. O segundo corresponde a unha segunda inspección por parte do concello realizada polo mestre de obras Dimas Villeorba y Company, no que se consideran negativas as reformas realizadas no interior.

OBSERVACIÓNS: O *Tamberlick* estaba situado na rúa Circo, na actualidade Eduardo Iglesias, e o seu propietario era Augusto Bárcena Franco. A data do comezo do expediente é o 25 de xaneiro de 1894.

REFERENCIA: AMVI-29

SINATURA: IND/OB 1 E.5

DATA: 1900

TÍTULO: *Informe sobre as condicións de seguridade no teatro Rosalía de Castro.*

DESCRICIÓN: O arquitecto encargado do informe foi Benito Gómez Román.

OBSERVACIÓNS: O *Rosalía de Castro* estaba na rúa Marqués de Valladares. Con data do informe do 12 de xuño de 1900.

REFERENCIA: AMVI-30

SINATURA: IND-OB 1 E.6

DATA: 1904

TÍTULO: *Informe acerca de las condiciones de seguridad del Teatro-Circo Tamberlick como resultado del reconocimiento llevado a cabo cumpliendo la orden del Sr. Alcalde, Presidente de la Excm. Corporación Municipal de esta ciudad.*

DESCRICIÓN: No informe, feito polo arquitecto municipal Jenaro de la Fuente, aconsella non permitir o funcionamento ata que se fagan unha serie de reformas na consolidación, no illamento e ornato.

OBSERVACIÓNS: Con data do informe do 14 de marzo de 1904.

REFERENCIA: AMVI-31

SINATURA: IND-OB 1 E.7

DATA: 1910

TÍTULO: *Informe sobre as condicións de seguridade do Salón Vigués.*

DESCRICIÓN: O informe está asinado polo arquitecto municipal Manuel Felipe Quintana. En dito o informe establécese que o local non garante as condicións indispensabeis de seguridade.

OBSERVACIÓNS: O propietario era Elías López e o local estaba situado na rúa López Moreno. Con data do 18 de xuño de 1910.

REFERENCIA: AMVI-32

SINATURA: IND-OB 1 E.8

DATA: 1910

TÍTULO: *Informe sobre as condicións de seguridade do Salón Pinacho.*

DESCRICIÓN: O informe, asinado polo arquitecto municipal Manuel Felipe Quintana, considera que o local reúne as condicións necesarias, a pesar do seu carácter provisional, para albergar espectáculos.

OBSERVACIÓNS: Este cinematógrafo estaba na rúa Velázquez Moreno e era propiedade de Isidro Pinacho. O informe ten data do 18 de xuño de 1910.

REFERENCIA: AMVI-33

SINATURA: IND-OB 1 E.9

DATA: 1912

TÍTULO: *Providencia para a inspección do facultativo das Obras Municipais de todos os locais destinados a espectáculos.*

DESCRICIÓN: Este documento ofíciase a raíz dun telegrama do Goberno Civil no que transmite unha Orde do Ministro da Gobernación na que se prohiben os espectáculos públicos nos que non se reunan as condicións esixidas para a súa seguridade.

OBSERVACIÓNS: A instancia ten como data do 29 de maio de 1912.

REFERENCIA: AMVI-34

SINATURA: IND-OB 1 E.10

DATA: 1912

TÍTULO: *Informe sobre as condicións de seguridade do Salón de Variedades.*

DESCRICIÓN: O informe foi asinado polo arquitecto provincial Siro Borrajo y Montenegro e no que se declara que o local está apto para desenvolver no seu interior espectáculos.

OBSERVACIÓNS: O propietario tiña como apelido Alonso. O informe ten como data o 1 de xuño de 1912.

REFERENCIA: AMVI-35

SINATURA: IND-OB 1 E.11

DATA: 1912

TÍTULO: *Informe sobre as condicións do Salón Variedades.*

DESCRICIÓN: Neste expediente hai un informe para o Goberno Civil asinado polo arquitecto provincial Siro Borrajo y Montenegro.

OBSERVACIÓNS: Un informe con data do 6 de xuño de 1912.

REFERENCIA: AMVI-36

SINATURA: IND-OB 1 E.12

DATA: 1913

TÍTULO: *Informe sobre as condicións de seguridade do Pavillón Metropolitano.*

DESCRICIÓN: O informe foi asinado polo arquitecto municipal Jenaro de la Fuente e onde se apoba as condicións de seguridade do local.

OBSERVACIÓNS: Este pavillón cinematográfico estaba sito no ángulo das rúas de Pablo Murillo e Victoria e o propietario era Luis Requejo Cardama. Un informe con data do 13 de xullo de 1913.

REFERENCIA: AMVI-37

SINATURA: IND-OB 1 E.13

DATA: 1914

TÍTULO: *Expediente sobre o uso temporal do Teatro Tamberlick por ter sido realizadas no mesmo obras de reforma sen autorización.*

DESCRICIÓN: Segundo o informe do arquitecto municipal, Jenaro de la Fuente, as obras realizadas foron feitas sen autorización, unhas modificacións que mermaron, sensibelmente, a seguridade do local.

OBSERVACIÓNS: A comunicación do peche ten como data do 21 de setembro de 1914.

REFERENCIA: AMVI-38

SINATURA: IND-OB 1 E.14

DATA: 1922

TÍTULO: *Expediente formado para la clausura y reapertura provisional del salón de espectáculos Gran Cine Pinacho.*

DESCRICIÓN: O cinematógrafo non realizou unha serie de obras de reforma deseñadas polo arquitecto Manuel Gómez Román polo que se lle dá un prazo improrrogábel para realizar as modificacións oportunas.

OBSERVACIÓNS: O *Gran Cine Pinacho* tamén recibía a denominación de *El Palacio de la Ilusión*. Era propiedade de Modesta Blanco, viúva de Isidro Pinacho. A comunicación dos resultados da inspección do Goberno Civil ten como data do 21 de febreiro de 1922.

REFERENCIA: AMVI-39

SINATURA: IND-OB 1 E.16

DATA: 1934

TÍTULO: *Expediente sobre clausura provisional do cinematógrafo Odeón para obras de reforma por motivos de seguridad.*

DESCRICIÓN: As autoridades obrigan a facer unha serie de reformas por motivos de seguridad.

OBSERVACIÓNS: O cine *Odeón* estaba sito no número 24 da rúa García Hernández. Con data do 14 de marzo de 1934.

REFERENCIA: AMVI-40

SINATURA: URB/166

DATA: 1911

TÍTULO: *Carpeta que contén 11 planos que los Herederos de Sr. Barbón presentan al Excmo. Ayuntamiento para la construcción de un edificio teatro y sociedad.*

DESCRICIÓN: O proxecto contén planos asinados polo arquitecto Antonio Palacios. Tamén hai dous informes; un no que se solicita autorización para as obras e outro consistente nun expediente sobre a cimentación da obra.

OBSERVACIÓNS: Nun principio o proxecto presenta a denominación de *Teatro Casino de Vigo*.

REFERENCIA: AMVI-41

SINATURA: URB/174 25

DATA: 1916

TÍTULO: *Moción sobre a instalación de bocas de rega preto dos locais de espectáculos públicos para prevenir incendios.*

OBSERVACIÓNS: A moción foi presentada polo concelleiro Sr. Barreras o día 25 de xullo e o día seguinte queda aprobada en todos os seus puntos.

REFERENCIA: AMVI-42

SINATURA: URB/189 7

DATA: 1924

TÍTULO: *Correspondencia sobre as obras de construción do Teatro Rosalía de Castro.*

DESCRICIÓN: A constructora, Sobrinos Pérez Conde e Santiago Rodríguez Enxeñeiros, segundo a lei vese obrigada a presentar no concello documentación relativa a obra. O proxecto era do arquitecto Antonio Palacios.

OBSERVACIÓNS: Con data do 19 de xaneiro de 1924.

REFERENCIA: AMVI-43

SINATURA: URB/106 44

DATA: 1924

TÍTULO: *Expediente sobre a demolición das paredes do incendiado teatro Pinacho.*

DESCRICIÓN: O expediente consta de dúas providencias municipais ordenando a demolición do *Pinacho* aos que a propietaria, Modesta Blanco (viúva de Pinacho), interpuxo senllos recursos de alzada. Complétase cun informe no que se decreta a demolición definitiva.

OBSERVACIÓNS: Con data de comezo do exoediente do 13 de xaneiro de 1924.

REFERENCIA: AMVI-44

SINATURA: URB/106 32

DATA: 1920

TÍTULO: *Expediente de derribo del Teatro-Cine Guignol, propiedade de D. Eduardo Estávez situado en Pablo Murillo.*

DESCRICIÓN:

OBSERVACIÓNS: D. Eduardo Estéves era o propietario do barracón e Francisco Tapias o propietario do predio. En 1920 no pavillón xa non se oferta espectáculos atopándose nun estado ruinoso. Con data do comezo do expediente do 8 de xuño de 1920.

REFERENCIA: AMVI-45

SINATURA: URB/332 264/ f.178

DATA: 1944

TÍTULO: *Reclamación de José Nistal Pérez contra a multa de 50 pesetas imposta polo concello a Victoriano Gil por colocar carteleiras cubrindo parte da fachada do cine Rosalía de Castro.*

DESCRICIÓN: Parte da denuncia e inspección dirixida polo arquitecto municipal Emilio Bugallo.

OBSERVACIÓNS: Con data do 19 de xaneiro de 1944.

REFERENCIA: AMVI-46

SINATURA: URB/332 272/ f.180

DATA: 1944

TÍTULO: *Denuncia da inspección de obras clandestinas presentada contra Isaac Fraga pola construción dun galpón na parte anterior do Teatro Tamberlick.*

DESCRICIÓN: Parte da inspección e a denuncia.

OBSERVACIÓNS: Con data do 16 de marzo de 1944. O empresario daquela era Isaac Fraga.

REFERENCIA: AMVI-47

SINATURA: URB/241 197

DATA: 1936

TÍTULO: *Cine-Phono-Fix (publicidad luminosa-hablada-musical).*

DESCRICIÓN: Dita empresa, a través do seu director técnico Ricardo Vicent Viana, pide a autorización para instalar varias columnas nos que situar o seu produto. O concello faille unha concesión de vinte anos. A documentación aporta planos e esquemas da súa instalación.

OBSERVACIÓNS: (NON SE ATOPA NA CAIXA) Con data do 10 de xuño de 1936.

REFERENCIA: AMVI-48

SINATURA: URB/309 788/f.133

DATA: 1942

TÍTULO: *Expediente a instancia de D. Victoriano Gil Coduras solicitando construír unha marquesiña decorativa na entrada do cine Rosalía de Castro.*

DESCRICIÓN: Emilio Bugallo, arquitecto municipal, aproba as reformas a realizar no cine.

OBSERVACIÓNS: Con data do 5 de outubro de 1942.

REFERENCIA: AMVI-49

SINATURA: URB/320 413/f.102

DATA: 1943

TÍTULO: *Expediente de D. Eugenio Gonzalo de Haza solicitando licencia de obras para reforma e ampliación do Cinema Radio.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria (faltan planos), asinado polo arquitecto Francisco Castro Represas e contén un oficio do Goberno Civil autorizando as reformas.

OBSERVACIÓNS: Con data de inicio de expediente do 5 de xullo de 1943.

REFERENCIA: AMVI-50

SINATURA: URB/324 573/f.118

DATA: 1943

TÍTULO: *Isaac Fraga: reformas en el teatro García Barbón.*

DESCRICIÓN: Proxecto da reforma, con planos e memorias, asinado polo arquitecto Antonio de Cominges, e concesión da autorización das obras.

OBSERVACIÓNS: Con data do 21 de agosto de 1943.

REFERENCIA: AMVI-51

SINATURA: URB/365 171/f.113

DATA: 1946

TÍTULO: *Expediente a instancia de Dignatario Cerdeira Señoráns solicitando realizar obras de adaptación para instalar cinematógrafo nun local do barrio do Calvario.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Bugallo Orozco.

OBSERVACIÓNS: O local denominarase cine *Avenida* e estará nos números 13 e 15 da rúa Sagunto, antes chamada Portugal.

REFERENCIA: AMVI-52

SINATURA: URB/365 172/f.113

DATA: 1946

TÍTULO: *Expediente a instancia de Carlos Lacárcel solicitando permiso para adaptar a planta baixa dun edificio sito no barrio de Lavadores para instalar un cine.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polos arquitectos Francisco Castro e Pedro Alonso.

OBSERVACIÓNS: Con data do 10 de xaneiro de 1946.

REFERENCIA: AMVI-53

SINATURA: URB/368 436/f.139

DATA: 1946

TÍTULO: *Expediente a instancia de Modesto Viso solicitando adaptar para un cine un local sito no Parque de Recreo "La Barxa".*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Salgado Arteaga.

OBSERVACIÓNS: Dito parque de recreo estaba no número 68 da rúa García Barbón. Con data do 8 de febreiro de 1946.

REFERENCIA: AMVI-54

SINATURA: URB/370 525/f.147

DATA: 1946

TÍTULO: *Expediente a instancia de Eduardo Romero Escudero e Guillermo Puime Queimadelos solicitando a construción dun edificio destinado a cine na planta baixa e a teatro-cine na parte alta.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Luis Gutiérrez Soto. A obra non debeu pasar do estado de anteprojecto, xa que non temos novas posteriores da súa construción.

OBSERVACIÓNS: Este proxecto de cine estaría proxectado para construír nos números 31 e 33 da rúa Marqués de Valladares. Con data do 29 de maio de 1946.

REFERENCIA: AMVI-55

SINATURA: URB/380 1045/f.4

DATA: 1946

TÍTULO: *Expediente a instancia da empresa Clefecer S.L. solicitando licencia para realizar obras de adaptación no Frontón Vigués para sala cinematográfica.*

DESCRICIÓN: Falta o proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Bugallo Orozco. Instancia, resposta do Goberno Civil e acta coa resolución do concello.

OBSERVACIÓNS: Tras as obras o local pasará a denominarse cine *Nizá*, sito no número 2 da rúa María Berdiales. O xerente da empresa Clefecer era Dignatario Cerdeira Señoráns. Con data de comezo do expediente o 15 de novembro de 1946.

REFERENCIA: AMVI-56

SINATURA: URB/388 374/f.46

DATA: 1947

TÍTULO: *Expediente a instancia de Alfonso Caride olicitando licencia para construír un edificio composto de cine e vivendas.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Salgado Urtiaga.

OBSERVACIÓNS: O cine en cuestión nun principio, en estado de anteprojecto, denominarase como cine *Rosemary*, aínda que finalmente tomou o nome de cine *Roxy*. Expediente con data de comezo do 20 de marzo de 1947.

REFERENCIA: AMVI-57

SINATURA: URB/390 484/f.56

DATA: 1947

TÍTULO: *Expediente a instancia de Enrique Martínez Gómez solicitando licencia para construír un cine.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Bugallo Orozco. Tamén incorpora outro proxecto posterior para engadir unha planta de anfiteatro durante o proceso das obras (1948).

OBSERVACIÓNS: O cine denominarase *Casablanca*. Con data de inicio de expediente do 26 de abril de 1947. Este expediente contén o 626/f.171.

REFERENCIA: AMVI-58

SINATURA: URB/390 533/f.60

DATA: 1947

TÍTULO: *Expediente a instancia de Julián Ferrín Belardas.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Bugallo Orozco.

OBSERVACIÓNS: Dito empresario pretende construír un cine na rúa Sanjurjo Badía en Teis. Expediente con data concreta de comezo o 11 de xuño de 1947.

REFERENCIA: AMVI-59

SINATURA: URB/389 473/f.55

DATA: 1947

TÍTULO: *Expediente de Isaac Fraga solicitando licencia para construír un despacho de localidades e oficinas no cine Odeón.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Arturo Fraga Framil.

OBSERVACIÓNS: Con data de inicio de expediente o 25 de abril de 1947. Por aquel tempo o cine *Odeón* pertencía á Empresa Fraga Espectáculos.

REFERENCIA: AMVI-60

SINATURA: URB/422 526/f.6

DATA: 1949

TÍTULO: *Expediente a instancia de D. Eugenio González de Haç solicitando reformar o vestíbulo e os servicios sanitarios na sala de espectáculos Cinema Vigo.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Francisco Castro e Pedro Alonso.

OBSERVACIÓNS: O *Cinema Vigo* estaba na rúa Velázquez Moreno. A data de comezo do expediente é o 22 de xullo de 1949.

REFERENCIA: AMVI-61

SINATURA: URB/342 1013/f.247 **DATA:** 1944

TÍTULO: *Oficio da Junta Provincial de Espectáculos autorizando substituír tabiques e construír piso entrechán para oficinas e almacéns en locais xunto cine Odeón.*

OBSERVACIÓNS: Por aquel entón o cine *Odeón* estaba na rúa José Antonio, na actualidade é a rúa Urzaiz, esquina con Magallanes. O expediente ten unha data de comezo do 17 de outubro de 1944.

REFERENCIA: AMVI-62

SINATURA: URB/314 13/f.54 **DATA:** 1943

TÍTULO: *Oficios municipais relativos a instancia e solicitude por parte de Isaac Fraga do cemento necesario para a construción do Teatro-Circo que estaría situado na esquina da rúa Uruguai e Isabel II.*

OBSERVACIÓNS: O *Teatro-Cine* a que se refire é o *Fraga*. O expediente ten como data de comezo o 9 de Nadal de 1942.

REFERENCIA: AMVI-63

SINATURA: URB/317 209/f.77 **DATA:** 1943

TÍTULO: *Oficio relativo á petición de cemento para a construción do Teatro Cine Fraga.*

DESCRICIÓN: A petición de cemento foi desestimada pola Delegación do Goberno.

OBSERVACIÓNS: A data de comezo do oficio é do 7 de abril de 1943.

REFERENCIA: AMVI-64

SINATURA: URB/334 450/f.198 **DATA:** 1944

TÍTULO: *Expediente que se resolve en prol de Isaac Fraga a instancia por el perante o concello en virtude do oficio que lle requería tomar medidas necesarias para reparar as fendas que apareceron na fachada do cine Odeón.*

DESCRICIÓN: Isaac Fraga tomou medidas contra as fendas da fachada do cine tras a inspección do enxeñeiro Antonio Fernández. Tamén suscribe que ditas fendas non teñen o menor perigo tal como despois certificará o arquitecto municipal Emilio Bugallo Orozco.

OBSERVACIÓNS: A data de comezo do expediente é o 18 de marzo de 1944.

REFERENCIA: AMVI-65

SINATURA: URB/338 751/f.220 **DATA:** 1944

TÍTULO: *Expediente de Victoriano Gil Coduras solicitando licencia para obras de reforma e decoración no cine Rosalía de Castro.*

DESCRICIÓN: Proxecto con memoria, orzamento, condicións e planos, asinado polo arquitecto Antonio Palacios.

OBSERVACIÓNS: O expediente ten como data de comezo o 1 de xullo de 1944.

REFERENCIA: AMVI-66

SINATURA: URB/338 792/f.225

DATA: 1944

TÍTULO: *Instancia presentada ao Concello de Vigo pola empresa do Teatro Tamberlick indicando o perigo que pode correr o edificio despois do incendio producido nun garaxe e taller veciño instalado na rúa Doutor Caraval, número 25.*

OBSERVACIÓNS: A instancia ten data do 17 de xullo de 1944.

REFERENCIA: AMVI-67

SINATURA: URB/350 320/f.25

DATA: 1945

TÍTULO: *Isaac Fraga Penedo. Odeón, cine (incluídas las instancias de D. José Llopis (1942 y Sr. Fraga (1943 y 44)).*

DESCRICIÓN: Trátase dun oficio do Goberno Civil de Pontevedra solicitando os expedientes sobre as obras realizadas no cine *Odeón* facendo unha relación e descrición das cinco reformas efectuadas no inmóbel.

OBSERVACIÓNS: A data do oficio é do 30 de xuño de 1945.

REFERENCIA: AMVI-68

SINATURA: URB/495 362/f.24

DATA: 1954, 1955

TÍTULO: *Expediente donde Leandro Alonso Troncoso solicita la construcción de un edificio-cine baja no barrio de Valladares, en el camino de la iglesia.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria, orzamento, condicións e planos, asinado polo arquitecto Emilio Salgado Urtiaga.

OBSERVACIÓNS: Data do comezo do expediente é o 19 de maio de 1954.

REFERENCIA: AMVI-69

SINATURA: URB/514 991

DATA: 1956

TÍTULO: *Expediente a instancia de Leopoldo Barreiro Moure solicitando licencia para construír un cine.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Francisco Represas.

OBSERVACIÓNS: (NON SE ATOPA NA CAIXA) O cine estaría situado no número 210 da Avda. Sanjurjo Badía. Con data de inicio do expediente do 18 de xullo de 1956.

REFERENCIA: AMVI-70 **SINATURA:** URB/540 751/f.88 **DATA:** 1958

TÍTULO: *Francisco Clemente Campillo, xerente da empresa Clefecer S.L., solicita que lle sexa anulada a súa petición para unha entrada de carruaxes no cine Niza por non considerala xa precisa.*

DESCRICIÓN: Contén a petición e a resolución positiva da Comisión Municipal permanente deixando sen efecto o permiso.

OBSERVACIÓNS: A petición ten data do 3 de maio de 1958.

REFERENCIA: AMVI-71 **SINATURA:** URB/539 633/f.82 **DATA:** 1958

TÍTULO: *Construcción dun anfiteatro no cine Rosalía de Castro.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Francisco Castro Represas e autorización da obras despois do informe favorábel da Junta de Espectáculos.

OBSERVACIÓNS: A data de comezo do expediente é o 5 de abril de 1958.

REFERENCIA: AMVI-72 **SINATURA:** URB/546 1351/f.58 **DATA:** 1958

TÍTULO: *Reconversión dun ventanal en porta no cine Rosalía de Castro.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Francisco Castro Represas e petición aceptada pola Comisión Municipal.

OBSERVACIÓNS: A data de comezo do expediente é o 23 de agosto de 1958.

REFERENCIA: AMVI-73 **SINATURA:** URB/585 (bis) 899/f.197 **DATA:** 1960

TÍTULO: *Expediente relativo a colocación de la cartelera entre el Gran Hotel y Almacenes Teodoro Gómez en la calle Policarpo Sanz.*

DESCRICIÓN: Contén unha instancia por parte de Carlos Rodríguez González, un informe técnico e deseños da mesma. A instalación pasou por moitas visicitudes: prohibición, colocación e levantamento.

OBSERVACIÓNS: A data de comezo do expediente é o 14 de xullo de 1960.

REFERENCIA: AMVI-74 **SINATURA:** URB/619 227/f.62 **DATA:** 1962, 1963

TÍTULO: *Expediente para a construción dun edificio destinado a cinematógrafo, na Gran Vía, no barrio das Travesas.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Francisco Castro Represas e toso os informes e permisos pertinentes.

OBSERVACIÓNS: Trátase do cine *Disol*, propiedade do empresario Dignatario Cerdeira Señoráns.

REFERENCIA: AMVI-75 **SINATURA:** URB/630 1082/62 **DATA:** 1962

TÍTULO: *Ampliación do vestíbulo do cine Avenida.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Bugallo Orozco.

OBSERVACIÓNS: (A SINATURA NON SE CORRESPONDE CO TÍTULO) O cine *Avenida* estaba sito na rúa Sagunto e era propiedade do empresario Dignatario Cerdeira Señoráns.

REFERENCIA: AMVI-76 **SINATURA:** URB/651 359/f.63 **DATA:** 1963

TÍTULO: *Sala cinematográfica en rúa José Antonio, interior.*

DESCRICIÓN: Oficio enviado por parte do Secretario Xeral do Concello de Vigo á Junta Provincial de Espectáculos polo envío, para a súa aprobación, do expediente da construción dunha sala cinematográfica.

OBSERVACIÓNS: Este cine estaría situado na actual cine Urzaiz e foi promovida polo empresario Celso Mulero Justo. O oficio ten data do 22 de novembro de 1963.

REFERENCIA: AMVI-77 **SINATURA:** URB/701 1454/f.108 **DATA:** 1964, 1965

TÍTULO: *Construcción de un edificio para cinematógrafo en Corujo.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polos arquitectos Francisco Yáñez Ulloa e Tomás Pérez-Lorente e autorización para a construción do proxecto por parte da Comisión Municipal Permanente.

OBSERVACIÓNS: A propietaria era unha veciña de Nigrán Josefa Álvarez Pereira e o cine denominaríase *Goya*. A data de comezo do expediente é o 27 de maio de 1964.

REFERENCIA: AMVI-78 **SINATURA:** URB/730 539/f.3 **DATA:** 1965

TÍTULO: *Expediente para a instalación dunha carteleira.*

DESCRICIÓN: Adxúntase un bosquexo da carteleira e a resolución negativa da Comisión Municipal Permanente tralo informe negativo da Oficina de Vías.

OBSERVACIÓNS: O cine en cuestión é o *Disol*, do empresario Dignatario Cerdeira Señoráns. A data de comezo do expediente é o 23 de marzo de 1965.

REFERENCIA: AMVI-79 **SINATURA:** URB/1016 3232/f.68 **DATA:** 1968

TÍTULO: *Colocación dunha marquesiña e dous rótulos.*

DESCRICIÓN: Acompañase deseños dos rótulos e o expediente da apertura previa do cine.

OBSERVACIÓNS: A data de comezo do expediente é do 6 de abril de 1968.

REFERENCIA: AMVI-80 **SINATURA:** URB/2801 2204/f.81 **DATA:** 1981

TÍTULO: *Expediente relativo a la apertura de un cinematógrafo en c/ José Antonio, 132.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Manuel Díaz Rial e proxecto de adaptación de baixo, reclamacións dos veciños, inspeccións e informe da Xefatura de Bombeiros.

OBSERVACIÓNS: O propietario deste cine era Manuel Estévez Rodríguez. A data de comezo do expediente é do 16 de marzo de 1981.

REFERENCIA: AMVI-81 **SINATURA:** URB/1660 1505/f.74 **DATA:** 1974

TÍTULO: *José Antonio San Martín (Congregación Salesiana). Reforma en cine e instalaciones deportivas.*

DESCRICIÓN: Proxecto de reforma, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Tomás Pérez-Lorente.

OBSERVACIÓNS: O cine ao que se refire é o *Salesianos* sito ao carón do colexio, nos números 7-9 da rúa Venezuela.

REFERENCIA: AMVI-82 **SINATURA:** URB/2890 7249/f.81 **DATA:** 1981

TÍTULO: *Acondicionamiento de bajo para salas de proyección.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria, orzamentos, condicións e planos, asinado polo arquitecto Mariano de Labra Morán e denuncias da comunidade de veciños refugadas pola Comisión Municipal Permanente.

OBSERVACIÓNS: Os cines en cuestións son os *Multicines Norte* sitios no baixo do número 22 da Vía Norte. O propietario é o empresario Antonio Vázquez Gómez.

REFERENCIA: AMVI-83 **SINATURA:** URB/3136 5348/f.83 **DATA:** 1983

TÍTULO: *Expediente relativo a la solicitud de apertura de unas Salas de Proyección (Minicines) en la calle María Berdiales.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria, orzamento, condicións e planos, asinado polo arquitecto Desiderio Pernas Martínez, autorización de apertura, informes favorábeis e fotografía das obras de

acondicionamento do baixo.

OBSERVACIÓNS: Os *Minicines* pertencía a sociedade Magallanes-Multicines Centro composta por Antonio Vázquez Gómez, Víctor Ríos García, José Ramón Prados Comesaña, Luis de Burgos Pousa e Rosa María Vázquez Caride.

REFERENCIA: AMVI-84 **SINATURA:** URB/697 1268/f.92 **DATA:** 1964

TÍTULO: *Limpeza e ornamentación do cine Ronsel.*

DESCRICIÓN: Expediente de cambio de denominación, de *Casablanca* a *Ronsel* e concesión de licencia para facer reforma.

OBSERVACIÓNS: O cine *Ronsel* estaba situado no número 120 de rúa Ecuador e era propiedade da empresa Ramón Sánchez e Fillos. A data de comezo do expediente é do 16 de xuño de 1964.

REFERENCIA: AMVI-85 **SINATURA:** URB/436 143/f.60 **DATA:** 1950

TÍTULO: *Isaac Fraga solicita licencia para o cambio dos servicios de señoras no cine Tamberlick.*

DESCRICIÓN: Proxecto da reforma, con memoria e planos, asinados polo arquitecto Arturo Fraga Framil e concesión da licencia para as obras por parte do concello.

OBSERVACIÓNS: A data de comezo do expediente é o 27 de xaneiro de 1950.

REFERENCIA: AMVI-86 **SINATURA:** URB/445 537/f.97 **DATA:** 1950

TÍTULO: *Esteban Alonso Pérez solicita licencia de obras para a construcción dun edificio destinado á sala de cine no barrio de Cabral.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Emilio Bugallo Orozco.

OBSERVACIÓNS: O cine en cuestión é o *Caramuxo*, na Avda. Ramón Nieto. A data de solicitude é o 17 de xuño de 1950.

REFERENCIA: AMVI-87 **SINATURA:** URB/455 146/f.147 **DATA:** 1951

TÍTULO: *Solicitud para instalar unhas vitrinas de madeira e cristal para exposición de libros no establecemento de venda de periódicos e revistas do cine Odeón.*

DESCRICIÓN: Solicitude, bosquejo da instalación e aprobación por parte da Comisión Municipal Permanente.

OBSERVACIÓNS: (NON SE ATOPA NA CAIXA) A data da solicitude é o 23 de marzo de 1951.

REFERENCIA: AMVI-88 **SINATURA:** URB/723 169/f.213 **DATA:** 1965

TÍTULO: *Expediente para a construción dun cine.*

DESCRICIÓN: Proxecto, con memoria e planos, asinado polo arquitecto Arturo Fraga Framil.

OBSERVACIÓNS: O cine en cuestión era o cine *Odeón*. A data de comezo do expediente é o 2 de febreiro de 1965.

REFERENCIA: AMVI-89 **SINATURA:** URB/1511 1696/f.73 **DATA:** 1973

TÍTULO: *En sótanos do cine Fraga, se proyecta una sala de fiestas, compuesta de dos plantas, planta baja y planta alta con comunicaciones interiores entre ambos espacios.*

DESCRICIÓN: Folla de remisión do expediente por parte do Concello de Vigo ao Goberno Civil. Proxecto, con memoria e planos, asinados polo arquitecto Francisco Castro e Pedro Alonso.

OBSERVACIÓNS: Dita remisión ten data do 7 de marzo de 1973.

REFERENCIA: AMVI-90 **SINATURA:** URB/1527 2793/f.73 **DATA:** 1973

TÍTULO: *Instalación dun rótulo luminoso.*

DESCRICIÓN: Solicitude e debuxo do rótulo.

OBSERVACIÓNS: O cine era o *Fraga* e o rótulo era pertencente a sala de festas que se instalou nas dependencias dos baixos do cine. O expediente comeza o 11 de abril de 1973.

REFERENCIA: AMVI-91 **SINATURA:** URB/3310 7956/ **DATA:** 1984

TÍTULO: *Expediente de apertura dun minicine.*

DESCRICIÓN: Trátase da construción dunha nova sala anexa as que xa existían, informe favorábel da Comisión do Goberno Municipal e envía a Comisión Provincial do Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

OBSERVACIÓNS: (NON SE ATOPA NA CAIXA) O minicine é o *Multicines Centro* sito na rúa María Berdiales, propiedade do empresario Jose Ramón Prado Comesaña. A data de comezo do expediente é o 17 de marzo de 1986.

REFERENCIA: AMVI-92 **SINATURA:** IND/OB 1 E.10 **DATA:** 1912

TÍTULO: *Inspección do Salón Pinacho de las condiciones de seguridad en la c/ Velázquez Moreno.*

DESCRICIÓN: Dous informes: un do arquitecto municipal, Jenero de la Fuente e outro, do arquitecto provincial para o Goberno Civil, Siro Borrajo Montenegro.

OBSERVACIÓNS: Inspección con data do 1 de xuño de 1912. O *Salón Pinacho* tamén se chamaba *Palacio de la Ilusión*.

III. Referencias dos arquivos provinciais:

AHP-5, AHP-6, AHP-7, AHP-11, AHP-14, AHP-16, AHP-19, AHP-20, AHP-28, AHP-31, AHP-36, AHP-39, AHP-42, AHP-43, AHP-49, AHP-50, AHP-51, AHP-54, AHP-55, AHP-56, AHP-57, AHP-58, AHP-59, AHP-61, AHP-62, AHP-63, AHP-64, AHP-65, AHP-66, AHP-67, AHP-72, AHP-93, AHP-107, AHP-108, AGC-50, AGC-52, AGC-53, AGC-54, AGC-55, AGC-56, AGC-57, AGC-58, AGC-59, AGC-73, AGC-74, AGC-86, AGC-87, AGC-129, AGC-130, AGC-131, AGC-132, AGC-133, AGC-138, AGC-178, AGC-183, AGC-184, AGC-185, AGC-194, AGC-196, AGC-213, AGC-214, AGC-222,

IV. Comentario:

Non é de estrañar o elevado número de cines que se emprazaron na cidade olívica. Vigo é a grande cidade de Galicia máis que nada pola súa actividade económica baseada na pesca, temos que lembrar que o maior porto pesqueiro, e polo sector da automoción. Para chegar a situación actual, esta localidade experimentou un crecemento imparábel ao longo do século XX que se acompañou cun considerábel aumento de poboación. E tal como estamos a ver neste análise, o cine ocupou un lugar privilexiado á hora de ocupar o tempo libre por parte dos seus habitantes.

Disto da conta a longa relación de cines que fixemos no comezo da ficha deste concello. Mais nesta táboa só están as salas cinematográficas permanentes ou, como é o caso nos establecementos pioneiros nesta actividade, que xogaron un papel crucial no fomento deste negocio. Deste xeito incorporamos a teatros, circos e salóns que, cada vez máis, daban máis prioridade as sesións cinematográficas. Estamos a falar do *Tamberlick* (AMVI-1, AMVI-28, AMVI-30, AMVI-37, AMVI-46, AMVI-66 e AMVI-85), do *Salón Apolo* ou tamén denominado como *Triación* (AMVI-13, AMVI-16 e AMVI-17), o *Teatro Rosalía de Castro* (AMVI-29) ou do *Salón Pinacho* ou tamén acuñado como *El Palacio de la Ilusión* (AMVI-32, AMVI-38, AMVI-43 e AMVI-92). Esta incorporación non supón que nos esquecemos dos moitos cinematógrafos ambulantes que se instalaron en barracóns, pavillóns, salóns ou cafés como: o café *Colón* (AMVI-3 e AMVI-12), o *Julio Pradera* (AMVI-4), o *Sánchez González* (AMVI-5), *El Palacio de Proyecciones de Madrid* (AMVI-6), o *Portela* (AMVI-7), o *José Cerqueira* (AMVI-10), o *Salón Vignés* (AMVI-31), o *Oriental* (AMVI-22), o *Salón Artístico* (AMVI-14), o *Rodríguez & Méndez* (AMVI-11), o *Guignol* (AMVI-44), ou o *Salón de*

Variedades (AMVI-34 e AMVI-35)*.

Como vemos existe unha abundosa documentación sobre a actividade cinematográfica durante as primeiras décadas do século XX. Esta cantidade sêrvenos para fixarnos en detalles peculiares da exhibición cinematográfica deses anos; como o espectáculo do ferrocarril (AMVI-9), a petición de seguridade (AMVI-33) ou de colocar bocas de rego (AMVI-41). Mais tamén se fai referencia a o resto de cines de grandes dimensións que xurdiron cando se popularizou por completo o cine; o *Ideal Cinema* (AMVI-21), o *Royalti* (AMVI-18), o *Odeón* (AMVI-19 e AMVI-20) e, o máis representativo daquela época, impresionante edificio do *Teatro García Barbón* (AMVI-24 e AMVI-40).

Coa chegada do sonoro houbo un período de incerteza, de probas de sistemas, como o Phono-Fix (AMVI-47). Mais pronto consolidouse a nova forma de expresión audiovisual e comezou, coa finalización do conflito bélico, un abano temporal de grande auxe constructivo de cines: o *Capitol*, o *Radio* (AMVI-49, AGC-57 e AGC-53), *La Barxa* (AMVI-53 e AGC-130), o *Maravillas* (AHP-93 e AGC-59), o *Avenida* (AMVI-75, AGC-53 e AGC-213), o *Palermo* (AGC-56), o *Casablanca* (AMVI-57), o *Niz̧a* (AHP-93, AMVI-55 e AMVI-70), o *Gran Vía* (AHP-93 e AGC-131), o *Roxy* (AGC-50) e o cine por excelencia de Vigo, o *Fraga* (AMVI-62, AMVI-63, AMVI-64, AMVI-67, AMVI-89 e AMVI-90). Esta profusión de salas xerou que se englobaran para tramitar a documentación de Facenda e do Sindicatos, tal como ven reflectido na documentación atopada no Arquivo Histórico Provincial; libros auxiliares de contribución industrial (AHP-59), libros de Altas de Espectáculos (AHP-61, AHP-62, AHP-63, AHP-64, AHP-65, AHP-66 e AHP-67), documentación do sindicato do Grupo de Exhibición (AHP-72), da Unión de Empresarios (AHP-107) e das elección dos representantes sindicais (AHP-108).

A oferta cinematográfica do concello complétase nos anos cincuenta coa incorporación de cines como o *Caramuxo* (AHP-93, AMVI-86 e AGC-222), o *Bellamar* (AGC-129), o *Mary* (AMVI-58), o *Ronsel* (AMVI-84) e o segundo *Roxy*. Con estes cines se crea unha rede máis tupida no centro e tamén se incorporan periféricos cos chamados “cines de barrio”. Prodúcese conflitos ante as novas necesidades dos cines como a instalación de carteleiras (AMVI-73 e AMVI-78), de marquesiñas e rótulos (AMVI-79) ou ambiciosos proxectos de construción de cines que non van adiante (AMVI-54 e AMVI-76). Por estas datas comezan a fundarse os primeiros cineclubes na cidade que se potenciaran coa chegada das liberdades democráticas; o *Vigo* (AGC-73 e AHP-39), o *Universitario* (AHP-39), o *Cíes* (AHP-43), o *Sestrelas* (AGC-74), o *Luis Buñuel* (AGC-86), e o *Bogart* (AGC-87). Mais o verdadeiramente salientábel ocorreu a finais desta década coa aparición de cines relixiosos ligados a congregacións (*Xesuítas*, *Carmelitas Descalzos* e *Franciscanos*) ou a freguesías, como

* Estos son algúns dos espectáculos cinematográfico de carácter provisional que deixaron pegada documentalmente, máis daqueles tempos tamén son; o *Fotoclub*, o *Luz*, o *Metropolitano*, o *Petty Park* ou o *Pradera*. Martín Curty, J. A.: *Cines de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2004, pp. 304-305.

a de *Santiago O Maior*.

Nas décadas seguintes se produce unha renovación das salas coa remodelación de vellas e coa incorporación de novas construcións, desta época son o *Vigo*, o *Disol* (AGC-53), o *Plata*, o *Goya* (AGC-55), o *Delicias* (AGC-51), o segundo *Odeón* (AMVI-87 e AMVI-88) e o dos *Salesianos* (AHP-7 e AMVI-81). Como se pode ver a esta altura a información escasea polo que hai que recorrer a abondosa documentación que xeraron os cines de Vigo no Goberno Civil (AGC-178, AGC-183, AGC-184, AGC-185, AGC-194 e AGC-196).

Durante os setenta e os oitenta a crise cebouse cos cines de Vigo sucumbindo e pechando as portas a maioría deles. Con este panorama afrontouse o negocio do cine a través de novas fórmulas que puideran sosterse ante a competencia desleal do vídeo. Deste xeito en Vigo aparecen os minicines, os *Norte* (AMVI-81 e AGC-214), os *Minicine* (AMVI-80) e os *Centro* (AMVI-91). Este novo concepto de salas cinematográficas non ían a ser as definitivas, véndose incapaces de adaptarse ao mundo da imaxe e das innovacións tecnolóxicas. Ante isto, pouco a pouco, se irán depurando e decantando por explotar totalmente as súas potencialidades económicas emprazándose dentro de grandes superficies comerciais como acontece co *Box Plaza Elíptica* e cos *Yelmo Cineplex*. A documentación que xeraron estes últimos cines aínda non se atopa dispoñíbel no Arquivo Municipal porque están pasando polo prazo de rigor previo nas dependencias da Secretaría do concello.

V. Bibliografía:

Nogueira Otero, Xosé e Martín Sánchez, Rita: *Unha aproximación a la historia de los cinematógrafos vigueses*. Inédito.

Martin Curty, J. A.: *Cines de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Viguéses, 2004.

3ª PARTE

APÉNDICES

1. Valoracións

Gustaríanos recoñecer que con esta investigación deuse conta da existencia de todas as fontes cinematográficas existentes nos arquivos públicos da provincia de Pontevedra. Mais é imposible soste unha afirmación tan contundente xa que, como avisamos desde o comezo, unha catalogación, a pesar da súa minuciosidade, sempre se mantén aberta, receptiva de ser ampliada coa aparición de novos materiais documentais. Malia todo, consideramos que o traballo feito resultou de gran utilidade e se conseguiu a totalidade dos obxectivos cos documentos descubertos. No entanto, podemos dicir que o inventario realizouse segundo as expectativas creadas desde o inicio do proxecto e conseguiuase fixar os puntos prioritarios que engrosaban a lista de obxectivos; a información estivo sempre enmarcada baixo as referencias espaciais que sinalaron, con precisión, o seu emprazamento, os documentos susceptibles de estudio foron, por enriba iso si, esfarelado seus contidos e, por último, coa observación dos datos procedeuse a facer un estudio pormenorizado por arquivo e concello.

Sobre os dous primeiros aspectos, sobre a localización e a descrición, estamos na obriga de sinalar que en documentacións puntuais, sinaladas oportunamente, non se logrou estes propósitos debido á alteración dos arquivos, expedientes que non existían, os contidos atopáronse cambiados ou faltaban parte deles. Aproveitamos a ocasión para aconsellar que estas cuestións anecdóticas non se prodiguen e avogamos polo coidado deste patrimonio coas mínimas interferencias posibles. A pesar deste pequeno atranco, congratúlanos o poder sistematizar e cambiar, coa credibilidade que outorga a certificación documental, algúns datos erróneos que estaban comunmente estendidos sobre a existencia e evolución dalgúns cines. Neste punto tamén temos que lembrar da necesidade de facer unha escolma de contidos e decidirmos por todo o que estaba ao redor do mundo cinematográfico en prexuízo de concepcións máis amplas como podía ser o audiovisual. Con esta premisa tivemos que desestimar información referente a cuestións de moito interese como poden ser os teleclubs, os videoclubs ou as televisións locais. Tamén démonos conta en como existe unha pauta de xerar desta documentación, vemos como algunhas cuestións, procedementos ou expedientes se repiten con cines distintos nuns anos determinados. Isto débese a que o carácter administrativo destas fontes obedecen a unha instancia lexislativa do sector: sancións, inspeccións, rexistro, axudas, hixiene dos locais ou a exhibición e copias de material videográfico*.

* A distintas leis, notas e ordes sobre o sector cinematográfico en España pódense seguir en Gutiérrez Espada, L.: *Introducción al derecho cinematográfico*, Editorial Tecnos, Madrid, 1976 ou en VV.AA.: *Textos legales. Cinematografía y Medios Audiovisuales*, Madrid, Secretaría General Técnica del Ministerio de Cultura, 1991.

Réstanos acometer unha avaliación sobre o que deu de si o último dos obxectivos: a análise. Ao longo da publicación prodíganse comentarios que abordan o estudo das particularidades da documentación atopada en cada arquivo subliminándoas ao devir do cine en cada concello. Máis agora, neste apartado gustaríanos facer unha relación de valoracións xerais** tomando como referencia toda a información tanto da primeira como da segunda parte do libro.

Comezaremos por sinalar como os cines constituíronse nuns “edificios emblemáticos” porque serviron para amalgamar multitude de factores que lle fixeron dotar desa áurea especial da que nos facemos referencia. Na maior parte dos casos tiñan un deseño arquitectónico que o singularizaban froito do traballo dunha longa lista dos máis senlleiros arquitectos galegos (Antonio de Cominges, Emilio Quiroga Losada, Enrique Álvarez-Sala y Moris, Francisco Castro Represas, José Barreiro Vázquez, Robustiano Fernández Cochón ou Juan Argenti y Navajas). A súa situación tamén xogou un gran papel, sendo elementos urbanísticos de referencia e sobre os que as veces influíu na configuración do seu entorno. Esta capacidade estableceuse debido a que os cines constituíronse como motores sociais que condicionaron hábitos e costumes da xente. Este factor, a demografía, foi a chave do tecido de salas cinematográficas xa que non debemos esquecer da forte natureza industrial do cine e isto débese a que sempre cuestionou o seu emprazamento ao continxente de público natural que podía concorrer as súas salas. Neste senso convén matizar que a “industria cultural” por excelencia é o cine, máis as veces isto non se ten en conta debido ao elevado grado de popularidade que alcanzou se o comparamos con outros equipamentos culturais máis prestixiosos como poden ser museos ou auditorios. Esta ligazón entre cultura e economía vese materializada nas fluctuacións que tivo a exhibición cinematográfica.

No caso de Pontevedra podemos ver grazas aos mapas que incorporamos que, desde sempre, a distribución de cines tivo un grande desequilibrio territorial entre o oeste e o este. Deste modo vemos como a zona onde houbo máis profusión de cines corresponde ao que se denomina como Eixo Urbano Atlántico Galego, pola discorre pola zona das Rías Baixas, na liña trazada polas grandes cidades (Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa). Deste modo vese claro que a evolución do cine necesitou, cada vez máis imperiosamente, dunha xeografía cunha poboación cun forte porcentaxe emprazada no sector terciario. Esta tendencia foise incrementando e o cine, tanto a nivel de Galicia como a nivel internacional, necesitou, para a súa cada vez máis complicada supervivencia, unha maior concentración urbana. Despois do momento de auge total que se deu na década dos corenta a oferta cinematográfica foi mingando progresivamente. Esta “concentración pantallística” hai que vela como unha adecuación a crise derivada da extrema competencia exercida primeiro pola televisión e logo polo vídeo e o dvd. Deste modo o cine foi evolucionando

** Para realizar estas últimas resolucións tívose moi en conta o artigo de De Llano Neira, Pedro e Pazos Otón, Miguel: “Musealización, turismo cultural y desequilibrios espaciales en Galicia: 1992-2004”, *Quintana*, nº 3, pp. 161-175.

adaptándose a novas fórmulas de exhibición como puideron ser os minicines nos oitenta ou as multisalas situadas en grandes centros comerciais a mediados dos noventa. A situación actual do cine en Pontevedra contraeuse en exceso (ver Mapa 4), sobrevivindo de dous xeitos: nos grandes complexos comerciais das grandes cidades e nas localidades capitais de comarca. Isto reflexa que o cine amoldouse aos hábitos das poboacións, no primeiro caso o cine complementa a importante oferta de ocio, producindo desprazamentos de poboación dos concellos do arredor dando mostras do que se deu en chamar unha “cidade continua”. E na segunda opción vemos como o cine se asenta nas cabeceiras comarcais do resto de Pontevedra, núcleos de poboación que se favorecen do baleirado e regresión dos espazos rurais do contorno.

Para finalizar, nos gustaría salientar que a estrutura deseñada para esta investigación e publicación mostrouse moi efectiva, con ela conseguíuse excelentes logros e resultados polo que pode servirmos de patrón para acometer, con igual predisposición, o estudio da actividade cinematográfica a través do estudio das fontes documentais nos arquivos públicos do resto das provincias galegas. Agardamos que esta iniciativa conte co eco suficiente para acometer este reto, un estudio que servirá para reivindicar e revalorizar estes documentos como un un compoñente máis a sumar ao noso rico Patrimonio Histórico.

2. Táboas*

TÁBOA 1.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
BAIXO MIÑO (15)	Guarda, A (5)	<i>Trangallada</i>	Juan Lomba	192?
		<i>Ideal cinema</i>	Adolfo A. Builla	1934
		<i>Avenida</i>	Manuel Martínez Español	1943
		<i>Avenida Parque</i>	Manuel Martínez Español	1950
		<i>Alvi</i>	Arturo Alonso Sousa	1979
	Rosal, O (1)	<i>Rosal</i>	Manuel Martínez Domínguez	1949
	Tomiño (2)	<i>Goya</i>	José Gómez Rodríguez Mariano González Bartolomé	1946
		<i>Avenida</i>	Marcelino Álvarez Vizoso	1949
	Tui (6)	<i>Teatro Principal</i>	Esteban Alonso García	1897
		<i>Imperial Palais</i>	Diz	-
		<i>Salón Yut</i>	Apolinar Pita Veiga	1943
		<i>García</i>	José García García	1947
		<i>Bolívar</i>	Maximino Rodríguez Pumar	1965
		<i>Multicines Matrix</i>	Martín Klaversteijn Sozzo	2000

TÁBOA 2.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
CONDADO, O (13)	Mondariz-Balneraio (2)	<i>Balneario</i>	Hijos de Peinador	1918
		<i>Sala Municipal</i>	Concello de Mondariz	1959
	Mondariz (1)	<i>Mondariz</i>	Pérez Cubelas	1950
	Ponteareas (7)	<i>Colón</i>	José Godoy	-
		<i>Royalty</i>	José Gil	1923
		<i>Tea</i>	Ramón Mota Carril	1955
		<i>Guillade</i>	José M ^a Giráldez Montero	1957
		<i>Mariño</i>	Delio Rodríguez	1957
		<i>Minicine Municipal</i>	Concello	1991
		<i>Multicines Séptimo Arte</i>	Vaesro	1998
	Salvaterra do Miño (1)	<i>Coliseo</i>	Victoriano Alonso Parada	1943
	As Neves (2)	<i>Salón Nevense</i>	Gregorio Manso Rodríguez e Clemente Casal Fernández	1948
		<i>Nuevo</i>	Francisco Núñez Vázquez	1967

* Estas táboas están realizadas en base a información atopada nas fontes documentais. Mais hai que sinalar que no campo de “propietarios” incorpóranse os nomes que aparecen na documentación e, como se avisou na introducción deste traballo, en moitos dos casos non se pode especificar se estamos a falar de propietarios, xerentes, explotadores, socios,... O mesmo pasa co de “ano” de fundación xa que recorremos a primeira data na que se deixou testemuño documental.

TÁBOA 3.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
PARADANTA, A (6)	Arbo (1)	Arbo	Concello de Arbo	1942
	Cañiza, A (5)	Faro Cinema	César Mera González	1936
		Veleije	César Mera González	1942
		Bacelar	Luis Bacelar Lucimade	1946
		Reveca	Reveca S.A	1957
		Paradanta	Concello da Cañiza	1995

TÁBOA 4.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
CALDAS (9)	Caldas de Reis (5)	Moderno	Manuel Fernández	-
		Odeón	José Amenciro	-
		Avenida	José Valiño Agra	1946
		Avenida	Santiago Díaz García	1986
		Multicines Avenida	Santiago Díaz García	1991
	Catoira (1)	Raño	José María Raño	1957
	Cuntis (1)	Victoria	Isaac Torres Campos	1944
	Pontecesures (1)	Colón	Horacio Chenlo Campos	1947
	Moraña (1)	González	Sergio González Campos	1958

TÁBOA 5.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
DEZA (11)	Agolada (1)	Cinema Golada	Ramón Barrio Negro	1969
	Lalín (6)	Lalín	Gustavo Pérez	1942
		Español	Celso Taboada Gómez	1944
		Corpiño	Perfecto Montoto Taboada	1962
		Campos	Adolfo Campos Panadeiros	1968
		Multicines do Deza		2001
		Pontiñas	Filmax	2003
	Silleda (2)	Victoria	Luis Lázaro Orrea	1945
		Salgar/Bandeira	José Salgueiro Gómez	1958
	Vila de Cruces (2)	Mari	Ernesto Pampín Navazas/ Dignatario Cerdeira Señoráns	1958
		Minas de Fontao	Maximino Rodríguez Moreira/ Fomento Hispania S.A.	1959

TÁBOA 6.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
MORRAZO, O (24)	Bueu (4)	<i>Victoria</i>	José Martínez Caamiña	1922
		<i>Imperial</i>	R. Ameneiro	1939
		<i>Avenida</i>	Antonio Soaje Jalda	1943
		<i>Guerra</i>	José Casabeiro	1961
	Cangas do Morrazo (7)	<i>Principal</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1938
		<i>Cangas</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	-
		<i>Aldán</i>	Manuel Paz Castro	1948
		<i>Calvar</i>	Eduardo Pérez Calvar	1953
		<i>Avenida</i>	Antonio Soaje Jalda	1952
		<i>Galaxias</i>	Gaper Cines	1979
		<i>Galas</i>	Manuel Núñez Fernández	1983
	Marín (7)	<i>Salón Fénix</i>	-	1906
		<i>Cinema X</i>	-	1915
		<i>Cine Palma</i>	Sánchez Palma	1915
		<i>Quiroga</i>	Franisco Salazar	1918
		<i>Avenida</i>	Francisco Salazar	1948
		<i>Sala de proxeccións</i>	Escuela Naval Militar	1961
		<i>Seijo</i>	José Carballo García	1940
	Moaña (4)	<i>Maravillas</i>	Celso Lazos Lazos	1944
		<i>Prado</i>	Eduardo Pérez	1950
		<i>Montefaro</i>	Antonio Ferradás Ferradás	1961
		<i>Veiga</i>	Manuel Veiga Calvar	1969

TÁBOA 7.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
TABEIRÓS-TERRA DE MONTES (6)	Estrada, A (4)	<i>Novedades</i>	Espectáculos Celta	1924
		<i>Principal</i>	Leonardo Bamio Moldes	1947
		<i>Progreso</i>	Manuel Constenla Magán	1953
		<i>Central</i>	-	200?
	Forcarei (2)	<i>Colón</i>	Gumersindo Pichel Espiña	1948
		<i>Chagüy</i>	Avelino Cachafeiro Bugal	1948

TÁBOA 8.

COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
SALNÉS, O (40)	Cambados (5)	Salón Variedades	Pío Vigo Domínguez Emilio Cid Arias Manuel Silva Núñez	1909
		Juventud	Acción Católica	1933
		Cervantes	José González Méndez	1942
		Avenida (I)	M ^a Josefa Ameijeiras Silva	1960
		Avenida (II)	Gonzalo González Castro	1993
	Grove, O (5)	Besada	José Besada Domínguez	1921
		Centro Radical	Centro Radical	1932
		El Marino	Francisco Lores Fernández	1943
		Anduriña	Francisco Bouzas	1949
		Salón de Conferencias del Hotel de La Toja	Antonio Uría y Valledor	1949
	Illa de Arousa, A (3)	Arosa	Abel Moure Moure	1947
		Capitol	Manuel Suárez	1947
		Roxy	Manuel Cores Suárez	1953
	Meaño (2)	Capitol	José María Touriño Solla	1942
		Arosa	Calixto Arosa Varela	1955
	Meis (1)	Mosteiro	Peregrino Torres Tilve Ramón Chaves	1943
	Ribadumia (2)	Barrantes	Ramiro Pintos Piñeiro	1946
		Spacio Azul	Basilio Castro Sertages	1987
	Sanxenxo (8)	Villalonga	José María Touriño	1942
		Imperial	Ramiro Ameneiro Ferreiro	1945
		Gondariño	Ramiro Ameneiro Ferreiro	1946
		La Terraza	Jaime Martínez Alarcón Francisco Alonso Prieto	1949
		Don Juan	Juan Antonio Torres Iglesias	1957
		Torres	Manuel Soutullo Torres	1964
		Portonovo	Gonzalo Cacabelos Oubiña	1964
		Rías Bajas	Gonzalo Cacabelos Oubiña	1968
		-	Ramón Vieites Castromán	1902
	Vilagarcía de Arousa (9)	Salón Villagarcía	Anibal Díaz López	1908
		Salón Varietés	Irmáns Gómez Fernández	1911
		Fantasio	José Recuna Otero	1933
		Cervantes	Isaac Fraga Penedo	1936
		Arosa	Dolores Vázquez Fernández	1943
		Vilaxoán	Pósito de Vilaxoán	1954
		Minicines UVE	Cinemas Villagarcía	1986
		Multicines Gran Arousa	Coruña Films	2002
	Vilanova de Arousa (5)	Ideal Cinema	Enrique Barreiro Iglesias	1940
		Coliseo	Juán Pérez Lafuente	1941
		Puente Arnelas	Agustín Teruelo Riesgo	1944
		Salón Novedades	-	-
		-	Ricardo Nogueira Rey	1983

TÁBOA 9.


COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
PONTEVEDRA (30)	Barro (2)	Barro	Juan Fontán Rodríguez	1941
		Carballal	Juan Fontán Rodríguez	1948
	Campo Lameiro (2)	Salón Cairo	Jesús Fontenla Silva	1943
		Ismaela	Ismaela López López	1944
	Cotobade (1)	Carballedo	Antono Lombos Vidal	1945
	Lama (1)	Radial	Manuel Costa Costa	1960?
	Poio (2)	Ideal Cinema	Fernando Macías Fernández	1942
		Salón parroquial	Junta de Acción Católica/ Freguesía de Combarro	????
	Ponte Caldelas (3)	Capitol	Francisco Salazar Pérez	1941
		Vicitez	José Rodríguez Sieiro	1948
		Ambulante	Valentín Tombo Oubiña	1972
	Pontevedra (18)	Teatro Principal	-	1897
		Circo-teatro/Palacio Luminoso	-	1902
		Petit Palais	Gonzalo Mucientes Vigo	1911
		Café Moderno	García Prieto Fabelo	1913
		Círculo Antoniano	Juventud Antoniana	1915
		Café Méndez Núñez	García Temes	1916
		Ideal Cinema	Manuel Pereira Pintes	1919
		Coliseum	Eugenio González de Haz	1931
		Victoria	Isaac Fraga	1943
		Malvar	Isaac Fraga	1948
		Olmos	Vicente Olmos Muíños	1956
		Acción Católica	Parroquia de San Bartolomé	1959
		Estribela	José Carballo García	1968
		Gonviz	Fraga Espectáculos	1965
		Fylcine	Cines Galicia	1983
		Multicines ABC	Cines Galicia	1988
		Multicines Pontevedra	Cines Galicia	1988
		Lauren Pontevedra	Grup Lauren Exhibició	2002
	Vilaboa (1)	-	Lino Meira Martínez Jesús Martínez Pintos	1970

TÁBOA 10.


COMARCA	CONCELLO	CINE	PROPIETARIO	ANO
VIGO (76)	Baiona (6)	-	Ramón Costas	1925
		-	Vicente Vázquez	1935
		<i>Salón Teatro</i>	-	-
		<i>Avenida</i>	Jaime Lago Maslloréns	-
		<i>Ideal Bayona</i>	-	-
		<i>Miramar</i>	Jaime Lago Maslloréns	-
	Gondomar (3)	<i>Capitol</i>	Jaime Lago Maslloréns	1944
		<i>Rialto</i>	Joaquín Bravo Quintas	1957
		<i>Gondomar</i>	Alfonso Sestela Amorín Asier Gómez Rodríguez	1968
	Mos (1)	<i>Pereiras</i>	Aniceto Rodríguez Táboas	1964
	Nigrán (5)	-	José Vilariño Viña	1918
		<i>Teatro Miramar</i>	-	-
		<i>Imperial</i>	Latino Salgueiro Espinosa	1948
		<i>Nigrán</i>	Josefa Álvarez Pereira	1967
		<i>Starcine</i>	Starcine S.L.	2002
	Porriño, O (6)	<i>Diz</i>	Servando Diz	1920
		<i>Roxy</i>	Jaime Lago Maslloréns	1946
		<i>Pereiro</i>	Cándido Pereiro	-
		<i>Coliseo</i>	José Piñeiro	1956
		<i>Capitol</i>	António González	1959
		<i>Palacios</i>	Gallega del Cine S. L.	1966
	Redondela (8)	<i>Redondela Viejo</i>	Gonzalo Figueiral Caride	1941
		<i>Coca</i>	Jaime Lago Maslloréns	1944
		<i>Redondela Nuevo</i>	Gonzalo Figueiral Caride	1945
		<i>Fantasio</i>	Buhigas Arizcun	1953
		<i>Palermo</i>	José Godoy Rivero	1958
		<i>Artístico</i>	N. Campuzano	-
		<i>San Simón</i>	Fermín Hortas Esteiro	1960
		<i>Dos R</i>	-	-
	Soutomaior (2)	<i>Ideal</i>	Benedicto Vidal Balea	1948
		<i>Sotomayor</i>	Ramón Lourido Troiteiro	1950
	Salceda de Caselas (1)	<i>Caselas</i>	Florencio Pérez y Pérez	1954
	Vigo (44)	<i>Tamberlick</i>	Sociedade Bárcena, Martínez e Pérez	1897
		<i>Teatro Rosalía de Castro</i>	-	1900
		<i>Salón Apolo/Trianón</i>	Evelio Gardeazábal	1913
		<i>Salón Pinacho/Palacio de la Ilusión</i>	Isidro Pinacho	1907
		<i>Odeón (I)</i>	Ángel Núñez García	1916
		<i>Royalty/Cinema Vigo</i>	Antonio Méndez Laserna	1916
		<i>Ideal Cinema</i>	Antonio Méndez Laserna	1918
		<i>Rosalía de Castro</i>	-	1926
		<i>García Barbón</i>	Herdeiros de García Barbón	1927
		<i>Parque Rosales</i>	Manuel Carvalhido Estévez	1930
		<i>Capitol</i>	-	1941
		<i>Radio</i>	Eugenio González de Haz	1943
		<i>La Barxa</i>	Enrique Cons Martínez	1946
		<i>Maravillas</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1946

		<i>Avenida</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1946
		<i>Palermo</i>	José Godoy Rivero	1946
		<i>Niza</i>	Francisco Clemente Campillo	1947
		<i>Gran Vía</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1947
		<i>Roxy (I)</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1947
		<i>Fraga</i>	Isaac Fraga	1948
		<i>Casablanca</i>	Tobirio Berengua	1948
		<i>Camaruxo</i>	José Godoy Rivero	1950
		<i>Bellamar</i>	Joaquín Riera Fernández	1954
		<i>Mary</i>	Eulogio Fernández Alonso	1957
		<i>Roxy (II)</i>	Fraga espectáculos	1956
		<i>Parroquial</i>	P.P. Xesuítas	1957
		<i>Parroquial</i>	P.P. Carmelitas Descalzos	1958
		<i>Parroquial</i>	P.P. Franciscanos	1959
		<i>Parroquial</i>	Freguesía de Santiago O Maior	1960
		<i>Odeón</i>	Fraga espectáculos	1947
		<i>Fraga</i>	Fraga espectáculos	1948
		<i>Ronsel</i>	Fraga espectáculos	1955
		<i>Vigo</i>	Fraga espectáculos	1960
		<i>Disol</i>	Dignatario Cerdeira Señoráns	1962
		<i>Plata</i>	Fraga espectáculos	1963
		<i>Goya</i>	Josefa Álvarez Pereiro	1964
		<i>Delicias</i>	José Ferrer Estevez	1964
		<i>Odeón (II)</i>	Fraga espectáculos	1968
		<i>Salesianos</i>	P.P. Salesianos	1974
		<i>Norte</i>	Antonio Vázquez Gómez	1981
		<i>Minicine</i>	Manuel Díaz Rial	1982
		<i>Centro</i>	Magallanes-Multicines Centro	1983
		<i>Centro Cultural Gacía Barbón</i>	Caixa Vigo	-
		<i>Box Plaza E</i>	Circuito Español de Cine	1999
		<i>Yelmo Cineplex</i>	-	2003


3. Mapas




MAPA 1. Distribución do número de cines que se emprazaron en cada concello. Fonte: propia.



MAPA 2. Distribución da poboación de Pontevedra por concellos. Fonte: IGE.




MAPA 3. Distribución do emprazamento de cines por comarcas. Fonte: propia.




MAPA 4. Distribución dos cines que actualmente continúan operativos. Fonte: propia.


4. Gráficas



GRÁFICA 1. Aparición dos cines por décadas. Fonte: propia.



GRÁFICA 2. Cines na actualidade. Fonte: IGE



GRÁFICA 3. Distribución da documentación atopada por arquivos provinciais e nos arquivos dos concellos. Destes últimos optouse por dar o valor resultante dos arquivos locais de toda unha comarca. Fonte: propia.

5. Bibliografía

Bibliografía e hemerografía xeral:

- Acuña, Xosé Enrique: *Da historia do cine en Pontevedra, 1897-1936*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1996.
- Cabo Villaverde, José Luis, Coira Nieto, José Antonio e Pena Pérez, Jaime (coords.): *Diccionario do cine en Galicia (1896-2000)*, A Coruña, CGAI/Xunta de Galicia, 2002.
- Cabo Villaverde, José Luis, Sánchez García, Jesús Ángel e Etchevarría Marchesi (coords.): *Cinematógrafos de Galicia 1896-2002*, (Catálogo) A Coruña, CGAI/Xunta de Galicia, 2004.
- Cuevas, Antonio (dir.): *Anuario Cinematográfico Hispanoamericano 1950-1951*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1951.
- : *Anuario Cinematográfico Español 1956*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1956.
- : *Anuario Cinematográfico Español 1962*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1962.
- : *Anuario Cinematográfico Español 1969*, Madrid, Sindicato Nacional del Espectáculo, 1969.
- De Llano Neira, Pedro e Pazos Otón, Miguel: “Musealización, turismo cultural y desequilibrios espaciales en Galicia: 1992-2004”, *Quintana*, nº 3, pp. 161-175.
- Folgar de la Calle, José María: *El espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1987.
- García Fernández, Emilio Carlos: *Historia del cine en Galicia (1896-1984)*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1985.
- González Rodríguez, Xurxo: “A Guarda e o cine”, *Libro das Festas do Monte 2001*, A Guarda, Comisión de Festas do Monte, 2001, pp. 325-328.
- Gutiérrez Espada, L.: *Introducción al derecho cinematográfico*, Madrid, Editorial Tecnos, 1976.
- Hueso Montón, Ángel Luis: *La exhibición cinematográfica en la provincia de Pontevedra*, (inédito).
- Hueso Montón, Ángel Luis (dir.): *Catálogo dos fondos cinematográficos nos arquivos públicos galegos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1990.
- Hueso Montón, Ángel Luis (coord.): *Fontes e documentos sobre cine en Galicia nos arquivos da administración central*, A Coruña, CGAI/Xunta de Galicia, 1992.
- Martín Curty, José Antonio: *Cines de Vigo*, Vigo, Concello de Vigo, 2004.
- Martín Sánchez, Rita: *O cinematógrafo en Pontevedra: documentos (1897-1910)*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1997.
- Nogueira Otero, Xosé: *O cine en Galicia*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1997.
- Nogueira Otero, Xosé e Martín Sánchez, Rita: *Unha aproximación a la historia de los cinematógrafos vigueses*, (inédito).

- Pereiro Alonso, José Luis: “El urbanismo vigués contemporáneo (Apuntes para una Historia del Planteamiento Urbano)”, en VV.AA.: *Vigo en su historia*, Vigo, Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1980, pp. 563-608.
- Pillado Vilaronga, Sabela: *O cine en Cambados*, Tesis de Licenciatura (Inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 2002.
- Sánchez García, Jesús Ángel: *La arquitectura teatral en Galicia*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1997.
- Stam, Robert, Burgoyne, Robert e Fliterman-Lewis, Sandy: *Nuevos conceptos de la teoría del cine*, Barcelona, Paidós, 1999.
- Varela Ramos, Ignacio, Cabo Villaverde, José Luis e Pena Pérez, Jaime (dirs.): *Audiovisual Galego, 2003*, A Coruña, CGAI/Xunta de Galicia, 2003.
- VV.AA.: *Textos legales. Cinematografía y Medios Audiovisuales*, Madrid, Secretaría General Técnica del Ministerio de Cultura, 1991.
- VV.AA.: *Galicia pueblo a pueblo*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1992.

Bibliografía e hemerografía sobre os arquivos de Pontevedra:

- Castro Carpintero, J. L.: “Los archivos municipales de la provincia de Pontevedra. Plan de organización de archivos municipales”, *Pontevedra*, nº 3, 1987, pp- 93-104.
- López, Pedro: *Archivo Histórico Provincial de Pontevedra: 50 aniversario (1934-1984)*. Pontevedra, Archivo Histórico de Pontevedra, 1984?.
- Pereira Figueroa, Miguel A.: “Plan de ordenación de los municipales de la provincia de Pontevedra”, *Pontevedra*, nº 1-2, 2º semestre, 1981, pp. 209-210.
- : “Disposición material dos arquivos de administración local na provincia de Pontevedra”, *Pontevedra*, nº 6, 1990, pp. 211-232.
- Pereira Figueroa, Miguel A. (dir.): *Inventario Archivo Municipal de Ponte Caldelas*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1988.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Cotobade*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1988.
- : *Inventario Archivo Arquivo Municipal del Ayuntamiento de Vilanova de Arousa*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1988.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Vilaboa*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1990.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Ribadumia*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1990.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Poio*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1990.

- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Meis*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1991.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Pontearreas*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1991.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Valga*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1992.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Caldas de Reis*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1992.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Cerdedo*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1992.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Cambados*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1992.
- : *Inventario Archivo Municipal del Ayuntamiento de Nigrán*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1992.
- : *Inventario arquivo do concello de Salcela de Caselas*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1996.
- : *Inventario arquivo do concello de Mondariz*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1996.
- : *Inventario arquivo do concello de Silleda*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1997.
- : *Inventario arquivo do concello de Campolameiro*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1997.
- : *Inventario arquivo do concello de Tomiño*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1998.
- : *Inventario arquivo do concello de Catoira*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1998.
- : *Inventario arquivo do concello de Agolada*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1998.
- : *Inventario arquivo do concello de Rodeiro*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Barro*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Dozón*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Cuntis*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Vila de Cruces*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Arbo*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello do Grove*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello do Rosal*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello da Guarda*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Forcarei*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Crecente*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Mos*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Covelo*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Sanxenxo*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2000.
- : *Inventario arquivo do concello de Pontecesures*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2001.
- : *Inventario arquivo do concello de Cotobade*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2001.

- : *Inventario arquivo do concello de Moraña*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2001.
- : *Inventario arquivo do concello de Portas*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2001.
- : *Inventario arquivo do concello de Cerdedo*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2002.
- : *Inventario arquivo do concello de Meis*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2002.
- : *Inventario arquivo do concello da Lama*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2002.
- : *Inventario arquivo do concello da Cañiza*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2002.
- : *Inventario arquivo do concello de Poio*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2002.
- : *Inventario arquivo do concello de Vilaboa*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2002.
- : *Inventario arquivo do concello de Redondela*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2003.
- : *Inventario arquivo do concello de Valga*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2003.
- : *Inventario arquivo do concello da Estrada*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2003.
- : *Inventario arquivo do concello de Salvaterra do Miño*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2003.
- : *Inventario arquivo do concello de Lalín*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2003.

Pérez Santamarina, Lourdes e Castro Carpintero, J. L.: “Os fondos dos arquivos municipais: o caso da provincia de Pontevedra”, *Pontevedra*, nº 8-9, 1991, pp. 317-356,

Enderezos de Internet consultados durante a investigación:

http://aer.es/sgae/jsp/censi_guia/ae_wd_cg_frame.jsp

<http://www.depontevedra.es/?1,1003>.

<http://www.galicia-suroeste.com/cineavenida.htm>

http://www.ige.xunta.es/ga/demograficas/series_dem/poboación/snoc_pont.htm

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivo%20pontevedra/ah-g.htm>

